

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 15**

**SESION ORDINARIA DO 28 DE XUÑO. DE 2004**

**ASISTENTES**

Excma. Sra. Alcaldesa	
Alonso Vázquez, Xulio	Iglesias Carrera, José Manuel
Arias Moreira, José Carlos	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Barros Punte, Miguel	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Calviño Rodríguez, Julio	Méndez Piñeiro, María José
Coello Bufill, Antonio	Molares Pérez, Lucía Emilia
Comesaña Abalde, Carlos	Pérez Castrillo, Lois
Couto Pérez, José Manuel	Pérez Mariño, Ventura
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Polo Lima, María Soledad
Fernández Davila, María Olaia	Porteiro García, María Josefa
Fernández Fernández, Amador	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Figueroa Vila, José Manuel	Sío Lourido, Belén
Guerra Fernández, Javier Jorge	Soto Ferreiro, Manoel
Graña Barcia, María Luisa	Toba Girón, Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e cinco minutos do día vinteoito de xuño do ano dous mil catro, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Punte, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila (con retraso), Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Graña Barcia, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA SRA. ALCALDESA: Pleno da Corporación, sesión pública. Comezamos gardando un minuto de silencio polas cinco mulleres asasinadas, vítimas da violencia de xénero.

*Neste intre todos os asistentes no Salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio.*

1.- (152).-ACTA ANTERIOR. (SESIÓN 26.04.04)

(No momento da votación está ausente a Sra. Fernández Davila).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar o día 26 de abril de 2004.

*Neste intre se incorpora á sesión a concelleira Sra. Fernández Davila.*

2.- (153).-PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO DE DATA 29.12.03 REFERENTE ÁS RETRIBUCIÓNS DOS CARGOS CORPORATIVOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

ANTECEDENTES.- Con data 11 de xuño de 2004, a Alcaldía-Presidencia formula a seguinte proposta:

"O art. 157.2.3 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime electoral xeral, advirte que o mandato de Senador/a será incompatible co desempeño de calquera outro posto retribuído mediante soldo e en particular co desempeño de calquera outro posto que figure nos orzamentos dos órganos das administracións públicas.

Atopándose na actualidade o posto da Alcaldía deste Concello no suposto antes mencionado, resultando indispoñibles as retribucións asignadas ó mesmo e ó abeiro do sinalado no art. 13.4 do RD 2568/1986, do 26 de novembro, esta Alcaldía propón ó Pleno do Concello a modificación do acordo de data 29 de decembro no seguinte sentido:

Primeiro.- Asignar a dedicación exclusiva outorgada ó cargo de Alcaldía ó cargo de Primeiro Tenente de Alcalde, cun importe anual de 59.643,23 €, que serán satisfeitos en catorce mensualidades.

Segundo.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro Municipal de Edictos."

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 21 de xuño de 2004, dictaminou favorablemente a anterior proposta.

(No momento da votación está ausente a Sra. Fernández Davila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe nos antecedentes deste acordo e, xa que logo, modificar o acordo de data 29.12.04 polo que se estableceron as dedicacións exclusivas e parciais dos cargos da Corporación.

3.- (154).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PERI IV-01 SAN ROQUE A. EXP. 8159/411.

ANTECEDENTES.- Con data 10 de maio de 2004, o xefe da oficina de Planeamento, o técnico de administración xeral e mailo arquitecto de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, con conformidade do Xerente de Urbanismo, informan do que segue:

"I.- FEITOS

1.- En data 29/07/2002 o Pleno do Concello acordou: "*(...) Aprobar definitivamente a modificación puntual núm. 23 do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU-93), na súa última versión (abril 2002), referida ó ámbito IV-01-San Roque, redactada polos servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo (expte. 6527/411)". Dito acordo, xunto coa nova ficha de características dese sector publicáronse no BOP núm. 184, do 25/09/2002 e no DOG núm. 192, do 04/10/2002.*

2.- No día 21/12/2000 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou: "*Tomar coñecemento do avance do Plan Especial de Reforma Interior IV-01 San Roque A, de iniciativa municipal, redactado polos servizos técnicos municipais da oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo (expte. 8570/411)".*

A continuación abriuse un trámite de información pública polo prazo de un mes mediante publicación de anuncios no DOG núm. 40, do 26/02/2001 e no

-----  
S.Ordinaria 28.06.04

diario Faro de Vigo do 02/02/2001, con notificación ós interesados e remisión dunha copia á Subdelegación do Goberno en Pontevedra. Durante dito período presentáronse un total de 38 escritos de suxerencias, que foron incorporadas ó expte. admvo. 8570/411 e informadas no Apto. 7 da Memoria Informativa do Plan Especial que agora se pretende aprobar definitivamente.

Posteriormente solicitouse informe dos departamentos municipais de Tráfico, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, así como das entidades mercantís "Seragua S.A." e "Unión Eléctrica Fenosa" co resultado que obra neste expte. admvo. Tamén requiriuse do equipo redactor do Plan Xeral a emisión dun informe ó respecto, que se emitíu no día 03/02/2003 en senso favorable.

3.- No mes de novembro de 2002 os servizos técnicos e xurídicos da oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo presentaron o proxecto do Plan Especial de referencia, coas modificacións derivadas das suxerencias interpostas durante o trámite de información pública e da modificación puntual núm. 23 do PXOU-93 antes citada.

No 03/02/2003 o coordinador do equipo redactor da revisión do novo Plan Xeral emitíu un informe favorable sobre o referido PERI. No mesmo día o técnico de administración xeral da oficina municipal de Planeamento emitíu informe xurídico tamén favorable.

4.- En data 06/02/2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar inicialmente o citado Plan Especial. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación de anuncios no DOG núm. 70, do 09/04/2003 e nos xornais "Faro de Vigo" dos días 28/02/2003 e 28/03/2003; "Atlántico" do día 07/03/2003; e "La Voz de Galicia" do 29/03/2003. Durante dito período interpuxéronse un total de 64 escritos de alegacións, que se examinarán nas liñas posteriores deste informe-proposta.

No 30/09/2003 a Comisión Técnica de Accesibilidade da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia emitíu informe sobre o PERI de referencia.

## II.- CONTIDO DO PERI

Este Plan Especial, que agora se pretende aprobar definitivamente, consta dos seguintes documentos:

### 1.- Memoria Informativa.

- 1.1. Antecedentes.
  - 1.2. Introducción.
  - 1.3. Obxecto, conveniencia e oportunidade.
  - 1.4. Información urbanística, situación actual.
  - 1.5. Determinacións do Plan Xeral.
  - 1.6. Outras afeccións do Planeamento.
  - 1.7. Suxerencias no período de información pública do avance.
- Anexo 1: Relación de propietarios e parcelas.  
Anexo 2: Estudo sociolóxico/enquisa.  
Anexo 3: Fichas de edificación.  
Anexo 4: Informes sectoriais.  
Anexo 5: Inventario municipal.  
Anexo 6: Reportaxe fotográfica.

2.- Memoria Xustificativa

2.1. Obxectivos e criterios de ordenación.

2.2. Descrición da solución adoptada.

2.3. Contido e determinacións.

2.4. Normativa.

2.4.1. Condicións de uso e edificación.

2.4.2. Normas de xestión.

2.5. Relación informativa de propietarios e superficies aproximadas das unidades de normalización de predios e polígonos.

2.6. Plan de etapas.

2.7. Estudo económico-financeiro

Anexo 1: Estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico.

Anexo 2: Convenio Placonsa

3.- Planos informativos e de ordenación

As características do PERI sintetízanse no seguinte cadro comparativo:

	FICHA DO PXOU	PERI
Superficie total do ámbito:	90.704 m2s	90.704 m2s
Superficie en Solo urbano consolidado:	25.896 m2s	25.896 m2s
Superficie en Solo urbano non consolidado:	64.808 m2s	64.808 m2s
Edificabilidade residencial:	53.467 m2cR	53.467 m2cR
Edificabilidade comercial e terciaria	39.142 m2cCT	39.142 m2c CT
Edificabilidade dotacional:	4.100 m2cD	4.100 m2cD
Nº máximo de vivendas en solo urbano non consolidado:	648 vdas.	648 vdas.
Superficie do área de reparto AR1	47.3383 m2s	47.3383 m2s
Edificabilidade residencial AR1	39.091 m2cR	39.091 m2cR
Edificabilidade comercial e terciario en AR 1	29.512 m2cCT	29.512 m2cCT
Nº de vivendas en AR 1	474 vdas.	474 vdas.
Cesión mínima de zonas verdes:	9.300 m2s	9.381 m2s
Superficie do área de reparto AR 2	17.425 m2s	17.425 m2s
Edificabilidade residencial AR 2	14.376 m2cR	14.376 m2cR
Edificabilidade comercial e terciario en AR 2	9.630m2cCT	9.630m2cCT
Nº de vivendas en AR 2	174 vdas.	174 vdas.
Cesión mínima de zonas verdes:	8.500 m2s	8.500 m2s
<b>CRITERIOS DE ORDENACION</b>		
Melloras ambientais, con pequenas actuacións de redeseño e urbanización e reserbvas de dotacións en zonas consolidadas	SI	SI, Actuacións illadas en solo urbano consolidado: AI1, AI2, AI3, AI4, AI5, AI6
Xustaposición de novas edificacións coas existentes	SI	SI, Orden. detallada
Rehabilitación do grupo de vivendas en Colombia e Couto Piñeiro	SI	SI, Mantemento na ordenación,

		Ordenanza específica RC que o posibilita
Incardinación na trama e conexión viaria:	SI	SI, segundo criterios de trazado do artigo 3.2.3.2. do PXOU, e condicións topográficas
Inclusión de criterios do Convenio de 13.06.2000 Placonsa -Concello	SI	Si, Convenio documento anexo PERI, Ordenanza específica P, e Ficha do pol. P-4
Reserva mínima aparcadoiros públicos	650 przs (mesmo baixo espazos libres e zonas verdes)	910 przas
Alturas máximas:	SUC: SUC BºRibadavia 3 plantas SUC Couto Piñeiro: 5 plantas SUC Couto S. Honorato:10 plantas Resto do ámbito: 13 pl.	SUC: SUC Bº de Ribadavia: 3 plantas BR SUC Couto Piñeiro: 5 plantas CP SUC Couto de S. Honorato :10 plantas CS Resto do ámbito: 13 plantas
Areas de reparto	2 (segundo Modificación Puntual nº 23)	2 (segundo Modificación Puntual nº 23)
Cumprimento dos requisitos da Lei 8/97 de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas de Galicia, e Regulamento (Decreto 35/2000)	SI	SI: Apartado 2.7. da Memoria Xust., art. 25 da normativa.

Preténdese unha actuación de rehabilitación urbana da trama tradicional do barrio de Ribadavia e da edificación perimetral de Colombia e Couto Piñeiro, e unha actuación urbanística de nova planta na zona non consolidada con usos residenciais, comerciais e terciarios, estruturante, integradora e xeradora dunha rede de zonas verdes e dotacións para mellora da calidade de vida de todo o ámbito.

Créase unha rede de espazos libres unitaria, moi permeable con percorridos en todas direccións, que conectan norte-sur á rúa Pizarro, a través do edificio escalonado e con cubertas transitables, con Couto de San Honorato, e leste-oeste, as ruas Colombia e Vázquez Varela a través de espazos libres peonais.

As zonas verdes de dominio e uso público concéntranse na Finca de Pizarro (resultado da xestión do área de reparto 2 e do Convenio de Placonsa), e nunha zona verde unitaria definida entre Couto de San Honorato e Rúa Ribadavia (resultado da xestión dos polígonos delimitados na área de reparto 1).

Esta última zona verde terá un carácter emblemático, cunhas proporcións similares á Alameda de Vigo (Praza de Compostela), debendo potenciar a súa imaxe a través do arborado. Baixo ela, e para paliar o déficit de aparcamentos prevese un aparcamento público.

Ademais dos espazos libres e zonas verdes de dominio e uso público configúranse, e en conexión cos mesmos, espazos libres de uso público sobre parcelas de propiedade privada, que contribúen ó esponxamento da zona.

O aspecto xeral será moi urbano, sen prexuízo de que amplas zonas peonalizadas e a micro escala dalgúns elementos potencien a cualidade de vida residencial.

### III. ALEGACIÓNS PRESENTADAS DURANTE A INFORMACIÓN PÚBLICA

Como resultan coincidentes moitas das alegacións interpostas durante o período de información pública trala aprobación inicial do PERI, examínanse a continuación os argumentos comúns esgrimidos nelas. En liñas posteriores analízase polo miúdo cada un dos escritos de alegacións.

#### 1.- CONTESTACIÓN "TIPO" A ALEGACIONES Ó PERI IV-01 SAN ROQUE:

##### A) DESCONFORMIDADE CON DATOS DE PROPIEDAD OU DE SUPERFICIE.

Nesta fase de aprobación do planeamento de desenvolvemento, previo á de execución urbanística, a identificación dos propietarios afectados só resulta relevante a efectos de notificación dos sucesivos trámites administrativos. Será no posterior proceso de xestión, no que se clarificarán as titularidades e dereitos reais dos propietarios con precisión.

A relación de propietarios provisoriamente incluída neste PERI correspóndese coas titularidades catastrais rexistradas no momento de redacción do documento. Non obstante dito listado inicial de propietarios al térase continuamente ó producirse sucesivas transaccións que tardan en ser comunicadas a esta Administración municipal.

Propónse, en consecuencia, a actualización do listado de propietarios segundo as derradeiras actualizacións catastrais. Do mesmo xeito, os alegantes que non figuran no catastro ou non acreditaron a súa suposta propiedade, serán considerados como interesados a efectos de notificación. No que se refire á descripción das parcelas, corríronse os datos erróneos detectados, sen prexuízo do que posteriormente resulte na execución do planeamento e tramitación do correspondente instrumento de equidistribución, momento no que se aportarán e examinarán polo miúdo os títulos de propiedade (art. 115 LOUGA e arts. 102 e 103 RXU).

##### B) EQUILIBRIO DE BENEFICIOS E CARGAS ENTRE ÁREAS DE REPARTO.

Na modificación puntual núm. 23 do Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU-93), aprobada definitivamente por acordo plenario do 29/07/2002 (expte. 6527/411), delimitáronse as áreas de reparto deste ámbito, con determinación dos correspondentes aproveitamentos tipo.

Este PERI límitase a recolle-las devanditas determinacións do Plan Xeral (Art. 53.h Lei 9/2002, do 30 de decembro -LOUGA- e Art. 10.b Lei 1/1997, do 24 de marzo -LSG/97-), carecendo de competencia para alteralas.

A referida modificación 23 do PXOU-93 tramitouse consonte co disposto na entón vixente Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia (LSG-97), na que non se esixía a acreditación dun equilibrio de cargas entre as distintas áreas de reparto. Non obstante, nese expediente efectuouse un estudo de beneficios e cargas, rectificando trala contestación de alegacións de particulares, que concluíu cun incremento do aproveitamento tipo da área de reparto "1" nun 10% sobre o da área de reparto "2" para compensar as posibles diferencias na carga urbanizatoria (indemnizacións por derrubas e ceses de instalacións e arrendamentos, etc.). Con esa xustificación determináronse os aproveitamentos-tipo de 1,4739 e 1,339 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> respectivamente.

Asemade, resultan cuestionables as alegacións que denuncian un diferente custo de urbanización por m<sup>2</sup> construíble, toda vez que as dúas áreas de reparto delimitadas na modificación puntual do Plan Xeral teñen un diferente aproveitamento tipo. Precisamente para compensar o maior custo de urbanización da área de reparto 1.

#### C) DISCONFORMIDADE COAS VALORACIÓNS (ESTUDO ECONÓMICO-FINANCIERO)

As valoracións sobre custos de urbanización efectuadas tanto neste procedemento, como no da modificación puntual núm. 23 do PXOU-93, axustáronse ó disposto nos Arts. 23 e ss. Lei 6/1998, do 13 de abril, de réxime do solo e valoracións (LRSV) e RD 1020/1993, do 25 de xuño. Queda claro que dita valoración é aproximada, pendente sempre dos cálculos definitivos que se efectuarán con maior precisión na subseguinte fase de execución do planeamento.

Segundo preceptúa o art. 28 LRSV, o valor do solo urbano sen urbanización consolidada determinarase por aplicación ó aproveitamento resultante do correspondente ámbito de xestión no que estea incluído, do valor básico de repercusión máis específico recollido nas ponencias de valores catastrais para o terreo concreto. Engade esa norma que no suposto de inexistencia ou perda de vixencia dos valores das ponencias catastrais aplicaranse os valores de repercusión obtidos polo método residual.

Por tal motivo, utilizouse neste caso o método residual, de acordo co disposto no RD 1020/93 do 25 de xuño, de normas técnicas de valoración catastral (norma 16). Nesa fórmula o valor en venda do produto inmobiliario obtívose mediante un estudo do mercado, con consultas a axentes de propiedade inmobiliaria, empresas de taxación, e anuncios de prensa (Véxase o Estudo económico financeiro do PERI).

Respecto da ponderación entre o uso característico (residencial), e os outros usos tolerados no PERI (comercial e terciario), nos anteriores expedientes citados determinouse, de acordo cos estudos e consultas realizadas, un prezo medio en venda de locais comerciais, tendo en conta a situación peculiar, naquel momento, do mercado dos locais comerciais na cidade. Nese senso o coeficiente ponderador considerou as circunstancias concretas do Municipio e da área de reparto, ás que alude o artigo 91.3 da LSG-97, e actualmente o artigo 113.3 da LOUGA.

No referente ó custo estimado de produción, tomouse como referencia o módulo mínimo da execución material da construción segundo baremos do Colexio Oficial de arquitectos de Galicia. Trátase dun custo similar ó da



construcción de uso residencial, toda vez que coas tipoloxías propostas este uso vai entremesturado co residencial.

Na memoria xustificativa da modificación puntual xustificouse o precio en venda de locais comerciais.

No referente ós gastos de urbanización, no PERI efectuouse unha valoración máis aproximada, partindo dos datos de parcelario, fichas da edificación existente, enquisa sociolóxica, planos de usos e actividades, etc. incluídos no PERI. A resultas delo, actualizáronse os gastos que se cuantificaban no estudo de beneficios e cargas na fase de modificación puntual do Plan Xeral para todo o Solo urbano non consolidado do PERI, incrementándose nun 15,97% comparable co aumento que neste período experimentaron os valores en venda de vivendas. Por outra banda, como se indicou no apartado B) anterior deste informe mantense o equilibrio de gastos de urbanización soportados entre áreas de reparto da modificación puntual do Plan Xeral.

No que se refire á valoración de edificacións (art. 116 1.c LOUGA), o método empregado foi o de reposición, recomendado no RD 1020/93 do 25 de xuño, Norma 12, calculando o seu custo actual, considerando o seu uso e cualidade, coas depreciacións derivadas da súa antigüidade e estado de conservación.

O custo de construcción parte do módulo do COAG no momento da valoración, cos coeficientes de depreciación ponderados habituais.

Con esas premisas e os datos derivados das fichas de edificacións do estudo informativo do PERI elaborouse unha folla de cálculo EXCELL, coa que se calculou de forma masiva e aproximada as indemnizacións posibles, coa mesma mecánica que se ven utilizando nos proxectos de compensación.

O resultado deste cálculo debe considerarse, non obstante, como un estudo económico previo e provisorio, integrante do PERI, que se actualizará e precisará na fase de execución de planeamento, coas valoracións que figuren nos respectivos proxectos de compensación ou instrumentos de equidistribución tramitados nos respectivos polígonos.

#### DISCONFORMIDADE COA DIVISIÓN POLIGONAL PROPOSTA.

Partindo das áreas de reparto e aproveitamento tipo determinados no Plan Xeral, correspóndelle a este Plan Especial a delimitación de polígonos (art. 123 LOUGA).

As dúas únicas condicións que a lexislación urbanística establece para a delimitación de polígonos son:

- a) Que permitan o cumprimento conxunto dos deberes de cesión, de urbanización e de xusta distribución de cargas e beneficios na totalidade da súa superficie.
- b) Que non teñan unha diferenza de aproveitamento superior ó 15% con relación ó aproveitamento tipo da área de reparto correspondente.

Ambas condicións cúmprense nos Polígonos delimitados. Son ámbitos que permiten o cumprimento conxunto dos deberes urbanísticos, cun aproveitamento que se corresponde exactamente co tipo das áreas de reparto delimitadas polo Plan Xeral.

Con motivo dos escritos de alegacións presentadas, estudouse a posibilidade de subdivisión en polígonos máis pequenos. O criterio principal sería, ademais que non condicionase a actuación unitaria das zonas verdes con aparcamento público proxectadas polo PERI, e que tecnicamente esta subdivisión fose posible. Como consecuencia deste estudo concluíuse que a delimitación poligonal aprobada inicialmente resulta a máis idónea e axeitada para garanti-la súa vialidade e funcionalidade da ordenación prevista.

#### DISCONFORMIDADE COA REDE VIARIA PROPOSTA/NECESIDADE DE NOVOS VIAIS

Varios dos alegantes solicitaron a apertura dalgún novo viario atravesando o ámbito (principalmente de conexión coa rotonda de Isabel La Católica).

Remitida esta proposta ó xefe da Área municipal de Tráfico, Seguridade e Transportes, emitíu informe en data 15/10/2003, incorporado ó expediente.

Nese senso hai que salientar que a conveniencia de posibilitar un tráfico de tránsito a traveso do ámbito do PERI, que poidese liberar ou servir de alternativa á Rúa Pizarro, estudouse no proceso de redacción do Plan Especial dende a mesma fase de avance, analizando alternativas de planeamentos anteriores que o propuñan, estudando a topografía e as determinacións do Plan Xeral verbo do trazado viario. Como conclusión adoutáronse os criterios da rede viaria reflectidos no apartado 1 da memoria xustificativa (páx. 3).

Entre os plans xerais anteriores, unicamente o do ano 1971 suxería un tráfico de paso a traveso do barrio, que perdería a súa morfoloxía, cunha ordenanza "2 A", de edificación aberta (ver páx. 9 da memoria informativa), e cun trazado viario con serias dificultades topográficas.

En efecto, os condicionantes topográficos do ámbito son importantes (ver páx. 14 da memoria informativa do PERI). Do gráfico mostrado nela advírtese que para acadar unha hipotética pendente transversal do 10% debería derrubarse todo o Barrio de Ribadavia e excavar un millón de metros cúbicos de terra) de cara ó posible trazado dun viario transversal de paso. Asemade, coa execución desta infraestrutura incumpríriase o Plan xeral vixente, que na súa ficha de características obriga ó mantemento do barrio de Ribadavia.

Por outra banda, o Plan Xeral no seu apartado 3.2.3.2 das Ordenanzas "NORMAS COMÚNS SOBRE O DESEÑO E CUALIDADE DA URBANIZACIÓN "(páx. 12 do BOP do 14/07/1993), e máis concretamente nos "CRITERIOS E CONDICIIONS DA REDE VIARIA EN ZONAS RESIDENCIAIS PARA A REDACCIÓN DE PLANOS ESPECIAIS DE TRAZADO" preceptúa claramente que:

"(...) No trazado da rede interior dende o distribuidor secundario ou local, perseguiranse os seguintes obxectivos a fin de evita-lo tráfico de paso a través da área servida e reducir o volume e velocidade do tráfico na zona residencial considerada.

Co respecto ó primeiro obxectivo, evitar o tráfico de paso, aplicaranse os seguintes criterios:

- a) Evitar que o tráfico cruce a área facéndoo imposible ou moi difícil.
- b) Sempre que sexa posible, dar accesos ás vivendas dende as rúas de acceso en vez de dende os distribuidores.
- c) Diseñar convenientemente os cruces de peóns cos distribuidores
- d) Tomar as medidas necesarias (separación da edificación da vía, establecemento de pantallas ou deseño específico da edificación) contra os efectos do ruído xerado polo tráfico dos distribuidores primarios e secundarios."

Partindo destas determinacións normativas, no PERI non se trazou un novo viario transversal de paso ou tránsito circulatorio. Polo contrario, pretende mellorar as seccións e trazado dos viais interiores, peonalizando ou restrinxindo a residentes os viais máis estreitos, xerarquizando o viario (páx. 3 da memoria xustificativa do PERI).

Polo tanto, as alegacións deste tipo non poden ser atendidas.

Finalmente, a suxerencia do propio xefe de Área de Trafico, no mesmo informe citado, respecto de mellorar a anchura da calzada da Rúa de Pizarro adóptase na última versión do PERI, que agora se pretende aprobar definitivamente.

#### SOBRE AS NECESIDADES DE REALOXAMENTO

As necesidades de realoxo como consecuencia da execución do PERI foron consideradas na súa documentación de xeito exhaustivo, moi por enriba do legalente esixible, chegándose a matizar unha serie de condicións para os futuros beneficiarios deses dereitos de realoxamento, así como vencellando a aplicación do aproveitamento municipal a esa finalidade.

Non obstante, será na posterior fase de xestión e execución urbanística, na que se concretarán as medidas de realoxo que correspondan.

#### DISCONFORMIDADE COA ORDENACIÓN PROPOSTA.

Un grupo de propietarios de terreos emprazados nos polígonos "1" e "2" do PERI presentou unha proposta de ordenación alternativa respecto desta zona, cun croquis asinado polo arquitecto D. Jaime Garrido. Por unha banda propuñan a apertura dun novo vial transversal, entre a praza de Isabel la Católica e a nova travesía do Barrio de Rivadavia. Por outra, un reemprazamento da disposición dos bloques de vivendas proxectados con fronte á Rúa Couto de San Honorato. Valórase dita proposta nos seguintes epígrafes:

##### G.1. VIAL DE CONEXIÓN CON ISABEL LA CATÓLICA.

Respecto do vial de conexión con Isabel la Católica, reitérase o xa exposto nas liñas anteriores, na contestación-tipo "E", poidendo engadirse que:

- 1) Presentaría unha pendente do 10%
- 2) Reduciría a zona verde do polígono "4". Ademais, se se equiparase a rasante da zona verde co do novo vial, aquela resultaría impracticable pola súa pronunciada pendente. No caso contrario o vial quedaría afundido entre taludes, en trincheira, facendo inaccesible a zona verde.

- 3) A rotonda proxectada no interior do ámbito reduciría as áreas peonís e estanciais, ademáis de que introduciría tráfico na rúa Travesía de Calazas cunha sección insuficiente para soportalo.
- 4) A diferenza de pendente entre o vial "9" do PERI (Prolongación da Rúa Ribadavia) e o novo vial que se proxecta na proposta alternativa imposibilitaría a conexión de ambos viais. En consecuencia, tería que desaparecer o primeiro deles e provocaría uns taludes totalmente impracticables e inservibles, como pode comprobarse na sección pendente.

## G.2. ORDENACION.

En canto á disposición alternativa de sólidos proposta polos alegantes, que básicamente consistiría en cambiar a orientación dos sólidos este-oeste por norte sur, debe indicarse que malia que poidese ter ventaxas respecto da proposta no PERI en canto a soleamento das pequenas prazas que se xeran entre bloques (sempre que non se teña en conta a edificación existente e posible noutro lado da Rúa Couto de San Honorato), ten os seguintes aspectos negartivos:

- Fraccionamento das zonas verdes en pequenas prazas entre bloques, non coseguíndose un dos obxectivos do PERI: a obtención dunha zona verde unitaria e continua, de aproximadamente 300 metros por 35 metros, dimensións similares á Alameda da Praza de Compostela, elemento posto ó servizo desa zona da cidade, considerado fundamental da proposta do PERI aprobado inicialmente.
- Dificultade, ou práctica imposibilidade técnica para conseguir o aparcamento público baixo a zona verde, cun mínimo de 650 prazas, a obter da xestión dos polígonos 1 e 2, e , tamén considerado un obxectivo principal do PERI, unha vez detectada a carencia de aparcamentos na zona de influencia do Hospita Xeral.

Por outra banda, a ordenación proposta polos alegantes resultaría difícilmente compatible co disposto no acordo do pleno municipal do 26/11/2001, sobre "arranxo de rúas e construción de aparcadoiro sotárrego no barrio de San Roque", obrante no Fº 117 do expte. admvo.

### SOBRE INDEFENSIÓN OU FALTA DE PARTICIPACIÓN PÚBLICA NO EXPEDIENTE.

No referente á participación pública na redacción deste PERI debe reiterarse o xa manifestado a tal respecto en anteriores ocasións e fases de redacción deste planeamento.

En primeiro lugar o Convenio referente á finca de Pizarro, asinado polo Sr. alcalde coa entidade mercantil "Placonsa" e a "Asociación Pizarro Zona Verde", contou coa conformidade da Asociación de veciños de San Roque, segundo consta na dilixencia de comparecencia do seu presidente D. José Casal Pacheco, de data 13 de xuño de 2000 obrante no expediente. Posteriormente o Convenio foi incorporado como documento integrante da modificación puntual nº 23 do PXOU (expediente 6527/411) que se expuso ó público con anuncios na prensa local e nos diarios oficiais. Varios dos agora alegantes participaron naquel expediente interpoñendo diversos escritos que foron respostados motivadamente.

Antes da aprobación inicial do PERI, expúsose ó público un avance do mesmo.

Trámite non preceptivo, destinado principalmente á participación pública mediante a presentación de suxerencias e propostas de ordenación (expediente 6570/411). Abriuse un período de información pública, con publicación de anuncios na prensa, e polo menos dúas reunións explicativas realizadas unha no local da AA VV San Roque, e outra no Colegio Hogar de San Roque, na que os agora alegantes puideron participar e manifesta-las súas opinións. Ademais na fase de redacción efectuouse unha enquisa sociolóxica e unha toma de datos das edificacións con dous equipos de persoas traballando polo Barrio e recabando información.

#### I.- DISTINCIÓN ENTRE SOLO URBANO CONSOLIDADO E NON CONSOLIDADO

Este Plan Especial carece de competencia para categorizalo solo en consolidado ou non consolidado. Competencia que lle corresponde en exclusividade ó Plan Xeral (art. 65 LSG-97 e art. 12 LOUGA).

Neste caso, dita distinción entre solo urbano consolidado e non consolidado efectuouse en virtude da modificación puntual núm. 23 do PXOU-93, aprobada definitivamente por acordo plenario do 29/07/2002 (BOP 184, do 25/09/2002 e DOG 192, do 04/10/2002). Determinacións vinculantes para este Plan Especial.

De todo os xeitos, pode engadirse que os criterios de distinción entre ambas categorías de solo, aplicados nesa modificación puntual do Plan Xeral, axústanse ó disposto no art. 65 LSG-97 e art. 12.b) LOUGA, no último dos cales preceptúase que será solo urbano non consolidado:

"(...) en todo caso os terreos nos que sexan necesarios procesos de urbanización, reforma interior, renovación urbana ou obtención de dotacións urbanísticas con distribución equitativa de beneficios e cargas, (...) aqueles sobre os que o planeamento urbanístico prevexa unha ordenación substancialmente diferente da realmente existente, así como polas áreas de recente urbanización xurdida á marxe do planeamento".

#### 2.- CONTESTACIÓN INDIVIDUALIZADA ÁS ALEGACIONES INTERPOSTAS TRALA APROBACIÓN INICIAL DO PERI

ALEGACIÓN Nº: 1.  
INTERESADO: DONA ANGELA RODRÍGUEZ GRAÑA.  
Nº DE DOC.: 373859.  
DATA: 12/03/2003.  
OBXECTO: Corrección de datos, parcela 260 e 262.  
INFORME: Reprodúcese o "Informe Tipo A". Consultado o Catastro do IBI, a parcela nº 262 corresponde a D. Joaquín Rodríguez Silva e non "Da Silva", polo que se corraxirá. A fotografía da ficha do PERI é meramente informativa.  
PROPOSTA: Estimar parcialmente e corraxir o nome do propietario da parcela 262 nos listados.

ALEGACIÓN Nº: 2.  
INTERESADO: D SERAFÍN FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ  
Nº DE DOC.: 374115.  
DATA: 17/03/2003.  
OBXECTO: Parcela nº 189, corrección de datos.

INFORME: Reprodúcese o "Informe Tipo A". Consultado o Catastro do IBI continúa aparecendo como propietario D. Edelmiro Fernández Portabales. Non obstante, considerarase ó alegante como interesado neste expte. a efecto de notificacións. No referente á división da parcela 189, constátase que en efecto dispón dunha parte en solo urbano consolidado (87 m2) e outra en solo urbano non consolidado, Polígono 1 (130 m2) , polo que procede corrixir os datos nos listados do PERI.

PROPOSTA: Estimar parcialmente no senso exposto.

ALEGACIÓN Nº: 3

INTERESADO: D<sup>a</sup> CONCEPCIÓN PÉREZ RAMOS

Nº DE DOC.: 374244.

DATA: 18/03/2003.

OBXECTO: Parcela nº 196, corrixir delimitación.

INFORME: Reprodúcese o "Informe Tipo A". Consultado o parcelario do Ministerio de Hacienda e o Catastro de IBI, debe corrixirse a superficie da parcela, incluíndo a parte posterior, en solo urbano non consolidado, que parecía non pertencer a esta finca. Non obstante, no IBI figura como propietario D. Alfonso Pérez Vila, polo que así continuará no expediente, con independencia que se considere ó alegante interesado no mesmo a efecto de notificacións.

PROPOSTA: Estimar parcialmente no senso exposto.

ALEGACIÓN Nº: 4

INTERESADO: D<sup>a</sup> ANGELA DÍAZ GONZÁLEZ

Nº DE DOC.: 374247.

DATA: 18/03/2003

OBXECTO: Indica a súa oposición á ordenación do Polígono nº 3 prevista no PERI.

INFORME: A alegante, copropietaria da parcela nº 140, non xustifica a súa oposición, nin concreta os motivos polos que se considera prexudicada. En xeral se lle debe remitir ós informes tipo ás alegacións "B", "C" e "D".

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº: 5

INTERESADO: DONA DOLORES FIGUEROA FERNÁNDEZ

Nº DE DOC.: 374480.

DATA: 20/03/2003.

OBXECTO: Parcela nº 194, 5º, verificación de datos, solicita que a súa finca se clasifique como solo urbano consolidado, indica que a rúa de acceso é privada.

INFORME: Consultado o catastro do IBI rectificárase o parcelario no senso de designar á alegante como titular da parcela en cuestión.

- No referente á natureza consolidada ou non da parcela, reprodúcese o informe tipo "I" precedente. Na modificación puntual núm. 23 do PXOU-93 a finca nº 194 ten parte en solo urbano consolidado (a edificación existente), e parte en solo urbano non consolidado, agora incluída no Polígono nº 1. Así figura nos planos do PERI aprobado inicialmente. A maiores farase constar esta circunstancia na relación de propiedades do Polígono 1 que figura na memoria do Plan Especial.

- No relativo á natureza pública ou privada do vial mencionado na alegación, será cuestión a determinar na subseguinte fase de xestión urbanística. Non obstante, advírtese que ten numeración de rúa nas vivendas ó que dan fronte. A traveso dela sérvense de alumeadado público e

abastecemento de auga, como recoñece a alegante. Precisamente teñen a cualificación de solo urbano consolidado por dispoñer de acceso e servizos a dita vía pública. Por outra banda, no caso hipotético e non probado de que se tratase dun vial privado, resultaría obrigada en principio a cualificación do terreo como solo urbano non consolidado, xa que carecería da condición de soar.

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación no único senso de rectificala titularidade da parcela nº 194, e o listado de propietarios no Polígono 1 no que debe figurar a parte non consolidada na parcela. Desestima-las demais peticións.

ALEGACIÓN Nº: 6  
Nº DE DOC.: 374498.  
DATA: 20/03/2003.  
INTERESADO: D<sup>a</sup> SOLEDAD CARRERA IGLESIAS  
OBXECTO: Alegación idéntica á nº 4 precedente. Oponse á ordenación do Polígono nº 3.  
INFORME: A alegante, copropietaria da parcela nº 140, non xustifica, nin sequera menciona, os motivos da súa oposición. En xeral se lle debe remitir ás contestación tipo ás alegacións, en concreto ás contestacións tipo B, C e D.  
PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº: 7  
Nº DE DOC.: 374502.  
DATA: 20/03/2003  
INTERESADO: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> EXUVERANCIA IGLESIAS GONZÁLEZ  
OBXECTO: Oponse á ordenación do Polígono nº 3.  
INFORME: A alegante, copropietaria da parcela nº 140, non xustifica a súa oposición, nin concreta os motivos polos que se considera prexudicada. En xeral se lle debe remitir ás contestación tipo ás alegacións, en concreto ás contestacións tipo B, C e D.  
PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº: 8  
Nº DE DOC.: 374560.  
DATA: 21/03/2003  
INTERESADO: D. BENJAMIN GUZMÁN DÍAZ  
OBXECTO: Oponse á ordenación do Polígono nº 3.  
INFORME: O alegante, copropietario da parcela nº 140, non xustifica a súa oposición, nin concreta os motivos polos que se considera prexudicada. En xeral se lle debe remitir ás contestación tipo ás alegacións, en concreto ás contestacións tipo B, C e D.  
PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº: 9  
Nº DE DOC.: 374843.  
DATA: 25/03/2003.  
INTERESADO: D. MANUEL FRANCISCO GÓMEZ ARIAS  
OBXECTO: Parcela nº 193  
Corrección de domicilio a efectos de notificación. Solicita tamén que non se execute o vial peonil, para que os veciños poidan seguir aparcando alí, e que se recoñeza a natureza privada da rúa. Tamén solicita melloras na rede de saneamento.

INFORME:

1.- Rectificarase o domicilio a efectos de notificación, coincidindo co que figura no catastro do IBI.

2.- En canto ó carácter privado do vial citado na alegación, debe indicarse que ten numeración de rúa nas vivendas que se sirven dél, dispón dos servizos de alumeado público e abastecemento de auga. Precisamente ditas fincas foron cualificadas como solo urbano consolidado por dar fronte a dita vía pública. De ser certo o que manifesta a alegante, e que non proba documentalmente, os terreos carecerían da condición de soar, e, polo tanto deberían completar a cesión para adquirir dita condición, ou terían condición de solo urbano non consolidado.

Un dos obxectivos do PERI, é ,evidentemente o de suprimir no posible o aparcamento anárquico nas rúas existentes ou previstas, rúas que nalgúns casos (como o do vial que se cita na alegación), adicaranse a tráfico restrinxido para residentes.

A alegación propón un uso privativo do vial , que non se compadece co interese xeral.

3/4.- As redes de infraestructuras que figuran no PERI, son os esquemas de trazados que segundo os arts. 70.2 e 63 LOUGA deben figurar nos plans especiais. Non obstante as características concretas de ditas redes e servizos precisarase no subseguinte proxecto de urbanización, no que se estudará incluso a conveniencia ou non de prescindir dalgún deles. En principio a rede de gas é un servizo previsto na cidade.

5.- En canto á participación pública na redacción deste PERI reproducese o sinalado no Apto. "H" do "informe TIPO ás alegacións".

6.- No referente ás necesidades de colectores de lixo, non constitúe determinación propia do PERI. De todo os xeitos, será atendida no posterior proxecto de urbanización.

7.- Sobre a prohibición de aparcamento de vehículos de gran tonelaxe nas proximidades dos accesos ó barrio, non é un asunto especificamente urbanístico do PERI, ó que agora, sen embargo, se lle incorpora un plano de proposta de regulación de tráfico. A petición parece contradecirse coa anterior nº 2. De tódolos xeitos, remitírase ó Departamento de Tráfico para que a teñan en consideración.

PROPOSTA: Estimar parcialmente modificando o domicilio a efectos de notificacións, desestimándoa en todo o demais.

ALEGACIÓN Nº: 10

Nº DE DOC.: 374937.

DATA: 26/03/2003.

INTERESADO: D. JOSÉ GERONCIO RODRÍGUEZ PAN

OBXECTO: Corrección de superficie da parcela 192.

INFORME: Reprodúcese o "informe contestación alegacións TIPO A". O alegante non aporta ningunha proba documental do que manifesta, polo que se mantén a superficie reflectida no plano parcelario catastral. Non obstante, na fase de execución do plan comprobárase a titularidade e superficie de toda as parcelas.

PROPOSTA: Desestimar a alegación.



ALEGACIÓN Nº: 11  
 Nº DE DOC.: 375571.  
 DATA: 04/04/2003.  
 INTERESADO: D. MANUEL BAAMONDE ARAUJO  
 OBXECTO: Corrección de datos de titularidade das parcelas 215 e 216.  
 INFORME: Comprobado no plano parcelario catastral un erro entre as parcelas 215 e 216, procede corrixir os datos das mesmas, xa que a finca catastral 3655686 correspóndese coa parcela nº 215 propiedade D. Manuel Baamonde Araujo, e a parcela catastral 3655685 coa nº 216, propiedade de D. Alberto Maquieira Soto.  
 PROPOSTA: Estimar a alegación no senso exposto.

ALEGACIÓN Nº: 12  
 Nº DE DOC.: 375731.  
 DATA: 08/04/2003.  
 INTERESADO: D. ANGEL ROLO FIGUEROA  
 OBXECTO: Parcela nº 257, oposición ó PERI por hipotético trato desigual, supostas carencias, condicións urbanísticas e accesos, problemas de xestión e de edificacións existentes, reclamación de maior edificabilidade.  
 INFORME: Remítase á contestación TIPO B), sobre supostas desigualdades de beneficios e cargas entre área de reparto, TIPO D), sobre desconformidade coa división poligonal, TIPO E).  
 - Desconformidade coa rede viaria proposta, TIPO C). Desconformidade coas valoracións.  
 - Respecto dos números que aporta e os cálculos que realiza o alegante, e asuntos concretos da alegación pódese precisar o seguinte:

1º) Edificabilidade de uso comercial e terciario nunha e outra área de reparto.

A edificabilidade de uso comercial e terciario nos distintos polígonos do PERI é a seguinte :

POLÍGONO	SUPERF. DE SOLO	EDIFIC. COMERCIAL E TERCIARIO	COEFICIENTE DE EDIFICABILIDADE
Area de reparto 1:			
POLÍGONO 1	27.439,45 m2s	17.096 m2cCT	0,62 m2cCT/m2s
POLÍGONO 2	13.026,80 m2s	8.113 m2cCT	0,62 m2Cct/m2s
POLÍGONO 3	6.196,75 m2s	4.303 m2CT	0,62 m2Cct/m2s
Area de reparto 2:			
POLÍGONO 4	17.425 m2s	9.630 m2cCT	0,55 m2Cct/m2s

Polo tanto constátase que non se producen as diferencias denunciadas, nin ningún erro de cálculo. Advírtese tamén que a suma das edificabilidades en uso comercial e terciario na área de reparto 1 (polígonos 1, 2 e 3) é de 29.512 m2cCT, coincidente coa edificabilidade asignada polo Plan Xeral a esta área. A Área de reparto "2" (polígono 4), ten unha edificabilidade nese uso de 9.630 m2cCT, (a definida na ficha do Plan Xeral).

2) A porcentaxe de espazos libres, viais, zonas verdes e aparcamentos, varía nos distintos polígonos. Dato non especialmente relevante, considerando as diferencias de aproveitamento, e os cálculos realizados na memoria e planos.

3) Superficie da Área de reparto "1":

A superficie total desta área de reparto é de 47.383 m2, calculada por medición sobre a cartografía oficial do Concello.

Para poder calcula-lo aproveitamento urbanístico, debe descontarse previamente de dita superficie inicial a dos viais preexistentes, por imperativo do disposto no art. 131.2 LOUGA . A suma de metros cadrados do parcelario é correcta.

En todo caso, remítese neste punto á contestación TIPO "A", no senso de que na posterior fase de execución do planeamento comprobaranse as superficies e titularidades de cada parcela. Aplicarase entón o disposto no artigo 103.3 do Regulamento de xestión urbanística no que se preceptúa que: "(...) en caso de discordancia entre os títulos e a realidade física das fincas, prevalecerá ésta sobre aqueles no expediente de reparcelación".

4º) Actividades empresariais.-

No apartado "4.6.3" da memoria informativa e nas fichas de edificación por parcelas do PERI detállanse os usos existentes no seu ámbito, identificándose 24 locais nos que se exerce algunha actividade non residencial. Tamén no seu Estudo económico-financieiro efectúase unha previsión aproximada do custo de indemnización do cese dos que resulten incompatibles co planeamento. Esta información muda co tempo, xa que se producen traspasos, modificación de actividade, ceses , etc. Será na subseguinte fase de xestión urbanística na que se deberán acreditar polo miúdo ditas actividades, e cuantifica-las concretas indemnizacións que no seu caso procedan.

5º) Porcentaxe de dotacións públicas.

Que un determinado polígono teña unha porcentaxe maior de cesión de solo para dotacións ou zonas verdes non é un dato determinante que supoña unha maior carga, xa que o indicador do valor urbanístico é o aproveitamento lucrativo asignado a un e outro polígono. A cesión de solo para dotacións non supón un maior gasto de urbanización.

6º) Viais: Reprodúcese a contestación TIPO "E". (Desconformidade coa rede viaria proposta).

7º) Indemnizacións por derrubas.- Reprodúcese a contestación TIPO C). Na avaliación aproximada que se efectúa no PERI das indemnizacións por derrubas, utilizouse o método de reposición, recomendado no RD 1020/93, Norma 12 (páx. 22360 BOE 22.07.1993), calculando o seu custo actual, tendo en conta o seu uso e cualidade, coa depreciación derivada da súa antigüidade e estado de conservación.

Como custo de construción utilizouse o módulo do COAG no momento da valoración. En canto ós coeficientes de depreciación por idade e estado de conservación utilizáronse os habituais admitidos nas expropiacións forzosas.

Con esas premisas e os datos derivados das fichas de edificacións do estudo informativo do PERI elaborouse unha folla de cálculo EXCELL, coa que se calculou de forma masiva e aproximada as indemnizacións posibles, coa mesma mecánica que se ven utilizando nos proxectos de compensación. Os resultados deste cálculo deben considerarse, non obstante, como un estudo económico previo e non vinculante, integrante dos documentos informativos do PERI, que deberá actualizarse e concretarse na fase de execución de planeamento, coas valoracións que figuren nos respectivos proxectos de compensación ou instrumentos de equidistribución que se deberán aprobar nos respectivos polígonos.

8º) Grao de consolidación dos terreos

Reprodúcese o informe-contestación TIPO "I".

9º) Tamaño das vivendas.

Reprodúcese o informe-contestación TIPO "I". As ordenanzas da zona consolidada permitirán a renovación da edificación existente cunha composición de vivendas diferente, mellora das condicións de habitabilidade e rehabilitación do existente, actuacións que ata de agora resultaban imposibles por tratarse dunha zona remitida a planeamento secundario sen aprobación.

10º) Vivendas en solo urbano non consolidado.

O PERI contén no apartado "3.10" da memoria xustificativa un estudo das consecuencias sociais e económicas da proposta no que se analizan os posibles dereitos de realoxo derivados da actuación. Nese estudo, que parte dos datos da memoria informativa e do estudo sociolóxico, establécense unhas regras previas sobre os dereitos á vivenda e realoxo, en relación co nivel de ingresos familiares, e as condicións dos ocupantes ( propietarios, inquilinos, etc.)

Nese estudo conclúese que o Concello destinará o 10% do aproveitamento dos Polígonos 1,2 e 3 a garantir os dereitos de realoxo que se deban respectar en base as anteriores condicións. Así figura tamén nas fichas dos polígonos.

11º) Mantemento dos espazos libres:

O aptdo. "19.4" da memoria xustificativa especifica que:

"...Nos planos distínguense nesta zona as aliñacións sobre rasante de liñas de zonificación, considerándose o espazo entre unhas e outras espazos libres de propiedade privada pero coa obriga de cesión para uso público de superficie, estando obrigada a Xunta de Compensación a completar a urbanización e a contribuír no mantemento destas superficies. Estes espazos de uso público xeralmente incorpóranse na ordenación do PERI a zonas verdes públicas formando un todo contino que debe ser tratado de forma unitaria, atendendo ás normas de urbanización desta Ordenanzas."

Os planos distinguen as zonas de cesión completa, de dominio e uso público, daquelas outras nas que, por estar ocupadas baixo rasante, unicamente se cederá o dereito de uso público da súa superficie, quedando obrigado o

propietario do aproveitamento inferior do mantemento e conservación das mesmas.

Estas determinacións axústanse ó disposto no art. 110.6 LOUGA en relación co aptdo. 3.2.3.3. b. da normativa do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29/04/1993 (PXOU-93).

12º) Petición de edificios de maior altura.

O alegante posiblemente identifique maior altura con maior edificabilidade, tratándose de parámetros distintos. A ordenación proposta tivo en conta todos os condicionantes que se citan na memoria xustificativa e nos antecedentes (avance, estudo informativo, etc. ) para configurar unha ordenación xustificada. A alegación é demasiado xenérica e pouco motivada, baseándose en opinións persoais.

13º) Gastos de urbanización.

Remítese á contestación tipo B comparar a repercusión da urbanización por metro cadrado edificable entre áreas de reparto carece de sentido, xa que precisamente, para compensar as maiores cargas de urbanización, unha área de reparto (a AR1) ten atribuída maior edificabilidade ca outra (AR2).

14º) Indemnizacións.

Insístese en que a avaliación económica reflectida no PERI é unha estimación aproximada a partires de datos xerais, que deberá ser concretada na fase de execución de planeamento, con tódolos datos concretos de cada finca, dereitos, etc. Nembargantes, o estudo do PERI xustifica a viabilidade das decisións adoptadas ata o de agora.

15º) Indicadores sociodemográficos.

O estudo sociolóxico contido no PERI analiza a situación social actual do Barrio. O PERI incorpora tamén un estudo das consecuencias sociais e económicas da actuación urbanística (aptdo. 3.10 da memoria xustificativa), así como un estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico (Anexo 1), no que se examinan os impactos e se artellan medidas para a corrección da posible incidencia sobre a poboación. En concreto propóñense medidas para garantir realoxos, e para a mellora da accesibilidade. Así mesmo o PERI , -que é un instrumento urbanístico e non un programa de asistencia social-, facilitará as posibilidades de mellora da habitabilidade, a revalorización dos terreos e a xeración das actividades asociadas. (Ver puntos 9.2.7 e 9.2.8 do anexo 1 á memoria : estudo de sostibilidade).

16º) Oposición ó PERI.

En xeral trátase dunha repetición das anteriores alegacións, polo que se lle remite ás contestacións TIPO xerais, e no relativo á participación no planeamento, ó indicado no apdo. 5 da anterior alegación nº 11. Calquera cidadán e asociación ten dereito a participar no proceso de redacción do planeamento mediante as distintas vías que lles ofrece a lexislación urbanística (iniciativa particular, alegación , convenio, exercicio da acción pública, etc.) e será a Corporación municipal, titular orixinaria da

potestade discrecional do planeamento e única representante democrática de todo os vigueses quen ten a competencia da decisión sobre a ordenación da cidade.

17º) Carencia de accesos:

Contestación tipo "E".

18º) Impacto sobre o tecido social:

Contestación tipo "H".

PROPOSTA: Desestimar a alegación, polos motivos expostos.

ALEGACIÓN Nº: 13  
Nº DE DOC.: 375883.  
DATA: 10/04/2003.  
INTERESADO: D<sup>a</sup> CONCEPCIÓN ESTEVEZ ALEJOS  
OBXECTO: Parcela nº 109, rectificación da titularidade da parcela 109.  
INFORME: Nos rexistros fiscais continúa figurando como titular da parcela nº 109 D. Lorenzo Estévez González. De todo os xeitos considerárase á alegante como interesada no expediente. Na seguinte fase de execución clarexárase a titularidade da finca.  
PROPOSTA: Estimar parcialmente no senso do informe

ALEGACIÓN Nº: 14  
Nº DE DOC.: 30031151.  
DATA: 30/04/2003.  
INTERESADO: D<sup>a</sup> JOSEFA VILLEGAS FERNANDEZ  
OBXECTO: Mostra a súa desconformidade co proxecto de PERI, alegando desigualdade de trato en favor dos propietarios da área de reparto "2" e a necesidade de adaptalo ó disposto na nova Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística de Galicia (LOUGA).  
INFORME: O PERI planifica a totalidade do conxunto dos terreos do ámbito (90.704 m<sup>2</sup>) integrando de forma razoada a ordenación derivada do Convenio coa mercantil "Placonsa" (que afecta a unha superficie de 17.425 m<sup>2</sup>). O ámbito da "Finca de Pizarro" supón o 19,21 % da superficie total ordenada polo PERI. Este Plan Especial programa medidas tendentes á adecuación da ordenación, á mellora de accesibilidade, da habitabilidade e das infraestruturas, a revalorización dos terreos e a xeración das actividades asociadas (Ver puntos 9.2.7 e 9.2.8 do Anexo 1 á Memoria: estudo de sostibilidade).

No referente ás obras executadas na parcela de Pizarro, derívanse dunha orde de execución dictada polo Concello, por motivos de seguridade. Non comporta ningunha cesión de terreos nin ampliación de viais.

O PERI non ten capacidade para modificar a delimitación de áreas de reparto e aproveitamentos-tipo definidos a nivel de Plan Xeral (art. 111 LOUGA, art. 87 LSG-97). A modificación puntual núm. 23 do Plan Xeral, referida a este ámbito, aprobouse definitivamente por acordo plenario municipal do 29/07/2002 (expte. 6527/411), baixo a vixencia da LSG-97, na que non se esixía a acreditación dun equilibrio de cargas entre áreas de reparto. Non

obstante, incrementouse a edificabilidade da AR1 para asegura-la rendibilidade da súa execución.

En relación co alegado sobre supostas desigualdades entre as áreas de reparto delimitadas polo Plan Xeral remítese ás contestacións-tipo "B" e tipo "C" que figura ó principio deste informe-proposta.

Sobre a suposta incongruencia e falta de cualidade do planeamento, o alegante manifesta unha opinión subxectiva non xustificada.

Efectuouse un cumprido estudo do mercado inmobiliario de Vigo, previa consulta ó Colexio de axentes da Propiedade Inmobiliaria, e Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. Incluso se incorporaron a dito estudo recortes de prensa para o mellor coñecemento dos valores máis frecuentes das transmisións de inmobles naquela zona e naquel momento.

Por outra banda, non existe obriga legal de establecemento nesta fase de coeficientes de localización que mitigasen as supostas diferencias entre áreas e polígonos. Por outra banda non existe diferenza de valor entre vivendas e baixos con fronte a Pizarro, e as que terán fronte a Vázquez Varela (colindantes e con similares condicións de ordenación). Ademais, o Polígono 3, onde o alegante manifesta ser propietario, xa dispón dun aproveitamento superior ó Polígono 4.

No referente á alusión á Ordenanza xeral "1.1" de "edificación pechada" en relación á altura máxima permitida, na "ficha de características" do Plan Xeral sobre este ámbito non se prevé a súa aplicación ó solo urbano consolidado. Polo contrario, precísase que "...No resto do ámbito a altura máxima será de 13 plantas, podendo o PERI definir bloque abertos, pechados ou mixtos nos que poidan combinarse usos residenciais con comerciais e terciarios."

Finalmente, incidir en que o PERI IV-01 San Roque tramitouse consonte co disposto na recente LOUGA. Segundo preceptúa a súa Disp. Trans. primeira 1.c), aplicaranse os límites de edificabilidade e estándares mínimos para dotacións previstos no vixente Plan Xeral, ó non ter concluído aínda o prazo transitorio de dous anos dende a entrada en vigor desa Lei. De tódolos xeitos o PERI tamén cumpre o límite de sostibilidade establecido no art. 46.2.a) LOUGA, toda vez que en solo urbano non consolidado non se supera a edificabilidade de 1,5 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>. Tamén se cumpre sobradamente o estándar de zonas verdes previsto no art. 47.2 a) LOUGA (os espazos libres públicos destinados a parques e xardíns supoñen un 29,50% do solo urbano non consolidado, e máis de 18 metros cadrados edificables por cada 100 m<sup>2</sup> construídos). A posibilidade, apuntada polo alegante, de sobrepasar ese límite de 1,5 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> no ámbito do PERI, por referirse dito estándar a distritos, así como a de incremento do uso residencial, requiriría da previa modificación puntual ou revisión do vixente Plan Xeral.

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN N<sup>o</sup>: 15  
N<sup>o</sup> DE DOC.: 30031915.  
DATA: 02/05/2003.  
INTERESADO: D. JOSÉ RUFINO ROJO DEL PRADO (parcelas 126,128)

OBXECTO: Corrección de datos de superficie e titularidade das parcelas 126 e 128, que di da súa propiedade, desacordo coas valoracións do expediente, posible desigualdade nos gastos de urbanización, irregular reparto das zonas verdes, necesidade de viais de comunicación con Pizarro, necesidade de realoxo.

INFORME: Con relación á solicitude de rectificación de datos de superficie e propiedade das parcelas respóndese coa contestación tipo "A". Na fase de execución do planeamento comprobaranse polo miúdo os datos de propiedade. Consultado o Catastro do IBI e os datos aportados polo alegante, procede non obstante corrixir a titularidade e superficies das parcelas nº 126, 127 e 128.

O resto de cuestións considérase respondido na contestación tipo "C" (desconformidade coas valoracións), contestación tipo "B" (desigualdades de beneficios e cargas entre áreas de reparto), contestación tipo "E" (desconformidade coa rede viaria proposta, necesidade de novos viais), contestación tipo "G" (desconformidade coa ordenación proposta).

PROPOSTA: Estimar parcialmente, no senso exposto.

ALEGACIÓN Nº: 16

Nº DE DOC.: 30032094.

DATA: 05/05/2003

INTERESADO: D. CLEMENTE POUSA PEREIRA E OUTROS (DOBLADA S.A., VALLEHERMOSO SAU E INVOGA SA)

OBXECTO: Precisións ó Convenio de Placonsa relativas á cesión de zonas verdes, e ó aproveitamento no subsolo dos espazos libres entre edificios, que se deberán incorporar ás parcelas PV1 e PV2/. Subsanación de erro material na edificabilidade da subzona "1".

INFORME: A ordenación establecida no PERI é a derivada do Convenio que, expresamente se recolle como elemento integrante do Plan.

Malia que no texto do Convenio cítase unha superficie de cesión para zona verde de 8.500 m<sup>2</sup>, pode comprobarse no plano anexo ó mesmo, denominado "PLANTA XERAL", como no seu ángulo superior esquerdo indícase unha superficie distinta para tal fin. Os servizos técnicos municipais comprobaron dito extremo na fase de redacción do PERI, e axustaron a medición de zona verde á resultante de 8.618 m<sup>2</sup>. Igualmente ocorreu coas superficies para espazos libres de cesión de superficie e de ampliación de viario. Non obstante, do estudo comparado dos distintos planos do Convenio non pode concluírse qué superficies están, ou non, ocupadas baixo rasante.

En efecto, como manifesta a alegación, segundo o plano de sección do Convenio parece deducirse que os garaxe para os edificios de vivendas sitúanse nos sotos 1º e 2º do edificio escalonado central. Unha interpretación lóxica deduciría a necesidade de que estas plantas baixo rasante estean comunicadas cos edificios de vivendas situados nos extremos.

Igualmente, un tanteo previo, de dimensionamento, segundo as necesidades de aparcamento destes edificios laterais máis altos, non leva á conclusión de que os sotos das parcelas "PV1" e "PV2" deban incrementarse ata a posible conexión en soto coa parcela "PC", o que, obrigará tamén a modifica-la medición de superficies do Polígono, do seguinte xeito:

a) Necesidades de aparcamento:

- Edificabilidade residencial e vivendas na totalidade do Polígono 4: 24.006 m2c
- Reserva de aparcamento 2 prazas/100 m2c = 480 prazas
- 480 prazas x 20 m2 brutos = 9600 m2c (12.000 m2c)

b) Superficies de sotos de garaxe (non público) para vivendas e comerciais:

- Baixo edificio PV1: 756 m2c x 2 sotos = 1.512 m2c
- Baixo edificio PV2: 756 m2c x 2 sotos = 1.512 m2c
- Baixo edificio escalonado: 3.840 m2c (soto 1º) + 2.830 m2c (soto 2º) = 6.670 m2c
- Total baixo edificios: 9.694 m2c (insuficiente)
- Duas superficies entre bloques: 890 m2 x 2 sotos= 1.780 m2
- 9694 + 1.780 = 11.474 m2

Esta corrección trasládase tamén á páxina 50, precisándose unha edificabilidade comercial e terciaria é de 9.630 m2cCT, e unha edificabilidade total de 24.006 m2c, (e non 24.003 m2c como figurou na aprobación inicial), tal cal xa se recolle nas follas 13 e 73 da memoria xustificativa corrixida.

PROPOSTA: Estimar parcialmente, no senso do informe.

ALEGACIÓN N°: 17  
 N° DE DOC.: 30032185.  
 DATA: 05/05/2003.  
 INTERESADO: D<sup>a</sup> CLARA GUERRA DIÉGUEZ (Parcela 261)  
 OBXECTO: VARIOS (Desigualdades do PERI, contías de derrubas e indemnizacións, gastos de urbanización, zonas verdes, viais, etc.)  
 INFORME: Nos rexistros fiscais figura D. Julio Ramos Espiña como propietario do núm. 31 da Rúa Couto de San Honorato 31 interior (rec. catastral 36556-D3, parcela 261 do PERI). Non obstante, considerárase á alegante como interesada no expediente, sen prexuízo do que se determine na subseguinte fase de xestión urbanística.

No referente ás valoracións de indemnizacións remítese ó dito na contestación tipo "C". En canto ó trazado da rede viaria reproducése a contestación tipo "E", e no relativo ás necesidades de realoxo, a contestación tipo "F".

As valoracións por indemnizacións son unha estimación aproximada para efectuar unha primeira valoración dos gastos de urbanización. Será na fase de execución cando deberán efectuarse as ditas valoracións conforme ós criterios legais da Lei de expropiación forzosa, e, especialmente, da Lei 6/1998, do 13 de abril do réxime do solo e valoracións. Obviamente, o propietario do solo no ámbito do PERI terá dereito, en primeiro lugar ó aproveitamento derivado do Plan, e en segundo lugar, á indemnización por demolición da edificación nos casos legalmente establecidos, e en terceiro lugar, ó realoxo, nas condicións que se sinalan no apdo. 3.10 do PERI.

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN N°: 18  
 N° DE DOC.: 30032190.  
 DATA: 05/05/2003.  
 INTERESADO: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> DEL CARMEN ROJO FERNÁNDEZ (Parcela 118)



OBXECTO: IDEM que alegación núm. 15.  
INFORME: Reitérase o respostado na contestación tipo "C" (desconformidade coas valoracións), contestación tipo "B" (desigualdades de beneficios e cargas entre áreas de reparto) contestación tipo "E" (disconformidade coa rede viaria proposta, necesidade de novos viais), contestación tipo "G" (desconformidade coa ordenación proposta).  
PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN N°: 19  
N° DE DOC.: 30032219.  
DATA: 05/05/2003.  
INTERESADO: D<sup>a</sup> ANTONIA CASEIRO GUERRA (Parcela 217)  
OBXECTO: Solicita corrección de datos de propiedade, así como que se conserve e revalorice a súa vivenda.

INFORME:  
1.- Sobre os datos de propiedade remítese á contestación tipo "A". Consultado o Catastro de IBI continúa figurando como propietario da finca n° 217 D. Antonio Caseiro Ratón. Non obstante considerárase á alegante como interesada no expediente.

2.- Sobre indefensión e falta de participación cidadá : contestación tipo "H".

3.- Sobre desigual reparto de beneficios e cargas: contestación tipo "B".

4.- No referente á conservación da vivenda, no novo PERI constatouse que o seu mantemento é totalmente incompatible coa nova proposta de ordenación, e os seus valores non son tan relevantes como para condicionar ó resto da ordenación. En todo caso, podería formularse o traslado da edificación. No tocante ó axardinamento, no PERI propónse o mantemento na zona verde das especies arbóreas de interese identificadas no apartado 4.5.3. da memoria informativa, e catalogadas no artigo 22 das Ordenanzas do PERI.

A alegante propón o mantemento da edificación existente coa mellora dos servizos urbanísticos. Dita alternativa xa foi estudada e rexeitada, optándose por outra intermedia, de maior interese xeral, que mantén en parte o barrio de Ribadavia , pero que reurbaniza as zonas non consolidadas obtendo unha maior proporción de zonas verdes, viarios e aparcamentos públicos que os existentes na actualidade.

5.- No relativo á súa desconformidade coas valoracións dos custos de urbanización, remítese á contestación TIPO "C". Nesta fase de planeamento efectuouse unha estimación aproximada que se precisará e no seu caso corruxirá na subseguinte fase de execución do planeamento.

Finalmente insistir en que o propietario afectado terá dereito ó aproveitamento derivado do Plan, máis a indemnización por derruba da edificación que corresponda e, en terceiro lugar, ó realoxo, nas condicións que se establecen no apartado 3.10 do PERI.

PROPOSTA: Estimar parcialmente, no senso de considerar á alegante interesada no expediente, desestimándoa en todo o demáis.

ALEGACIÓNS N°: 20 e 21.  
N° DE DOC.: 30032231 e 30032233.  
DATA: 05/05/2003.

INTERESADO: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> DE LOS ÁNGELES e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> DOLORES GUEDE RODRÍGUEZ  
OBXECTO: Corrección da titularidade. Participación dos veciños no Convenio. Valoración da súa finca. Interese en que non se derruben as vivendas.

INFORME:

1.- Sobre os datos de propiedade, reitérase a contestación tipo "A". Consultado o Catastro de IBI continúa figurando como propietario da finca nº 206 D. José Luis Guede Martínez. Non obstante considerárase como interesadas no expediente ás alegantes.

2.- Sobre desigualdades de beneficios e cargas : contestación tipo "B".

3º.- Sobre indefensión e falta de participación cidadá : contestación tipo "H".

4º.- Sobre a desconformidade coas valoracións: contestación tipo "C".

5.- Na fase de execución do planeamento estudarase a cuestión relativa á posible compatibilidade da edificación existente na finca de referencia, e o seu posible mantemento.

6.- O PERI garda especial sensibilidade coas condicións sociais dos ocupantes do barrio. Distingue entre propietarios do solo e ocupantes das vivendas, a metade das cales están desocupadas. Así establecéronse unhas condicións mínimas de realoxo , e o adicación do 10% do aproveitamento municipal neste PERI a dita finalidade.

7.- Este PERI tramítase consonte co disposto na recente LOUGA. Segundo preceptúa a súa Disp. Trans. primeira 1.c), aplicaranse os límites de edificabilidade e estándares mínimos para dotacións previstos no vixente Plan Xeral, ó non ter concluído aínda o prazo transitorio de dous anos dende a entrada en vigor desa Lei. De tódolos xeitos o PERI tamén cumpre o límite de sostibilidade establecido no art. 46.2.a) LOUGA, toda vez que en solo urbano non consolidado non se supera a edificabilidade de 1,5 m2/m2. Tamén se cumpre sobradamente o estándar de zonas verdes previsto no art. 47.2 a) LOUGA (os espazos libres públicos destinados a parques e xardíns supoñen un 29,50% do solo urbano non consolidado, e máis de 18 metros cadrados edificables por cada 100 m2 construídos). A posibilidade, apuntada polas alegantes, de sobrepasar ese límite de 1,5 m2/m2 no ámbito do PERI, así como a de incremento do uso residencial, requiriría da previa modificación puntual ou revisión do vixente Plan Xeral

PROPOSTA: Estimar parcialmente, no senso de considerar ás alegantes como interesadas no PERI, desestimándoa en todo o demais.

ALEGACIÓN Nº: 22.

Nº DE DOC.: 30032234.

DATA: 05/05/2003.

INTERESADO: ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ROQUE

OBXECTO: Oposición ó PERI, por considerar que non respecta o principio de distribución de cargas e beneficios, entre outros motivos.

INFORME:

1º.- O Convenio urbanístico subscrito coa entidade mercantil "Placonsa" sobre a "Finca de Pizarro", foi aprobado polo pleno municipal no 27/03/2000, en substitución doutros convenios anteriores de datas

respectivas 28/11/1991 e 29/06/1999. Asinouse polo Sr. alcalde-presidente, o director xeral da devandita mercantil "Placonsa", e representantes da Asociación "Pizarro Zona Verde" no día 13/06/2000.

No 13/06/2000 o Presidente da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SAN ROQUE, D. José Casal Pacheco asinou un acta de comparecencia ante o alcalde-presidente e o secretario municipais, expresamente facultado para tal fin "(...) en virtude do acordo adoptado pola Xunta directiva en xuntanza de data 18 de abril de 2000". Nesa comparecencia manifestou a súa plena conformidade co contido do Convenio Urbanístico sobre a finca Pizarro.

A técnica dos Convenios resulta habitual na práctica do urbanismo contemporáneo, atopándose regulada no Título VIII da LOUGA. O Convenio con Placonsa insértase nos de "planeamento". No art. 235 LOUGA preceptúase que: "Con ocasión do exercicio da potestade de planeamento, a Administración autonómica e os municipios, no ámbito das súas respectivas competencias e conxunta ou separadamente, poderán subscribir con calquera persoa, pública ou privada, convenios urbanísticos relativos á formación, modificación ou revisión dun plan de ordenación urbanística (...)". Estes convenios non producen 'per se' unha modificación do planeamento. Constitúen actos meramente preparatorios.

A alteración da cualificación urbanística dos terreos de referencia efectúese en virtude da modificación puntual nº 23 do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo aprobada definitivamente por acordo plenario municipal do 10/06/2002 (expte. 6527/411), previo trámite de información pública e informes favorables preceptivos.

Dita modificación puntual abrangueu unha superficie máis ampla que a que resultou obxecto do devandito Convenio. Diferenciou o solo urbano consolidado do non consolidado, estableceu dúas áreas de reparto, e configurou unha ficha de características para a redacción do PERI, cos criterios de ordenación necesarios para a integración da derivada do Convenio, que a partir daquel momento pasou a converterse nunha ordenación detallada integrante do Plan Xeral, co resto do ámbito.

É de salientar que a devandita modificación puntual do Plan Xeral non recolleu todas as determinacións do Convenio, adaptándoo á nova normativa sobrevida. Así, por exemplo, na zona abranguida polo Convenio, na que se fixaba unha edificabilidade de 24.006 m<sup>2</sup> de uso predominante residencial -cláusulas 2<sup>a</sup> e 4<sup>a</sup>-, estableceuse unha edificabilidade residencial de 14.376 m<sup>2</sup>cR, e comercial e terciaria de 9.630 m<sup>2</sup>cT. Igualmente, e con motivo das alegacións interpostas durante o período de información pública (entre elas a da Asociación de veciños de San Roque) corrixiuse a proposta inicial e incrementouse o aproveitamento tipo da Área de reparto 1, nun 10% sobre o aproveitamento tipo da Área de Reparto 2 para un mellor equilibrio de beneficios e cargas entre áreas de reparo.

Polo tanto, nin se dispuxo da potestade de planeamento pola vía contractual, nin se exercitou a potestade de "ius variandi" por procedemento distinto do legalmente establecido. Polo contrario, dirixiuxe á mellor ordenación posible cara ó interese xeral.

2º.- As supostas diferencias entre datos numéricos da modificación puntual do PXOU e do PERI sinaladas nesta alegación son totalmente inexistentes. A

entidade alegante utiliza datos numéricos inexactos, en parte procedentes do documento da aprobación inicial da modificación puntual do Plan Xeral, que foron rectificadas na aprobación definitiva.

No que se refire ó equilibrio de beneficios e cargas, respecto do polígono "4", remítese á contestación tipo "B".

3º.- No que respecta ás indemnizacións e valoracións, remítese á contestación tipo "C". As valoracións, avaliación de custos de urbanización, etc. son estimacións referidas ó momento que se realizan, cos datos de que se dispoñe, que xustificadamente figuran nas memorias técnicas, pero que se van precisando nas sucesivas fases de planeamento e xestión (art. 55 RPU). No posterior proxecto de urbanización definiranse as características concretas de ditas redes e servizos.

As posibles discordancias numéricas no cálculo estimativo dos custos de urbanización corríxense na última versión do PERI.

4º.- O apdo. "2.7" da memoria xustificativa do PERI adícase ó cumprimento da Lei autonómica 8/1997 sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas. Ademais, no Plan Especial prevense tres actuacións illadas en solo urbano consolidado (A.I. 3, A.I.4, e A.I. 5) para mellora-los accesos dende a Rúa Colombia. O PERI foi informado favorablemente en data 13/10/2003 pola Comisión técnica de accesibilidade da Consellería de Asuntos Sociais.

5º.- O alegado sobre o trazado do sistema viario e previsión de prazas de aparcamento respóstate nas contestacións tipo "E" e "G", ás que se remite. A comparación efectuada na alegación entre as prazas de aparcamento de uso público nas dúas áreas de reparto non é posible. Elo porque mentres na área de reparto "1" trátase de aparcamentos públicos baixo zonas verdes de cesión, na área de reparto "2" (Parcela de Pizarro) trátase da asignación dun uso (aparcamentos de uso público) nuns solares privados edificables con fronte á Rúa Pizarro.

6º.- No Plan Xeral vixente delimitáanse as áreas de reparto deste ámbito, coa conseguinte fixación de aproveitamentos tipo (arts. 111 e 113 LOUGA). Este Plan Especial carece de competencia para modificar ditas determinacións do planeamento xeral, tal e como se indica na contestación tipo "B".

7º.- O PERI contén un apartado específico sobre o dereito de realoxo (aptdo. 3.10), que conclúe coa proposta (recollida na normativa) de que o Concello destine o seu 10% de aproveitamento urbanístico neste ámbito a tal finalidade. Nese apartado analízanse os datos do estudo sociolóxico realizado, que se refire á totalidade do ámbito: tanto do solo consolidado como do non consolidado. De 344 vivendas existentes na actualidade no ámbito, estímase que se verán afectadas, por estar en solo urbano non consolidado, 103 , polo que 241 pódense conservar. Estímase, tamén aproximadamente, que das citadas 103 afectadas están ocupadas unhas 86 (47 por propietarios e 39 por alugueiros).

O estudo establece tamén un sistema (que se porá en marcha na execución do planeamento en coordinación cos servizos sociais do Concello) para o exercicio do dereito de realoxo principalmente dirixido a aqueles ocupantes

de vivendas que acrediten non acadar uns ingresos familiares do 1,5 veces o salario mínimo interprofesional.

8º.- Por último, no referente á transparencia e participación social neste proceso, remítese o sinalado na contestación tipo "H".

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº: 23

Nº DE DOC.: 30032473.

DATA: 06/05/2003.

INTERESADO: D<sup>a</sup> JULIA LEIVA HERMIDA (Parcela 93)

OBXECTO: Manifesta á súa oposición ó PERI, e solicita a rectificación dos datos da súa vivenda.

INFORME:

1.- A finca nº 93 do parcelario está clasificada como solo urbano consolidado no vixente Plan Xeral. En dita clase de solo nin existen polígonos, nin a posibilidade de executar actuacións polo sistema de compensación. Unicamente se poden promover actuacións illadas por expropiación para executar infraestructuras públicas (arts. 141 e 166 LOUGA) .

2.- A actuación illada que se propón para ampliación do vial principal do barrio de Ribadavia obedece ó criterio da ficha do Plan Xeral dese ámbito conducente a "Incardinar a zona na trama urbana xeral, resolvendo os problemas de permeabilidade e conexión viaria co contorno".

3/4.- A edificación existente sobre a parcela nº 93 considerouse no estudo da edificación como en estado de conservación regular . É certo que non figura no plano informativo INF-09, pero si na ficha de edificación da memoria informativa. Non obstante debe de terse en conta que trátanse de datos informativos, que deberán precisarse, a efectos de valoracións, na fase de execución de planeamento.

En xeral, en canto a valoracións , remítese ó afirmado na contestación tipo C)

5.- A actuación illada "A.I. 1" valórase de forma estimativa aproximada no estudo económico-financieiro (capítulo 7 da memoria xustificativa, páx.88). Non obstante, a expropiación e urbanización desta actuación serán obxecto de expedientes individualizados, segundo a lexislación de expropiación forzosa. Neses expedientes deberanse comprobar os datos de medición de superficies, estado de conservación, etc. que o alegante manifesta sen ningunha proba documental.

O estudo das consecuencias económicas e sociais da actuación figura no aptdo. 3.10 da memoria Xustificativa do PERI

Sobre as condicións de accesibilidade e viario esta alegación propón o mantemento integral da totalidade do viario existente. Dita proposta non se pode aceptar, ó resultar insostible para unha mínima viabilidade funcional.

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº: 24

Nº DE DOC.: 30032531.  
DATA: 06/05/2003  
INTERESADO: D<sup>a</sup> SARA LERA ORGANERO (Parcelas 258,259,259b)  
OBJECTO: Discrepa da valoración das súas fincas. Solicita que os viais se conecten coa rúa Pizarro, entroutros extremos. Denuncia supostas diferencias en zonas verdes, gastos de urbanización e beirarrúas.  
INFORME:  
1.- Sobre a suposta diferencia de superficie, ver a contestación tipo "A". Corrixirase non obstante o erro detectado nos listados, xa que non aparecía a parcela nº 259 -b.

En canto á disconformidade coas valoracións, ver contestación tipo "C".

2.- No referente ó trazado dos viais, remítese á contestación tipo "E" e "G".

3/4.- Sobre as supostas desigualdades entre áreas de reparto/proporción de zonas verdes, espacios libres , viais, aparcamentos e gastso de urbanización, reproducése a contestación tipo "B" e "A".

5.- En relación ás beirarrúas de Pizarro debe considerarse que en virtude do citado Convenio coa mercantil "Placonsa" obrigouse ós propietarios do Polígono "IV" a custear-la urbanización da beirarrúa contraria da rúa Pizarro, exterior ó ámbito.

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación incorporando os datos da parcela 259 bis, ó Polígono P-1 , desestimándoa en todo o demais.

ALEGACIÓN Nº: 25  
Nº DE DOC.: 30033266.  
DATA: 07/05/2003.  
INTERESADO: D. MANUEL BAAMONDE ARAUJO (Parcelas 215)  
OBJECTO: Idem. ca anterior.  
INFORME: As cuestións formuladas polo alegante respóstanse con motivo da alegación precedente núm. 22, interposta pola Asociación de veciños de San Roque, así como nas contestacións tipo deste informe, ás que se remite.  
PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº: 26  
Nº DE DOC.: 30033298.  
DATA: 07/05/2003.  
INTERESADO: D. RAFAEL LLEDÓ TIEDRA (Maestros en Obras, SL.) Parcela 113  
OBJECTO: Corrección de datos. Solicita que se inclúa a súa propiedade no solo urbano consolidado (tanto na modificación puntual nº 23 como no PERI).  
INFORME:  
1º.- No referente á corrección dos datos da finca, reproducése a contestación tipo "A". Na execución do planeamento efectuarase unha valoración máis precisa dos bens afectados. Non se aprecian motivos suficientes para catalogar como edificio singular e protexible o existente nesa parcela.

2º.- No que atinxe á cualificación de solo urbano non consolidado da parcela en cuestión, reproducése a contestación tipo "I". No procedemento de modificación puntual nº 23 do PXOU (Expdte. nº 6527/411) acreditouse

cumpridamente a non consolidación dese ámbito. Tívoise en conta o grao de urbanización existente (ver planos de información de servizos urbanísticos). Asemade, a ordenación prevista difiere substancialmente da existente.

3º.- Sobre a súa discrepancia coa valoración da finca, reproducése a contestación tipo "C".

4º.- O Plan Xeral que este PERI se limita a executar aprobouse definitivamente antes da entrada en vigor da nova Lei 9/2002 do 30 de decembro (LOUGA), con respecto dos estándares urbanísticos da LSG-97. A adaptación desa ordenación ós novos estándares da LOUGA (arts. 46-47) requiriría da previa tramitación dunha modificación puntual ou revisión do Plan Xeral. Posibilidade que non se exclúe nun futuro.

Por outra banda, no Polígono "IV" na súa execución en ningún caso se superarán os límites máximos de uso residencial, comercial ou terciario que, claramente establece o PERI para ese Polígono de propietario único.

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº: 27

Nº DE DOC.: 30033499.

DATA: 08/05/2003.

INTERESADO: D. ANGEL ROLO FIGUEROA e D. AUGUSTO ROLO MIRANDA (Parcela 257)

OBXECTO: Solicitan corrección de datos. Discrepan das valoracións do PERI.

INFORME:

1.- Sobre datos de propiedade e superficie: contestación tipo "A".

2/3/4.- Sobre valoracións: contestación tipo "C".

PROPOSTA: Desestimar.

ALEGACIÓN Nº: 28

Nº DE DOC.: 30033589.

DATA: 08/05/2003

INTERESADO: D. ANTONIO VAZQUEZ CARRERA e D<sup>a</sup> OTILIA GLEZ. GLEZ.

OBXECTO: Solicita corrección de datos e que se inclúa toda a parcela na Ordenanza do Barrio de Ribadavia.

INFORME:

1ª.- Sobre a distinción entre solo urbano consolidado e non consolidado remítese á contestación tipo "I". Por outra banda, o plano parcelario do ámbito elaborouse segundo o Plano Catastral do Ministerio de Hacienda.

2ª.- En todo caso, na fase de execución do planeamento deberase comprobar a propiedade de tódolos terreos e , de ocorrer, como manifesta o alegante, que parte da parcela esté en solo urbano consolidado e parte en non consolidado non haberá inconveniente en desenvolveselas por separado.

3º.- O artigo 3.2.2. do PXOU citado polo alegante, relativo á inclusión en polígonos de parcelas completas non xustifica a inclusión da totalidade desta concreta parcela nun polígono. As dúas porcións teñen a mesma clasificación como solo urbano. O PERI propón unicamente o mantemento da edificación existente consolidada deixando como espazo libre o resto. Ese

espacio libre obterase a través da xestión do polígono, atribuíndoselle ó propietario o correspondente aproveitamento urbanístico.

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº: 29  
Nº DE DOC.: 30033604.  
DATA: 08/05/2003.  
INTERESADO: D<sup>a</sup> ANTONIA GARROTE COMESAÑA (Parcela 246)  
OBXECTO: Discrepa da valoración da vivenda. solicita que se clasifique como solo urbano consolidado a zona lindante coa rúa Couto de San Honorato. Subsidiariamente, ser eximida dos custos de urbanización dos viais, entroutros extremos.

INFORME:

1º.- Sobre valoración: Contestación tipo "C". Trátase dunha vivenda de planta baixa, de 44 m2 nunha parcela de 50 m2 , cunha antigüidade entre 10 e 50 anos, cualidade constructiva media e conservación regular. Sobre dereitos de realoxo: Ver contestación tipo "F".

2º.- Sobre a cualificación de solo urbano non consolidado: contestación tipo "I".

3º.- No referente á derruba das edificacións existentes, na subseguinte fase de xestión serán indemnizadas, sempre e cando se produzan os orzamentos regulados no art. 132.d) LOUGA e art. 90 do Regulamento de Xestión.

4º.- Gastos de urbanización e diferenza de cargas entre áreas de reparto: contestación tipo "B".

PROPOSTA: Desestimar.

ALEGACIÓN Nº: 30  
Nº DE DOC.: 30033605.  
DATA: 08/05/2003.  
INTERESADO: D<sup>a</sup> CONSUELO RODRIGUEZ ALVAREZ (Parcela 208)  
OBXECTO: Solicita corrección de datos. Manifesta desconformidade coas indemnizacións previstas, entre outros extremos.

INFORME:

1º.- Sobre datos de titularidade e superficie: contestación tipo "A". Na fase de execución do planeamento corrixiranse os posibles erros cometidos na medición das superficies construídas.

2º.- Sobre desequilibrios entre áreas de reparto: contestación tipo "B".

3º.- Oposición á rede viaria: contestación tipo "E".

4º.- Necesidades de vivenda e realoxo: contestación tipo "F".

5º.- Sobre valoración: contestación tipo "C".

6º.- Sobre beirarrúas en Pizarro: reproducese o afirmado sobre as alegacións núms. 22 e 24.

7º.- Sobre participación cidadá no planeamento: contestación tipo "H".

PROPOSTA : Estimar parcialmente, no senso de corrixir o dato informativo de superficie construída na parcela nº 208, desestimándoa en todo o demais.

ALEGACIÓN Nº: 31  
Nº DE DOC.: 30033606.  
DATA: 08/05/2003



INTERESADO: D. JOSE M. FERNANDEZ RODRIGUEZ (Parcela 218 e 219)  
OBXECTO: Solicita corrección de datos, así como a modificación de vial en ferradura e saídas na rúa Vázquez Varela e Pizarro, entroutros extremos.  
INFORME:  
- Sobre datos de propiedade e superficies: contestación tipo "A".  
- Sobre rede viaria: contestación tipo "E".  
- Sobre diferencias de beneficios e cargas entre áreas de reparto: contestación tipo B  
PROPOSTA: Desestimar.

ALEGACIÓN N°: 32  
N° DE DOC.: 30033607.  
DATA: 08/05/2003.  
INTERESADO: D<sup>a</sup> CARMEN SOFIA MARTINEZ OTERO (Parcela 214)  
OBXECTO: Manifiesta disconformidade con valoración por derrubas, edificabilidades, viais, custos de urbanización e outros extremos.  
INFORME:  
1°.- Sobre valoracións: contestación tipo "C".

2°.- Sobre edificabilidade.- A edificabilidade ordenada no PERI defínese no Plan Xeral. A alegación parece confundir edificabilidade con alturas. O Plan Xeral especifica o aproveitamento tipo de cada área de reparto como coeficiente que determina igualitariamente os dereitos e beneficio dos propietarios. Polo tanto unha maior altura non significa un maior beneficio económico. A clave está no aproveitamento tipo recoñecido a cada propietario.

As alturas previstas no PERI determináronse en función das condicións do entorno, seguindo os criterios da ficha do Plan Xeral que establecen as alturas máximas e a intención de xustapoñer axeitadamente as novas edificacións coas vellas. Na memoria do PERI expóñense e xustifícanse os criterios de ordenación seguidos ata chegar a solución proposta.

3°.- Sobre rede viaria: contestación tipo "E".

4°.- Sobre zonas verdes e espacios libres: Curiosamente solicita que se lle atribúan maiores afeccións á súa área de reparto. Na memoria do PERI xustifícase axeitadamente a distribución das novas zonas verdes nese ámbito.

5°.- Gastos de urbanización e diferencias entre áreas de reparto: contestación tipo "B".

PROPOSTA: Desestimar

ALEGACIÓN N°: 33  
N° DE DOC.: 30033609.  
DATA: 08/05/2003  
INTERESADO: ASOCIACIÓN DE PROPIETARIOS E VECIÑOS DE COUTO SAN HONORATO E ALREDEDORES  
OBXECTO: Oposición ó convenio urbanístico suscrito con "Placonsa". Obxeccións similares ás da alegación núm. 22 (Asociación de veciños de San Roque).

INFORME: Remítese o sinalado a propósito da alegación núm. 22, e ás contestacións tipo "H", "B", "E" e "F".

No referente á rúa Hortelana cabe manifestar o seguinte: O criterio seguido con relación á rede viaria existente no solo urbano consolidado xeralmente dunha menor anchura, como a Rúa Hortelana, é o de propoñer un tratamento semipeonil cun tráfico restrinxido para residentes, deixando o viario de nova apertura, así como o anel principal de maior anchura no solo urbano non consolidado. Aínda así esta alegación permitiu reestudiar o viario nesta zona tanto en canto a rasantes como o necesario para darlle saída á 1ª Travesía de Couto Piñeiro e ó novo vial de acceso posterior das vivendas da Rúa Colombia. A solución que se propón (modificación non substancial) conserva a Rúa Hortelana no trazado e pendente actual, pero cun carácter restrinxido, mantendo tamén o viario de nova creación do Polígono 1.

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación en canto ó mantemento da Rúa Hortelana no seu trazado e pendente actual cun tratamento semipeonal e para tráfico restrinxido, segundo a proposta corrixida que se elabora, desestimándoa en todo o demais

ALEGACIÓN Nº: 34  
Nº DE DOC.: 30033612.  
DATA: 08/05/2003.  
INTERESADO: D<sup>a</sup> AURORA COMESAÑA RODRIGUEZ  
OBXECTO: Corrección de datos. Discrepa da valoración dos elementos indemnizables, do trazado dos viais previstos, distribución de zonas verdes, imputación de custos de urbanización, etc.

INFORME:  
1º.- A parcela de Couto de San Honorato 71, contrariamente ó que se afirma na alegación, figura no Plano parcelario como parcela nº 235, e nas fichas de edificación co mesmo número. Tamén aparece na relación de propietarios incluídos no Polígono "1" e na valoración por gastos de indemnización. Segundo datos catastrais a titular é D<sup>a</sup> Aurora Rodríguez Alonso, con domicilio na mesma finca.

Os datos que figuran na ficha son dunha superficie de parcela de 89,09 2 e unha superficie construída principal de 38,50 m2, non coincidentes cos que di a alegante. Respecto de datos de propiedade e superficie remítese á contestación tipo "A".

2º.- Sobre desconformidade co viario: contestación tipo "E".

3º.- Sobre desequilibrio de beneficios e cargas: contestación tipo "B".

PROPOSTA: Desestimar.

ALEGACIÓN Nº: 35  
Nº DE DOC.: 30033615.  
DATA: 08/05/2003.  
INTERESADO: D. JORGE RODRIGUEZ LIMA (Parcela 233 E 240)  
OBXECTO: Manifesta desconformidade con indemnizacións, reparto de edificabilidades e cargas, entre outros extremos.  
INFORME:

1º.- Sobre datos da propiedade, indemnizacións e valoracións remítese ás contestacións tipo "A" e "C". Non se presentan documentos que acrediten as superficies que se indican.

2º.- Edificación comercial e terciaria nas dúas áreas. O alegante non xustifica as hipotéticas diferencias de edificabilidade que denuncia. No cadro de características da páxina 13 da memoria xustificativa pode comprobarse que non se producen ditas diferencias nin ningún erro de cálculo. Ver contestación ó apartado 1º da alegación nº 12 , de igual contido que ésta.

3/4.- Remíteselle á contestación tipo "B" sobre beneficios e cargas nas dúas áreas de reparto, así como á modificación puntual nº 23 do PXOU (Expte: 6527/411).

5º.- Viais: contestación tipo "E".

6/7.- Gastos de Urbanización e Indemnizacións: contestación tipo "C". No referente ás beirarrúas nunha e outra Área de reparto, reitérase o afirmado respecto doutras alegacións similares: No Polígono "IV " figuran 3.280 m2 , e 17.060.420 Pts e nos outros polígonos nada, porque, polo Convenio de Pizarro obrigárase este Polígono a urbanizar a beirarrúa de Pizarro do outro lado, exterior ó ámbito. No resto dos Polígonos, e no IV tamén, na valoración dos viais novos inclúese a parte proporcional de beirarrúa.

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº: 36

Nº DE DOC.: 30033619.

DATA: 08/05/2003

INTERESADO: D<sup>a</sup> AURELIA RODRIGUEZ LIMA

OBXECTO: Manifesta disconformidade con indemnizacións, reparto de edificabilidades e cargas, entre outros extremos.

INFORME:

- Sobre diferencias en datos de propiedade e superficies: contestación tipo "A".
- Sobre diferencias entre áreas de reparto: contestación tipo "B".
- Sobre valoracións e datos do estudo económico: contestación tipo "C".
- Sobre novos viarios: contestación tipo "E".
- Sobre beirarrúas: reitérase o sinalado ó respecto a propósito da alegación nº 35 anterior.

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº: 37

Nº DE DOC.: 30033622.

DATA: 08/05/2003.

INTERESADO: D<sup>a</sup> MARGARITA CID ALVAREZ (Parcela 233 )

OBXECTO: Manifesta disconformidade con indemnizacións, reparto de edificabilidades e cargas, entre outros extremos.

INFORME:

1º.- Valoración de derribos e indemnizacións: contestación tipo "C".

2º.- Edificación comercial e terciaria nas dúas áreas de reparto: Remítese á precedente contestación á alegación núm. 12, na que se dá resposta a esta cuestión.

3/4/5/7.-Viais, aparcamentos, zonas verdes e dotacións nas dúas áreas de reparto. A delimitación de áreas de reparto non é competencia do PERI,

predeterminouse no Plan Xeral, que resulta vinculante. Remíteselle á contestación tipo "B" sobre beneficios e cargas nas dúas áreas de reparto, así como ó expediente de modificación puntual nº 23 do PXOU (Expte: 6527/411).

6º.- Actividades empresariais: Remítese ó aptdo. 4º da contestación á alegación nº 12.

8º.- Viais: contestación tipo "E".

Barreiras arquitectónicas: O PERI contén un estudo sobre supresión de barreiras arquitectónicas (aptdo. 2.7 da memoria xustificativa e art. 25 das ordenanzas) con medidas concretas tanto no solo urbano consolidado como non consolidado. O expediente conta con informe favorable da Comisión Técnica de Accesibilidade da Xunta de Galicia. Non é certo que o PERI cree ningunha nova barreira arquitectónica.

9º - 10º: Valoracións de derrubas e indemnizacións: contestación tipo "C".

11º. Tipoloxía e graos: Consolidación do edificio nº 49 de Vázquez Varela: Ver contestación ó apartado 8º da alegación nº 12.

12/13.- A categorización de solo urbano consolidado ou non consolidado non é competencia do PERI, senón do Plan Xeral vixente. Ver contestación tipo "I".

14º. Mantemento dos espazos libres: Ver contestación ó punto 11 da alegación nº 12.

15º. Alturas: Ver contestación á alegación nº 32.

16/17.- Valoración gastos de urbanización: contestacións tipo "B" e "C".

18/19.- Indicadores sociodemográficos/Oposición o PERI: Ver contestación ós puntos 15 e 16 da alegación nº 12.

20º. Carencia de accesos: contestación tipo "E".

21º. Impacto sobre o tecido social: contestación tipo "H".

22º. Sobre o Convenio con "Placonsa": Remítese á contestación á alegación nº 22 (asociación de veciños de San Roque).

PROPOSTA: Desestimar.

ALEGACIÓN Nº: 38

Nº DE DOC.: 30033628.

DATA: 08/05/2003.

INTERESADO: D. VICENTE OVEJERO VAQUEIRO (Parcela 223 )

OBXECTO: Manifesta disconformidade con Convenio Urbanístico, indemnizacións, reparto de edificabilidades e cargas, entre outros extremos.

INFORME: Remítese ó afirmado nas contestacións ás alegacións núms. 22 e 14, así como ás contestacións tipo "A", "B", "C" e "E"

PROPOSTA: Desestimar.

ALEGACIÓN Nº: 39

Nº DE DOC.: 30033696.

DATA: 08/05/2003.

INTERESADO: D<sup>a</sup> MARIA CASAL MATOS (Parcela 253 )

OBXECTO: Manifesta disconformidade con Convenio Urbanístico, indemnizacións, reparto de edificabilidades e cargas, entre outros extremos

INFORME: Remítese ó afirmado nas contestacións ás alegacións núms. 22 e 14, así como ás contestacións tipo "A", "B", "C" e "E"

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº: 40

Nº DE DOC.: 30033708.

DATA: 08/05/2003.  
INTERESADO: D. SERAFÍN FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ  
OBXECTO: Rectificación de datos de propiedade.  
INFORME: En xeral remítese á contestación tipo "A".

O alegante aporta copias de escrituras de propiedade a nome do seu pai D. Edelmiro Fernández Portabales, que parecen demostrar que a parcela nº 189 componse en realidade dúas fincas, con lindeiros coincidentes coa liña de separación do solo urbano consolidado e non consolidado. Non existe inconviñente en corrixir este dato, subdividindo a parcela "189" en dúas porcións, parcela "189-a" de 109 m2, en solo urbano non consolidado, e parcela "189-b" de 91 m2 en solo urbano consolidado, na que se sitúa a vivenda existente.

En canto á titularidade da parcela, no Catastro do IBI continúa figurando como titular D. Edelmiro Fernández Portabales. Non obstante considerarse ó alegante como interesado no expediente.

PROPOSTA: Estimar a alegación no senso de corrixir os datos da parcela 189, que pasa a forma-las parcelas "189-a" e "189-b". Considerar ó alegante como interesado no expediente.

ALEGACIÓN N°: 41  
N° DE DOC.: 30033718.  
DATA: 08/05/2003.  
INTERESADO: D<sup>a</sup> ESTRELLA SOUSA ALVAREZ (Parcela 148 )  
OBXECTO: Solicita maior edificabilidade e altura na súa parcela.  
INFORME:  
A petición de incremento de edificabilidade e altura non se xustifica en ningunha razón máis que en intereses particulares. O PERI carecede de capacidade para incrementa-lo aproveitamento urbanístico recoñecido no Plan Xeral.

En canto á titularidade da parcela comprobouse que no Catastro do IBI figuran os herdeiros de D. Laudino Sousa Alonso, polo que continuará así descrita no PERI, con independencia de que se considere á alegante como interesada no expediente e do que resulte na subseguinte fase de xestión urbanística.

PROPOSTA: Desestimar no senso exposto, considerando á alegante como interesada no expediente.

ALEGACIÓN N°: 42  
N° DE DOC.: 30033721.  
DATA: 08/05/2003  
INTERESADO: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> DEL CARMEN VAZQUEZ MIGUELEZ (Parcela 253)  
OBXECTO: Manifesta a súa desconformidade co convenio urbanístico anterior, así como delimitación de áreas de reparto e outros extremos. .  
INFORME:  
1.- Convenio con Placonsa: Remítese ás contestacións ás alegacións nº 22 e 14.  
2.- Delimitación de áreas de reparto: contestación tipo B sobre equilibrio de beneficios e cargas entre áreas de reparto.  
3.- Aparcamentos públicos e privados: Remítese á contestación á alegación núm. 22.

- 4.- Coeficientes de ponderación : Remítase á contestación á alegación nº 22.
- 5.- Barreiras Arquitectónicas: Ídem contestación a alegación nº 22.
- 6.- Diferencia datos de superficie: Reproducese a contestación tipo "A".
- 7.- Valoración indemnizaciós: Reproducese contestación tipo "C".

PROPOSTA: Desestimar.

ALEGACIÓN Nº: 43  
Nº DE DOC.: 30033723.  
DATA: 08/05/2003.  
INTERESADO: D. MANUEL LORENZO GONZALEZ (Parcela 252)  
OBXECTO: Ídem anterior.  
INFORME: Ídem anterior.  
PROPOSTA: Desestimar

ALEGACIÓN Nº: 44  
Nº DE DOC.: 30033726.  
DATA: 08/05/2003.  
INTERESADO: D. JORGE E. GARCIA LOUREIRO (Parcela 249)  
OBXECTO: Ídem anterior.  
INFORME: Idem anterior.  
PROPOSTA: Desestimar

ALEGACIÓN Nº: 45  
Nº DE DOC.: 30033727.  
DATA: 08/05/2003  
INTERESADO: D. JORGE E. GARCIA LOUREIRO (Parcela 250)  
OBXECTO: Solicita corrección de datos de titularidade e de bens na parcela 250.  
INFORME:  
1.- Comprobase que, efectivamente, na relación do Catastro do IBI, figura actualmente como propietario D. Jorge Enrique García Loureiro, e non D. Emilio Lago Martínez, como constaba anteriormente. Corrixirase este dato na relación de propietarios do PERI.  
2.- En canto a datos numéricos de superficie e valoración da edificación, remítase ás contestación tipo "A" e "C".  
3.- Dereito á vivienda: Remítase á contestación á alegación nº 22.

PROPOSTA: Estimar parcialmente, no senso de corrixir o nome do propietario da parcela nº 250 , por D. Jorge Enrique García Loureiro.

ALEGACIÓN Nº: 46  
Nº DE DOC.: 30033778.  
DATA: 08/05/2003.  
INTERESADO: D<sup>a</sup> AURORA LOBATO RODRIGUEZ (Parcela 274)  
OBXECTO: Solicita que se clasifique a súa parcela como solo urbano consolidado e que se corrixa o coeficiente de ponderación (1 a 0,7) en vez de (1 a 0,9).  
INFORME:  
1.- No referente á distinción entre solo urbano consolidado e non consolidado, remítase á contestación tipo "I". A modificación puntual núm. 23 do PXOU-93 continúa en vigor, sen que no recurso cont.-ad. 2/5428/2002 promovido pola alegante perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia se decretase a súa suspensión.

2.- No que atinxe ós hipotéticos privilexios outorgados á "parcela pizarro" (Placonsa), reitérase o sinalado a propósito da alegación núm. 22 (asociación de veciños de San Roque). Ademáis, dita parcela foi clasificada como solo urbano NON consolidado.

No PERI, e no seu anterior avance, contense na memoria informativa a descripción das instalacións urbanas existentes (aptdo. 4.7, e planos INF-11 a INF -15).

En solo urbano consolidado o art. 104 LOUGA permite realizar actuacións illadas, e unidades de normalización de predios, sobre solares que non precisen de cesión, equidistribución e urbanización integral (art. 122 LOUGA). O mantemento do caserío interior do barrio de Ribadavia impónse no Plan Xeral na ficha de características deste ámbito.

3.- Sobre cumprimento do disposto na Lei 8/97 de supresión de barreiras arquitectónicas, reproducése o afirmado no apdo. "2.7" da memoria xustificativa, e no apartado 4º da contestación á alegación nº 22, constando no expte. o informe favorable da Comisión Técnica de accesibilidade.

4.- En canto ós aproveitamentos e usos cos que se redacta o PERI son os predeterminados polo Plan Xeral. Axustalos ós novos límites (por outra parte máximos e non obrigatorios) dos artigos 46 e 47 LOUGA requiriría da previa modificación puntual do Plan Xeral. Sobre os coeficientes de ponderación utilizados: Ver contestación á alegación nº 22.

5.- Sobre datos de propiedade e superficie remitímonos á contestación tipo "A". Na subseguente fase de xestión urbanística comprobaranse e acreditaranse polo miúdo.

6.- Sobre a xustificación da calificación como equipamento da finca de referencia, infórmase que dita concreta zona, que por certo na súa maior parte pertence ó Concello, ten unha magnífica localización para un uso sanitario que, en conexión co Hospital Xeral, e para o servizo colectivo, de satisfacción a unha necesidade de interese xeral.

7.- Non é certo, como se indica na alegación, que o acceso á zona verde do Polígono "4" se realice por solos exteriores a este polígono. O convenio, no seu punto 5 inclúe a obriga dun mínimo de tres conexións coa Rúa Pizarro.

8.- En canto ás valoracións do expediente: contestación tipo "C".

9.- Dereitos de realoxo e vivenda: contestación tipo "F".

A materialización efectiva dos dereitos de realoxo concretarase na execución do planeamento. O aproveitamento adxudicado 'ex lege' ó Concello (10% do polígono) pode adicarse á indemnizacións por realoxo.

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº: 47  
Nº DE DOC.: 30033781.

DATA: 08/05/2003.  
INTERESADO: D. JOAQUIN VIÑAS RICO, D. ALFONSO GALLEGO DÍEZ e D. ALBERTO MARTÍN BARCIA (Parcelas 47, 51 e 53)  
OBXECTO: Ídem anterior (distinción entre solo urbano consolidado e non consolidado) e outros extremos.

INFORME:

1.- Reiteración de suxerencia ó avance de planeamento e alegación á modificación puntual.- A suxerencia foi contestada na memoria informativa do PERI, páxina 40. A alegación á modificación puntual xa foi contestada como alegación nº 3 do expediente 6527/411, e estimada parcialmente, no senso de incrementar o aproveitamento da área de reparto 1, de excluír a parcela de Vázquez varela nº 49, e ter en conta a ordenación proposta para estudo.

2.- No referente á distinción entre solo urbano consolidado e non consolidado, remítese á contestación tipo "I". A modificación puntual núm. 23 do PXOU-93 continúa en vigor, sen que no recurso cont.-ad. 2/5427/2002 promovido polos alegantes perante o Tribunal Superiori de Xustiza de Galicia se decretase a súa suspensión.

3.- As denominacións 3.1.A, 3.1.B., 3.1.A., 3.2., 3.3. non corresponden con bloques independentes, como parece entender o alegante, senón con zonas de ordenanza. A división en parcelas independentes ou bloques poderase efectuar no proxecto de compensación. Así, en canto ós garaxes, resultaría posible no seu caso e con certos condicionantes que se ocupase toda a zona de ordenanza cun único garaxe mancomunado, ou ben se subdividise en porcións independentes. Non obstante, e para mellorar a distribución dos aparcamentos en sotos baixo os sólidos posibles nas zonas "3.1.A" e "3.1.B" non hai inconveniente (ó igual que se propón na zona de Ordenanza P) en incrementar a superficie ocupable baixo rasante a 15 metros, debendo quedar os tres metros de diferenza entre a cuxía edificable sobre rasante e a ocupable baixo rasante como espazo libre de cesión de superficie.

4.- Non é certo que o bloque "3.1.B" se asente sobre unha rasante ficticia. O PERI define claramente a rasante sobre a que se localiza a edificación, escalonada dende Vázquez Varela, cun primeiro sólido na rasante desta rúa, e outro, máis interior, na rasante da vía peonil e de tráfico restrinxido con posible acceso dende o vial posterior (Vial 9). A diferenza de rasante entre unha e outra zona ven sendo duns 5 metros, salvados en escaleiras desde Vázquez Varela, e logo cunha vía peonil e restrinxida dun 12% de pendente. A solución volumétrica non esixe (contrariamente ó que afirma o alegante) de ningunha obra especial xa que, en todo caso, cun desmorte de 5 metros podería accederse desde a rasante Vázquez Varela, a nivel de segundo soto da edificación posterior 3.1.B.

5.- No referente á forma volumétrica dos bloques "3.1.A", "3.2", e "3.3", a xuízo dos servizos técnicos municipais establécese unha ordenación correcta, que enlaza perfectamente a nova edificación coa existente en Vázquez Varela 49. Polo contrario, a ordenación que no seu momento presentou o alegante como suxerencia ó avance foi analizada (ver pág. 40 da memoria informativa) concluíndose que non se axustaría ó corpo baixo que serve de zócalo á edificación que ten 1 e 2 plantas, e non 3 como se debuxaba na proposta. Ademais, medida a edificabilidade de dita proposta excedía, con moito, da máximo posible segundo o Plan Xeral. Rexéitase,



polo tanto, os argumentos de que se trate dun caso de "fantasía" ou "capricho" dos ideadores do planeamento, como afirma o alegante.

6.- Os demais extremos desta alegación respóndense no informe á anterior (Aurora Lobato), ó que se remite. O convenio urbanístico de referencia, no seu punto 5 inclúe a obriga de abrir un mínimo de tres conexións coa Rúa Pizarro, e por dita parcela proxéctanse, na ordenación detallada, tres escaleiras (dúas laterais e unha central) entre os sólidos propostos, ademais dunha subida peonal, en rampla, polo que a ordenación cumpre o Convenio. Non é exacto o que se di na alegación de que o acceso cara a á ZV se proxecte polo Polígono 3. Os accesos proxectados polo Polígono 3 non teñen nada que ver co Convenio, e trátanse de conexións da ordenación co resto do ámbito, para mellorar a vialidade e a accesibilidade peonil transversal desde Vázquez Varela.

O vial peonil proposto no Polígono 3, xunto coa zona verde enténdese necesario para mellorar a vialidade e para proceder á urbanización integral do Polígono.

En canto á delimitación de polígonos: ver contestación tipo "A", e ademais engadir que na delimitación do Polígono nº 3 tívose en conta a suxerencia presentada polo alegante na fase de avance de Planeamento, na que se propuña unha actuación nese ámbito, que, lóxicamente polas dimensións das parcelas, comprendía máis dunha propiedade.

En canto ás valoracións do expediente: contestación tipo "C".  
Dereitos de realoxo e vivenda: contestación tipo "F".

As cesións que se deben efectuar no Polígono 3 aparecen claramente especificadas e cuantificadas no expediente, tendo en conta o disposto no artigo 20 da LOUGA sobre os deberes dos propietarios de solo urbano non consolidado.

A exclusión do edificio de Vázquez Varela nº 49 do solo urbano non consolidado, aparece xustificada no expediente 6527/411 de modificación puntual nº 23 do PXOU, non sendo obxecto deste expediente.

A inclusión, no polígono 3 de parte de parcelas 147 e 265 obedece a razóns técnicas de ordenación, de tal maneira que o Polígono comprenda unha zona completa.

En canto ó presunto agravio comparativo ó que os alegantes aluden en relación con PLACONSA debe informarse que a "finca Pizarro" tamén está considerada polo Plan Xeral como solo urbano non consolidado.

PROPOSTA: Desestimar a alegación, nos termos expostos.

ALEGACIÓN Nº: 48

Nº DE DOC.: 30033784.

DATA: 08/05/2003

INTERESADO: D. AMANDO MOSQUERA MEIRIÑO (Parcelas 108)

OBXECTO: Ídem alegación 44.

INFORME:

Alegación exactamente igual que a nº 44. Remítese ó informe a aquela alegación

PROPOSTA: Desestimar.

ALEGACIÓN Nº: 49.  
Nº DE DOC.: 30033306.  
DATA: 07/05/2003  
INTERESADO: D<sup>a</sup> CARMEN GARCIA MARNOTES (Parcelas 191 e 263)  
OBJECTO: Solicita corrección de datos.  
INFORME: No Catastro do IBI comprobouse que a parcela nº 191 continúa figurando a nome dos Herdeiros de D. José García Bernardez, polo que así constará no PERI. De tódolos xeitos tomarase nota dos nomes e domicilios das herdeiras que se citan na alegación, a efectos de ser consideradas interesadas no expediente e nas próximas fases de execución do planeamento.

En canto á delimitación da parcela, comprobados os planos parcelarios catastrais procede a corrección que se propón na alegación.

Polo demais, remítese ó afirmado ó respecto na contestación tipo "A".

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación, no senso de tomar nota dos nomes das posibles titulares da parcela nº 191 , e corrixir a delimitación das parcelas 191 e 263 do plano parcelario.

ALEGACIÓN Nº: 50  
Nº DE DOC.: 30033831.  
DATA: 09/05/2003.  
INTERESADO: D<sup>a</sup> DOLORES VÁZQUEZ RODRÍGUEZ e outras (parcela 264)  
OBJECTO: Manifiesta disconformidade cos aproveitamentos e cargas urbanísticas das áreas de reparto, entroutros extremos.  
INFORME: Reproducese o afirmado respecto da alegación nº 12, e nos informes tipo ás alegacións.  
PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº: 51 e 52.  
Nº DE DOC.: 30033951 e 30033954.  
DATA: 9/05/2003.  
INTERESADO: D<sup>a</sup> MARIA BLANCO ALVAREZ (parcela 210)  
OBJECTO: Solicita corrección de posibles erros de titularidade e superficies.  
INFORME: Contestación tipo "A" sobre diferencias en datos de titularidade e superficies. A alegante non acredita a propiedade que manifesta e , malia que é certo que o vial non figura no Inventario Municipal de viais tamén é certo que existen indicios (p.ex. numeración de rúa) que acreditan a súa titularidade pública. Polo tanto, na fase de execución do planeamento comprobarase a propiedade dese vial existente, e, no caso de ser de titularidade privada incorporarase á parcela (ou parcelas) que demostre/n a propiedade sobre o mesmo.  
PROPOSTA: Estimar parcialmente no senso de tomar coñecemento da dúbida sobre a propiedade dese vial, que se resolverá concluíntemente na fase de xestión.

ALEGACIÓN Nº: 53  
Nº DE DOC.: 30033959.

DATA: 09/05/2003.  
INTERESADO: D<sup>a</sup> JOSEFINA BARRUECO VENTOSO  
OBXECTO: Solicita se modifiquen a posición da escaleira e o número de alturas edificables.

INFORME:  
A parcela que o alegante describe como propia non se corresponde co plano parcelario catastral.

En todo caso, a diferenza de cotas, remate do fronte e necesidades de desenvolvemento das escaleiras para mellorar as condicións de accesibilidade recomentan manter o trazado das escaleiras conforme se propoñen no PERI.

Non debe esquecerse que esta parcela atópase en solo urbano consolidado como un pequeno solar do Barrio de Ribadavia, na zona a conservar segundo o Plan Xeral. A comparación que efectúa a alegante co solo urbano non consolidado en canto a alturas non se xustifica, tratándose de dúas unidades urbanas distintas. Entre outras cousas o aproveitamento que este propietario de solo urbano consolidado terá segundo a proposta será próximo ós 3 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, sen ter que contribuír a gastos de urbanización, mentres que no solo urbano non consolidado (Polígono "4") o aproveitamento susceptible de apropiación polo propietario será de 90% x 1,3399 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> = 1,20 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, e tendo que urbanizar, polo que non se pode argumentar ningún trato prexudicial.

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN N<sup>o</sup>: 54  
N<sup>o</sup> DE DOC.: 30033963.  
INTERESADO: D. ARTURO RIVAS MARTINEZ (Parcela 204)  
OBXECTO: Solicita corrección de datos. Diferencias entre áreas de reparto.

INFORME:  
1.- Tal e como manifesta o alegante, a parcela n<sup>o</sup> 204 (ó igual que a 205), incluída nos planos en solo urbano non consolidado, e nos polígonos 1 e 2, deberá figurar correctamente nos listados de propiedades incluídas nestes polígonos, que se corrixirán.  
2.- En canto a diferenzas en medicións de superficies: Contestación tipo "A".  
3.- En canto á diferenza de cargas e beneficios entre as áreas de reparto: Ver contestación tipo "B". Sobre aumento de edificabilidade residencial de Pizarro o alegante non aclara ese aumento respecto a qué se refire.  
4<sup>o</sup>.- En canto á rede viaria: ver contestación tipo "E".

PROPOSTA: Estimar parcialmente no senso de corrixir os listados de parcelas incluídos nos Polígonos 1 e 2, as parcelas 204 e 205.

ALEGACIÓN N<sup>o</sup>: 55  
N<sup>o</sup> DE DOC.: 30033967  
DATA: 09/05/2003.  
INTERESADO: D<sup>a</sup> CONCEPCIÓN ESTÉVEZ ALEJOS (Parcela 109)  
OBXECTO: Ídem alegación núm. 42.  
INFORME: Reprodúcese o afirmado sobre a alegación núm. 42 anterior.  
PROPOSTA: Desestimar

ALEGACIÓN N<sup>o</sup>: 56

Nº DE DOC.: 30033968  
DATA: 09/05/2003.  
INTERESADO: D. FERNANDO QUINTELA PEREZ (Parcela 87)  
OBXECTO: Alegacións relativas á condicións de edificación, prazo, superficie, aproveitamento no subsolo proposto na parcela 87, desnivel entre rúa Colombia e finca, vós do edificio, alturas de sete plantas. Prolongación da rúa Hortelana.

INFORME:

1.- Este terreo vacante, o de maior dimensión situado en solo urbano consolidado, é unha peza clave para a solución da ordenación e dos accesos desde a Rúa Colombia. A apertura dunha nova conexión en escaleiras, e o tapado das medianeiras das vivendas sociais da Rúa Colombia son actuacións que se entenden prioritarias para a intervención no solo urbano consolidado. O establecemento de prazos de edificación é unha cuestión contemplada na lexislación, tanto para os plans xerais (art. 54.i, LOUGA) como nos plans parciais e especiais (art. 63.j. LOUGA).

2.- Os propietarios de solo urbano consolidado deben completar á súa costa a urbanización necesaria para que alcancen, se aínda non a tivesen, a condición de soar. Para tal efecto han de custear os gastos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e regulariza-las vías públicas, executar as obras necesarias para conectar coas redes de servizos e viaría en funcionamento e cederlle gratuitamente ó municipio os terreos destinados a vias fóra das aliñacións establecidas no planeamento (art. 19 a) da LOUGA.

3.- En canto a diferenza de medicións e superficies ver contestación tipo "A" (no caso do solo urbano consolidado non ten especial incidencia xa que non existe aproveitamento tipo senón condicións de edificación segundo Ordenanza).

4.- En canto ó uso do subsolo indicar que toda a parte do terreo situado fóra das aliñacións será de cesión completa ó Concello, poidendo ocuparse no subsolo a ocupación interior ás aliñacións.

5.- O PERI define claramente o sólido capaz e a ordenanza de aplicación (art. 18: Ordenanza NC). Os vós permítense nas condicións xerais do PXOU-93. O artigo 18.4 da Ordenanza particular establece a posibilidade de redacción dun estudo de detalle para axustar ou completar aliñacións e rasantes. O Plano PR-06 contén, na sección D-D' a definición , en sección do sólido á que se refire esta alegación.

6.- A alegante pretende unha maior altura para o sólido que lle corresponde na súa parcela, cando pode comprobarse que se axusta plenamente á edificación colindante das vivendas sociais da Rúa Colombia, á que é medianeira.

7.- A altura de catro plantas á Rúa Colombia é a axustada á altura por ancho de rúa da Ordenanza 1.1.B. do Plan Xeral, tipoloxía recomendada polo Plan Xeral, xunto coa 1.3.) no solo urbano consolidado. Os edificios do outro lado da Rúa Colombia, de sete plantas, superan a altura por ancho de rúa permitida pola Ordenanza de aplicación, polo que non se deben tomar como referencia.

8/9.- A alegación referente á rasante da rúa Hortelana pode estimarse. Elo obrigará a corrixir a posición das escaleiras de acceso dende Colombia, para conseguir unha mellor accesibilidade á parte posterior do sólido. Sen embargo manterase a condición de peonil e restrinxido proposto no PERI, para evitar unha duplicidade de viario.

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación, no senso de manter a rasante da actual Rúa Hortelana, permitindo o acceso posterior ó sólido, a través dun espazo peonal e de acceso restrinxido para residentes. Desestimar a alegación nos demais aspectos.

ALEGACIÓN Nº: 57

Nº DE DOC.: 30033974

DATA: 09/05/2003.

INTERESADO: D<sup>a</sup> ROSA PÉREZ RIAL (Parcela 121)

OBXECTO: Disconformidade con delimitación de polígonos e reparto de cargas entre áreas de reparto.

INFORME:

1.- En canto á división en polígonos, ver a contestación tipo "D". A delimitación de polígonos colindantes polo eixe dunha futura rúa, impediría a urbanización unitaria e completa desta. Motivo que aconsella a súa inclusión nun único polígono.

2.- En canto á rúa Hortelana, ver a contestación ós puntos 8 e 9 da alegación anterior nº 56, estimada parcialmente neste aspecto.

3.- Sobre desigualdades entre áreas de reparto: Ver contestación tipo "B", e apartado 3º da alegación 22.

4.- Sobre propostas de novo viario: Ver contestación tipo "E".

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación, no senso de manter a rasante da actual Rúa Hortelana, permitindo o acceso posterior ó sólido, a través dun espazo peonal e de acceso restrinxido para residentes. Desestimar a alegación nos demais aspectos.

ALEGACIÓN Nº: 58

Nº DE DOC.: 30033978

DATA: 09/05/2003.

INTERESADO: D. FERNANDO QUINTELA PÉREZ (Parcela 124)

OBXECTO: Solicita rectificación de datos de propiedade, valoracións, delimitación de polígonos, etc.

INFORME:

1º.- Sobre datos de propiedade e superficie: ver contestación tipo "A". Sobre cálculo de valoracións e indemnizacións: contestación tipo "C".

2º.- Sobre delimitación de polígonos: ver contestación tipo "D", e contestación ó apartado 1 da alegación 57 anterior.

3º.- En canto á rúa Hortelana, ver a contestación ós puntos 8 e 9 da alegación anterior nº 56, estimada parcialmente neste aspecto

4º.- Sobre diferencias en superficies no Polígono IV: Ver contestación ó apartado 1º,2º,3º da alegación nº 22: Os propietarios do Polígono IV teñen a obriga, por Convenio , de reurbanizar a rúa Pizarro e a beirarrúa do outro lado. Esas superficies, exteriores ó ámbito do Polígono tiveronse en conta á hora de valorar os gastos de urbanización do Polígono.

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación, no senso de manter a rasante da actual Rúa Hortelana, permitindo o acceso posterior ó sólido, a través dun espazo peonal e de acceso restrinxido para residentes. Desestimar a alegación nos demais aspectos.

ALEGACIÓN Nº: 59

Nº DE DOC.: 30033980

DATA: 09/05/2003.

INTERESADO: D. FERNANDO QUINTELA PÉREZ (Parcelas 99, 106 e 125)

OBXECTO: Discute a titularidade da Travesía de Couto Piñeiro, así como datos de superficie e outros extremos.

INFORME:

1º.- Sobre a presunta propiedade, ou dereitos sobre a rúa Travesía de Couto Piñeiro, o alegante non aporta datos concluíntes. Incluso presenta unha reclamación por incorrecta aplicación do imposto sobre ditos terreos, cando xa tiñan sido expropiados anteriormente. En todo caso claréxarase esta cuestión dun xeito concluínte na subseguinte fase de execución do planeamento.

2º.- Sobre superficies e titularidades, ver contestación tipo "A".

3/5.-En canto a valoracións, ver contestación tipo "C".

4º.- Sobre delimitación de polígono ver contestación tipo "D" e apartado 1 da contestación á alegación nº 57.

6º.- O incremento de edificabilidade residencial a 1,5 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> polos estándares da nova Lei do solo non podería ser acordado polo PERI, que por xerarquía normativa debe de limitarse ó determinado polo Plan Xeral. Non obstante os novos estándares son límites máximos, que non obrigatorios. Só a modificación puntual do Plan Xeral á nova LOUGA permitiría incrementa-la edificabilidade residencial, co simultáneo cumprimento dos novos estándares de zonas verdes e espazos libres regulados no artigo 47 LOUGA, cun incremento de dotacións proporcional ó incremento de intensidade de uso que se operase.

7º.- Sobre equilibrado de beneficios e cargas de áreas de reparto: Ver Contestación tipo "B". No PEPRI non hai un incremento substancial de superficies viarias con relación ó avance.

8º.- O trazado e rasante do vial da rúa Hortelana vaise corrixir en atención a varias alegacións, algunha deste mesmo alegante. Incluír dentro do polígono o espazo libre xunto o edificio previsto na parcela 47 sería tanto como considerar dita parcela como solo urbano non consolidado, o que contradiría unha determinación do Plan Xeral, e sería prexudicial para o mesmo alegante, en canto á redución do aproveitamento apropiable, obriga de cesións de aproveitamento e contribución en gastos de urbanización do polígono.

9º.- A corrección da rúa Hortelana para dar acceso posterior ó sólido da parcela 47 parece xustificada e acéptase nas condicións que se propoñen na proposta modificada do equipo redactor.

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación, no senso de manter a rasante da actual Rúa Hortelana, permitindo o acceso posterior ó sólido, a través dun espazo peonal e de acceso restrinxido para residentes. Desestimar a alegación nos demais aspectos.

ALEGACIÓN Nº: 60

Nº DE DOC.: 30034008

DATA: 09/05/2003.

INTERESADO: D. JORGE CARLOS SILVA GARCÍA -COMUNIDADE HEREDITARIA DE D. BERNARDO GARCÍA GÓMEZ - (Parcela 10)

OBXECTO: En primeiro lugar manifesta que se lle debeu notificar o trámite de información pública trala aprobación inicial a tódolos coheredeiros da parcela núm. 10. En segundo, sinala a súa disconformidade coa calificación da finca en cuestión (centro social). Subidiariamente, que se lle abone o valor real de mercado do ben que será obxecto de expropiación.

INFORME:

1ª.- Intentouse a notificación do acordo de aprobación inicial a todos os propietarios do ámbito do PERI segundo os datos de propiedade e domicilio que constan no Catastro do Imposto de bens inmobles. No caso da parcela nº 10 á vista desta alegación, practicáronse posteriormente notificacións individualizadas ós supostos membros da comunidade hereditaria.

Por outra banda, o alegante, que non acredita a súa suposta propiedade, non padeceu indefensión, por canto puido alegar -e así o fixo- durante o devandito período de información pública. En canto á diferencias con datos de propiedade e superficie: Ver contestación tipo "A".

2ª- A pormenorización de usos (incluso dotacionais), é unha competencia do planeamento propia do PERI. O PERI xustifica a decisión de cualificar para uso dotacional de centro social e veciñal no seu aptdo. "1" de obxectivos e no "2.5" de equipamentos , en base ás necesidades de servizo público (comunidade de base de benestar social, club xuvenil, fogar da terceira idade, etc.), e nas condicións do edificio ,que en deficiente estado de conservación, se considera idóneo para ese tipo de uso.

3º.- En canto á valoración do inmovible deberá concretarse no expediente separado de expropiación que se instruírá, de acordo co disposto na Lei de expropiación forzosa e na Lei 6/1998, do 13 de abril (LRSV). A valoración, e datos que figuran no PERI é unha primeira estimación aproximada: Ver Contestación tipo "A". Como se indica no apartado "A.2" do estudo económico-financieiro a valoración que debe figurar nestas actuacións illadas en solo urbano non se corresponde unicamente co valor de reposición depreciado pola idade e estado de conservación, como é o caso da indemnización por derrubas en solo urbano non consolidado, senón tamén o valor do solo obtido segundo o determinado no artigo 29 LRSV (como a media ponderada dos aproveitamentos referidos ó uso predominante no polígono fiscal). Non obstante insístese no carácter estimativo das valoracións efectuadas nesta fase e na posibilidade de discusión de prezo xusto no subseguinte procedemento expropiatorio.

O pagamento do prezo xusto expropiatorio pode adoptar calquera das formas previstas no artigo 142 da LOUGA, ben en metálico ou mediante acordo co expropiado, en especie asignándolle aproveitamento lucrativo de titularidade municipal.

Non é posible incluír ese terreo nun Polígono do PERI, ó ter sido cualificado como solo urbano consolidado polo Plan Xeral, vinculante a estes efectos.

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº: 61

Nº DE DOC.: 30034283.

DATA: 12/05/2003.

INTERESADO: D. ODILO ESPIÑEIRO FIGUEIREDO (Parcela 263)

OBXECTO: Corrección de erros datos da finca 263.

INFORME: Esta alegación, xunto coa núm. 49, demostra o erro padecido na configuración da finca "263", que no plano parcelario ten unha dimensión superior á real, xa que se superpón sobre a parcela "191". Como

queira que ambos propietarios detectaron o erro, e foi corroborado, non hai inconveniente en corrixir o plano e a superficie das fincas.

Non obstante, debe engadirse que a parcela que figura como propiedade de D. Odilo Espiñeira Fernández é a 263 e non a 261 como di o alegante, o que sucede é que debe corrixirse a dimensión e límites de dita parcela 263.

PROPOSTA: Estimar a alegación, en canto a corrixir a delimitación e datos da parcela 263 (e a 191), considerando a D. Odilo Espiñeira Figueiredo como interesado no expediente.

ALEGACIÓN Nº: 62  
Nº DE DOC.: 30034783  
DATA: 13/05/2003.  
INTERESADO: D<sup>a</sup> GEMA MARIÑAS ROBLEDA (Parcela 241)  
OBXECTO: Discrepa da delimitación de polígonos e do incremento de edificabilidade comercial e terciaria.

INFORME:

- 1.- A modificación puntual nº 23 do PXOU correspóndese co expediente 6527/411 aprobado definitivamente no 29 de xullo de 2002. Non se modificou o ámbito, nin a distinción entre solo urbano consolidado e non consolidado determinada naquel procedemento.
- 2.- Sobre a delimitación de polígonos: Ver contestación tipo "D". A determinación de usos globais (residencial, comercial e terciario) e intensidades dos mesmos, está predeterminada no Plan Xeral.
- 3.- En canto a desigualdades en beneficios e cargas entre áreas de reparto: Ver contestacións tipo, e a referida a alegación núm. 22.

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN Nº: 63  
Nº DE DOC.: 30034785  
DATA: 13/05/2003.  
INTERESADO: D<sup>a</sup> FLORA GARCÍA MARNOTES (Parcela 191,193 e 263)  
OBXECTO: Modificación de datos. Calificación de solo urbano consolidado. Modificación da delimitación de polígonos.

INFORME:

- 1.- Reproducción das suxerencias ó avance do PERI.- Contestouse como suxerencia nº 36 (ver páx. 46 da memoria informativa do PERI).
- 2.- En canto á parcela "191", xa na contestación á alegación nº 49, a 61 e nesta alegación, debe recoñecerse o erro padecido na delimitación entre as parcelas 191 e 263, e, xa que logo corrixilo. Todo isto con independencia do informado con carácter xeral na contestación tipo "A".
- 3.- Clasificación e calificación.- Como xa se informou na alegación nº 49, a parcela 191 divídese en dúas porcións, unha delas en solo urbano consolidado ocupada por unha edificación, e outra posterior baleira que está en solo urbano non consolidado. En realidade foron dúas parcelas independentes da mesma propiedade. Ademais a consideración de solo urbano consolidado e non consolidado non é o obxecto deste expediente senón que xa está predeterminado polo Plan Xeral., e o PERI non ten capacidade de modificalo.
- 4.- Sobre a división poligonal: Ver contestación tipo "D". A proposta de división do polígono 1 en dous máis pequenos foi estudada polos técnicos



redactores chegando á conclusión de que non é recomendable por razóns de ordenación (habería que fraccionar o aparcamento no subsolo baixo a zona verde) e ademais a proposta concreta deixaría unha parte con case tódolos gastos de urbanización por indemnizacións de edificacións a demoler, mentres que a outra parte tería moitos menos con maioría de terreos vacantes.

PROPOSTA: Estimar parcialmente no senso de corrixir a delimitación e datos da parcela nº 191 (e a 263), desestimándoa no resto.

ALEGACIÓN Nº: 64  
Nº DE DOC.: 30036004  
DATA: 07/05/2003.  
INTERESADO: Dª CARMEN ALÉN PAZÓ e Dª JOSEFA VILLAR PAZÓ (Parcela 112 e 111)  
OBJECTO: Ídem alegación núm. 42. Manifesta que xa cederon terreos para a execución da rúa Ribadavia, .

INFORME:

- 1.- Reprodúcese o sinalado respecto das alegacións núms. 42, 12 e 22, así como nas contestacións tipo.
- 2.- Existencia de documentos de 1950 sobre a cesión de terreos para apertura de rúa do Barrio de Ribadavia, e un suposto recoñecemento de valor. A alegante se limita a citar dito documentos sen aportalo, polo que non se pode comprobar a súa validez. En todo caso, trátase de algo comprobable na fase de xestión , en expediente aparte, que podería dar lugar no seu caso a algún dereito de indemnización.
- 3.- En canto a diferencias de superficie e datos de propiedade remitímonos ó dito na contestación tipo "A".
- 4.- En canto ás valoracións que figuran no expediente: contestación tipo "C".

Sobre a petición principal de que os seus terreos sexan considerados solo urbano consolidado, ademais de todo o xa informado, reiterar que a determinación de solo urbano consolidado ou non consolidado non é competencia dun PERI, senón do Plan Xeral , que o ten xa determinado previamente. Polo tanto a alegación non podería atenderse neste expediente.

PROPOSTA: Desestimar.

ALEGACIÓN Nº: 65  
Nº DE DOC.: 30036004  
DATA: 24/09/2003.  
INTERESADO: ASOCIACIÓN DE PROPIETARIOS E VECIÑOS DE COUTO DE SAN HONORATO E ARREDEDORES.  
OBJECTO: Presentan unha nova proposta de ordenación.

INFORME:

Con independencia de que esta alegación podería ser inadmitida por extemporánea, respóndese pormenorizadamente na contestación tipo "G", á que se remite. Por outra banda, a modificación da ordenación no senso proposto pola alegante requiriría a apertura dun novo período de información pública, polo seu carácter substancial.

PROPOSTA: Desestimar.

IV. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Este procedemento tramitouse segundo o disposto no art. 86 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

Os estándares de edificabilidade, densidade, cesións, etc. previstos neste Plan Especial, axústanse ós establecidos no Plan Xeral vixente (PXOU-93) resultante da modificación puntual núm. 23 antes citada, que prevalecen sobre os regulados na nova LOUGA, consonte co preceptuado na súa Disp. Trans. Primeira.1.c).

Os fins e documentación do Plan Especial cumpren tanto o disposto no art. 70 LOUGA como na anterior lexislación.

A delimitación dos ámbitos de solo urbano consolidado e non consolidado, efectuada xa na anterior modificación puntual núm. 23 do PXOU-93, axústase tamén ó preceptuado no Art. 12 da nova LOUG.

No que se refire ó solo urbano non consolidado, os tres polígonos delimitados na área de reparto "1" ("P1", "P2" e "P3") executaranse polo sistema de compensación, regulado nos Arts. 154 e ss. LOUGA. O polígono restante "P4", na área de reparto "2" desenvolverase polo sistema de concerto (arts. 150 e ss. LOUG).

Neses polígonos resultará preceptiva a constitución de entidades urbanísticas de conservación sobre as novas zonas verdes urbanizadas, consonte esixe o Apto. 3.2.3.5.b. 'in fine') PXOU-93, en consonancia cos Arts. 68 e 25.3 RD 3288/1978, do 25 de agosto, aprobatorio do Regulamento de xestión urbanística (RXU),

No solo urbano consolidado prevense algunhas operacións de reorganización da propiedade, que se tramitarán polo procedemento de "normalización de fincas" regulado no art. 122 LOUGA.

É competente para acorda-la aprobación definitiva deste Plan Especial o Pleno do Concello, por maioría simple de votos, consonte dispoñe o art. 123.1.i) Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local (LBRL), modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro."

Polo anteriormente exposto os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 13 de maio de 2004, propón a aprobación da devandita proposta.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: O meu Grupo municipal, xa no mandato pasado cando se tramitaba este tema, estaba claramente en contra e fixemos un recurso de reposición que presentamos perante o Pleno, recurso que falaba concretamente das irregularidades legais que hai neste asunto.

Por todo o antedito e sen máis, eu pediríalles a vostedes que se queren actuar consonte a dereito voten en contra, dende logo nós imos votar en contra.

SR. RUIZ CENICEROS: En relación con este Plan Especial cuxa tramitación se iniciou no mandato pasado queremos comunicar que o Grupo municipal socialista está de acordo en que esta zona precisa dun desenvolvemento integral, que efectivamente os veciños de Pizarro están esixindo que se adecente a parcela e para iso dende logo é necesaria a aprobación deste Plan Especial.

Como xa dixemos no Consello da Xerencia, independentemente desas circunstancias que son certas, tamén o son outras coma as dúbidas razoables sobre a conveniencia ou a corrección da totalidade das propostas que se conteñen neste Plan Especial que en realidade son as que supuxeron a lentitude ou a demora na súa aprobación. Entre elas, e para que non se esqueza, comentar tamén que, igual que os veciños de Pizarro están polo labor da súa aprobación, todos ou a grande maioría dos veciños da rúa Ribadavia e da rúa Couto de San Honorato están totalmente en contra das determinacións que a eles lles afectan que son distintas ás da parcela de Pizarro.

Comentar tamén que a ordenación que se propoñe no interior, no barrio de Ribadavia, que consiste nun vial que fai un circuíto interior, case en fondo de saco, non semella a máis axeitada, nin tampouco a ordenación dos volumes por canto supoñen unha sobreedificación, sería quizais recomendable unha redución da edificabilidade que se prevé nesa zona.

Tampouco os bloques de 13 andares que se prevén na parcela de Pizarro semellan os máis convenientes por canto a ordenación que hai enfronte non coincide exactamente con ese modelo de cidade e o reparto de cargas e beneficios que se distribue proporcionalmente entre a parcela de Pizarro e os veciños do barrio de Ribadavia e da rúa Couto de San Honorato non semella totalmente equilibrado.

Xa para remate das dúbidas que presenta este Plan Especial está o feito de que no propio informe que deu o Xerente no Consello da Xerencia comunicouse que a ordenación da área interior deste Plan Especial é provisional por canto no Plan Xeral que nós estamos tramitando agora mesmo se prevé unha modificación de usos, unha redistribución de usos terciarios e comerciais e

mesmo se lles formulou ós veciños unha redistribución dos volumes en maior altura.

Todas esas circunstancias fannos dubidar da conveniencia. Dende logo estamos de acordo en que non se debe paralizar esta actuación, pero o contido das determinacións non é do máis correcto. Por todo iso anunciamos a nosa abstención.

SR. TOBA GIRÓN: O noso Grupo manifesta xa para empezar e en primeiro lugar o seu apoio á aprobación do Plan Especial do PERI San Roque A.

Efectivamente a xestión do planeamento do PERI iniciouse no mandato pasado baixo unha perspectiva que seguramente algúns de vostedes lembran que era aquel documento que aprobamos por unanimidade en outubro do ano 99 polo que se decidía por parte do Consello da Xerencia a posta en marcha de determinadas figuras urbanísticas no conxunto da cidade de Vigo e no marco do Plan Xeral do 93 actualmente vixente.

En concreto para esta zona había tres actuacións que algún de vostedes lembrará pero que se apoiaban fundamentalmente neste Plan Especial, no Plan Especial Baixada a San Roque que tamén ven aquí, e nunha terceira peza que por sorte xa está resolta pero que non o estaba no ano 99 que era o reacondicionamento do Pazo de San Roque por parte de Caixanova.

Unha vez acontecido este reacondicionamento que francamente colma, penso eu, as expectativas que a cidade tiña para o Pazo de San Roque, quedan por mover estes dous Plan Especiais que efectivamente se iniciou a súa redacción no mandato pasado e que agora debemos rematar.

En primeiro lugar teño que dicir que apoiamos este PERI porque non se trata do PERI da parcela de Pizarro como xa dixemos moitas veces en moitas ocasións. Efectivamente na adaptación á LASGA do Plan Xeral do ano 88 suscitábase a creación dunha Unidade de Actuación no que coñecemos coma parcela de Pizarro cunha edificabilidade de corenta e pico mil metros cadrados, aproximadamente. Pero ese asunto foi xa corrixido, non tanto no Plan Xeral do 93, como precisamente con aquel convenio que se aprobou no inicio do mandato pasado que estipulaba que se trataba de redactar o planeamento non de 17.000 m2, senón de 90.000 m2 incluíndo a totalidade do ámbito.

Coidamos ademais que a redacción do planeamento, que foi sometida a fase de avance, fase que non é preceptiva pero que, como vostedes lembrarán, foi un acordo que adoptamos ó principio da Corporación pasada que dicía que todos

os planeamentos a aprobar incorporaran unha fase de avance aínda que esta non fose preceptiva, precisamente para facilitar o máximo de transparencia e de participación pública.

A respecto do Plan Especial coidamos que sen dúbida aporta modificacións moi importantes en beneficio de toda a cidade e en particular desa zona. Por unha parte a determinación coma solo urbano consolidado do barrio de Ribadavia permite o seu mantemento, se ben aumentando razoablemente o volume construído para facilitar a rehabilitación do barrio de Ribadavia, tal e como estipula o Plan Xeral do ano 1993.

En canto ás dúas áreas de reparto que se establecen sobre solo urbano non consolidado e que deu lugar a moito debate durante a redacción do Plan Especial, sinceramente coidamos que colma as expectativas de equilibrio de cargas porque das dúas áreas de reparto unha é de 47.000 m<sup>2</sup>, redondeando, e esa cede o 20% do solo para zonas verdes. A outra, que é a famosa parcela de Pizarro, a área de reparto nº 2 que ten 17.000 m<sup>2</sup>, cede o 50% para zonas verdes. Polo tanto aumentan as cargas do que chamamos usualmente parcela de Pizarro.

Pero é que ademais a área de reparto nº 1 ten un incremento de edificabilidade en relación coa área de reparto nº 2, exactamente o 10%, precisamente para equilibrar ese teórico distinto reparto de cargas.

Xeramos 900 prazas de aparcadoiro, ampliamos Pizarro e acadamos zonas verdes por case aproximadamente uns 21.000 m<sup>2</sup> se incluimos tamén os espazos libres, e iso dando lugar a unha conformación que sinceramente nos semella boa.

En canto ás modificacións que poidan ter lugar, nós xa manifestamos no Consello da Xerencia que non aceptaremos ningunha no Plan Xeral que teña que ver con remodelar os volumes.

As propostas presentadas, algunha delas asinada por algún arquitecto precisamente no período de alegacións, non nos convencen en absoluto porque fraccionan as zonas verdes e presentan un vial con máis dun 10% de pendente que é absolutamente irrealizable e que non ten funcionalidade.

Queda efectivamente para o Plan Xeral o debate respecto do uso residencial en relación co comercial en tanto en canto esta actuación estaba atinxida pola Lei vixente naquel momento que era a Lei do 97 que establecía un máximo de residencial no 0,825 que xa discutimos en moitas ocasións e eu xa manifestei en moitas ocasións que me semellaba unha medida absolutamente errada para a cidade de Vigo. Pero en todo caso coma a nova Lei do Solo

presenta a posibilidade de utilizar en determinados usos, en distintos usos a edificabilidade total, non teríamos inconveniente en que no propio Plan Xeral se cambiaran os usos incrementando o uso residencial (estou falando da área de reparto nº 1). Pero en canto á ordenación de volumes parécenos, dende a perspectiva do noso Grupo, absolutamente definitiva.

SR. FIGUEROA VILA: O noso Grupo coida que esta é unha zona importante da cidade que loxicamente hai que poñer en marcha logo das múltiples polémicas xurdidas nos últimos anos.

Despois de todo o dito, coido que non imos incidir máis neste tema en cuestións puramente técnicas, só dicir que dende o Goberno, como así se está facendo na Xerencia, deixamos unha porta aberta a parte dos veciños do barrio de Ribadavia e da rúa Couto de San Honorato para seguir conversando con eles para tentar que cara ó Plan Xeral as demandas ou peticións que coidemos oportunas e correctas se poidan introducir.

Coido que este expediente non pode estar máis enriba da mesa porque leva así xa moito tempo e, con ese compromiso e con esa porta aberta para seguir coas conversas e negociacións axeitadas, imos votar a favor.

*Neste intre óese unha voz dunha persoa do público que asiste á sesión.*

SRA. ALCALDESA: Non, por favor, este é un Pleno. Vostede pida audiencia e explicaráselle con todo detalle e de xeito inmediato, pero lle prego por favor que non interrompa o Pleno. Non se pode debater.

Eu dígolle que no momento no que remate o Pleno danlle a cita para que nesta mesma semana teñan ese encontro.

SR. SOTO FERREIRO: Espero que non sexan ocas, non teño por qué o sospeitar, as últimas verbas do Sr. Figueroa cando di que está disposto a dialogar cos veciños porque, independentemente de que guste ou non, de que semelle legal ou non (a quen llo pareza) a urbanización da zona de Pizarro, realmente o que piden os veciños é algo perfectísimamente asumible, como o falei con vostede e vostede así mo recoñeceu, polo tanto espero que vostede lle dea solución en tempo e forma, cousa á que tamén aludía xa o Sr. Toba na súa intervención. Polo tanto eu espero que polo menos ese tema se subsane.

O que na miña opinión non se poderá subsanar é o que dixen antes. O Sr. Figueroa dicía que neste tema houbo controversias, pois si, moitísimas, e

tamén calumnias de todo tipo; houbo de todo neste tema e mesmo decisións políticas bilaterais contra o que era o Goberno de Vigo naquela época. Pero non estamos diante diso, nin siquiera diante de se nos gusta ou non a urbanización que alí se fai. Sr. Toba, non me importa recoñecer que non é nin mellor nin peor que outra, a min póñenme isto no novo marco do Plan Xeral, por exemplo, e non tería problema en votalo. Xa ve que llo digo e llo recoñezo e polo tanto non é unha operación de belixerancia contra disto, nin siquiera pola mala ira que me poidera proporcionar a nivel persoal a inxustiza coa que quen fala e outros fumos tratados neste asunto. Que a urbanización lle guste a alguén ou non, ou lle gustara antes e non agora, iso é opinable, pero independentemente diso o problema é que hai unha Sentenza de 8888/94, de data 15.12.94, do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza na que se declara ilegal o convenio urbanístico sobre Pizarro e que agora se fai un remendo (permítanme que diga isto para que me entendan os que me queiran entender) pero realmente se cambia algo para que nada cambie, é dicir, subsisten as mesmas consecuencias e ilegalidades que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza xa declarou ilegais. Non lles vou explicar os porqués, aínda que se queren o fago con moito gusto porque teño á vista a Lei do solo de Galiza, os artigos 9.1, 11.1.b, 119, 120, 121 e demais disposicións, pero isto se conculca por vinte sitios; vinte é un xeito de falar pero si por bastantes, por dez ou doce.

Polo tanto, en función desa ilegalidade e non de que nos guste máis ou menos (quéroo deixar claro) o tema urbanístico, imos votar en contra.

Por último dicir que me sorprende a intervención do Grupo Socialista e digo nada máis que me sorprende que vostedes por cuestións teoricamente de opinión, sexan quen (ademais, claro está, co seu dereito) de estar opinando en contra ou tentando atrancar o desenvolvemento do Plan Xeral, e que nun tema de tan flagrante ilegalidade coma esta, e aí se sentan persoas que teoricamente están capacitadas para o xulgar, digan que é bo para a zona e que o queren os veciños; si, máxíñense se o que queren os veciños e todo Vigo é o Plan Xeral.

As súas contradicións son increíbles.

SR. RUIZ CENICEROS: Brevemente e para non alongar o debate quero puntualizar que é unha realidade que semella que quedou reflectida no Pleno que a parcela deste PERI non é só a parcela de Pizarro, pero que en principio a parcela que se vai executar é só a parcela de Pizarro. Se xa se

está recoñecendo que o resto vai variar no Plan Xeral e que se van entablar negociacións, significa que o barrio de Ribadavia e o fronte da rúa Couto de San Honorato de momento non se van executar, vaise urbanizar e desenvolver todo o que é o fronte de Pizarro.

En canto á suposta ilegalidade do PERI e das súas determinacións é unha opinión que vostede ten coma outras moitas de urbanismo na cidade de Vigo, pero que neste caso en principio non compartimos.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezaseis votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Polo Lima, Toba Girón e a Presidencia, e oito abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Ponte, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Ceniceros e Sío Lourido, e dous votos en contra dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acordase:

Primeiro: Estimar, estimar parcialmente e desestimar as alegacións interpostas durante o trámite de información pública no procedemento de referencia, no senso e polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste acordo. (expte. 8159/411).

Segundo.- Aprobar definitivamente o "PERI IV-01-San Roque A", de iniciativa municipal, redactado pola Oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo, na súa última versión, de maio de 2004, coa simultánea delimitación de polígonos e áreas de normalización de fincas e fixación de sistemas de actuación contida no mesmo.

Terceiro.- Nos polígonos delimitados no PERI deberán constituírse entidades urbanísticas de conservación no momento da recepción das obras de urbanización, nos termos esixidos no planeamento xeral e na lexislación vixente.

Cuarto.- Publíquese a parte dispositiva deste acordo no DOG e a normativa e ordenanzas do PERI no BOP. Remítaselle unha copia autenticada de dous exemplares do PERI á Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia. Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós alegantes, ós propietarios do ámbito e demais interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses.



4.- (155).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PERI IV-09 BAIXADA DE SAN ROQUE. EXP.  
6710/411.

ANTECEDENTES.- Con data 18 de maio de 2004, o técnico de administración e xeral e mailo arquitecto xefe de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, informan do que segue:

"Este informe-proposta emítese no expediente 6710/411, relativo ó Plan Especial de Reforma Interior (PERI) "IV-09 Baixada de San Roque". Plan de iniciativa particular da denominada "Xunta Xestora de propietarios", redactado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis, con documentación completa e corrixida denominada Texto refundido febreiro de 2003, visada polo COAG no 28/02/2003, máis "Estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paixasístico" visado no 15/10/2003. Dita documentación inclúe as correccións derivadas das alegacións interpostas durante o período de información pública, e das observacións formuladas polos servizos técnicos municipais, e pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, no seu informe do 11/05/2001.

1.- ANTECEDENTES.

1. En data 31/01/2002, tralos pertinentes Informes, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo acordou aprobar inicialmente o PERI "IV-09 Baixada a San Roque".

2. A continuación abriuse un trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante publicación de anuncios no DOG nº 42, do 27/02/2002 e no diario Faro de Vigo do 15/02/2002, así como coa notificación individualizada ós propietarios do ámbito.

3. A Secretaría da Xerencia Municipal de urbanismo certificou, no 08/04/2002, a interposición dun total de 14 escritos de alegacións. Déuselle traslado dunha copia dos mesmos ós promotores da actuación, que procederon a respostalos mediante outro escrito presentado na Xerencia de Urbanismo no 24/06/2002.

4. Mediante oficio do 15/11/2002 requiríuse á devandita Comisión Xestora para que rectificase certos extremos do referido PERI. Nos días 11/02/2003 e 28/02/2003 presentou un novo informe do técnico redactor, así como a documentación completa e corrixida do PERI (Texto refundido-febreiro de 2003).

5. Nos días 01/04/2003 e 02/04/2003 o xefe do departamento municipal de Patrimonio emitíu un informe sobre a titularidade privada de certos predios.

No 09/06/2003 o arquitecto e o técnico de administración xeral da Xerencia de Urbanismo emitiron informe sobre os escritos de alegacións presentados.

A continuación remitíuselle unha copia íntegra do expediente á CPTOPV da Xunta de Galicia para que emitise o seu informe previo á aprobación

definitiva do Plan Especial. No 14/08/2003 a CPTOPV emitíu un oficio devolvendo o expte. ó non considerar preceptivo o seu informe por aplicación das disposicións transitorias da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística de Galicia (LOUGA).

No 23/09/2003 dirixíuse outro oficio ós promotores de actuación a fin de que presentasen o "Estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico" regulado nos arts. 70.2 e 65 LOUGA. No 16/10/2003 o representante da Xunta Xestora do PERI presentou nesta Administración municipal o devandito estudo de sostibilidade.

A continuación solicitáronse os pertinentes informes do departamento municipal de Medio Ambiente e do equipo técnico redactor do novo Plan Xeral.

En data 05/04/2004 o departamento de Medio Ambiente emitíu informe favorable. No 15/04/2004 o coordinador xeral do equipo técnico redactor da revisión do Plan Xeral emitíu informe favorable.

## 2.- INFORME SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS.

### ALEGACIÓN Nº 1

Nº de doc.: 273907

Data: 14/03/2002.

Interesado: D. Adolfo Pérez Rodríguez

Obxecto: Falla de notificación.- Erros en datos de superficie.- Deficiencias na ordenación do PERI e desigual reparto de cargas.- Estudo económico irreal.- Propón manter a súa vivenda e trasladar edificabilidade a outra zona do PERI ou que ós propietarios das vivendas se lles permute por unha nova.

### Informe:

1º.- En relación coa pretendida nulidade pola suposta omisión de notificacións, tal como se indica polo técnico redactor, na tramitación do "PERI IV-09 Baixada de San Roque" o Concello de Vigo extremou as medidas de participación cidadá e información pública. Así, o Consello da Xerencia de Urbanismo acordou en data 21/10/1999 tramitar un "avance" do Plan Especial, a pesares de que non resultaba preceptivo (art. 41 Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia -LSG/97-), con información pública polo prazo dun mes, e, adicionalmente, con notificación individual a cada un dos propietarios dese ámbito. Ademais, posteriormente, tralo acordo de aprobación inicial abriuse outro trámite adicional de información pública, coa conseguinte notificación individualizada ós afectados.

O alegante en ningún caso padeceu indefensión, xa que en tódolos trámites de información pública abertos interpuxo escritos de alegacións, con absoluta liberdade e pleno coñecemento dos proxectos expostos, tanto no avance como trala aprobación inicial.

Na Baixada de San Roque, 25 int. practicouse correctamente unha notificación no día 14/02/2002, tal e como consta no expediente.

2º.- En canto a diferencias de superficie das parcelas indicar que, de acordo co sinalado polo técnico redactor no último informe de aclaración da contestación á alegación nº 10 e ós datos facilitados polos alegantes (nesta

fase de planeamento na que -a diferenza da posterior de xestión urbanística- non se esixe a achega e comprobación das escrituras de propiedade) corrixiuse o plano parcelario e o cadro de propiedades, subdividindo a primitiva parcela "29" en: "29" (de 200 m<sup>2</sup>, de D<sup>a</sup> Juana Pérez Rodríguez) e "29 bis" (de 180 m<sup>2</sup>, segundo medición comprobada sobre a cartografía, de D. Alfonso Pérez Rodríguez).

Non obstante, as cuestións relativas á titularidades e demais dereitos reais sobre as concretas fincas do ámbito deberán ser corroboradas polo miúdo na posterior fase de execución urbanística, con motivo da tramitación dos diferentes instrumentos de equidistribución.

3º.- En relación coa suposta posposición de cuestións de planeamento para a fase de execución e no trato outorgado á nave industrial preexistente.

De acordo co manifestado polo equipo redactor, o PERI limitase a planificar e ordenar o ámbito de referencia segundo os parámetros previamente determinados no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29/04/1993 (PXOU-93). Nesta fase de aprobación exclusiva dos seus aspectos ordenadores, non pode resolver cuestións propias da fase de xestión e execución. Así o considerou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na súa sentenza núm. 882/1998, do 15 de outubro de 1998, dictada no recurso cont.-ad. 2/4870/1996, referida a Vigo.

En canto á nave industrial preexistente, resulta evidente a súa total e absoluta incompatibilidade co novo viario trazado no PXOU-93 sobre a mesma, polo que debe extinguirse e desaparecer. A instalación está pechada, non ten actividade dende hai tempo e ademais, resulta afectada por un vial obrigatorio do Plan Xeral que a secciona en dous. Por outro lado, dadas as características claramente residenciais do entorno, non parece aconsellable crear unha nova zona industrial para tan escasa superficie e en pleno casco urbano da cidade (núcleo central). O artigo "3.3.2" de condicións xerais de uso, das Normas urbanísticas do Plan Xeral, no seu apartado "d. Industria" establece a necesidade de elaborar unha estratexia para conxugar a necesidade de ordenación das zonas industriais co *"problema xerado pola supervivencia, en zonas con alto grao de consolidación residencial, de industrias clasificadas polo RAMINP..."*. Por esta razón, e á vista dalgunhas alegacións recibidas que aluden á dificultade de cálculo de edificabilidade prevista para uso industrial na ficha de características do PERI incluída no PXOU-93, o equipo redactor propón que o PERI non consuma esa edificabilidade industrial, limitándose a ordenala edificabilidade residencial de 1,4 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> que é a prevista no Plan Xeral para dito específico uso.

4º.- Adecuación á realidade do estudo económico-financeiro:

No punto "6" da memoria do PERI inclúese un "Estudo económico-financeiro". Indícase nel que na fase de planeamento unicamente resulta esixible unha estimación dos custos aproximados, non un orzamento exacto, que se definirá máis concretamente nos futuros proxectos de urbanización e compensación. O art. 55 do Regulamento de planeamento (RPU), indica claramente que a avaliación económica expresará o custo aproximado da implantación dos servizos. O Tribunal Supremo ratificou estas conclusións na súa sentenza do 11/03/1999 (RJ 2174), nun caso similar. As valoracións efectuaranse consonte co disposto no art. 132 LOUGA e arts. 58 e ss., 98 e ss. do Regulamento de xestión urbanística (RD 3288/1978). Polo tanto, as valoracións contidas neste "estudo económico-financeiro" non resultarán vinculantes na subseguinte fase

de xestión urbanística. No proxecto de compensación calcularanse as indemnizacións pertinentes con maior precisión e xustificadamente.

5º.- No tocante ás propostas suxeridas na alegación, refírense máis propiamente á fase de xestión e execución do planeamento previamente aprobado, na que deberán seguirse os criterios e normas establecidas para o sistema de compensación. En concreto, no referente ás indemnizacións por derruba de edificacións incompatibles e cese de actividades, deberán de considerarse como gastos de urbanización nos casos previstos nos arts. 98 e ss. do Regulamento de Xestión e art. 132.2 b) LOUGA.

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación, unicamente no tocante a corrixir o parcelario e o cadro de propiedades das parcelas 28 e 29 bis, desestimándoa en todo o demais.

#### ALEGACIÓN Nº 2

Data: 15/03/2002.

Nº de doc.: 273964

Interesado: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Rodríguez Barros

Obxecto: Solicitan a exclusión da súa propiedade do ámbito do PERI. Discrepan das indemnizacións previstas.

Informe: Trátase dos propietarios da parcela primitiva "34", situada no bordo sur do ámbito, cunha vivenda unifamiliar de 210 m2 - superficie parcela: 252 m2. Na zona "D3".

Nos apartados "1.2." da memoria do "avance" de xuño 2000 e deste proxecto aprobado inicialmente indícase que, ó abeiro do disposto na Ordenanza "3.2.3.5.c." PXOU-93, propúxose a segregación da xestión do ámbito da finca nº 34 do parcelario, propiedade de D<sup>a</sup> María Teresa e D<sup>a</sup> María José Rodríguez Barros, que ten unha superficie de 252 m2. Sen embargo a posterior subscripción por estas propietarias dunha alegación colectiva na que solicitaron (aptdo. 2º) a inclusión de todos os seus terreos no ámbito do PERI aconsella, como así se fai, dita inclusión. No punto 4.2.4. desta memoria establécese a ordenanza asinada a esta parcela. (Zona D: bloque entre medianeiras).

Conforme ó manifestado polo equipo redactor (informe), confírmase que a modificación do ámbito do PERI resulta inviable pois suporía unha modificación do Plan Xeral, tal e como sinalou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en numerosas sentenzas referidas a Vigo. O tratamento da edificación existente, e os dereitos dos seus propietarios, deberán precisarse na fase de xestión.

PROPOSTA: Desestimar a alegación

#### ALEGACIÓN Nº 3

Data: 26/03/2003.

Nº de doc.: 274483

Interesado: D. Luis Cortes Seoane

Obxecto:

1.- Suposta omisión de notificación. 2.- Lexitimación activa dos promotores da actuación. 3.- Trazado da rúa Papuxa - Uso característico industrial/comercial. 4.- Valoración de edificacións a derrubar. 5.- Legalización dunha vivenda. 6.- Emprazamento de volumes.

Informe:

1º.- Práctica de notificacións.

O alegante tivo acceso ó expediente de referencia durante o trámite de información pública e presentou un escrito de alegacións na defensa dos seus dereitos. Non padeceu polo tanto ningunha indefensión, nin a pode alegar como motivo invalidante deste procedemento. Non obstante, á vista da alegación remitiranse as sucesivas notificacións ó novo enderezo sinalado sito na Baixada a San Roque núm. 31.

2º.- Lexitimación dos promotores do PERI

Como xa se indicou no informe ás suxerencias do avance, para a presentación dun planeamento de iniciativa particular, non se require ningunha maioría de superficie, consonte co disposto nos arts. 36 e 40 LSG-97 e art. 79 LOUGA. Así o recoñeceu tamén o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (S<sup>a</sup> do Cont.-Ad., Secc. 2<sup>a</sup>) nas súas sentenzas núm. 387/1998, do 07/05/1998 (relator: Sr. Méndez Barrera, Arz. RJCA 1998\1978) e núm. 1506/2000, do 28/12/2000 (relator: Sr. Méndez Barrera, rec. 2/4980/97) referidas a sendos estudos de detalle aprobados polo Concello de Vigo, na última das cales afírmase categoricamente que: "*(...) No hay ninguna norma que exija un determinado porcentaje de participación en la propiedad de los terrenos afectados por un Estudio de Detalle para poder promoverlo, ya que incluso puede hacerlo de oficio el Ayuntamiento o una entidad urbanística especial -art. 140 del Reglamento de Planeamiento Urbanístico-*".

Cuestión distinta referirase á fase de "xestión urbanística", posterior á de "planeamento" na que agora nos atopamos. Nese momento ulterior esixírase a conformidade dos propietarios que representen ó menos o 50% da superficie do ámbito para poder constituí-la Xunta de Compensación e aproba-lo proxecto homónimo.

3º.- Trazado da rúa Papuxa. Uso característico industrial vrs. comercial

No apartado "3.4" do PXOU-93 dispónse que: "*Os viais representados en áreas con ordenación remitida a planeamento secundario de desenvolvemento, poderán nas súas respectivas figuras de planeamento ser modificados na súa posición, trazado, etc, atendendo a razóns de topografía, edificacións ou viario existente*". O art. 62.1 da nova LOUGA ampara esta disposición.

Por outra banda, o propio Plan Xeral, nos dous criterios de ordenación establecidos expresamente na ficha de características deste PERI, ordena por unha banda, que sexa o planeamento de desenvolvemento o que de, dentro do seu ámbito, atope unha solución ó enlace entre a rúa Illas Filipinas e a Avda de Madrid, mantendo a sección actual de 15 m daquel vial, e, por outra, que se ordene a estrutura do ámbito fixando os viais de conexión co entorno (Avda. de Madrid e Gregorio Espino).

O PERI, aprobado inicialmente xustifica exhaustivamente as razóns polas que o vial de enlace proxéctase deste xeito, superpoñendo o tramo final do mesmo coa Prolongación da rúa Papuxa, prevista no Plan Xeral e incluída parcialmente no ámbito territorial que o PERI ordena urbanisticamente, o que obriga a corrixir e a adaptar este último á realidade física preexistente. As ditas razóns son: a diminución da pendente do vial, o aumento dos radios de xiro, e que o seu ancho se manteña constante nos 15 metros tal como se ordena no Plan Xeral.

Con relación ó uso industrial infórmase o mesmo que na alegación nº 1: Á vista das alusións dalgúns alegantes á dificultade de cálculo de edificabilidade prevista para uso industrial na ficha de características do PERI incluída no PXOU-93, o equipo redactor propón non consumir a edificabilidade de uso industrial neste PERI (0,1 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>), que pasa polo tanto a redactarse cunha edificabilidade residencial máxima de 1,4 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, coincidente coa prevista no Plan Xeral para este específico uso.

4º.- Desconformidade coa inclusión da valoración das edificacións a derrubar, que debe ser determinada pola futura Xunta de Compensación.

No punto 6 "Estudo económico-financeiro da actuación" da memoria do PERI inclúese entre as súas previsións de gastos o importe estimado das indemnizacións, conforme ó esixido na normativa aplicable.

Reprodúcese a estes efectos o sinalado no aptdo. "4º" do indicado neste informe a propósito da alegación núm. 1.

5º.- Legalización dunha vivenda.

O alegante non concreta nin xustifica a súa acusación de supostos tratos de favor a certas persoas e zonas, polo que debe ser desestimada.

6º.- Emprazamento dos volumes nas zonas máis consolidadas -en prexuízo dos pequenos propietarios-.

O PERI ordena os volumes sen incumpri-los criterios sinalados no Plan xeral, coas lóxicas dificultades que conleva coordinar ditos obxectivos nunha operación de reforma interior nesta zona na que xa existe un certo grao de ocupación.

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación, no referido ó novo enderezo para notificacións e á edificabilidade de uso industrial, desestimándoa no resto.

ALEGACIÓN Nº 4

Nº de doc.: 274488

Data: 26/03/2002.

Interesado: D. Alejandro Requejo Domínguez

Obxecto: Solicita información acerca dos membros da Comisión Xestora e dos custos de elaboración e tramitación do PERI.

Informe:

1.- A información requirida sobre a devandita Comisión Xestora figura no expediente de referencia, ó que tivo acceso o alegante durante o trámite de información pública. Ó parecer dita Comisión constituíuse en documento privado do 21/09/1998, asinado entroutros polo mesmo alegante, segundo consta no documento 9882070 presentado nesta Xerencia de Urbanismo coa solicitude de aprobación de bases e estatutos da Xunta de Compensación.

Aquel documento ven asinado por D. José Fernández Aguiar (parcela 11), D. Alejandro Requejo Domínguez (parcela 7), Aguiar e Caride (parcela 1), Enrique Caride Iglesias (parcela 6), irmáns Santiago Quintela (parcela 31), Ángel Díaz Lorenzo (parcela 3). Non obstante dita relación non se trata dun documento imprescindible no PERI.

A cuestión relativa ós gastos sufragados polos membros da Xunta Xestora de

propietarios do PERI corresponde á seguinte fase de xestión urbanística. As avaliacións do PERI son unha simple estimación indicativa, non vinculante, que logo se precisará nos proxectos de compensación e urbanización.

O PERI inclúe no aptdo. "6.1.3" da súa memoria a correspondente partida de gastos de xestión. Por outra banda, o Regulamento de xestión urbanística no seu artigo 61 dispón que:

*"También será de cuenta de los adjudicatarios de terrenos comprendidos en el polígono o unidad de actuación correspondiente el coste de redacción y tramitación de los Planes Parciales y de los Proyectos de Urbanización y el importe total de los gastos de reparcelación o compensación".*

Será, polo tanto, na fase de xestión e execución do PERI cando o alegante poderá, no seu caso, resarcirse da parte que corresponda dos gastos por él sufragados.

PROPOSTA: Desestimar a alegación no senso exposto.

ALEGACIÓN Nº 5

Data: 26/03/2002.

Nº de doc.: 274507

Interesado: D. Carlos Javier Costas Esteban

Obxecto: Desconformidade coas valoracións. Delimitación de polígonos. Xustificación dos custos de xestión.

Informe:

1.- Con relación ós custos de urbanización, reitérase o sinalado a este respecto no informe sobre a alegación núm. 1 (aptdos. 4º e 5º). Na subseguinte fase de xestión urbanística aplicarase directamente o disposto nos preceptos legais e regulamentarios de obrigada aplicación. Os datos contidos no PERI a este respecto son meramente indicativos.

2.- Delimitación de polígonos ou unidades de execución:

O sistema de actuación e a división por polígonos descríbese no apartado "2.4." da memoria do PERI. De acordo co disposto na lexislación vixente propónse que o sistema para o desenvolvemento do Plan Especial sexa o de Compensación, establecéndose un único polígono de xestión.

Segundo informa o equipo redactor a delimitación dun único polígono tende a asegura-la funcionalidade do conxunto das infraestructuras e dotacións públicas proxectadas. Agrupando nun só instrumento de equidistribución a todos os propietarios resulta máis ampla á marxe de flexibilidade económica do conxunto, e con isto máis doados de resolve-los problemas que de feito existen, e que precisamente o alegante describe, detalladamente e dende o seu particular punto de vista, na súa alegación.

3.- Xustificación dos gastos de xestión.

O alegante esquece sobre este particular que o PERI inclúe no Aptdo. "6.1.3." da súa memoria unha partida, (dentro do que é o Estudo económico-financeiro), dos gastos de xestión estimados, no que se detallan os custos de urbanización, gastos debidos a honorarios profesionais xerados durante as diversas etapas da xestión do PERI e varios. Durante a tramitación do proxecto de compensación deberán acreditarse ditos custos.

PROPOSTA: Desestima-la alegación.

ALEGACIÓN N° 6

N° de doc.: 274535

Data: 25/03/2002.

Interesado: D<sup>a</sup> Juana Pérez Rodríguez

Obxecto: 1<sup>a</sup>.- Solicita rectificación de datos sobre titularidade e superficie da finca sita na Baixada a San Roque 27. 2<sup>o</sup>.- Lexitimación dos promotores da actuación. 3<sup>o</sup>.- Desconformidade coa inclusión da valoración de edificacións a derrubar. 4<sup>o</sup>.- Legalización dunha vivenda, desconformidade coa ordenación proxectada.

Informe:

1<sup>a</sup>.- A alegante non padeceu indefensión durante a tramitación deste procedemento, por canto puido examina-lo expediente e formular alegacións, como así fixo. Do mesmo xeito, teráselle como interesada e dirixiráselle as subseguintes notificacións ó enderezo sinalado no seu derradeiro escrito.

2<sup>a</sup>.- En canto á superficie da parcela, tense en conta o último informe do equipo redactor no que se indica que a alegante, xunto con outros membros da súa familia, son propietarios de diferentes fincas no ámbito do PERI. En concreto na aprobación inicial, D<sup>a</sup> Juana Pérez figurou como única propietaria da parcela 29, de 381 m<sup>2</sup>. E segundo os datos facilitados polos alegantes (nesta fase na que non se esixe a aportación e comprobación das escrituras de propiedade) corrixiuse o plano parcelario e o cadro de propiedades, subdividindo a parcela 29 en 29 (de 200 m<sup>2</sup>, propiedade de D<sup>a</sup> Juana Pérez Rodríguez) e a 29 bis de 180 m<sup>2</sup>, segundo medición comprobada sobre a cartografía, propiedade de D. Alfonso Pérez Rodríguez.

3<sup>a</sup>.- Lexitimación dos promotores do PERI. Reprodúcese ó sinalado neste informe sobre a alegación núm. 3 precedente (aptdo. 2<sup>o</sup>).

4<sup>a</sup>.- Disconformidade coa inclusión da valoración das edificacións a derrubar. Interese en legalizar unha vivenda. Rúa Papuxa. Reprodúcese ó sinalado neste informe sobre as alegacións núms. "3" e "1".

5<sup>a</sup>.- En canto á solicitude de modifica-la ordenación, non se mostra unha alternativa xustificada. O tratamento das edificacións incompatibles coa ordenación do PERI regúlase no art. 60 RXU e art. 132 LOUGA.

PROPOSTA: Estimar parcialmente a alegación no único senso de corrixir a superficie da parcela n° 29, segundo os datos facilitados pola alegante, que serán necesariamente comprobados na subseguinte fase de execución do planeamento.

ALEGACIONES N° 7-8

N° de doc.: 274549 e 274550

Data: 27/03/2002.

Interesado: D<sup>a</sup> Rosa M<sup>a</sup> e D<sup>a</sup> Elba Sanlés Padín

Obxecto: Delimitación de polígonos. Discrepancias coas valoracións orzamentadas no PERI.

Informe:

1<sup>o</sup>.- Delimitación de polígonos e equidistribución. Reprodúcese o sinalado neste informe sobre a alegación núm. 5 (aptdo. 3<sup>o</sup>).

2<sup>o</sup>.- Incluír nos gastos de urbanización as indemnización por derruba de



edificaci3ns. Reprodúcese o sinalado 3 efecto a prop3sito das alegaci3ns n3ms. 1 (aptdo. 4) e 3.

PROPOSTA: Desestimar as alegaci3ns, polos motivos expostos.

ALEGACI3N N3 9

Data: 27/03/2002

N3 de doc.: 274554

Interesado: D<sup>a</sup> Purificaci3n P3rez Rodr3guez

Obxecto: Solicita: 13.- Correcci3n de suposto erro no c3mputo da superficie da parcela n3m. 26. 23.- Incremento da edificabilidade do 3mbito. 33.- Reducci3n do ancho da r3a Papuxa, de 15 a 12 m.

Informe:

13.- A superficie da finca que figura no PERI corresp3ndese coa medici3n real sobre o plano parcelario. Non obstante, durante a fase de xesti3n urbanística dispor3 da oportunidade de acreditar a s3a pretensi3n.

23.- A edificabilidade residencial do PERI (1,4 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>) nunca poder3 exceder da m3xima establecida no vixente Plan Xeral (1,4 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>).

33.- Respecto do ancho da prolongaci3n da r3a Papuxa, obedece 3s propios criterios de ordenaci3n do Plan Xeral, resultando xustificado e axeitado, como soluci3n de enlace entre a r3a Illas Filipinas e a Avda. de Madrid.

PROPOSTA: Desestimar a alegaci3n.

ALEGACI3N N3 10

Data: 27/03/2002.

N3 de doc.: 274610

Interesado: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar Consuelo Iglesias Veiga

Obxecto: Parcelas 12, 14 e 37. Solicita que a zona verde se sit3e na Baixada a San Roque na zona "A2" de vivendas unifamiliares.

Informe: Tal e como sinala o equipo redactor do PERI, a zona verde que se proxecta xa se atopa en contacto directo, sen soluci3n de continuidade, co recinto do Pazo de San Roque formando unha unidade dotacional p3blica de cualidade, e, por outra parte, o PERI prev3 a transformaci3n da Baixada de San Roque en peonil.

PROPOSTA: Desestimar a alegaci3n.

ALEGACI3N N3 11

Data: 27/03/2002

N3 de doc.: 274612.

Interesado: D. C3ndido Iglesias Caride e 20 m3is.

Obxecto: 13.- Op3ñense a que se sit3e a edificabilidade de uso industrial nos baixos dos futuros edificios. 23.- Discrepancias co trazado e anchura da Prolongaci3n da r3a Papuxa 33.- Hipot3ticas reservas de dispensaci3n nas ordenanzas do PERI. 43.- Densidades e l3mites de edificabilidade. 53.- Distinci3n entre solo urbano consolidado e non consolidado. 63.- Observaci3ns sobre a titularidade p3blica de determinadas fincas. 73.- Reiteran alegaci3n do avance, finca 1, necesaria ampliaci3n da zona verde. 83.- Titularidade do Cami3o da Mina de Rom3n.

Informe:

13.- No referente 3 uso industrial, a alegaci3n pode ser estimada. Ademais do

sinalado ó respecto nas alegacións anteriores, tense en conta o último informe do equipo redactor de 4 de febreiro de 2003, no que se analiza o acusado rexeitamento que se observa en varias alegacións cara ó mantemento do uso industrial.

A norma "3.2.4".do PXOU-93 establece que o planeamento de desenvolvemento, na súa memoria, debe estudar as edificacións preexistentes e propoñer verbo das mesmas o máis pertinente de cara a cumprir os obxectivos daquél. O artigo 3.3.2.d. das mesmas normas do PXOU sobre o uso industrial establece unha estratexia para conxugar o problema xerado polo mantemento de industrias en zonas con alto grao de consolidación residencial.

En opinión do equipo redactor

"- Parece indudable que a previsión da ficha do PERI dun uso máximo industrial cunha intensidade moi baixa ( de 0,1 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>) fronte ó uso residencial característico e predominante cun alto grao de consolidación e intensidade ( de 1,4 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>) ten a súa causa exclusiva e determinante na preexistencia dunha nave almacén de 2.324 m<sup>2</sup> situada na parcela nº 30 que ten unha extensión de 2.820 m<sup>2</sup>.

- Ademais, a ficha do PERI non establece ningunha precisión sobre o uso industrial, nin en canto situación, nin en canto ás características específicas do citado uso: categoría, grao, tipoloxía... Todo isto reforza a afirmación feita de que o posible uso industrial trae causa exclusiva da nave preexistente.

- Débese ter en conta que a nave que está en moi deficiente estado, non ten actividade ningunha dende hai moitos anos e está afectada de modo incompatible polas determinacións do propio PXOU 93 que prevé un vial obligatorio sobre ela que a secciona en dous, en consecuencia non pode manterse no novo planeamento nin na súa situación , nin ningún elemento da súa construción actual.

- Por outra banda, dada a extensión total útil da unidade de execución, que supera en pouco os 26.000 m<sup>2</sup>, e a escasa intensidade prevista na ficha do PERI para uso industrial (de 0,1 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>), aínda que, nunha postura extrema e hipotética, se dedicase todo o ámbito ó repetido uso industrial, crearíase unha zona industrial que, como máximo, tería unha edificabilidade de pouco máis de 2.600 m<sup>2</sup>. Circunstancia que en sí mesma considerada, á vista dos obxectivos xenéricos do PXOU 93 e dos específicos da ficha do PERI, carece de sentido urbanístico ningún."

Á conclusión alcanzada é a seguinte:

"Pois ben, analizada detidamente a edificación con uso industrial preexistente, vistos os antecedentes xurisdiccionais referidos a situacións análogas, e habida conta de que o propio PXOU 93 establece na súa norma 3.3.2.d referida ó uso de industria a necesidade de buscar solucións no planeamento de desenvolvemento ó problema que representa a supervivencia de industrias posiblemente molestas, insalubres, nocivas e/ou perigosas en zonas cun alto grao de consolidación residencial como é o ámbito do presente PERI, obtense a conclusión de que a medida urbanística máis respetuosa coa filosofía e obxectivos que contén o PXOU-93 en relación coas actividades industriais preexistentes, dado que o que aquí existiu no seu día non ofrece problema ningún de emprego, xa que está totalmente abandonada dende hai moito tempo, e cos obxectivos específicos da ficha do PERI sen ningunha referencia expresa ás características concretas de dito uso, consiste en rebaixar o límite de edificabilidade previsto, deixándoo reducido exclusivamente ó uso residencial, é dicir a 1,4 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, e na consideración de que a edificabilidade

*prevista para o uso industrial resulta imprecisa, problemática e desestructurante, sendo o máis conveniente urbanísticamente prescindir de dita intensidade edificatoria."*

O Plan Xeral establece edificabilidades máximas pero non mínimas nos ámbitos remitidos a planeamento secundario. Precisamente, como resultado da tramitación do PERI, cunha análise pormenorizada e a pequena escala da concreta problemática deste polígono, acredítase a oportunidade de non consumi-la edificabilidade industrial máxima permitida no Plan Xeral. Por tal motivo, na última versión do proxectado PERI non se materializa a tal edificabilidade con uso industrial, que xa non se reflicte nin nos baixos dos edificios, nin nunha construción exclusiva. Elo sen incrementa-la edificabilidade residencial.

2º.- Entre os criterios de ordenación deste sector previstos no Plan Xeral, establécese como obxectivo prioritario, con relación ó viario, a ordenación da estrutura do ámbito fixando os viais de conexión cos do entorno (Avda de Madrid e Gregorio Espino). No ámbito do PERI estudarase a ampliación da Baixada de S. Roque coa mesma sección que a rúa Filipinas, ata a Avda. de Madrid.

No Plan Especial trázanse os viais de conexión cos do entorno así como coa Avda. de Madrid e Gregorio Espino mediante a prolongación da rúa Filipinas ata a rúa Faisán, e a prolongación da rúa Papuxa dende a rúa Faisán ata a Baixada de San Roque, en anel, comunicándoa directamente coa Avda. de Madrid.

A Baixada a San Roque, no seu tramo lindeiro co Pazo proxéctase como viario restrinxido para residentes coa mesma sección actual.

A ficha de planeamento non obriga á ampliación desta rúa senón ó seu estudo, o que se formula nos apartados 1.5.1. e 2.3.2. 2.1 da memoria do proxecto, así a peonalización e mantemento da sección xustifícase porque:

- O máis sinalado nesta rúa é o bico de botella que a Baixada a San Roque supón para o tráfico que dende Illas Filipinas descende ata a Avda. de Madrid bordeando o muro da finca San Roque. A rúa de 15 m de ancho pasa a escasos 6 m. no inicio da baixada. Hai que engadir a esta circunstancia a escasa visibilidade que permite o muro en curva e a ausencia de beirarrúa a pé deste o que converte dita baixada nun lugar perigoso para a circulación rodada.

- A existencia de numerosas vivendas no seu lado esquerdo e o muro de contención da finca de San Roque fai practicamente inviable o seu ensanche. O carril peonil permitirá o acceso rodado ocasional dalgúns propietarios que unicamente poidan acceder por el.

- Por outro lado, e no aspecto relativo a problemas de tráfico, é evidente a conveniencia de resolve-los enlaces da rúas Faisán, con Illas Filipinas e de esta coa Avda. de Madrid e con Gregorio Espino. A prolongación da rúa Papuxa ata a Avda. de Madrid e a posibilidade do xiro á esquerda do cruce con esta Avda. facilitará tamén o tráfico do barrio. É importante incidir en que na rúa Faisán atópase o Ambulatorio do Calvario e a central de ambulancias do SERGAS. Coa dotación viaria do PERI estes vehículos atoparán unha saída rápida a Illas Filipinas e un enlace directo co seu máis frecuente destino como é o Hospital Xeral.

A proposta de peonalización da actual Baixada a San Roque informouse favorablemente polo xefe de Circulación Viaria no 12/04/1999, segundo consta no expediente administrativo do avance, por canto créase un espazo de protección entre o Pazo e as vivendas.

Os PERIs poden efectuar un reaxuste das aliñacións trazadas no PX, e mellorar as condicións viarias previstas no PXOU, para resolución de problemas de circulación, non así reducir aquelas.

3º.- Os alegantes non xustifican as supostas reservas de dispensación denunciadas nas ordenanzas do PERI. Este Plan Especial adecúase á normativa do Plan Xeral, e prevé unha ordenación específica respecto de circunstancias concretas e xustificadas no propio plan de acordo coa lexislación de obrigada aplicación.

A sentenza 843/1995 de 14/12/1995 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) -rec. 2/4816/1993-, foi casada e revogada pola posterior do Tribunal Supremo do 03/05/2001, e substituída pola do TSXG do 04/12/2003 desestimatoria da demanda. Ademais, a ficha de características do Plan Xeral sobre este polígono especificou as tipoloxías características (aberta, unifamiliar e colectiva), co seguinte criterio de ordenación: *"Procurarase que a tipoloxía de menor altura se sitúe no entorno do Pazo de San Roque para preserva-las vistas de dita finca"*.

O Plan Xeral, no solo urbano pode establece-la ordenación detallada, ou prever operacións de reforma interior a concretar nun futuro Plan Especial. Neste último caso, o art. 29.1.b) do RPU dispón que *"O Plan Xeral deberá precisar explicitamente os obxectivos que a reforma se propón e, ó menos, os usos e intensidades -en suma, o aproveitamento urbanístico- dos mesmos que haberán de resultar da reforma prevista"*. Aspectos todos estes contidos na referida ficha do PXOU-93. Asemade, o art. 62.1 LOUGA permite que os plans especiais modifiquen a ordenación detallada do Plan Xeral, con certos límites cumpridos neste caso. Tamén o art. 77.2.d) do RPU (RD 2159/1978) prevé que os PERIs teñan as súas propias ordenanzas.

Na memoria deste PERI xustifícase a delimitación dun único Polígono, a fixación dos prazos para a execución e a elección do sistema de actuación (compensación), para o seu desenvolvemento.

No Plan Especial efectúase así mesmo unha cualificación pormenorizada do solo, cumprindo os obxectivos da reforma e os usos e intensidades ou aproveitamentos fixados no Plan Xeral.

O técnico redactor do PERI engade no seu citado informe outro argumento adicional: O Plan Xeral de Vigo, no seu aptdo. "3.4.2." relativo á definición da "Ordenanza 1.2 de edificación aberta", despois das condicións específicas de edificación, permite un certo marxe de apreciación para os PERIs na definición de tipos específicos de bloques abertos. Así, dispón literalmente que: *"As condicións que o presente Plan estableza para o seu desenvolvemento mediante planos de rango inferior poderán definir outros tipos específicos de bloques abertos, en función dos condicionantes de localización"*. No mesmo senso pronúnciase o aptdo. 3.4.2.c. do PXOU relativo ás condicións de volume da "Ordenanza 1.2. de edificación aberta".

Neste senso, o Plan Xeral estableceu, respecto do "PERI IV-09 Baixada de San

Roque" os seguintes criterios de ordenación:

1.- ncardinación da nova edificación fixando tipoloxías e alturas de acordo coa edificación existente.

2.- Procurarase que a tipoloxía edificatoria de menor altura se sitúe no entorno do Pazo de San Roque para preserva-las vistas e evitar alturas sobre a citada finca.

Pois ben, o PERI en cuestión cumpre ditos obxectivos: sitúa a edificación de menor altura e a unifamiliar nas proximidades do Pazo de San Roque deixando totalmente libres as vistas do mesmo - tal como se recoñece no informe da Consellería de Cultura-, e dispón os bloques abertos de maior altura no extremo sudeste do ámbito -o máis alonxado do Pazo- igualando as alturas destes bloques proxectados coas alturas dos lindeiros. Na memoria expresamente se indican os criterios de ordenación seguidos zona por zona, parcela por parcela, estúdiase a situación e o estado da edificación respetando como unha situación de feito a edificación que non resulta absolutamente incompatible coa proxectada. Consecuentemente, o PERI preveu para cada unha das zonas que integran o seu ámbito as correspondentes ordenanzas partindo das súas características.

4º.- Posible superación dos límites de densidade e edificabilidade en solo urbano non consolidado.

Esta específica cuestión xa examinouse debidamente e resolveuse no "informe-proposta" de data 18/10/2001 previo á aprobación inicial, obrante no expediente. O PERI nin supera as edificabilidades máximas fixadas no vixente PXOU-93, nin minora as superficies destinadas a equipamentos e dotacións.

5º.- Dúbdas sobre a titularidade pública de determinadas fincas:

Tal e como afirma o equipo redactor "urbanísticamente o seu cauce de resolución remítese ás fases de xestión e execución do planeamento de desenvolvemento".

Non obstante solicitouse información da Oficina de Patrimonio municipal sobre este extremo, informándose que a parcela nº 1 do ámbito non forma parte do Inventario municipal e, no que concerne ó camiño da Mina de Román, existe un expediente de desafectación do Inventario, que conta con aprobación inicial do 1 de marzo de 1999. En todo caso este terreo debería quedar como propiedade dubidosa, e no proxecto de compensación clarexaría a súa titularidade.

PROPOSTA: Estimar parcialmente no senso exposto.

ALEGACIÓN Nº 12

Data: 02/04/2002.

Nº de doc.: 274675

Interesado: D. Adolfo Pérez Rodríguez

Obxecto: A) Discrepancia coas partidas indemnizatorias derivadas da xestión e das obras de urbanización. B) Necesidade de delimitar varios polígonos.

Informe: No referente ás indemnizacións por derrubas e demais prexuízos dos propietarios, reitérase o afirmado a propósito da alegación núm. 1 (aptdo. 4º).

-----  
S.Ordinaria 28.06.04

En aplicación do disposto no artigo 98 do Regulamento de xestión urbanística, no proxecto de compensación tamén se incluírán entre os custos de urbanización a indemnización das construcións que non poidan adxudicarse integramente ó seu propietario (o que dependerá do propio proxecto de compensación). Por outra banda, os membros da Xunta de Compensación, por acordo unánime poderán fixar os seus propios acordos indemnizatorios, distintos dos manifestados polo equipo redactor do PERI.

B) No referente á delimitación de polígonos, remítese ó sinalado sobre a alegación núm. 5 anterior (aptdo. 2). A execución do polígono polo sistema de compensación garante o cumprimento do principio de xusta distribución de cargas e beneficios entre os propietarios.

PROPOSTA: Desestima-la alegación.

ALEGACIÓNS Nº 13-14

Data: 04/04/2002

Nº de doc.: 274791 e 274816.

Interesado: D. Álvaro Iglesias Veiga e D. Euardo Canabal Sanz.

Obxecto: 1º.- Publicación da ficha de características deste ámbito do Plan Xeral. 2ª.- Trazado e ancho do vial "Prolongación da rúa Papucha". 3ª.- Necesidade de notificar ós propietarios lindantes. 4ª.- Inexistencia de Xunta de Compensación. 5ª.- Necesidade de empra-lo lugar de situación do 10% do aproveitamento municipal de cesión obrigatoria. 6ª.- Reservas e estándares legais. 7ª.- Aptdo. 3.4.2. Ordenanza 1.2. do vixente PXOU e outros.

Informe:

1º.- Publicación da ficha nº 88 deste ámbito do Plan Xeral.

O acordo de aprobación do PXOU-93 publicouse no DOG núm. 87, do 10/05/1993. As súas normas e ordenanzas publicáronse tamén no BOP núm. 133, do 14/07/1993 e no núm. 163, do 26/08/1997. Cumpriuse así o disposto no Art. 70.2 Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local -LBRL- (e nos posteriores art. 48 LSG-97, e art. 92 LOUGA).

A "ficha de características" deste polígono non innova nada sobre o disposto nas ordenanzas xerais publicadas no BOP. Só contén un listado de datos descritivos da súa extensión e ámbito, cunha serie de determinacións técnicas a cumprir, e cuns criterios de ordenación específicos (trafico, distribución de volumes e alturas,...) para o ámbito territorial do PERI.

Por outra banda, os referidos preceptos unicamente esixen a publicación das "normas e ordenanzas". Non dos demais documentos dos plans urbanísticos (memoria, planos, estudo económico-financieiro, "fichas"). Así o considerou o Tribunal Supremo nas súas sentenzas do 18/06/2002, 25/02/2002 e 03/12/2001 (Arz. 2002\202, relator: Excmo. Sr. Enríquez Sancho), na derradeira das cales sinalou o seguinte:

*"(...) CUARTO.- En su segundo motivo de casación la parte recurrente invoca el artículo 70.2 de la Ley reguladora de las Bases de Régimen Local núm. 7/1985, de 2 de abril (LBRL), tal como ha sido interpretado por la jurisprudencia de esta Sala, que desde las sentenzas de la Sala de Revisión de 11 de julio y 29 de octubre de 1991 declara repetida y uniformemente que la entrada en vigor de los planes urbanísticos está condicionada a la íntegra publicación de sus Normas Urbanísticas en el Boletín Oficial*

correspondiente. Es claro, según expresa el antes citado precepto, que este deber de publicación alcanza únicamente a las Normas Urbanísticas de los planes pero no a los demás documentos que los integran, respecto a los cuales la exigencia de publicidad se entiende cumplida con la publicación del acuerdo de aprobación definitiva del plan y la posibilidad de consulta de aquellos en las oficinas municipales.(...).

2º.- Trazado e características do vial "Prolongación da Rúa Papucha".

No Plan Xeral determínase o seguinte obxectivo respecto deste viario: "Ordenación da estrutura do ámbito fixando os viais de conexión cos do entorno (Avda. de Madrid e Gregorio Espino)."

No proxecto do PERI trázanse os viais de conexión cos do entorno así como coa Avda de Madrid e Gregorio Espino mediante a prolongación da rúa Filipinas ata a rúa Faisán que conecta directamente coa Avda de Gregorio Espino e a prolongación da rúa Papuxa dende a rúa Faisán ata a Baixada de San Roque, en anel, conectándoa directamente coa Avda. de Madrid. Nos apartados 1.5.1., 2.1 e 2.3.2. da memoria do PERI xustifícase a ordenación da estrutura viaria proposta partindo de:

"- A recente inauguración do ambulatorio do SERGAS, na rúa Faisán así como os cambios de direccións do Plan de tráfico que provocou un aumento importante de vehículos nesta rúa e próximas. No aspecto dos viais previstos no Plan Xeral este prevé a prolongación da rúa Papuxa ata o seu encontro coa Baixada de San Roque. Ademais nos criterios de ordenación da ficha o Plan propón que se estude a prolongación da rúa Illas Filipinas co seu mesmo ancho ata a Avda. de Madrid e que se estructure o ámbito fixando as vías de conexión cos do entorno."

"- Por outro lado, e no aspecto relativo a problemas de tráfico, é evidente a conveniencia de resolver os enlaces da rúas Faisán, con Illas Filipinas e de esta coa Avda de Madrid e con Gregorio Espino. A prolongación da rúa Papuxa ata a Avda. de Madrid e a posibilidade do xiro á esquerda do cruce con esta Avda. facilitará tamén o tráfico do barrio. É importante destacar que na rúa Faisán atópase o Ambulatorio do Calvario e a central de ambulancias do SERGAS. Coa dotación viaria do PERI estes vehículos atoparán unha saída rápida a Illas Filipinas e un enlace directo co seu máis frecuente destino como é o Hospital Xeral."

"b) A rúa Illas Filipinas prolóngase en dirección á rúa Faisán separándose do muro da finca de San Roque e xirando á dereita baixa paralela a este e a uns 40 m de distancia para comunicarse coa Avda de Madrid. O seu último tramo coincide en parte coa prolongación da rúa Papuxa tal e como ven recollida no Plan xeral. A pendente será no tramo inicial dun 10%, seu radio mínimo de xiro de 22 m, e seu ancho constante de 15 m, dimensión igual, tal e como figura nas observacións da ficha, ó ancho da actual rúa Illas Filipinas.

c) A actual rúa Papuxa ensánchase confundíndose coa anterior segundo trazado do Plan Xeral. A súa pendente máxima será de 2,5% e o seu ancho constante de 15 m. O acceso ós garaxes do edificio nº 60 B de Alcalde Gregorio Espino mantense como na actualidade. Para salvar o desnivel entre a rasante prevista do novo vial e a cota en descenso, aproximadamente 1,5 m, da rúa Papuxa construírse un pequeno muro de contención rematado con varanda de protección.

d) A rúa Bolboreta actualmente en fondo de saco, se completa ata o seu encontro coa anterior.

O traslado das determinacións do Plan Xeral a unha escala distinta pode facer necesaria a introducción de certos reajustes e alteracións e as características do terreo en cuestión <<*poden esixir unha certa recomposición das previas determinacións para parcelas viables, segundo as regras técnicas da ciencia urbanística*>>. Son modificacións impropias porque implican matizacións das determinacións do Plan Xeral en función das características do sector ó que se aplica, afectando por tanto, unicamente a elementos secundarios. Así os Tribunais aceptaron que a través do Planeamento secundario se realice o reajuste de trazado de vías de comunicación para adaptalas ó terreo, o establecemento de aliñacións e rasantes e a precisión dos límites de diversas zonas. Tamén, incluso cambios escasamente significativos no uso do solo previsto, na anchura das rúas e nos índices de edificabilidade. A STS do 10/06/1985, RJ 1985, 4128) considerou válido un plan secundario que incrementaba o ancho dos viais por causa xustificada.

A xurisprudenza afirmou reiteradamente que “os plans especiais non teñen respecto do Plan Xeral a estricta dependencia que teñen os Plan parciais”. Así, como se explica na STS 17 xuño 1992 (RJ 1992, 5160) “Os plans especiais non son un simple e automático desenvolvemento de todas e cada unha das previsións do Plan xeral, senón que debe recoñecérselles a autonomía e campo de actuación propio que é imprescindible para que poidan cumprir os fins específicos que os xustifican, sempre e cando respeten a... estrutura orgánica de ordenación do territorio e (as) determinacións xerais de orden fundamental configuradas no Plan Xeral”

3º.- Notificacións ós colindantes do ámbito.

Ningún dos preceptos citados polos alegantes a este respecto esixen a notificación do procedemento ós propietarios exteriores ó ámbito de actuación. De todos os xeitos, a publicación da apertura dos sucesivos trámites de información pública garantíu que calquera terceiro interesado tivese coñecemento deste expediente e puidese interpor as alegacións oportunas.

4º.- Inexistencia de Xunta de Compensación.

Reprodúcese íntegramente o sinalado ó respecto sobre a precedente alegación núm. 3 (aptdo. 2º). O art. 119 LSG-97 e art. 109 LOUGA prohíben constituír xuntas de compensación antes da aprobación e entrada en vigor do planeamento secundario pormenorizado preciso. Así o confirmou o TSXG na súa sentenza firme núm. 919/2001, de 24 de maio de 2001 (recurso cont.-ad. 2/5879/1997, relator: Ilmo. Sr. Arrojo Martínez, Arz. RJCA 2001\924), referida a Vigo.

5º.- Localización do aproveitamento urbanístico municipal.

No apartado 2.3.6. da memoria do PERI, aprobado inicialmente, detállase o aproveitamento municipal correspondente polo 10% de cesión dos propietarios, ó que deberá engadirse, no proxecto de compensación, o aproveitamento que lle resulte como propietario de terreos existentes no ámbito.

Segundo o establecido nos artigos 172 e 173 do RXU, a situación e localización concreta dos terreos de cesión á Administración correspóndelle ó proxecto de compensación.



O TSX Galicia sinalou en reiteradas sentenzas (p.e. a núm. 882/1998, do 15 de outubro, dictada no rec. cont.-ad. 2/4870/1996, referida a Vigo) que dita concreta localización efectuarase no instrumento de equidistribución, na fase de xestión urbanística, e non na previa do planeamento.

6º.- Reservas de solo para dotacións:

O alegante emprega como criterio de referencia para cualificar como insuficientes as dotacións e prazas previstas, o Anexo ó que se refire o artigo 48.4 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño, que aproba o Regulamento de planeamento.

Sen embargo, o Anexo do Regulamento de planeamento refírese exclusivamente a reservas de dotacións en plans parciais (solo urbanizable) e non en plans especiais de reforma interior (solo urbano). Así o considerou o TSX Galicia en varias sentenzas dictadas no 27/03/2003 a propósito do "PEPRI Finca do Conde".

7º.- Límites de edificabilidade contidos na LSG-97 e na LOUGA.

Esta cuestión xa se xustificou axeitadamente no informe municipal de data 18/10/2001 no que se propuxo a aprobación inicial do procedemento. Ademais, a Disp. Trans. Primeira.1.c) da recente Lei 9/2002, do 30 de xaneiro (LOUGA) coaduxa á mesma conclusión. De tódolos xeitos, a edificabilidade máxima recoñecida no PERI (1,4 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>) non supera o límite regulado no art. 46.2.a) LOUGA para esta clase de solo.

Respecto da suma de edificabilidades residenciais e industriais, reproducése o sinalado neste mesmo informe a propósito da alegación núm. 11, aptdo. 1º.

9º.- Aptdo. 3.4.2. "Ordenanza 1.2". do vixente PXOU-93. Sentenza do TSXG 843/95

Xa se sinalou nas liñas anteriores que a sentenza 843/1995 de 14/12/1995 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) -rec. 2/4816/1993-, foi casada e revogada pola posterior do Tribunal Supremo do 03/05/2001, e substituída pola do TSXG do 04/12/2003 desestimatoria da demanda. Ademais, o PERI IV-09 Baixada de San Roque, previsto no PXOU-93 como "operación integrada" contén na súa ficha de planeamento as determinacións necesarias para a súa formulación, segundo precisa o art. 29.1.b) RPU. O PERI respeta a tipoloxía característica e alturas máximas previstas no Plan Xeral. Pero inclúe as súas propias ordenanzas (art. 77.2.d. do RPU) que non teñen por qué coincidir miméticamente coas do Plan Xeral (informe alegación 12 apartado 3º).

a) sólidos "Bs" e "Cs", ocupación baixo rasante nun 100 % da parcela. ■  
Consonte co exposto no apartado anterior, o plan especial pode proceder á concreción da área de superficie que se destina á edificación, pois iso supón a asignación de usos pormenorizados. En ningún apartado das normas urbanísticas xerais do PXOU se esixe un recuado mínimo ós lindeiros na ocupación dos sotos, permitíndose nalgunhas ordenanzas a ocupación total do subsolo da parcela edificable mediante licenza directa ou a través dos instrumentos do desenvolvemento do Plan Xeral.

Así, a posibilidade de crear ou ocupar o subsolo para aparcamentos privados baixo os "espacios libres" prevese no PXOU-93, no apartado 3.4.2. "Ordenanza 1.2. de edificación aberta", no que se dispón que baixo os mesmos poderán autorizarse, a través dos instrumentos de desenvolvemento do

Plan Xeral (como é o caso do presente PERI), garaxes-aparcamentos soterrados, dos que as cubertas estarán obrigatoriamente axardinadas.

Do mesmo xeito, o PXOU-93 admite tamén a ocupación baixo rasante (no subsolo) sen limitación da superficie ocupada, para usos autorizados pola ordenanza como é o de garaxe-aparcamento, no caso dos "patios de cuarteirón e de parcela" (apartado 3.3.1.e. das NNUU), que corresponden ós edificios en cuarteirón pechado: "Ordenanza 1.1. de edificación pechada" (apartado 3.4.1.).

b) Cesión dun uso de superficie nos bloques "Bs" e "Cs".  
Dita cesión referíase realmente á constitución dun dereito real de servidume en favor do Concello que permitiría o uso público da superficie da parcela. Servidume perfectamente acorde co disposto ó respecto no Código Civil. De todos os xeitos, na documentación reformada presentada visada 26/03/2002 elimínanse estas zonas de "cesión de uso de superficie".

c) prazas de aparcamento.  
O artigo 22.1.g) LSG-97 non resulta aplicable a este PERI, afectando únicamente ós Plans Parciais (solo urbanizable). Por outra banda, de aceptarse o solicitado polo alegante, habería que adicar a aparcamento en superficie 26.100 m<sup>2</sup>, o que resultaría absurdo pois a superficie neta do ámbito é de 26.388 m<sup>2</sup>.

A reserva de aparcadoiros do PERI xustifícase no apartado 2.3.2. da memoria: 55 prazas, con 2 para minusválidos anexos ó viario previsto, máis as prazas obrigatorias nas parcelas privadas, por ordenanzas.

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

### 3.- RESPOSTA ÁS OBSERVACIÓNS SINALADAS POLA CPTOPV NO INFORME PREVIO Á APROBACIÓN INICIAL DE 11/05/2001.

Con carácter previo á aprobación inicial os servizos técnicos e xurídicos municipais informaron sobre ditas observacións no informe-proposta de data 18 de outubro de 2001, que figura nas páxinas 33 a 36 do expediente, e logo transcribiuse no acordo de aprobación inicial.

### 4.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

Este Plan Especial de Reforna Interior axústase ó disposto no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente no 29/04/1993. O seu contido e fins correspóndense cos previstos no art. 26.2.c) Lei 1/1997, do 24 de marzo do solo de Galicia e art. 70 Lei 9/2002, do 30 de decembro (LOUGA).

A documentación do Plan Especial cumpre tanto o preceptuado no art. 70 LOUGA como na anterior lexislación.

No PERI delimitase un único polígono que se executará polo sistema de compensación, de conformidade co disposto nos arts. 154 e ss. e disp. trans. primeira.1.c) LOUGA.

Nese polígono resultará preceptiva a constitución dunha entidade urbanística de conservación sobre as novas zonas verdes urbanizadas,

consonte esixe o Apto. 3.2.3.5.b. 'in fine') PXOU-93, en consonancia cos Arts. 68 e 25.3 RD 3288/1978, do 25 de agosto, aprobatorio do Regulamento de xestión urbanística (RXU).

É competente para acorda-la aprobación definitiva deste Plan Especial o Pleno do Concello, por maioría simple de votos, consonte dispoñe o art. 123.1.i) Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local (LBRL), modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro."

Polo anteriormente exposto os técnicos informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 3 de xuño de 2004, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

DEBATE.- SR. RUIZ CENICEROS: Tamén brevemente e no mesmo sentido que no punto da orde do día anterior. Neste Plan Especial prevese unha ordenación e unha edificabilidade que en principio é cuestionada polo propio Equipo redactor do Plan Xeral. Xa o expuxemos no Consello da Xerencia e non se fixo ningunha modificación ó respecto.

É certo que este Plan Especial mellora ó que se aprobou inicialmente porque eliminou a edificabilidade industrial, pero segue mantendo unha edificabilidade de 1,40 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> e o propio Equipo redactor na ficha que o Concello mandou a Santiago redúcea a 1,20 porque coida que a de 1,40 actual é excesiva.

Estamos co mesmo, se se aproba este Plan Especial e posteriormente o Plan Xeral, o propio Plan Especial vai quedar fóra de ordenación, é unha ordenación que non sabemos se é provisional nin exactamente qué se pretende.

Ante esa confusión o Grupo municipal socialista opta por se abster.

SR. SOTO FERREIRO: A nós este tema seméllanos unha boa ordenación urbanística. Este expediente iniciouse no mandato anterior e xa o vimos na Xerencia de Urbanismo.

Nós estaríamos encantados de poder votar a favor porque coido que lle dá unha boa urbanística a esa zona e que vai axudar a unha comunicación. Lembro as intervencións do Sr. Castrillo na Corporación anterior pedindo un paso peonil (é un tema que coido de certo interese nesa zona da cidade) para comunicar a zona da Praza das Palmeiras co Pazo de San Roque. É dicir, ten elementos moi interesantes urbanisticamente. Estaríamos encantados de votar a favor no próximo Plan Xeral pero temos que votar en contra por esas razóns de

ilegalidades que hai nestes temas. Gracias.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezasete votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Polo Lima, Toba Girón e a Presidencia, oito abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Cenicerós e Sío Lourido e dous votos en contra dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Estimar parcialmente e desestimar as alegacións interpostas durante o trámite de información pública no procedemento de referencia, no senso e polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste acordo (expte. 6710/411).

Segundo.- Aprobar definitivamente o "PERI IV-09-Baixada a San Roque", na súa última versión, de febreiro de 2003, redactado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis e visado polo COAG no 11/02/2003 e 15/10/2003, coa simultánea delimitación de polígono e fixación do sistema de compensación para a súa execución.

Terceiro.- Deberá constituírse unha entidade urbanística de conservación no momento da recepción das obras de urbanización, nos termos esixidos no planeamento xeral e na lexislación vixente.

Cuarto.- Publíquese a parte dispositiva deste acordo no DOG e a normativa e ordenanzas do PERI no BOP. Remítaselle unha copia autenticada de dous exemplares do PERI á Consellería de Política Territorial da Xunta de Galicia. Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós alegantes e ós propietarios do ámbito, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses.

5.- (156).- ESTUDIO DE DETALLE NO POLÍGONO NÚM. 53 DO PERI DO CALVARIO.  
PROPOSTA DESESTIMATORIA. EXPTE. 7839/411.

ANTECEDENTES.- Con data 28 de maio de 2004, o técnico de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. Cominges Cáceres, informa do que segue:

"1.- En data 26/07/2002 D<sup>a</sup> Adela Iglesias Tresandi presentou nesta Administración municipal solicitude de tramitación e aprobación do estudo de detalle do polígono 53 do PERI IV-04 "Calvario". Achegou ó efecto memoria e planos asinados polo arquitecto D. Faustino Mena Mur, visados polo COAG no 23/07/2002.

No día 26/08/2002 a Xerencia de Urbanismo dirixíulle un oficio á solicitante a fin de que subsanase diversos extremos e aportase nova documentación.

No 02/09/2002, D. Luis Iglesias González personouse no procedemento como interesado, na súa calidade de Presidente da Xunta Xestora do polígono.

2.- No 04/03/2003, dito interesado presentou nesta Administración municipal un novo proxecto "reformado de estudo de detalle", visado polo COAG no 03/03/2003.

No 02/05/2003 dirixíuselle outro oficio ós promotores da actuación. Nel comunicóuselles a detección de diversas deficiencias na documentación presentada, así como a incapacidade do estudo de detalle para establece-la ordenación proposta como consecuencia do disposto no art. 73 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística de Galicia (LOUGA), entroutros extremos.

3.- En data 02/03/2004 o Pleno do Concello acordou suspender cautelarmente o outorgamento de licenzas urbanísticas no ámbito de referencia con motivo da revisión do Plan Xeral (art. 77 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística de Galicia).

4.- No día 11/03/2004 D. Faustino Mena Mur presentou na Xerencia de Urbanismo unha carpeta con 10 planos, intitulados "modificación del PERI del Calvario en el Polígono 53". Non inclúe nin memoria, nin estudo económico-financeiro, nin programa de actuación, ordenanzas etc. Nin tampouco solicitude expresa de que se tramite unha modificación do Plan Especial.

5.- No 07/05/2004 o arquitecto técnico da Xerencia Municipal de Urbanismo emitíu un informe ó respecto, dando conta dos citados antecedentes.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

O estudo de detalle (ED) presentado non pode ser aprobado. En primeiro lugar porque resulta incompatible co disposto nos arts. 73.2 e 109.2 da recente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística de Galicia (LOUGA), aplicables ó caso. Os ED carecen de potestade para establecer unha ordenación orixinaria, proxectar novos viais ou modifica-las determinacións dun Plan Especial.

En segundo lugar, porque o ámbito ó que se refire foi obxecto do acordo plenario municipal do 02/03/2004 de suspensión de licenzas urbanísticas, motivado na revisión do novo Plan Xeral (art. 77 LOUGA).

Por este segundo motivo, tampouco se pode tramitar unha modificación puntual do PERI do Calvario. Modificación que, por outra parte, non foi solicitada expresamente por ningún dos promoventes do estudo de detalle.

O estudo de detalle proxectado podería considerarse desestimado por silencio administrativo negativo (art. 90.1 LOUGA). Sen embargo, o art. 42 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXA-PAC) obriga a resolver expresamente en todo caso, aínda despois de producido o acto presunto desestimatorio.

É competente para dicta-lo acordo que agora se propón, o Pleno do Concello, por maioría simple (art. 123.1.i LBRL)."

Polo anteriormente exposto o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 3 de xuño de 2004 propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Desestimar a aprobación do estudo de detalle do Polígono 53 do PERI IV-04 O Calvario, promovido por D<sup>a</sup> Adela Iglesias Tresandi e D. Luis Iglesias González (Xunta Xestora), polos motivos sinalados na parte expositiva deste acordo (exptes. 7839/411 e 8928/411).

Segundo.- Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses.

6.- (157).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL DE AXUDAS Á REHABILITACIÓN DA ARI DE BOUZAS. EXPTE. 167/431.

ANTECEDENTES.- Con data 25 de maio de 2004, o técnico de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. Rodríguez Bartol, coa conformidade do Xerente, formula o seguinte informe:

"I. FEITOS

1.- En data 25.03.2003 declarouse «Área de Rehabilitación Integrada» o casco histórico de Bouzas, tendo, por tanto, a consideración de Área de

Rehabilitación de acordo co previsto no artigo 29 do RD 1/2002, do 11 de xaneiro, polo que se aprobou o Plan cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005, puidéndose en consecuencia financiar as operacións de rehabilitación de edificios e vivendas promovidas nese ámbito así como, se é o caso, as obras de demolición; todo isto ó abeiro do previsto na sección 2ª do capítulo V do citado RD 1/2002 e no D 199/2002, do 6 de xuño, da CA de Galicia.

2.- Unha vez asinado o 26.02.2004 o «*Convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Bouzas. 1ª Fase*», a instrumentación do réxime de axudas á rehabilitación alí previsto precisaba da elaboración dunha ordenanza municipal como norma reguladora idónea que disciplinase en detalle o desenvolvemento e execución do convenio, conforme ós principios, hoxe positivizados na L. 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións (LXS), de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

3.- A respecto do seu contido, a Ordenanza establece o réxime xurídico das axudas á rehabilitación no ámbito considerado (ARI do Casco Histórico de Bouzas) regulando:

- a) Os tipos de actuación e de axudas económicas (que teñen o carácter de subvención a fondo perdido), determinando as prioridades e os criterios de preferencia nas actuacións de rehabilitación.
- b) Os requisitos para acceder ás axudas, tanto obxectivos (conformidade co planeamento, obrigatoriedade da licenza urbanística, condicións dos inmobles...) como subxectivos (condicións dos posibles beneficiarios).
- c) Os distintos programas de actuación previstos en execución do convenio (de *conservación, restauración, remodelación, reestructuración...*), a contía das axudas aplicables en cada caso e o orzamento protexible.
- d) A documentación requirida para a solicitude das axudas, os procedementos de concesión das mesmas e de contratación e execución das obras subvencionadas, así como a tipificación das causas determinantes da denegación das axudas solicitadas e da perda e conseguinte devolución das concedidas.
- e) Nas súas disposicións adicionais fíxase o novo módulo unitario de rehabilitación para o ano 2004 e o baremo de puntuacións para os criterios de preferencia. Prevese tamén a posibilidade de levar a cabo actuacións concertadas para a rehabilitación de inmobles destinados a usos de interese público, social e cultural, de promover e desenvolver -tamén mediante convenio- actuacións de rehabilitación destinadas ao aloxamento en réxime de alugueiro de vivendas e/ou locais en edificios de particulares e institucións mediante cesión de uso e aproveitamento dos mesmos e, finalmente, de estender o réxime de axudas a actuacións orientadas á mellora e actualización dos locais de comercio e outras actividades económicas.

4.- Na redacción desta Ordenanza tívose en conta o disposto na vixente L.38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aplicable ás entidades que integran a Administración local e, en tanto que norma reguladora das bases de concesión das subvencións, nela se concretan os extremos indicados no artigo 17.3. da Lei.

Especial incidencia teñen as determinacións legais relativas ós requisitos para acadar a condición de beneficiario das subvencións e ó procedemento

xeral de outorgamento destas, que se realizará en réxime de concorrencia competitiva (capítulo 5º), coa intervención dun órgano instructor (Oficina de Rehabilitación), dun órgano colexiado (Comisión municipal de seguimento dos programas de rehabilitación) e do órgano concedente (Consello de Xerencia, por delegación da Xunta de Goberno local).

5.- O texto da nova Ordenanza dictaminouse favorablemente na 7ª xuntanza da Comisión municipal de seguimento dos programas de rehabilitación, que tivo lugar o pasado 20.05.2004, e previamente remitido á Delegación provincial do IGVS en Pontevedra para o seu coñecemento, sen que se formulase pola súa parte ningún tipo de obxección.

## II.- DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

1.- Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materias tales como a ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística, a promoción e xestión de vivendas (arts. 25.2.d] LRBRL e 80.2.d] LALGA), a protección do patrimonio histórico-artístico (arts. 25.2.e] LRBRL e 80.2.e] LALGA) e da salubridade pública (art. 25.2.h] LRBRL).

2.- As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (arts. 84.1.a LRBRL e 5 do RSCL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da L.7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local (LRBRL) e do RD. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e 6.1.a) da L.5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

3.- Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, ós principios de legalidade, igualdade de trato, proporcionalidade e congruencia cos motivos e fins que xustifiquen a potestade e o respecto á liberdade individual (arts. 286 LALGA e 2, 4 e 6 do RSCL).

4.- As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non puidendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero sí tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (arts. 4, 286 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 139-141 da L.57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local (BOE nº 301, do 17.12.2003).

5.- A teor do disposto na precitada L. 57/2003, corresponde á Xunta de Goberno local, a aprobación dos proxectos de ordenanzas (art. 127.1.a]) e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (art. 123.1.d]); atribución esta última tamén recollida nos artigos 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF. Ademais, conforme co artigo 8.m] en relación co artigo 3 dos Estatutos da XMU, correspóndelle ó Consello de Xerencia propoñerlle ó Pleno da Corporación a adopción de acordos en todos aqueles asuntos nos que a competencia se reserva a este.



6.- De acordo cos artigos 49 da LRBRL (na redacción dada pola L. 11/99, do 21 de abril) e 56 do RDLex. 781/86, do 18 de abril (Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local: TRRL), a súa aprobación axustarase ó seguinte procedemento:

- a) Aprobación inicial polo Pleno.
- b) Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.
- d) De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

7.- Conforme co previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da LRBRL e 196.2 do ROF, a Ordenanza deberá publicarse integramente no BOP e entrará en vigor ós quince (15) días hábiles da súa publicación completa."

Polo anteriormente exposto, o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 9 de xuño a interventora xeral e mailo xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo emiten informe e manifestan que entenden axustado a dereito o texto da ordenanza que se pretende aprobar.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 10 de xuño, propón a aprobación da citada proposta.

Na Xunta de Goberno Municipal, en sesión do día 21 de xuño, deuse conta do anterior informe e proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a «ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRADA DE BOUZAS», elaborada pola asesoría xurídica da Xefatura da Xerencia municipal de Urbanismo, co texto que se transcribe ó final do presente acordo.

Segundo.- Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Terceiro.- Declarar que, consonte ó establecido no artigo 49.c) da LRBRL (L.7/85), de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da ordenanza no BOP; ordenanza que entrará en vigor ós quince días da súa publicación completa.

**ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRADA (ARI) DE BOUZAS.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

**I**

En desenvolvemento do convenio interadministrativo de colaboración asinado entre o Instituto Galego da Vivenda e o Solo (IGVS) e o Concello de Vigo en materia de actuacións na Área de Rehabilitación Integrada (ARI) de Bouzas, regúlanse nesta ordenanza os criterios e procedementos que seguir para acceder ás axudas públicas destinadas á rehabilitación de edificios e vivendas incluídos nese ámbito.

**II**

Os programas de actuación subvencionados abranguen a rehabilitación de vivendas e edificios e os seus elementos comúns. Con eles téntase estimular a rehabilitación integral, tanto na súa dimensión física como na da súa necesaria revitalización social, económica e cultural. As axudas económicas previstas veñen complementar o labor xa iniciado en anos anteriores mediante actuacións nas fachadas e cubertas das edificacións de interese histórico e arquitectónico de Bouzas, a cargo do Departamento de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo.

**III**

Con carácter xeral, poderán acollerse ás subvencións previstas nesta ordenanza aquelas actuacións de rehabilitación de inmobles que se atopen situados dentro da ARI de Bouzas e sexan conformes ás condicións e limitacións establecidas normativamente. As prioridades para seleccionar as solicitudes de intervención e as contías máximas das subvencións establécense procurando desincentivar o baleirado dos edificios e favorecer a instalación de usos permitidos nas plantas baixas, a conservación ou aumento do número de vivendas, a adecuación a casos de minusvalías e a atención ós supostos de insolvencia económica. En todo caso, para garantir unha xusta distribución dos fondos dispoñibles, as administracións públicas implicadas estudarán de forma coordinada e conxunta cada solicitude individual de rehabilitación.

**IV**

Por outra banda, para garantir a efectiva revitalización dos usos residenciais na ARI de Bouzas e de contribuir á súa diversificación funcional, a ordenanza esixe o compromiso formal de habitar as vivendas rehabilitadas, xunto á presentación do resto da documentación alí prevista.

**V**

Na redacción desta ordenanza tívose en conta o disposto na vixente L. 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, aplicable ás entidades que integran a Administración local e, en tanto que norma reguladora das bases de concesión das subvencións, nela se concretan os extremos indicados no seu artigo 17.3.

**CAPITULO 1º**

## DISPOSICIÓN XERAIS

### Artigo 1.- Obxecto.

1.1. Esta ordenanza configúrase como a norma reguladora das bases de concesión das subvencións que se outorguen ó abeiro e en execución do convenio suscrito entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de actuacións na Área de Rehabilitación Integrada (ARI) de Bouzas, dentro do marco establecido polo RD 1/2002, do 11 de xaneiro, sobre medidas de financiamento das actuacións protexidas en materia de vivenda e solo do Plan cuatrienal de vivenda e solo 2002-2005 e polo D. 199/2002, do 6 de xuño, polo que se estableceron axudas públicas en materia de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia.

1.2. Así mesmo, esta ordenanza será de aplicación ó desenvolvemento dos sucesivos convenios que se subscriban entre o IGVS e o Concello de Vigo no marco de futuros plans de vivenda e solo.

### Artigo 2.- Principios xerais.

A xestión das subvencións reguladas nesta ordenanza realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

### Artigo 3.- Ámbito territorial.

O ámbito territorial desta ordenanza é o da ARI de Bouzas de Vigo, declarada polo conselleiro da CPTOPV o 22.04.03 e coincidente coa delimitación do vixente PEPRI Bouzas.

### Artigo 4.- Tipos de actuación.

As disposicións desta ordenanza serán de aplicación ás seguintes actuacións:

a) Rehabilitación de edificios. Actuacións de conservación, restauración, rehabilitación, remodelación, reestructuración, baleirados e derrubamentos parciais en edificios con uso residencial que comporten o acaemento estrutural e funcional dos ditos edificios. Dentro deste tipo de actuacións distinguiranse as seguintes:

1. Actuacións que supoñen o baleirado interior da edificación.
2. Actuacións que non supoñen baleirado interior.

b) Rehabilitación de vivendas e actuacións para o acaemento das condicións de habitabilidade das vivendas en edificios residenciais. As actuacións en vivendas deberán atender prioritariamente á mellora das condicións de habitabilidade relativas á distribución interior, instalacións de auga, electricidade, ventilación, iluminación natural e aireación, illamento térmico, servizos hixiénicos e instalación de cociña ou doutros servizos de carácter xeral.

c) Actuacións nos elementos comúns das edificacións e de mellora e conservación dos elementos que demandasen os valores histórico-artísticos, arquitectónicos e/ou ambientais. Dentro destas actuacións entenderanse incluídas:

- A instalación de ascensores.
- As instalacións para a detección e prevención de incendios e habilitación de vías de evacuación.
- A supresión de antenas individuais e instalación de antenas colectivas.
- O acaemento de accesos e circulación para uso de minusválidos.

Artigo 5.- Características das axudas económicas.

5.1. As axudas económicas abeiradas ós convenios citados no artigo 1 desta ordenanza terán o carácter de subvención a fondo perdido e poderán acollerse a elas calquera das actuacións consignadas no seu artigo 4.

5.2. As axudas serán concedidas tendo en conta os informes técnicos emitidos pola Oficina Municipal Xestora de Rehabilitación da Vivenda en Vigo (*Oficina de Rehabilitación*).

5.3. Exclúense das axudas os proxectos que supoñan o derrubamento total da edificación ou aqueles derrubamentos que supoñan máis do 40% do volume da edificación existente.

Artigo 6.- Criterios de selección.

6.1. Dentro das actuacións de rehabilitación en edificios, as prioridades xerais serán as seguintes:

1º) Actuacións en todo o edificio sen baleirado interior que conserven ou aumenten o número de vivendas existentes orixinariamente e comprometan a implantación de actividades nun ou en varios locais de negocio en planta baixa, das permitidas pola normativa vixente.

2º) Actuacións en todo o edificio sen baleirado interior que conserven ou aumenten o número de vivendas existentes orixinariamente sen levar parello o compromiso de implantar actividades de negocio.

3º) Actuacións con baleirado interior (se este está permitido pola normativa do PEPRI) que supoñan conservación ou incremento do número de vivendas existentes no edificio orixinariamente e que comprometan a implantación de actividades nun ou en varios locais de negocio en planta baixa.

4º) Actuacións con baleirado interior que conserven ou incrementen o número de vivendas existentes orixinariamente, sen levar parello o compromiso de implantar actividades de negocio.

5º) Actuacións nunha soa vivenda.

6º) Actuacións nos elementos comúns das edificacións e/ou de mellora dos elementos que demanden os valores histórico-artísticos, arquitectónicos e/ou ambientais. Dentro destas actuacións entenderanse incluídas:

- A instalación de ascensores.
- As instalacións para a detección e prevención de incendios e habilitación de vías de evacuación.
- A supresión de antenas individuais e instalación de antenas colectivas.
- O acaemento de accesos e circulación para uso de minusválidos.

7º) Actuacións sen baleirado interior que reduzan o número de vivendas existentes orixinariamente e comprometan actividades de negocio en planta baixa, sempre que o número de vivendas resultante non sexa inferior ao 50% das existentes orixinariamente.

8º) Actuacións en todo o edificio con baleirado interior que reduzan o número de vivendas existentes orixinariamente e comprometan actividades de negocio, sempre que o número de vivendas resultante non sexa inferior ao 50% das existentes orixinariamente.

6.2. A anterior orde de prioridades aplicarase de xeito tal que se poidan realizar actuacións en todos os niveis de prioridade, de existiren e aceptárense as solicitudes correspondentes. Para acadar este obxectivo, establécense as seguintes porcentaxes máximas de actuacións para cada nivel, que poderán ser superadas en caso de non cubrirse as actuacións nos niveis inferiores ou por necesidade de completar a execución das distintas fases dos programas de rehabilitación:

- Un 40% do total do orzamento dispoñible para cada fase de rehabilitación corresponderá ás intervencións en edificios completos que conserven ou aumenten o número de vivendas (prioridades 1ª, 2ª, 3ª e 4ª do apartado a] deste artigo e nesta orde).
- Un 25% do total do orzamento dispoñible para cada fase de rehabilitación corresponderá ás intervencións nunha soa vivenda (prioridade 5ª do apartado a] deste artigo).
- Un 25% do total do orzamento dispoñible para cada fase de rehabilitación corresponderá ás intervencións en elementos comúns (prioridade 6ª do apartado a] deste artigo).
- Un 10% do total do orzamento dispoñible para cada fase de rehabilitación corresponderá ás intervencións en edificios completos que reduzan o número de vivendas (prioridades 7ª e 8ª do apartado a] deste artigo e nesta orde).

6.3. En igualdade de prioridade, serán criterios de preferencia, coa puntuación determinada polo baremo incluído na Disposición adicional segunda desta ordenanza, os seguintes:

- 1º) Os solicitantes con menor capacidade económica.
- 2º) Serán prioritarias as solicitudes de rehabilitación de vivendas destinadas a uso propio ou alugamento sobre as destinadas a futuro alugamento e á venda.

- 3º) As solicitudes que se correspondan con actuacións que tivesen concedidas subvencións por outros programas de rehabilitación.
- 4º) Aquelas que xunto ó uso residencial en plantas altas leven parella a creación de usos compatibles en planta baixa.
- 5º) Os edificios cunha antigüidade maior de 15 anos.
- 6º) As actuacións que, no momento de realizarse a selección das solicitudes de axuda, teñan a licenza municipal de obras concedida ou en trámite para o seu outorgamento.
- 7º) Os edificios cun maior nivel de protección segundo o catálogo do PEPRI.

## **CAPÍTULO 2º**

### **FINALIDADE DAS AXUDAS**

Artigo 7. Conformidade co planeamento.

7.1. Os inmobles e os usos para os que se soliciten as axudas deberán ser conformes coas determinacións do PEPRI ou planeamento especial aplicable en cada momento ou ben acadar a súa conformidade unha vez rematadas as obras obxecto das axudas.

7.2. Poderán concederse axudas para obras parciais e circunstanciais de consolidación en elementos identificados polo órgano municipal competente como desconformes co planeamento. Nestes supostos, reducirase nun 25% a contía das axudas que lles fosen de aplicación segundo a Ordenanza.

Artigo 8.- Condicións dos inmobles.

8.1. Os edificios deberán contar como mínimo con 2/3 da súa superficie útil destinada a uso de vivenda, despois de realizadas as actuacións de rehabilitación. Exclúense do cómputo as superficies por baixo da rasante e a planta baixa das edificacións.

8.2. Non se protexerán actuacións en edificios que carezan de seguridade estrutural e constructiva, de subministración eléctrica e/ou de acaída funcionalidade da rede de saneamento, agás que as obras inclúan as necesarias para a consecución das condicións sinaladas.

8.3. Non se subvencionarán obras ou partidas de obras iniciadas con anterioridade á realización da primeira visita técnica ó inmovible por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

Artigo 9.- Beneficiarios.

9.1. Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de vivendas, edificios e elementos comúns, os propietarios, arrendatarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre as vivendas, cando estas constitúan o seu domicilio habitual e permanente.

9.2. Tamén poderán solicitar as axudas os titulares de vivendas desocupadas sempre que a solicitude leve parello o compromiso de ocupalas eles mesmos ou transmitilas ou cedelas a terceiras persoas en arrendamento ou por calquera outro título legalmente admisible, sempre que sexa como residencia

habitual. Este compromiso terá que se cumprir antes de transcorridos seis meses desde que finalizasen as obras e quedarán condicionadas as axudas á efectiva ocupación das vivendas no dito prazo, que poderá ser prorrogado ata un ano por solicitude da persoa interesada cando medie causa xusta, sen que se proceda á liquidación da axuda en tanto non sexan efectivamente ocupadas.

9.3. Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de edificios os propietarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre eles. Será entón de aplicación o disposto sobre a ocupación no apartado 2 deste mesmo artigo, ben se trate de vivendas ben de locais de negocio.

9.4. Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de elementos comúns dos edificios os propietarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre estes.

### **CAPÍTULO 3º PROGRAMAS DE ACTUACIÓN**

Artigo 10. Programas e contía das axudas.

10.1. Programa de conservación, restauración, remodelación, reestruturación, baleirados e demolicións parciais de edificios residenciais:

a) Axudas económicas para as actuacións sen baleirado interior.

Establécese unha subvención a fondo perdido do 40% do orzamento protexible das obras de rehabilitación que se realicen, sen que a subvención poida exceder de 10.000 € por vivenda no caso 1º), de 8.666 € no caso 2º) e de 8.000 € no caso 7º); todos eles referidos á clasificación que se contén no artigo 6.1 desta Ordenanza.

b) Axudas económicas para as actuacións con baleirado interior.

Establécese unha subvención a fondo perdido do 40% do orzamento protexible das obras de rehabilitación que se realicen, sen que a subvención poida exceder de 8.000 € por vivenda no caso 3º), de 6.666 € no caso 4º) e de 5.333 € no caso 8º); todos eles referidos á clasificación que se contén no artigo 6.1 desta ordenanza.

10.2. Programa de actuacións nos elementos comúns das edificacións e de mellora e conservación de elementos que fosen requiridas polos valores histórico-artísticos, arquitectónicos e/ou ambientais.

As axudas económicas previstas para a rehabilitación fíxanse nunha subvención a fondo perdido do 70% do orzamento protexible das obras de rehabilitación que se realicen. A subvención total non poderá exceder de 6.666 € por vivenda subvencionada.

10.3. Programa de actuacións de rehabilitación de edificios dunha soa vivenda.

As axudas económicas previstas para a rehabilitación estableceranse de acordo coa regulación do programa de actuación que corresponda, tanto de edificios coma de vivendas. No caso de que as actuacións afecten a varios programas de actuación poderanse tomar as axudas que supoñan maior contía.

10.4.Programa de actuacións de rehabilitación dunha soa vivenda ou obras para acaemento das condicións de habitabilidade:

a) Nos casos de rehabilitación completa da vivenda, as axudas económicas previstas establécense nunha subvención a fondo perdido do 50% do orzamento protexible das obras de rehabilitación que se realicen, sen que a subvención poida exceder de 10.000 € por vivenda subvencionada.

b) Nos casos de pequenas obras para acaemento das condicións de habitabilidade, as axudas establécense nunha subvención a fondo perdido do 70% do orzamento protexible das obras que se realicen, sen que a subvención poida exceder de 8.000 € por vivenda subvencionada.

Artigo 11.- Programa complementario de actuacións.

11.1.Establécese un programa complementario de actuacións para tentar dar solución a aqueles casos nos que, existindo unha situación de insolvencia económica por parte dos solicitantes, se pretenda actuar sobre os elementos comúns do edificio ou no acaemento das condicións de habitabilidade das vivendas. Este programa, condicionado á existencia de fondos dispoñibles e á acreditación da situación de insolvencia, terá por obxecto, pois, aquelas actuacións que, pola súa necesidade, características e urxencia, se estimen como prioritarias.

11.2.Será condición indispensable para acollerse a este programa que se recoñeza a necesidade de acaemento á habitabilidade por parte dos servizos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

11.3.As axudas irán dirixidas exclusivamente á instalación, adecuación de cociñas e/ou baños, eliminación de humidades, adecuación de pezas habitables ou instalacións especiais para o uso de persoas afectadas por minusvalías.

11.4.0 orzamento protexible da actuación será determinado polos servizos técnicos, con independencia do custo real da obra.

11.5.Beneficiarios: poderán ser beneficiarios das axudas complementarias deste programa todas aquelas unidades familiares que acrediten insolvencia económica para acometer as obras necesarias.

11.6.Requisitos:

- Xustificante de ingresos de cada unha das persoas que conviven permanentemente na vivenda.
- Fotocopia da última declaración do IRPF, declaración de patrimonio ou certificado negativo de Facenda.
- Declaración xurada de carecer doutra vivenda dentro do Concello de Vigo.



- Calquera outro documento que poida solicitarse para os efectos de cualificar a actuación como extraordinaria.

#### 11.7. Contía das axudas:

As axudas previstas para a rehabilitación centraranse nos seguintes puntos:

- a) Establécese unha subvención a fondo perdido do 70% do orzamento protexible das obras de rehabilitación que se realicen. Esta subvención pode chegar ó 100%, sempre que exista partida orzamentaria para isto e avaliado segundo os criterios anteriormente establecidos.
- b) Poderase resolver o outorgamento de subvencións por unha contía inferior á sinalada anteriormente.

#### Artigo 12.- Orzamento protexible.

12.1. Por orzamento protexible entenderase o orzamento xeral máis o imposto sobre o valor engadido (IVE). O dito orzamento será o resultado de adicionar ó orzamento de execución material o beneficio industrial e os gastos xerais, máis os custos dos honorarios facultativos e de xestión e os tributos satisfeitos por razón das actuacións.

12.2.0 orzamento protexible por vivenda non poderá exceder da contía máxima que resulte de aplicar a seguinte fórmula:

Pmpv = MUR x Su, sendo  
Pmpv = Orzamento máximo protexible por vivenda.  
MUR = Módulo Unitario de Rehabilitación.  
Su = Superficie útil da vivenda.

12.3. Para os casos nos que se rehabiliten elementos comúns, ó anterior Pmpv engadiráselle o seguinte Pmpc:

Pmpc = MUR x Sc x C, sendo  
Pmpc = Orzamento máximo protexible por vivenda que participa nas obras de elementos comúns do edificio.  
MUR = Módulo Unitario de Rehabilitación.  
Sc = Superficie útil dos elementos comúns do edificio.  
C = Cota porcentual de participación da vivenda nos elementos comúns do edificio.

### **CAPÍTULO 4º REQUISITOS XERAIS**

#### Artigo 13.- Requisitos xerais.

13.1. Para os efectos de obter as axudas previstas na Ordenanza será necesario que previamente se xustifique polos interesados que non se atopan incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas nos apartados 2º e 3º do artigo 13 da L.38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS). Tal xustificación poderá realizarse mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa e, no seu defecto,

mediante declaración responsable outorgada perante unha autoridade administrativa ou notario público.

13.2. Os beneficiarios deberán cumprir coas obrigas sinaladas con carácter xeral no artigo 14 da LXS. Ademáis, deberán cumprir tamén os seguintes requisitos específicos:

1º) As obras proxectadas deberán obter a preceptiva licenza municipal de obras e a edificación ou vivenda ter uso residencial unha vez finalizadas as actuacións.

2º) As obras que teñan por obxecto actuacións sobre os elementos comúns do edificio deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e constructiva co estado de conservación do edificio e das instalacións.

Artigo 14.- Límites xerais das axudas.

As axudas económicas previstas nesta ordenanza terán as limitacións que a normativa aplicable prevexa e as que estean establecidas no proceso de rehabilitación ou poidan establecerse durante a vixencia dos distintos convenios.

Artigo 15.- Compatibilidade das axudas.

Para os efectos do disposto nos artigos 17.3.m] e 19.2 e 3 da LXS, estas axudas serán compatibles con calquera outras, desta ou doutras administracións, coas limitacións que se establezan nas distintas normativas reguladoras desoutras axudas, sen que se poida superar, en ningún caso, o 100% do orzamento protexible.

## **CAPÍTULO 5º PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN**

Artigo 16.- Normas xerais.

16.1. O procedemento de concesión das subvencións previstas nesta ordenanza tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

16.2. A iniciación do procedemento realizarase mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que terá necesariamente o contido indicado no artigo 23.2 da LXS.

16.3. A instrucción do procedemento corresponderá á Oficina de Rehabilitación, adscrita ó organismo autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución. Nos expedientes constará o informe do órgano instructor no que se acredite que, á vista da información dispoñible, os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

16.4. A proposta de concesión das subvencións formularase ó órgano concedente (Consello de Xerencia, por delegación da Xunta de Goberno Local) polo órgano colexiado (Comisión municipal de Seguimento dos programas de rehabilitación) a través do órgano instructor (Oficina de Rehabilitación).

16.5. O órgano instructor á vista do expediente tramitado e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse ós interesados na forma que se estableza na convocatoria, debéndose conceder un prazo de 10 días para a presentación de alegacións, a non ser que se poida prescindir do trámite de audiencia por non figurar no procedemento nin ser tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polos interesados.

16.6. Unha vez efectivamente executadas as obras obxecto de subvención e acreditado pola Oficina de Rehabilitación este extremo e o cumprimento das condicións establecidas, formularase proposta de resolución definitiva, que deberá expresar o solicitante ou relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos.

16.7. As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito ningún a favor do beneficiario proposto, fronte á Administración, mentres non se notificase a resolución da concesión.

16.8. Unha vez aprobada a proposta de resolución definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento de forma motivada. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será o establecido na LXS ou o superior que, se é o caso, se estableza por lei ou norma comunitaria.

16.9. O vencemento do prazo máximo sen se ter notificado a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

16.10. A resolución do procedemento notificarase ós interesados nos termos previstos na L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común.

16.11. Publicaranse no Boletín Oficial da Provincia as subvencións concedidas, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ó que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. Ademáis de publicarse un extracto da resolución pola que se ordena a publicación, indicarse tamén o lugar onde se atope exposto o seu contido íntegro.

Se o importe da subvención fose inferior a 3.000 €, poderase substituír a publicación no Boletín pola inserción de anuncio nos taboleiros oficiais de edictos do Concello e da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Artigo 17.- Normas particulares.

17.1. As solicitudes de axuda para calquera dos programas de rehabilitación previstos nesta Ordenanza presentaranse en instancia normalizada no

Rexistro xeral do Concello ou da Xerencia Municipal de Urbanismo ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38 L.30/92, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común.

17.2. Poderanse presentar durante os prazos indicados ó efecto na convocatoria e, en todo caso, durante a vixencia dos convenios asinados entre o Concello de Vigo e o IGVS, sempre que exista consignación orzamentaria para o efecto.

17.3. O peticionario deberá solicitar, mediante impreso normalizado, unha visita de inspección técnica previa ó inicio das obras subvencionables. Ademais, deberá achegar a información requirida e dar a súa conformidade ás obras inspeccionadas para as que se solicitan as axudas.

De seren obras menores, antes da realización da visita deberá presentarse un orzamento provisional das obras que se desexan acometer. A visita técnica será efectuada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación para comprobar o estado da edificación e asesorar ó peticionario sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación do inmovible.

17.4. Xunto coa solicitude oficial das axudas presentarase toda a documentación necesaria establecida no artigo 18 desta ordenanza e a demais que, se é o caso, se estableza na convocatoria.

17.5. Os peticionarios poderán solicitar a asistencia técnica ou encargar pola súa conta este servizo. As solicitudes de asistencia técnica que se acepten pola Oficina de Rehabilitación serán só para os casos de obras menores.

17.6. En atención á complexidade da obra e á economía de prazos administrativos poderanse redactar en fase básica os documentos técnicos necesarios para a obtención de licenza; o resto da documentación técnica de execución elaborárase con posterioridade.

Artigo 18.- Solicitude oficial de axuda e documentación.

Realizada a visita de inspección e elaborada a documentación técnica precisa para a obtención de licenza, as solicitudes de axudas económicas presentaranse en impreso oficial normalizado, coa achega da seguinte documentación:

- Documentación relativa ó/á solicitante:

- a) Fotocopia do DNI do/a solicitante e, de ser o caso, do seu representante.
- b) Acreditación de estar ó corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- c) Cando se trate de actuacións nos elementos comúns dos edificios en réxime de propiedade horizontal deberá achegarse certificación do/a secretario/a da comunidade de propietarios da acta da reunión na que se designou ó seu presidente/a e da acta na que se recolla o acordo de

realización das obras. Se non existise comunidade de propietarios legalmente constituída, deberá achegarse un escrito no que conste a conformidade de todos os copropietarios coa realización das obras.

d) A demais documentación que lle sexa esixible ó beneficiario, de acordo coa lexislación mercantil e sectorial aplicable e co disposto na LXS.

- Documentación acreditativa da titularidade do inmovible:

a) Nos supostos de propiedade ou dereito de uso: contrato de compravenda, certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade, escritura de partición do legado hereditario, testamento e certificado de últimas vontades, escritura pública de doazón, ou calquera outra documentación que acredite suficientemente a titularidade do inmovible.

b) Nos supostos de arrendamento, e á marxe de que as obras sexan promovidas polo propietario ou polo inquilino, deberá achegarse, ademais do establecido no punto anterior, fotocopia do contrato de arrendamento e do convenio entre o propietario e o inquilino no que se faga constar a descrición das obras e a autorización do propietario para realizalas, cando tal autorización sexa legalmente esixible e, de ser o caso, a súa repercusión na renda contractual e nas demais condicións pactadas.

- Documentación relativa ó destino da vivenda:

a) Cando o solicitante sexa ou vaia ser residente habitual e permanente da vivenda para rehabilitar, deberá achegar: certificado de empadramento ou compromiso escrito de destinar a vivenda á súa residencia habitual e permanente polo menos durante un período de cinco anos dende a aprobación definitiva das axudas solicitadas.

b) Cando o solicitante non habite na vivenda para rehabilitar: compromiso escrito de destinar a vivenda a residencia familiar habitual e permanente de terceiras persoas no prazo máximo de seis meses e de manter a súa ocupación, cando menos, por cinco anos contados dende a aprobación definitiva das axudas.

c) Nos supostos nos que se comprometa o establecemento de locais de negocio ós que se fai referencia no artigo 6.1 (apdos. 1º, 3º, 7º e 8º) desta Ordenanza, deberá achegarse un compromiso expreso da persoa que o vai poñer en marcha.

- Documentación acreditativa dos ingresos e da composición familiar:

Será obrigada esta documentación nas axudas ás que se fai mención no artigo 11 da Ordenanza e constará da documentación alí referenciada. Será potestativa no resto das solicitudes ás que se fai mención na ordenanza, ós únicos efectos de que se valore como un dos criterios de preferencia establecidos no artigo 6.3.1º).

- Declaración xurada de todas as subvencións solicitadas e concedidas para as actuacións subvencionables por esta Ordenanza, de acordo co previsto no artigo 14.1.d] da LXS.

Artigo 19.- Aprobación provisional das axudas.

19.1. A chegada a solicitude e a documentación complementaria que corresponda, o órgano instructor, previo informe do órgano colexiado, propondrá ó órgano concedente (Consello de Xerencia) a aprobación provisional das axudas, que terá a consideración de acto de trámite necesario para a súa obtención.

19.2. No caso de que as obras, visitadas e supervisadas previamente polos técnicos da Oficina de Rehabilitación, estivesen rematadas no momento de elevar o expediente ó órgano competente para a súa aprobación, acordarase conxuntamente a aprobación provisional e definitiva das axudas.

19.3. Unha vez recibida a comunicación da aprobación provisional, o solicitante deberá colocar no exterior da vivenda ou edificio, o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación.

#### Artigo 20.- Solicitude de licenza urbanística.

Os interesados deberán achegar a solicitude de licenza urbanística nun prazo non superior a un mes desde que lles sexa notificado o acordo de concesión provisional da subvención. Se transcorrido o dito prazo non se achega a solicitude de licenza ou ben non se atendesen dilixentemente os requirimentos municipais para subsanar ou completar a documentación necesaria para a obtención da licenza, quedará sen efecto a axuda provisionalmente concedida e arquivarase o expediente, previo trámite de audiencia ó interesado.

#### Artigo 21.- Contratación das obras.

21.1. Os solicitantes poderán contratar as obras coas empresas de construción que posúan o correspondente documento de cualificación empresarial e cos profesionais competentes que consideren máis oportuno.

21.2. Non obstante, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 €, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas, seleccionándose de acordo con criterios de eficiencia e economía aquela que resulte economicamente máis vantaxosa. Noutro caso, xustificarse expresamente a escolla en memoria elaborada para o efecto.

21.3. Deberá constar na Oficina de Rehabilitación o orzamento de execución definitivo, asinado por ambas partes.

#### Artigo 22.- Inicio das obras.

22.1. As obras deberán iniciarse no prazo máximo de tres meses a partir da concesión da licenza urbanística. Poderase alongar ese prazo ata seis meses máis se existe causa xustificada. Transcorrido este período sen que comezasen as obras, arquivarase o expediente previo trámite de audiencia ó interesado.

22.2. O solicitante promotor das obras comunicarlle formalmente á Oficina de Rehabilitación a data do comezo das obras, o prazo de execución, as

empresas que interveñen e o importe do orzamento de obras de cada empresa, de forma que poida quedar constancia deses datos.

#### Artigo 23.- Execución das obras.

23.1. As obras deberán executarse no prazo máximo establecido no acordo de concesión provisional das axudas. Este prazo poderá ser prorrogado por proposta da Oficina de Rehabilitación, se así o demanda o promotor solicitante das axudas e media causa xustificada. A prórroga só se concederá unha vez e non poderá exceder a súa duración do tempo prescrito para o prazo orixinal.

23.2. A interrupción das obras por un prazo superior ós tres meses sen causa xustificada producirá a caducidade das axudas provisionalmente concedidas.

23.3. As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión provisional das axudas, non admitíndose máis modificacións na súa execución que as autorizadas pola Oficina de Rehabilitación que, en todo caso, deberán estar abeiradas pola correspondente licenza urbanística.

23.4. A Oficina de Rehabilitación prestará o seu asesoramento técnico na execución das obras e poderá, en todo caso, supervisar de oficio as obras sempre que o considere oportuno, co obxecto de comprobar a súa correcta execución e o cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

#### Artigo 24.- Remate das obras.

24.1. Finalizadas as obras e entregada a documentación redactada polo seu técnico director e as facturas e demais xustificantes de gasto, os servizos técnicos da Oficina de Rehabilitación redactarán o correspondente informe, acompañado de fotos finais, no que se fará constar, cando menos, as datas de inicio e finalización das obras e o seu custo final, así como o cumprimento das condicións ás que estean sometidas as actuacións. Tamén conterá unha referencia expresa á correspondencia entre as facturas presentadas e o orzamento aceptado.

24.2. En obras que precisen licenza de primeira ocupación, o outorgamento desta será imprescindible para continuar co trámite de aprobación definitiva das axudas.

#### Artigo 25.- Aprobación definitiva das axudas.

A partir da elaboración do informe de final de obra ou, de ser o caso, desde que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas na aprobación provisional, a Oficina de Rehabilitación someterá o expediente ó órgano municipal correspondente para que este resolva sobre a aprobación definitiva das axudas.

#### Artigo 26.- Pagamento das axudas.

26.1. As axudas concedidas provisional e definitivamente serán aboadas unha vez que certifique o Concello a finalización das obras e que o IGVS emita o documento de cualificación definitiva.

26.2. En todo caso, non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Artigo 27.- Comprobación de subvencións.

O órgano concedente comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade determinante da concesión da subvención.

Artigo 28.- Causas de denegación e perda das axudas.

28.1. As axudas poderán ser denegadas ou canceladas polas seguintes causas:

- a) Non reunir as condicións esixidas por esta ordenanza, relativas ós solicitantes ou ós inmobles para rehabilitar.
- b) A realización de obras non previstas no proxecto e que non estean autorizadas pola Oficina de Rehabilitación nin abeiradas por licenza urbanística.
- c) A grave incorrección técnico-constructiva das obras, apreciada pola Oficina de Rehabilitación e constatada no proxecto ou na súa execución.
- d) A non execución de obras previstas inicialmente que teñan incidencia nas condicións de habitabilidade a respecto do estado previo do inmovle.
- e) Iniciar as obras sen dar conta á Oficina de Rehabilitación.
- f) Incumprir os prazos sinalados na aprobación provisional ou nas prórrogas concedidas, así como as condicións relativas á ocupación das vivendas.
- g) O impedimento ou a obstaculización do acceso ás obras ós técnicos da Oficina de Rehabilitación por parte do promotor ou do contratista.

28.2. De apreciarse a existencia dalgún incumprimento non esencial dalgunha das condicións impostas con motivo da concesión da subvención, pero que poida ter incidencia na contía concreta da subvención outorgada, procederá, se é o caso, o reintegro parcial da mesma, tendo en conta para o seu cálculo criterios de proporcionalidade e valorando, entre outras circunstancias, a actuación conxunta do beneficiario tendente á satisfacción dos seus compromisos e a posibilidade de acadar, malia o incumprimento, o logro efectivo da finalidade perseguida coa subvención.

Artigo 29.- Modificación da resolución de concesión.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en especial, os criterios de preferencia obxecto de valoración, cando teña incidencia na subvención outorgada, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.



Artigo 30.- Reintegro das subvencións.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos correspondentes xuros de mora cando concorra algunha causa de reintegro das previstas no artigo 37 da LXS ou cando a subvención deba ser cancelada conforme ó disposto especificamente nesta Ordenanza.

Artigo 31.- Devolución de subvencións por infracción urbanística.

A comisión dunha infracción urbanística tipificada como grave ou moi grave nos inmobles obxecto das axudas por parte dos seus beneficiarios, no prazo de cinco anos dende a súa aprobación definitiva, determinará a obriga de devolver o importe das subvencións percibidas cos intereses que correspondan, sen prexuízo das sancións que se lles puidesen impoñer.

### DISPOSICIÓN ADICIONAIS

**PRIMEIRA.-** Módulo Unitario de Rehabilitación (MUR).

1.- O Módulo Unitario de Rehabilitación (MUR) para o ano 2004 fíxase en 396 € por metro cadrado útil para obras maiores e 186 € por metro cadrado útil para obras menores.

2.- En anos sucesivos poderase revisar este MUR, segundo o que acorde en tal sentido a Comisión de Seguimento.

**SEGUNDA.-** Baremo.

Establécese o seguinte baremo de puntuacións para os criterios de preferencia enunciados no artigo 6.3:

1.- Capacidade económica:

$X \leq 1 \text{ SMIP} = 8 \text{ puntos}$	$2,5 \text{ SMIP} < X \leq 3,5 \text{ SMIP} = 2 \text{ puntos}$
$1 \text{ SMIP} < X \leq 1,5 \text{ SMIP} = 7 \text{ puntos}$	$3,5 \text{ SMIP} < X \leq 4,5 \text{ SMIP} = 1 \text{ punto}$
$1,5 \text{ SMIP} < X \leq 2 \text{ SMIP} = 6 \text{ puntos}$	$4,5 \text{ SMIP} < X = 0 \text{ puntos}$
$2 \text{ SMIP} < X \leq 2,5 \text{ SMIP} = 5 \text{ puntos}$	

Onde,

X = Base imponible da declaración do IRPF do último ano de todos os membros da unidade familiar de convivencia que a presentasen ou, en caso de non ter obriga de presentala, declaración xurada dos rendementos anuais percibidos;

SMIP = Salario Mínimo Interprofesional vixente, ponderado polo número de membros da unidade familiar de convivencia, segundo os coeficientes correctores establecidos polo Decreto da Xunta de Galicia de desenvolvemento do Plan de Vivenda.

2.- Uso e posesión da vivenda:

Uso propio = 3 puntos

Alugamento actual = 2 puntos

Alugamento futuro = 1 punto

Venda = 0 puntos

3.- Subvencións recibidas por outros programas de rehabilitación distintos do complementario de inmobles en conxuntos históricos e das reguladas por esta ordenanza:

Si = 1 punto

Non = 0 puntos

En caso de ter recibido axuda de rehabilitación con cargo ós convenios entre o Concello e o IGVS para Áreas de Rehabilitación ou pola convocatoria xeral do IGVS de axudas para a rehabilitación, para o mesmo tipo de actuación solicitada, adxudicaráselle 3 puntos negativos.

4.- Creación de usos compatibles en planta baixa:

Si = 2 puntos

Non = 0 puntos

5.- Antigüidade da edificación (A):

$A \leq 15$  anos = 0 puntos

$15 < A \leq 50$  anos = 1 punto

$50 < A \leq 100$  anos = 2 puntos

$100 < A = 3$  puntos

6.- Licenza:

Outorgada = 5 puntos

En trámite = 2 puntos

En trámite de solicitude previa = 0,5 puntos

Sen iniciar trámites = 0 puntos

7.- Nivel de protección:

Nivel I (Protección integral) = 3 puntos

Nivel II (Protección estrutural) = 2 puntos

Nivel III (Protección ambiental) = 1 punto

Este baremo poderá modificarse por acordo da Comisión de Seguimento.

**TERCEIRA.-** Outros convenios.

Mediante convocatorias específicas, poderán establecerse liñas de axudas para actuacións de rehabilitación de inmobles destinados a usos de interese público, social ou cultural, logo do correspondente convenio que han establecer o Concello e os promotores das actuacións, no que se determinará en cada caso a contía das subvencións e demais condicións das axudas.

**CUARTA.-** Promocións tuteladas.

1.- O Concello, por si mesmo ou en convenio con outras institucións e organismos públicos, poderá promover e desenvolver actuacións de

rehabilitación destinadas ó aloxamento en alugueiro de vivendas e/ou locais en edificios de particulares e institucións mediante cesión de uso e aproveitamento deles, establecido mediante convenio cos propietarios, co fin de recuperar o investimento realizado no edificio rehabilitado.

2.- Para o cálculo do período de cesión do edificio consideraranse a superficie útil cedida, a situación do edificio, o importe das obras nel realizadas e o orzamento total, suma dos gastos orixinados pola actuación, que deberá ser amortizado mediante o alugueiro das súas partes.

3.- A dispoñibilidade e selección dos inmobles serán establecidas mediante convocatoria pública, ó igual que a oferta de alugueiro das vivendas ou locais.

**QUINTA.-** Axudas a locais comerciais e outras actividades económicas.

Mediante convocatorias específicas poderanse establecer liñas de axudas para a mellora e actualización dos locais de comercio e outras actividades económicas en Bouzas.

**SEXTA.-** Comisión de Seguimento.

A Comisión de Seguimento dos programas de rehabilitación, inicialmente constituída para a xestión das axudas na ARI do Casco Vello de Vigo, actuará tamén como órgano colexiado ós efectos desta Ordenanza e supervisará a tramitación dos expedientes de axudas e a documentación técnica requirida.

Estará integrada, cando menos, polo Alcalde-presidente da Xerencia municipal de Urbanismo, os concelleiros delegados con responsabilidades en materia de urbanismo e patrimonio histórico, o xerente de urbanismo, o secretario da Xerencia, un representante da intervención de fondos, o director e técnicos da Oficina de Rehabilitación e os técnicos municipais con competencias sobre os ámbitos da cidade con planeamento especial de protección. Tamén poderán participar na mesma aqueles outros técnicos ou persoeiros que sexan convidados por razón da súa competencia técnica ou profesional.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local, esta Ordenanza entrará en vigor ós quince (15) días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

7.- (158).-SOLICITUDE DE DECLARACIÓN BIC DE BOUZAS. CONXUNTO HISTÓRICO.  
EXPTE. 8186/411.

ANTECEDENTES.- Con data 31 de maio de 2004, o técnico de administración xeral e mailo arquitecto municipal da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sres. Rodríguez Bartol e Alonso Fernández, respectivamente, coa conformidade do Xerente de Urbanismo e máis do xefe da oficina de Patrimonio Histórico, informan do que segue:

“Redáctase este informe-proposta en relación coa documentación elaborada, por encargo da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU), pola arquitecta D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Asunción Leboreiro Amaro e pola historiadora D<sup>a</sup> Montserrat Rodríguez Paz, denominada «Expediente para a incoación como Ben de Interese Cultural do barrio histórico de Bouzas co carácter de conxunto», de febreiro do 2002.

## I.- FEITOS

### 1.- Antecedentes xerais:

Bouzas, consolidada xa no S. XII como asentamento estable nun saínte rocoso entre dúas baías da Ría de Vigo, foi adxudicada por Enrique II á Mitra de Tui en 1371 e tivo a condición de concello propio desde o S. XVI, recibindo en 1778 do rei Carlos III o título de «*villa*».

O proceso de conformación do burgo mariñeiro culmina na súa definitiva estruturación como vila de planta clásica configurada polas «*141 casas aliñadas nas sete rúas de Alfolíes, Ferreiros, Cruceiro Vello, Igrexa, Santa Ana e Cristo*», reveladoras da estrutura gremial e a influencia eclesiástica.

Todo este periodo histórico de Bouzas, ademais de polos fenómenos catastróficos de pestes, saqueos e invasións, caracterízase en boa medida pola competencia comercial e industrial con Vigo, fundamentalmente en materia de dereitos e privilexios de carga e descarga de pesca e actividades afíns e de tributos vencellados coas actividades marítimo-terrestres.

No ano 1904 e mediante un Decreto publicado na Gaceta Oficial do tres de xaneiro dese mesmo ano, anexionouse definitivamente ó Concello de Vigo, experimentando durante a década dos trinta un proceso de forte crecemento económico e social, vencellado á expansión da súa flota pesqueira e ás actividades conexas con ela.

Entre 1880 e 1920 os núcleos centrais de Vigo e Bouzas experimentaron un crecemento en poboación e edificación de máis do 150%, sendo as zonas máis dinámicas da cidade.

As transformacións tecnolóxicas e de todo tipo producidas posteriormente no sector pesqueiro, sobre todo a partir da década dos sesenta, a modificación dos dereitos internacionais do mar (extensión das augas xurisdiccionais), a perda de caladoiros tradicionais e a diminución das capturas, a crise industrial dos anos oitenta nos sectores naval e conserveiro e a irreversible

transformación que supuxo para a vila o progresivo recheo da súa ensenada, coa conseguinte perda do seu carácter litoral, determinaron o inicio dun longo período de decadencia económica e social, que persiste na actualidade e da que é boa mostra o deterioro do seu caserío.

O ámbito considerado abrangue unha superficie total dunhas 13,811 Has., constituíndo unha área perfectamente caracterizada en relación co seu contorno e diferenciada na trama urbana da cidade.

Demograficamente, Bouzas presenta unha tendencia regresiva, a diferenza da do conxunto do municipio, pasando o seu casco histórico de 2572 habitantes en 1991 a 2405 habitantes en 1997 e detectándose fenómenos de envellecemento e de expulsión de poboación cara a outras áreas de maior calidade ambiental e residencial.

O número de vivendas existentes no ámbito estímase en 1028, das que o 60,67% teñen unha antigüidade comprendida entre os 60 e os 100 anos ou máis.

## 2.- Antecedentes relativos ó planeamento urbanístico:

2.1. O PERI de Bouzas, aprobado definitivamente en data 18.04.1986 e incorporado ó actual PXOU-93 (PERI II-09), contiña unhas determinacións mínimas sobre protección, conservación e rehabilitación do seu patrimonio edificado, establecendo dúas categorías de edificios protexidos, segundo o seu interese arquitectónico ou histórico ou con fachadas de valor permanente, que eran obxecto de catalogación.

Así, no correspondente plano de catalogación se recollían edificios de interese arquitectónico ou histórico, edificios con fachadas de valor permanente, *«agrupacións de edificios arquitectónicos»* (sic) e *«agrupacións de edificios fortuíta»*; o que servía de base para o desenvolvemento da normativa protectora do PERI e para a definición da ordenanza, que se realizaba graficamente de forma pormenorizada nos distintos planos de proposta normativa sobre composición de fachadas. Ademais, no Inventario do patrimonio cultural da provincia de Pontevedra das NNCCSSPP aparecen catalogadas a Igrexa parroquial de S. Miguel, a *«Capela de Bouzas»*, na rúa dos Ferreiros e a casa solariega situada no número 29 desta mesma rúa.

Hoxe, en virtude do disposto na Disposición adicional segunda da L. 8/95, do 30 de outubro, do Patrimonio cultural de Galicia (LPCG), tales elementos catalogados están incluídos -«ex lege»- no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

Igualmente, debe considerarse a existencia doutros elementos patrimoniais relevantes, coa consideración de Bens de Interese Cultural (BIC) e obxecto de protección xenérica, tales como escudos e pedras heráldicas ou cruceiros con máis de cen anos de antigüidade (D. 571/1963, do 14 de marzo e Disposición adicional 2ª da L.16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio histórico español). Ademais, intervencións arqueolóxicas moi recentes de control de obras parecen documentar a existencia dun posible nivel de ocupación romano no amplo contorno da rúa Alfolíes.

2.2. En sesión do 18.07.1995, o Pleno da Corporación adoptou o acordo de proceder á revisión do PERI e, en cumprimento deste, o Consello de Xerencia

da XMU decidiu o 07.11.1997, logo de realizarensen os trámites oportunos, adxudicar o concurso para a contratación da asistencia técnica encargada da redacción do Plan Especial de Protección e Reforma Interior de Bouzas (PEPRI).

O documento de avance someteuse á consideración do Consello de Xerencia do 17.04.1998 e obxecto de exposición pública (DOG nº 98, do 25.05.1998) para a presentación de suxestións de alternativas de planeamento, así como propostas e convenios urbanísticos por entidades e particulares. En sesión do 30.09.2002 o Pleno da Corporación aprobou definitivamente o PEPRI (exp. nº 5826/411; DOG nº 225, do 21.11.2002), que substitúe ó aprobado en 1986.

O PEPRI de Bouzas incorpora o concepto fundamental de protección no tratamento urbanístico dunha área de identidade cunha forte caracterización histórica e un valioso patrimonio edificado.

Salienta o equipo redactor a presenza dunha arquitectura urbana de carácter burgués de evidente interese e, en conxunto, considera que o 44,17% da edificación de Bouzas é subsceptible de ser protexida en consideración á súa relevancia patrimonial. Sen embargo, tamén constatou a existencia dunha situación negativa de importante deterioro da edificación da vila (con abandono ou desocupación de vivendas, desaparición de elementos arquitectónicos de interese e malas condicións xerais de habitabilidade), de ausencia de oferta de vivenda suxeita a algún réxime de protección pública e de actuacións rehabilitadoras de interese.

O PEPRI contén un catálogo de protección patrimonial, con diferentes niveis de protección (integral, estrutural, ambiental), unha área de protección arqueolóxica, unha proposta dun Programa de rehabilitación de vivenda e de programas específicos de mellora de fachadas e de baixos comerciais e, por último, unha proposta de declaración do ámbito como «Área de Rehabilitación Integrada» (ARI).

### 3.- Antecedentes relativos a instrumentos de fomento da rehabilitación:

3.1. O ámbito do PERI de Bouzas declarouse, conxuntamente co Casco Vello de Vigo e mediante acordo plenario adoptado en sesión do 28.05.1992, «ZONA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO POR FOMENTO DA INICIATIVA PRIVADA» (exp. nº 3551/401) para os efectos da Orde da COTOP de 30.03.1992 pola que se regulaba a concesión de axudas específicas á rehabilitación de inmobles situados en conxuntos históricos galegos.

Con todo, os únicos efectos derivados de tal declaración foron os de posibilitar administrativamente o acceso dos veciños a aquelas axudas, pero ó non se instrumentar en paralelo procesos de información ou medidas de acompañamento, na práctica, o mecanismo das subvencións previsto na Orde da COTOP quedou inédito e nunca se chegou a iniciar verdadeiramente o proceso de rehabilitación do barrio.

3.2. De acordo coa convocatoria de propostas de «Proxectos Pilotos Urbanos», ó abeiro do artigo 10 do Regulamento do FEDER (convocatoria 95/C 319/06, DOCE nº C 319/31, do 30.11.1995) para o período 1995-1999, o Concello de Vigo elaborou un Proxecto tomando como ámbito e obxecto a vila de Bouzas.

Co mesmo tratábase de deseñar unha estratexia de recuperación física (baseada nos seus valores arquitectónicos e urbanísticos) e socioeconómica, promovendo a recuperación de novos valores de centralidade e propiciando a cooperación entre o sector público e os principais interlocutores sociais e axentes actuantes (CZFV, Autoridade Portuaria, AA.VV. ...).

Nel incluíanse medidas relativas á mellora da planificación urbana, rehabilitación do casco histórico, mellora ambiental a partir da creación de novos espazos libres, implantación de novas infraestruturas, servizos e actividades económicas, xestión da mobilidade vial en tránsito e aparcamento, etc.

O proxecto, que finalmente non foi seleccionado, estaba deseñado para a súa implementación no período 1995-1998 e contaba cun presuposto estimado de 4.877.838 € (811.603.990 pts.), solicitándose unha contribución comunitaria con cargo a fondos FEDER do 75%.

3.3. Na actualidade, o Departamento municipal de Patrimonio Histórico ten prevista unha liña de subvencións a fondo perdido, conforme a un «*Programa Municipal de Rehabilitación de Fachadas*» e á súa «*Norma Reguladora das Axudas Municipais á Rehabilitación de Fachadas e Cubertas de Inmobles de Interese Histórico e Arquitectónico*», aprobada en Comisión de Goberno do 22.10.2001 (BOP nº 236 do 10.12.2001).

A *Norma* inclúe no ámbito de aplicación do *Programa*, entre outros, os inmobles situados na delimitación do actual PEPRI de Bouzas, establecendo un réxime de axudas cualificadas para os edificios catalogados con maior nivel de protección e a obriga de que todos os proxectos subvencionables cumpran coa normativa urbanística do Plan especial.

3.4. Por último, en atención ás características propias do barrio histórico de Bouzas e ó seu estado de conservación, o Concello de Vigo, en sesión plenaria do 25.02.2002, por proposta do Consello de Xerencia da XMU do 31.01.2002, acordou solicitar da CPTOPV a súa declaración como ARI; declaración que tivo lugar, segundo comunicación remitida a esta Corporación o 14.04.2003 polo Director Xeral do IGVS, mediante acordo do conselleiro da CPTOPV do 25.03.2003, considerándoa incluída dentro das actuacións previstas no convenio suscrito entre a CA de Galicia e o Ministerio de Fomento o 27.05.2002.

Esta declaración permitirá acceder ás axudas previstas nos plans de vivenda e solo para as actuacións de rehabilitación neste tipo de áreas e, en definitiva, acadar os obxectivos formulados nesta materia polo PEPRI de Bouzas, freando o deterioro do patrimonio inmobiliario e a perda de calidade ambiental do espazo habitado.

3.5. Ós anteriores efectos, foille remitido no seu momento ó IGVS o documento titulado «*Memoria-Programa de Rehabilitación da Área de Rehabilitación do casco histórico de Bouzas*» no que xa se incluían, aínda que de forma preliminar e provisional, contidos tales como o alcance dese programa de rehabilitación, os seus criterios e obxectivos básicos, as características xerais das actuacións, a identificación das previstas, a orde de prioridades ou o marco financeiro de actuación, con proposta de distribución por axentes.

3.6. O 26.02.2004 o presidente do IGVS e a alcaldesa-presidenta desta

Corporación asinaron en Santiago de Compostela un Convenio de colaboración que ten por obxecto establecer as bases de actuación conxunta e coordinada entre as partes para acadar a 1ª fase de rehabilitación da ARI de Bouzas. A vixencia deste Convenio esténdese, en principio, ata o 31.12.2006 e o número de actuacións cualificadas obxecto del cífrase en 60 vivendas e edificios (en número de vivendas), con cargo ós obxectivos previstos para 2003 no Anexo I do Convenio asinado o 27.05.2002 entre a CA de Galicia e o Ministerio de Fomento, sobre actuacións de vivenda e solo do Plan de Vivenda 2002-2005.

O orzamento total das actuacións previstas nesta 1ª Fase é de 1.200.000 €, dos que 960.000 € serán para actuacións de rehabilitación e 240.000 € para actuacións de urbanización e reurbanización.

A xestión das axudas á rehabilitación na ARI de Bouzas encomendarase, ó igual que no caso da ARI do Casco Vello de Vigo, á Oficina de Rehabilitación, adscrita orgánica e funcionalmente á Xerencia de Urbanismo.

## II. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA A SOLICITUDE DE INCOACIÓN COMO BIC DO BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS, CO CARÁCTER DE CONXUNTO HISTÓRICO

A documentación precisa para a solicitude de incoación do expediente de declaración de BIC foi elaborada pola arquitecta redactora do PEPRI, D<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Asunción Leboreiro Amaro e a historiadora de arte D.<sup>a</sup> Montserrat Rodríguez Paz. Nela descríbese clara e exhaustivamente o ben obxecto da declaración, o contorno afectado e as pertenzas e bens que deben ser obxecto de incorporación na declaración.

Tomando como referencia a documentación requirida no artigo 4 e Anexo do Decreto 430/1991, do 30 de decembro, da *Consellería de Cultura e Xuventude* da Xunta de Galicia (DOG nº 14, do 22.01.1992), polo que se regula a tramitación para a declaración de bens de interese cultural de Galicia e se crea o Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia, o documento elaborado precisa os seguinte datos:

### CONXUNTO HISTÓRICO DO BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS.

#### I.- DATOS SOBRE O BEN OBXECTO DO EXPEDIENTE:

1. Denominación: Barrio histórico de Bouzas.

#### 2. Localización:

- a) Provincia: Pontevedra.
- b) Comarca: Vigo.
- c) Concello: Vigo.
- d) Parroquia. San Miguel de Bouzas.
- e) Lugar: Bouzas.

3. Delimitación: Coincidente coa que se redactou o PEPRI, por entender que se adecúa á evolución histórica da vila de Bouzas e representa unha área de identidade tanto urbanística como arquitectónica e social, definida no conxunto urbano vigués e así percibida tanto polos veciños como polo resto dos cidadáns. Figura representada nos planos adxuntos á documentación.

Os seus límites son:



- N.: Paseo Alfonso Paz Andrade, rúa Eduardo Cabello e Avda. Beiramar.
- S.: Avda. Atlántida e rúa Camilo Veiga Prego.
- L.: Rúa Simancas.
- O.: Liña poligonal desde Avda. Atlántida a Paseo Alfonso Paz Andrade.

4. Descripción: Realízase no contido do documento, desde o punto de vista da localización (ó S. da cidade de Vigo, configurándose como unha península en punta de frecha, hoxe transformada polos recheos portuarios efectuados nas últimas décadas), evolución histórica, arquitectura, elementos singulares e elementos de interese nos arredores.

#### 5. Datos históricos-artísticos ou etnográficos:

- Desde o século XIV: parroquia dependente da Mitra de Tui.
- 1501: Bouzas, concello con privilexio de alfolí (carga e descarga de peixe).
- 1555: o concello de Bouzas abrangue as freguesías de Beade, Bembrive, Coruxo e Coia.
- S. XVI e XVII: preitos entre Vigo e Bouzas por motivos económicos.
- S. XVI e XVII: ataques de ingleses e turcos.
- 1752: Catastro de Ensenada. Bouzas: 734 veciños e 200 casas.
- 1778: título de «Villa» de Bouzas (Carlos III).
- 1843: Diccionario de Pascual Madoz. Bouzas: 545 veciños e 141 casas.
- 1904: anexión ó Concello de Vigo.
- S.XX: reformas portuarias e creación da Avda. de Beiramar.
- 1974: recheos e terminal de transbordadores.
- Anos 90: paseo marítimo, actuacións no litoral.

#### 6. Bibliografía:

A bibliografía utilizada figura no apartado 8 da documentación.

#### 7. Estado de conservación:

Descríbese no documento, incorporándose plano do estado de conservación.

#### 8. Observacións:

Ningunha.

#### II. SITUACIÓN XURÍDICA:

Xúntase, como anexo, unha relación cos datos extraídos do catastro de bens inmobles a efectos do IBI, no que se especifica:

- Titulares do dereito de propiedade.
- a) Nome e apelidos ou razón social.
  - b) Domicilio.

#### III. DOCUMENTOS GRÁFICOS:

##### 1. Fotografías

- En número suficiente para ofrecer unha visión global e dos detalles máis significativos.

### III. DEREITO/PROCEDEMENTO

1.- A LPCG define como conxunto histórico: *«a agrupación de bens inmobles que forman unha unidade de asentamento, continua ou dispersa, condicionada por unha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade humana, por ser testemuño da súa cultura ou constituír un valor de uso e gozo para a colectividade, aínda que individualmente non teñan unha especial relevancia»* (art. 8.4.b] LPCG).

En termos moi semellantes exprésase o artigo 2.1.c] do Decreto 430/1991, engadindo que: *«Así mesmo, terá carácter de conxunto histórico calquera núcleo individualizado de inmobles comprendidos nunha unidade superior de poboación que reúna esas mesmas características e poida ser claramente delimitado»*.

2.- A declaración de Ben de Interese Cultural de Galicia (BIC) requirirá a previa incoación e tramitación do expediente administrativo pola Consellería competente na materia. A tramitación necesaria para a declaración de BIC regúlase pola LPCG (arts. 9 e ss.) e polo precitado D.430/1991.

3.- Conforme a esta normativa, os expedientes de declaración de BIC poderanse iniciar de oficio ou por instancia de parte (arts. 3 D.430/1991 e 9.1 LPCG). Considéranse parte, ós efectos de poder instar o inicio do expediente de declaración de BIC, ás Corporacións Locais con competencia no territorio no que estea situado o ben (art. 3.2.b] D.430/1991).

4.- Correspóndelle á actual Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia a incoación do expediente de declaración de BIC, calquera que sexa a natureza deste, iniciándose mediante Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (art. 3.3 D.430/1991). A incoación do expediente anotarase preventivamente no «Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia» (art. 14.1 LPCG).

5.- A resolución de incoación será obxecto de notificación e publicación no DOG e no BOE. Daráselle audiencia ó Concello e abrirase un período de información pública por un prazo mínimo de un mes (art. 10.1 e 2 LPCG).

6.- A incoación dun expediente para a declaración de BIC determinará, a respecto do ben afectado, a aplicación inmediata e provisional do réxime de protección previsto na LPCG para os bens xa declarados e a suspensión de licenzas nos termos do artigo 35.1 da LPCG (arts. 10.3 LPCG e art. 7.4 D.430/1991).

7.- O expediente deberá resolverse no prazo máximo de vinte meses, contado a partir da data na que foi incoado (art. 12.3 LPCG).

8.- Correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia, por proposta do Conselleiro de Cultura, acordar a declaración de BIC (art. 12.1 LPCG). Esta declaración será obxecto das oportunas notificacións e publicarase tamén no DOG e no BOE (art. 13 LPCG).

9.- O ben declarado BIC inscribírase no «Registro de Bens de Interese Cultural de Galicia», asignándolle un código identificativo. Este Registro ten por obxecto a anotación e inscrición dos actos que afecten á súa identificación e localización e reflectirá todos os actos que se realicen sobre os bens inscritos cando afecten ó contido da declaración e dará fe dos datos nel consignados (art. 14.2 LPCG).

Das inscricións e anotacións que se realicen neste Registro daráselle conta ó «*Registro General de Bienes de Interés Cultural del Estado*», co fin de que se practiquen no mesmo as correspondentes inscricións e anotacións (art. 14.5 LPCG).

#### IV.- CONCLUSIÓNS

1.- Como conclusión pode dicirse que o casco histórico da vila mariñeira de Bouzas ten unhas características peculiares e uns valores patrimoniais e históricos que o fan plenamente acreedor da declaración de conxunto histórico, tal como se define na lexislación do patrimonio cultural de Galicia, para á súa conservación, protección, recuperación e transmisión ás xeracións futuras.

2.- Entendemos que a declaración como conxunto histórico-artístico, á parte de supór un recoñecemento (certamente tardío) dos valores intrínsecos do barrio histórico de Bouzas, debería permitir o acceso a novas medidas de protección e de fomento, a novos os investimentos culturais e, de ser o caso, ós beneficios fiscais que establece a normativa aplicable."

Polo que antecede, os servizos técnicos e xurídicos da XMU e da Concellería de Patrimonio histórico consideran oportuno solicitar da Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo da Xunta de Galicia a incoación de expediente de BIC conforme co disposto nos artigos 9 e ss. da LPCG e no D.430/1991, e formulan a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 10 de xuño de 2004, propón a aprobación da devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Coropración que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Solicitar da Consellería de Cultura, Comunicación social e Turismo da Xunta de Galicia a declaración do barrio histórico de Bouzas como Ben de Interese Cultural coa categoría de «Conxunto Histórico», cunha delimitación coincidente coa do planeamento urbanístico vixente neste ámbito (PEPRI Bouzas), reflectida no plano incluído na documentación elaborada para estes efectos.

Segundo.- Solicitar igualmente desa Consellería a sinatura dun convenio

marco de colaboración, como mecanismo de apoio operativo ó proceso de protección, conservación, acrecentamento e difusión do patrimonio cultural do barrio histórico de Bouzas, a través das accións, incentivos, investimentos e demais medidas de fomento que resulten procedentes.

8.- (159).-DECLARACIÓN DE NULIDADE DO ACORDO PLENARIO DO 27.11.92 SOBRE CONVENIO DE CESIÓN PARA VIAL DE CIRCUNVALACIÓN, CONCLUÍDO CON "MIRAFLORES VIGO, S.A." E DETERMINACIÓN DAS INDEMNIZACIÓNS PROCEDENTES. CADUCIDADE DO PROCEDEMENTO E INICIACIÓN DE NOVO EXPEDIENTE. EXPTE. 4490/401.

ANTECEDENTES.- Con data 2 de xuño de 2004, o técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, González Yebra-Pimentel, informa do que segue:

"1º. Con data 3 de maio de 1992 o ministro de Obras Públicas e Transportes e o alcalde-presidente do Concello de Vigo asinaron un convenio, ratificado polo Concello-Pleno o 10 de xullo de 1992, no que entre outras estipulacións, e con relación á rede viaria no medio urbano, acordabase o que segue:

"A realización das actuacións relativas a rede viaria e que máis adiante se describen quedan condicionadas á efectiva dispoñibilidade dos solos necesarios para a súa execución.

O Concello de Vigo, aprobará no seu Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) toda a rede viaria á que se fai referencia no presente convenio. Con carácter xeral, a Administración municipal, no exercicio das súas potestades en materia de ordenación do territorio, arbitrará fórmulas no marco do PXOU para que o Estado poida compensarse dos gastos de expropiación mediante a adxudicación do solo co aproveitamento urbanístico.

A fin de conseguir no prazo máis breve posible os terreos afectados nos casos nos que expropie o MOPT, unha vez iniciado o expediente expropiatorio pola Administración estatal, o Concello ofrecerá ós propietarios afectados a posibilidade de materializa-lo aproveitamento urbanístico dos seus terreos sobre outros aptos para ser edificadas, a cambio da cesión inmediata do solo afectado.

Para a obtención dos terreos destinados á realización do primeiro cinto (tramos Avda. de Madrid-Castrelos e Zona Franca-Bouzas), o MOPT actuará como Administración expropiante."

2º.- Iniciada polo entón "Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo" a expropiación dos terreos necesarios para a execución do primeiro cinto de circunvalación de Vigo -Proxecto 40-PO-2590, de "Acceso a Poboación. Avda. de Madrid-Vigo. Estrada N-120 PQ 639.3 ó 641.3. Termo municipal de Vigo"-

no cal figuraba afectada de expropiación, como finca número 5, a parcela propiedade de "Miraflores Vigo, S.A." á que de seguido nos referiremos, levantouse, con data 4 de agosto de 1992, acta previa á ocupación desta parcela, na que se sinalaba como superficie necesitada de ocupación a de 8.808 m2.

3º.- Con posterioridade ó levantamento da devandita acta e seguindo as liñas de actuación marcadas no convenio antes referido, o entón concelleiro de Planeamento Urbanístico, en representación do Concello de Vigo e a mercantil "Miraflores Vigo, S.A." asinaron, con data 26 de outubro de 1992, un convenio a virtude do cal a devandita entidade comprometeuse a ceder ó Concello de Vigo unha parcela da súa propiedade de 16.482 m2 de superficie, segundo rexistro, sita na parroquia de Sárdoma, afectada pola expropiación do vial de circunvalación entre a Avda. de Madrid e a de Castrelos e o Concello de Vigo, pola súa parte, a tramitar un Plan Especial de Reforma Interior, ou a correspondente figura de planeamento urbanístico derivada do expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo á LASGA, no que se ordenaría, sobre a primeira das parcelas que no convenio se describen, entoutros, o aproveitamento que no mesmo convenio se lle recoñece á parcela cedida -2 m2/m2- que é de 32.964 metros cadrados. Dito convenio ratificouse polo Concello-Pleno por acordo do 27 de novembro de 1992.

Nas estipulacións do convenio fíxose constar como condición especial a de que "se por calquera razón non chegase a se aprobar definitivamente a figura de planeamento mencionada no prazo de oito meses contados a partir do momento da presentación da mesma no Rexistro Xeral do Concello, para a súa tramitación, "Miraflores Vigo, S.A." poderá esixir que se reinicie polo Ministerio de Obras Publicas e Transportes o expediente para a determinación do prezo xusto correspondente ó solo da finca cedida por este convenio ó Concello de Vigo."

4º.- Por resolución da Xefatura da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, de data 19 de febreiro de 1993, acordouse ampliar a expropiación da expresada finca nº 5 do proxecto de expropiación, obxecto do convenio de cesión ó Concello de Vigo, en 4.855 m2 de superficie e que polo representante da Administración se procedese a efectuar o levantamento da acta de ocupación complementaria. Da dita ampliación resulta unha superficie total ocupada de 13.663 m2.

5º.- Se ben a cesión da parcela de referencia ó Concello de Vigo non se elevou a escritura pública ata 1999, a mesma foi posta a disposición desta Administración local e ocupada polo actual Ministerio de Fomento a virtude dos devanditos convenios. Non obstante o cumprimento da cesión convenida por parte da entidade "Miraflores Vigo, S.A.", esta Administración municipal non logrou dar cumprimento ó seu compromiso de tramitación do Plan Especial de Reforma Interior prometido para ordenar os aproveitamentos recoñecidos a "Miraflores Vigo, S.A" en virtude do devandito convenio, pero si aprobou, co Plan Xeral de 1993, para os terreos nos que se pretendía a aprobación do devandito Plan Especial de Reforma Interior, a delimitación dun Plan Parcial, o denominado Plan Parcial Quirós e as determinacións da súa ficha de características, que incluían a edificabilidade prevista no convenio: "1m2/m2 (\*) - (\*) segundo convenio con "Miraflores, S.A.", incorporando 2 m2/m2 de finca cun total de 32.964 m2 a engadir".

Así as cousas, "Miraflores Vigo, S.A.", con data 20 de decembro de 1996, a medio da formulación de consulta previa, solicitou que a edificabilidade recoñecida no repetido convenio se materializase no ámbito do Plan Parcial Quirós, previsto no PXOU de 1993, de conformidade coa súa ficha. Sen embargo, por considerar que tal posibilidade conlevaba unha importante sobreintensificación de uso no ámbito, proscriba polo artigo 26 da Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 4 de abril de 1997, pronunciouse sobre esta petición no sentido de dispoñer a redacción do Plan Parcial de acordo coa edificabilidade de 1 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>, prevista na súa ficha de características, que se aplicaría á superficie real do polígono, e trasladar a edificabilidade recoñecida á parcela de cesión a solos vacantes, con establecemento de criterios de ponderación en función da futura localización.

6º.- De conformidade con este pronunciamento, o Pleno do Concello de Vigo, en data 3 de agosto de 1998, acordou: "Transferir 31.786 m<sup>2</sup> edificables dos 32.964 m<sup>2</sup> recoñecidos á entidade "Miraflores Vigo, S.A.", por acordo plenario de 27 de novembro de 1992 ás parcelas de titularidade municipal núms. 9 ó 13, ámbalas dúas inclusive, do proxecto de compensación do polígono I do PERI A Bouza Sur", precisando que "os 1.178 m<sup>2</sup> edificables que restan por adxudicar, materializaranse a nome da dita entidade na aprobación do correspondente proxecto de compensación do Plan Parcial Quirós, deducíndose do aproveitamento urbanístico que corresponda á Administración municipal, e coa seguinte observación: A totalidade da edificabilidade que se transfere debe destinarse a vivendas en réxime de protección oficial: vivendas libres de prezo taxado, vivendas de réxime xeral ou vivendas de réxime especial (...)"

7º.- A medio de escritura pública de 9 de xuño de 1999, autorizada polo notario de Vigo D. Alejo Calatayud Sempere, co número 1.497 de orde do seu protocolo, produciuse a transmisión á entidade mercantil "Miraflores Vigo, S.A." de cinco parcelas municipais, sitas no polígono 1 do PERI da Bouza Sur, resultantes do correspondente proxecto de compensación (fincas núms. "9", "10", "11", "12" e "13"), cunha edificabilidade total de 31.786 m<sup>2</sup>, afectas ó destino de vivendas en réxime de protección oficial e ó pago da correspondente cota de urbanización. Tamén, na mesma escritura, "Miraflores Vigo, S.A." ratificou a cesión ó Concello de Vigo da finca obxecto do convenio de 26 de outubro de 1992, elevando nese acto o convenio a escritura pública.

Ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e co número 02/6866/1998, seguíuse recurso contencioso-administrativo en impugnación deste acordo plenario, no que, con data 17 de xullo de 2003, recaíu sentenza, na actualidade firme, anulatoria do mesmo.

8º.- Á vista das recentes resolucións xudiciais recaídas en relación con ámbitos contiguos ó do Plan Especial da Bouza Sur e con xustificación na conveniencia de reordena-los aproveitamentos urbanísticos da zona -e dentro destes, os previstos para vivendas de protección pública no polígono 1 do PERI da Bouza Sur, para o cal entendiase necesaria a súa adquisición-, posta de manifesto con ocasión da necesidade de execución das ditas resolucións xudiciais, o alcalde-presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, con data do 19 de setembro de 2001, formulou á entidade "Miraflores Vigo, S.A." unha oferta de precontrato de permuta das

devanditas parcelas por bens do Patrimonio Municipal do Solo a determinar no momento da negociación da permuta prometida. Tal oferta de precontrato de permuta, aceptada por "Miraflores Vigo, S.A." en data do 25 de setembro de 2001 e aprobada polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión do 4 de outubro de 2001, non obtivo, sen embargo, a ratificación do Concello-Pleno, á que se subordinou a dita aprobación.

9º.- Non obstante, con data do 14 de febreiro de 2003, en base ó devandito acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 4 de outubro de 2001, sobre aprobación do precontrato de permuta referido, e a efectos de concreta-lo mesmo, a mercantil "Miraflores Vigo, S.A." presentou unha proposta de posibles parcelas municipais a permutar polas da súa propiedade na Bouza Sur e o Concello-Pleno, con data 28 de abril de 2003, acordou aprobar, nos termos e coas condicións establecidas na parte expositiva do propio acordo, a permuta das parcelas municipais, actuais e futuras, que se describen na citada parte expositiva, polas repetidas parcelas propiedade de "Miraflores Vigo, S.A.", sitas no polígono 1 da Bouza Sur; permuta que se someteu a unha condición resolutoria expresa consistente no feito futuro e incerto de que no recurso contencioso administrativo pendente, interposto contra o acordo plenario de data 3 de agosto de 1998, sobre transferencia de edificabilidade, recaíse sentenza anulatoria do mesmo.

10º. A permuta outorgouse en escritura pública de data 10 de xuño de 2003, autorizada polo notario de Vigo D. José Antonio Rodríguez González, actuando en substitución e para o protocolo do seu compañeiro de residencia D. Luis Rajoy Brey, co número 539 de orde do seu protocolo. Nesta escritura pública, na súa estipulación cuarta, precísouse que, no caso de que a resolución tivese lugar, a Administración municipal podería optar entre esixir a restitución dos inmobles entregados en permuta ou ben considerar entregados os mesmos en concepto de pago por equivalencia das obrigas asumidas polo Concello de Vigo no convenio de 26 de outubro de 1992, ratificado polo Concello-Pleno o 27 de novembro seguinte, para a obtención dunha parcela afectada pola expropiación do vial de circunvalación entre a Avda. de Madrid e a de Castrelos.

11º. Con data do 17 de xullo de 2003, segundo xa adelantamos, a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictou sentenza no repetido recurso contencioso-administrativo núm. 02/6866/1998, pola cal, estimando o mesmo, resolveu anular "o acordo plenario do Concello de Vigo do 3 de agosto de 1998, sobre transferencias de aproveitamento urbanístico que se tiña recoñecido á sociedade "Miraflores Vigo, S.A." en convenio do 26 de outubro de 1992, aprobado polo Concello en 27 de novembro seguinte."

12º. Resolta a permuta a virtude da condición resolutoria expresa nela pactada o Concello-Pleno, con data 21 de novembro de 2003, adoutou o acordo que segue:

*"Primeiro.- Ratifica-lo prazo de tres meses seguintes á data en que se notifique a sentenza anulatoria no recurso contencioso núm. 02/6866/1998, para optar pola restitución dos bens entregados pactado en escritura pública do 10 de xuño do 2003, ampliado un mes máis mediante escritura pública do 17 de outubro do mesmo ano, ambas autorizadas polo notario de Vigo D. José Antonio Rodríguez González.*

Segundo.- Non interpoñer recurso de casación contra a sentenza dictada no recurso contencioso-administrativo núm. 02/6866/1998, pola cal, estimando o mesmo, resolveuse anular "o acordo plenario do Concello de Vigo do 3 de agosto de 1998, sobre transferencias de aproveitamento urbanístico que se tiña recoñecido á sociedade "Miraflores Vigo, S.A." en convenio de 26 de outubro de 1992, aprobado polo Concello en 27 de setembro seguinte."

Terceiro.- Solicitar da Sala do contencioso-administrativo a suspensión xurisdiccional do acordo de transferencia de aproveitamento urbanístico de data 3 de agosto de 1998, no caso de recorrerse a sentenza que o anula en casación por "Miraflores Vigo, S.A.", mediante a solicitude da execución provisional da sentenza ou dunha medida cautelar en tal sentido, a fin de evitar a irreversibilidade ou práctica imposibilidade de reposición da situación de orixe, caso de fracasar aquel.

Cuarto.- Requirir da entidade "Miraflores Vigo, S.A." a restitución dos bens entregados por esta Administración municipal en permuta, acordada polo Concello-Pleno con data 28 de abril de 2003, outorgada en escritura pública do 10 de xuño de 2003, autorizada polo notario de Vigo D. José Antonio Rodríguez González, para o protocolo do seu compañeiro D. Luis Rajoy Brey, co número 539 de orde do seu protocolo, a virtude da resolución expresa da mesma permuta operada como consecuencia do cumprimento da condición resolutoria expresa pactada na mesma e, así mesmo, facer entrega, xa que logo, a "Miraflores Vigo, S.A." das fincas recibidas polo Concello da dita mercantil, sitas na Bouza Sur, a virtude do mesmo contrato.

Quinto.- Obtida que sexa a execución provisional da sentenza, estúdiese polos serviciós xurídicos municipais a conveniencia de revisa-lo convenio do 26 de outubro de 1992 ou de iniciar expediente para restituí-la parcela cedida polo seu equivalente económico, valorando a mesma con referencia ó momento en que a devolución deveu imposible, cos seus intereses e indemnización a "Miraflores Vigo, S.A." no interese negativo pola realización do convenio, que proporcione a esta mercantil a mesma situación patrimonial que se o contrato non se tivese realizado -gastos ocasionados pola realización do contrato e ganancias que a mercantil deixou de obter pola conclusión do mesmo-, toda vez que a causa da impositividade puido e debeu ser coñecida pola Administración ó momento de contratar.

Sexto.- Adoptada a decisión que corresponda procédase en consecuencia.

Sétimo.- Notifíquese o presente acordo, en legal forma, ós interesados."

13º. Manifestada pola representación de "Miraflores Vigo, S.A." a non formulación do recurso de casación, preparado no seu día, contra a sentenza anulatoria do acordo plenario de 3 de agosto de 1998, sobre transferencia de aproveitamentos urbanísticos, e acordada polo Concello de Vigo a non formulación de recurso de casación contra a dita sentenza, sen que conste, tampouco, a preparación pola parte demandante de recurso desta natureza contra a mesma, procede considerar esta sentenza como firme.

14º. En base ós antecedentes relatados e ás consideracións xurídicas que se conteñen no informe-proposta do 1 de decembro de 2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 4 de decembro de 2003, adoutou o acordo que segue:



"Primeiro.- Ordena-la incoación de expediente de revisión de oficio para a declaración da nulidade do convenio de 26 de outubro de 1992, ratificado polo Concello-Pleno por acordo de 27 de novembro de 1992, celebrado entre "Miraflores Vigo, S.A." e esta Administración local, a virtude do cal a devandita entidade cedeu ó Concello de Vigo unha parcela da súa propiedade de 16.482 m2 de superficie, segundo rexistro, sita na parroquia de Sárdoma, afectada pola expropiación do vial de circunvalación entre a Avda. de Madrid e a de Castrelos e o Concello de Vigo, pola súa parte, obrigouse a tramitar un Plan Especial de Reforma Interior, ou a correspondente figura de planeamento urbanístico derivada do expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo á LASGA, no que se ordenaría, sobre a primeira das parcelas que no convenio se describen, entroutros, o aproveitamento que no mesmo convenio se lle recoñece á parcela cedida --2 m2/m2-- que é de 32.964 metros cadrados.

Segundo.- Que polo Servizo Municipal de Planeamento e Xestión Urbanística se proceda á emisión dos informes pertinentes en orden a determinar as indemnizacións que proceda recoñecer a "Miraflores Vigo, S.A." a consecuencia da nulidade que, no seu caso, se declare do dito convenio, da imposibilidade de restitución en forma específica a "Miraflores Vigo, S.A." da parcela cedida por esta para o vial de circunvalación a virtude do mesmo e da responsabilidade municipal por culpa in contrahendo na celebración do repetido convenio de 1992 que, tamén, no seu caso, se declare.

Terceiro.- Recórdese a mercantil "Miraflores Vigo, S.A." do seu dereito, en calquer momento do procedemento anterior ó trámite de audiencia, de aducir alegacións e aportar documentos e outros elementos de xuízo, que serán tidos en conta ó redacta-la correspondente proposta de resolución.

Cuarto.- Notifíquese, en legal forma, a presente resolución ós interesados no expediente."

15°. En cumprimento deste acordo e en contestación á solicitude de informe sobre o valor da finca cedida por Miraflores Vigo, S.A.", ocupada polo vial de circunvalación, a restituir polo seu equivalente económico, o arquitecto técnico municipal, por dilixencia de 4 de maio de 2004, remitiuse á valoración realizada no seu informe de 18 de novembro de 2003, obrante no expediente número 4484/401, do que se transcribe o que segue:

"Información urbanística: A parcela a que se fai referencia e con respecto á data de 4 de agosto de 1992, (en tramitación o Plan Xeral vixente de 1993), figuraba con respecto ó Plan Xeral de 1988 en solo urbanizable non programado e afectada polo trazado dun sistema xeral viario coincidente sensiblemente co actual 1º cinto de circunvalación entre a Avda de Madrid e a Avda de Castrelos e cun aproveitamento global máximo no Plan Xeral para os solos urbanizables non programados de 0,25 m2/m2.

A parcela a que se fai referencia figura con respecto ó Plan Xeral de 1993, aprobado definitivamente con data 29 de abril de 1993, en solo urbanizable non programado, denominado PAU 2 Campelos, pertencente ó núcleo 16.07 Campelos B, parroquia de Sárdoma, de uso característico residencial e dotacional e como usos compatibles o deportivo. Entre os obxectivos que figuran na ficha figura: "estructurar a zona de transición entre a cidade central e o ámbito rural". O PAU e plan parcial respectivos no foron aínda desenvolvidos.

A parcela figura así mesmo afectada na súa totalidade polo trazado do sistema xeral viario do 1º cinto de circunvalación entre a Avda de Madrid e a Avda de Castrelos.

Ós efectos de valoración dos terreos, a lexislación aplicable é a contida na Lei 6/1998 de réxime do solo e valoracións.

Segun o artigo 27 da Lei 6/1998 de 13 de abril sobre reximen do solo e valoracións e que á súa vez remítese ó artigo 16 da mesma, debe distinguirse entre o solo que non delimitado polo planeamento xeral ou para o que non se han establecido condicións específicas para o seu desenvolvemento de aqueles que o Plan Xeral estableza condicións. Neste caso o Plan Xeral vixente non establece condicións para o seu desenvolvemento polo que en principio lle sería de aplicación o contido do artigo 26 da Lei 6/1998 para solos non urbanizables.

Dito PAU non foi iniciado no seu desenvolvemento dende a aprobación do PXOU. Con independencia de que sería o PAU o que fixase o aproveitamento tipo, hai que facer constar que na memoria do Plan Xeral establécese como densidade para o solo urbanizable residencial a de 20 vdas./ha., cunha edificabilidade 0,5 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>. (Paxs. 87 e 88 da memoria xustificativa do Plan Xeral).

Así mesmo, o réxime do solo urbanizable non delimitado ven definido na lei 9/2002, de 29 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no artigo 21º.4: "No solo urbanizable non-delimitado, en tanto non se aprobe o correspondente plan de sectorización, aplicarase o réxime establecido para o solo rústico nesta Lei".

Non obstante, no apartado 4 do artigo 46 da citada Lei, límites de sostibilidade, especificase que: "No resto do solo urbanizable delimitado e no non-delimitado, de uso residencial, hoteleiro ou terciario, a superficie edificable total en cada sector non poderá supera-las 15 vivendas por hectárea nin 0,30 metros cadrados edificables por cada metro cadrado de solo.

O apartado d) da disposición transitoria 1ª da Lei 9/2002 de 29 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, expresa que: "O solo urbanizable non-programado, apto para urbanizar ou rústico con aptitude para ser incorporado ó desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta Lei para o solo urbanizable non-delimitado, sen prexuízo de respecta-los usos e as intensidades previstos polo planeamento xeral vixente".

Seguindo o artigo 27 da Lei 6/1998 que a su vez remítese ó artigo 16 da mesma, debe distinguirse entre o solo que non foi delimitado polo planeamento xeral o para os que non foron establecidas condicións específicas para o seu desenvolvemento de aqueles os que o plan xeral estableza condicións. Neste caso e a xuízo do técnico que subscribe ós efectos de valoración debería terse en conta o citado con anterioridade, sendo de aplicación o contido do artigo 27 da Lei 6/1998 para solos urbanizables, baseandose na xurisprudencia segundo a cal o destiño dotacional ou para sistemas xerais dun determinado solo xustifica que ós efectos da súa valoración se faga como si de solo urbanizable programado se

tratara, aínda que no Plan Xeral figure como solo urbanizable non programado. (S.T.S. de 6/06/2000, 12/12/2000 e 19/12/2000).

Segundo o artigo 27 da Lei 6/1998, o valor do solo urbanizable obteráse por aplicación, ó aproveitamento que lle corresponda, do valor básico de repercusión en polígono, que será deducido das ponencias de valores catastrais. Nos supostos de inexistencia ou perda de vixencia dos valores das ponencias catastrais, aplicaranse os valores de repercusión obtidos polo método residual.

#### VALORACIÓN

No presente caso, dado que os valores das ponencias catastrais non teñen vixencia, ó estar calculadas por plans xerais anteriores, emprégase o método residual contido na propia normativa catastral (R.D. 1020/93), partindo de valores de venda do produto inmobiliario a realizar e deduciendo deste os custos de produción de dito produto. Na norma 16 do citado R.D., establece a fórmula que debe empregarse para o cálculo do valor de repercusión do solo.

A valoración realízase, calculando o valor en base ó seu mais intensivo e mellor uso posible, e consistindo a súa estimación na detracción dos valores de inmobles actuais en venda ou conxunto de gastos de urbanización, xestión, etc.

A fórmula a empregar é a seguinte:

$$\begin{aligned} V_v &= (V_s + V_c) \times 1,40 \times K \\ V_s &= V_v / 1,40 \times K - V_c \end{aligned}$$

Sendo:  $V_v$  = Valor en venda de edificacións similares no mercado da zona. (Edificación en bloque colectivo ou unifamiliar, uso residencial, cualidade media alta, nova construción).

$V_c$  = Valor de construción de cualidade similar, engadindo neste caso os gastos dos custos de urbanización por executar.

$K$  = Factor de localización que depende do mercado.

$V_s$  = Valor residual do solo, neste caso valor da edificabilidade expresado en €.

Como valor en venda  $V_v$ , e por datos do mercado, adóptase a cifra de 1.442,43 €/m<sup>2</sup>. (158.667,19 € vivenda de 110 m<sup>2</sup>).

Como valor de construción, utilízase a media dos custos de execución material para a construción dun edificio de vivendas de clase media, 570,96 €/m<sup>2</sup>

Os custos de urbanización correspondentes ó aproveitamento, cifranse na cantidade de 72,09 €/m<sup>2</sup> c

O custo total da construción e da urbanización é de:

$$V_c = 570,96 + 72,09 = 643,05 \text{ €/m}^2\text{c.}$$

Tendo en conta as condicións de mercado, utilízase un factor de localización  $K$  de 1,00.

O valor do solo por repercusión, en aplicación da fórmula resulta:

$$\begin{aligned}Vs &= 1.442,43 \text{ €/m}^2 / 1,4 \times 1,0 - 643,05 \text{ €/m}^2c \\Vs &= 387,26 \text{ €/m}^2c\end{aligned}$$

Tendo en conta o aproveitamento neto de 6.687,00 m<sup>2</sup> construídos, resultado de aplicarlle á superficie do ámbito de 14.860,00 m<sup>2</sup> o coeficiente 0,5 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> e ó resultado aplicarlle o 90% derivado das determinacións do artigo 23º da lei 9/2002, o valor da parcela resulta ser:

$$\begin{aligned}Vs &= 387,26 \text{ €/m}^2 \times 6.687,00 \text{ m}^2 c \\Vs &= 2.589.607,62 \text{ €}\end{aligned}$$

Ó citado valor será necesario incluírlle o 5% de premio de afección, que resulta ser de 129.480,38 €, polo que o total da valoración supón a cifra de:

2.719.088,00 €."

16º. Á vista deste informe, o técnico de administración xeral que asina a presente proposta emitíu, con esta mesma data, o informe que segue:

"I. Tal e como se di no informe-proposta de 15 de setembro de 2003, sexa pola nulidade do convenio de 1992, dada a imposibilidade orixinaria da modificación de planeamento pretendida, ou sexa pola súa ineficacia, debida á falta de incorporación da modificación de planeamento contemplada no convenio ó Plan Xeral --como sostén a sentenza anulatoria--, de conformidade cos preceptos que no mesmo informe se invocan, ó se ter o convenio executado en parte, ante a imposibilidade da devolución en forma específica da parcela cedida a virtude do convenio, procederá a entrega do valor que tiña aquela cando se perdeu, isto é, cando se afectou ó vial de circunvalación, cos intereses desde a mesma data. Pero, ademais desta obriga de natureza extracontractual, no presente caso concorre tamen, na opinión deste informante, un suposto de responsabilidade por culpa in contrahendo municipal, tamén de natureza extracontractual, toda vez que a causa da imposibilidade da modificación do planeamento prevista no convenio debeu ser coñecida por esta Administración, o que obriga a esta a responder fronte a "Miraflores Vigo, S.A." polo interese negativo no cumprimento do convenio, isto é pola cantidade que coloque ó contratante na mesma situación en que se encontraría se o contrato no se tivese realizado, o que inclúe os gastos ocasionados polo contrato e as ganancias que o suxeito deixou de obter ó concluir este.

No que a parcela cedida, a devolver por equivalencia, se refire, e habida conta a indicada responsabilidade -polo valor da cousa cando se perdeu, cos seus intereses, e polos gastos ocasionados e ganancias deixadas de obter a causa do contrato-, cabe entender que a necesidade de proporcionar a "Miraflores de Vigo, S.A." a mesma situación patrimonial en que se atoparía se o contrato non se tivese concluído, esixe, para cuantificar a indemnización polo equivalente económico da parcela, a taxación a mesma ó día de hoxe, de modo análogo e co mesmo fundamento que a "retaxación" no procedemento de expropiación forzosa: a depreciación da moneda e as variacións no prezo das cousas que fan que, en moitas ocasións, os intereses non compensen o valor do ben expropiado, no presente caso o valor da parcela a devolver polo seu equivalente económico.

II. Seguindo o anterior criterio para a determinación do importe do equivalente económico da parcela, o aparelador municipal, no seu informe de 18 de novembro de 2003, obrante no expediente, realiza a valoración da dita parcela, que considera vixente a data de hoxe, por un importe de de 2.719.088,00 €, (452.429.052,32 Ptas.).

III. A dita valoración, á vista da clasificación do solo no que se empra a parcela no vixente PXOU de Vigo -solo urbanizable non programado, incluído no núcleo de nova creación 16 07 CAMPELOS B, para o que se sinalan como usos característicos os residenciais, dotacionais e de zonas verdes-, parte dunha consolidada doutrina xurisprudencial, segundo a cal o destino dotacional ou para sistemas xerais -avocados a servir ó conxunto urbano polo planeamento-, dun determinado solo xustifica que a súa valoración se faga como se de solo urbanizable programado se tratase aínda que no planeamento veña clasificado como urbanizable non programado. (sentenzas do Tribunal Supremo de 6 de xuño de 2000, RX 5937, 12 e 19 de decembro de 2000, RX 10026 e 10030, respectivamente, e todas as que estas citan); xurisprudenza que, no caso que nos ocupa -sistema xeral local- non resulta excepciónada polo disposto no artigo 25 da Lei 6/1998, de 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións (LSRSV), na súa nova redacción dada pola Lei 53/2002, de 30 de decembro.

De acordo con esta doutrina e en aplicación do artigo 27. 2 LSRSV, calculouse o aproveitamento correspondente á parcela, de conformidade coa precisión do apartado oitavo da memoria xustificativa do Plan Xeral. Ámbito exterior ó núcleo central -clasificación e cualificación do solo-, segundo a cal: "En canto ós núcleos de nova creación de carácter residencial en solo urbanizable programado estabécese unha densidade de vinte vivendas por hectárea e unha edificabilidade de 0.5 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> (...)"

De conformidade co mesmo artigo 27 LSRSV, e dado que os valores das ponencias catastrais perderon a súa vixencia, o estar calculadas por plans xerais anteriores, empregouse para a obtención do valor de repercusión do solo o método residual contido na propia normativa catastral (R.D. 1020/93), partindo de valores de venta do produto inmobiliario a realizar e deduciendo de éste os custos de produción de dito produto.

Finalmente, a valoración total final da parcela inclúe un 5 por 100 do valor estimado para a mesma, como premio de afección, toda vez que as razóns que xustifican o seu pago na expropiación -a privación do ben o dereito de maneira forzosa- concorren, tamén, aquí o devir imposible a devolución.

IV. Os demais gastos que a realización do contrato puidesea ter ocasionado á "Miraflores de Vigo, S.A.", así como as ganancias que esta puidera ter deixado de obter pola conclusión do mesmo, deberían ter sido acreditadas pola devandita mercantil, sen que a esta data, fóra das conversas mantidas cos representantes municipais, se teña presentado pola interesada, alegación, documento ou xustificación ningunha en xustificación de tales prexuízos."

17º. A interesada, "Miraflores Vigo, S.A.", á que, con data 19 de decembro de 2003, se lle notificou o acordo antes transcrito do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, sobre iniciación do expediente de revisión de oficio para a declaración de nulidade do repetido convenio de cesión, non

presentou, a esta data, segundo xa se dixo, alegacións, documentos nin xustificación algunha en defensa dos seus dereitos e en orde a determinación das indemnizacións procedentes.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I. Na sentenza de 16 de xullo de 2003, dictada no recurso contencioso-administrativo número 02/6866/1998, anulatoria do "acuerdo plenario del Ayuntamiento de Vigo de 3 de agosto de 1998, sobre transferencias de aprovechamiento urbanístico que se había reconocido a la sociedad MIRAFLORES VIGO, S.L. en convenio de 26 de outubro de 1992, aprobado por el Ayuntamiento en 27 de noviembre seguinte" dícese que "en el escrito de demanda se denuncia que el convenio no llego a plasmarse en el Plan General de Ordenación Urbana ni en ningún otro instrumento de planeamiento, antes al contrario, los terrenos aparecían clasificados en el PGOU de 1993 como Suelo Urbanizable No Programado en cuya clase de suelo no está fijado el aprovechamiento tipo" e afírmase que "efectivamente, dicha categoría --reconvertida al régimen del suelo rústico en la Ley 1/1997, del suelo de Galicia-- no aparece sujeta en la citada ley al sistema de aprovechamientos establecido para los suelos urbanos o urbanizables, (arts. 71 y 73) en los cuales, además, es competencia del Plan General fijarlos (art. 10. b), función que no puede asumir un simple convenio, como el de autos que aparece asignando "ex novo" un aprovechamiento de 2 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> sin respaldo de Plan alguno y sin que ello pueda entenderse sanado por una vaga y confusa alusión que hace la ficha del "P.P. 1 Quirós" que es ajeno a la finca que nos ocupa al ceñir su ámbito territorial a otra que no se incluyó en el convenio. Así pues, la indebida asignación del aprovechamiento determina la inexistencia legal del mismo y, por consecuencia, la imposibilidad de transferirlo a cualquier otro PERI"

II. No informe-proposta de 15 de setembro de 2003 que serviu de fundamento ó acordo plenario de 21 de novembro de 2003, sobre resolución da permuta aprobada o 28 de abril de 2003 e requerimento de restitución recíproca dos bens entregados a virtude da mesma, sostense que a determinación sobre a intensidade de uso, entendido como residencial, prevista no convenio de 26 de outubro de 1992, ratificado polo Concello-Pleno en 27 de novembro seguinte, contravén o límite que para o uso residencial establecían os artigo 26 da LASGA e 24 da Lei do solo de Galicia de 1997, para os plans parciais, polo que a modificación de planeamento contemplada no dito convenio era orixinariamente imposible:

Era orixinariamente imposible a tramitación dun Plan Especial de Reforma Interior para o ámbito do actual Plan Parcial Quirós -plan especial que presupón o carácter urbano do ámbito e que podería posibilita-lo emprazamento dos aproveitamentos previstos no convenio- por se-lo solo urbano unha categoría regrada, determinada pola concorrencia dos requisitos que naquel momento se determinaban no artigo 10 do TRLS/1992 e que non se daban neste ámbito tal e como se afirma no informe da CPTOPV emitido na tramitación do PERI que, coa natureza de non previsto, se intentou sen éxito aprobar para este ámbito con anterioridade a aprobación do vixente PXOU que recolleu a clasificación deste solo como urbanizable programado.

Era orixinariamente imposible, tamén, a materialización dos aproveitamentos urbanísticos contemplados no convenio de 1992 no ámbito dun solo urbanizable con ordenación remitida a un Plan Parcial -no presente caso o

Plan Parcial Quirós- polas limitacións de intensidade residencial establecida para estos solos urbanizables nos artigos 26 da LASGA e 24 da Lei do solo de Galicia de 1997, que derogou a primeira, segundo os cales a densidade máxima nos plans parciais será de 75 vivendas por hectarea, podendo establecerse densidades de ata 100 vivendas/Ha, sempre que a superficie total construída non supere a de 8.250 m<sup>2</sup> por hectarea; preceptos conforme ós cales a edificación residencial máxima no ámbito do Plan Parcial Quiros, de 46.125 m<sup>2</sup> de superficie, sería a de 38.053,125 m<sup>2</sup>.

En consecuencia, sendo a modificación de planemento contemplada no dito convenio orixinariamente imposible o convenio sería nulo, toda vez que segundo o artigo 1.272 do Código Civil non poderán ser obxecto de contrato as cousas ou servizos imposibles e, de acordo co 1261 do mesmo texto, non hay contrato senón cando concorren o consentimento dos contratantes, obxecto certo que sexa materia de contrato e causa da obriga que se estableza.

A falta de obxecto posible provoca a nulidade radical do convenio. O convenio nulo non pode producir, nin produce, o efecto pretendido polas partes e estas deben restituirse reciprocamente as cousas que tiveran sido materia de contrato, cos seus froitos e o prezo cos seus intereses (artigo 1303 do Código Civil) e se a devolución fose imposible, restituíranse os froitos percibidos e o valor que tiña aquela cando se perdeu, cos intereses dende a mesma data. (artigo 1307 do Código Civil).

No caso que nos ocupa procedería a restitución a "Miraflores Vigo, S.A." da parcela cedida por esta para o vial de circunvalación e, ante a imposibilidade da devolución en forma específica, a súa restitución polo equivalente económico.

III. Conclúe o dito informe-proposta, no que a esta cuestión interesa, afirmando que ademais desta obriga de devolución, de natureza extracontractual, no presente caso concorre tamén un suposto de responsabilidade por *culpa in contrahendo* municipal, tamén de natureza extracontractual, toda vez que a causa da imposibilidade da modificación do planeamento prevista no convenio debeu ser coñecida por esta Administración; o que obriga a esta a responder fronte a "Miraflores Vigo, S.A." polo interese negativo no cumprimento do convenio, isto é pola cantidade que coloque a esta contratante na mesma situación en que se encontraría se o contrato no se tivese realizado, o que inclúe os gastos ocasionados polo contrato e as ganancias que deixou de obter ó concluir o mesmo.

IV.- De acordo co artigo 102.1. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: "As Administracións públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude do interesado, e previo dictame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbese, declarararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa ou que non foran recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 62.1". Artigo, este último, que inclúe, no seu apartado 1º, dentro dos actos nulos de pleno dereito: "c) os que teñan un contido imposible."

V. Igualmente establece o apartado 4º do devandito artigo 102 da LRJPA que: "As Administracións públicas, ó declara-la nulidade dunha disposición ou acto, poderán establecer, na mesma resolución, as indemnizacións que proceda recoñecer ós interesados, se se dan as circunstancias previstas nos artigos 139. 2 e 141. 1 desta Lei (...)."

VI. Da nulidade do convenio de 1992, da imposibilidade de restitución en forma específica a "Miraflores Vigo, S.A." da parcela cedida por esta para o vial de circunvalación a virtude do mesmo e da culpa in contrahendo en que esta administración municipal incurriu ó celebra-lo repetido convenio de 1992, resulta para esta mercantil un dano efectivo, evaluable economicamente e individualizado, que determina a obriga da súa indemnización por este Concello.

VII. A falta dunha xustificación por parte de "Miraflores Vigo, S.A." dos prexuízos ocasionados a esta como consecuencia da conclusión do convenio obxecto do presente expediente de revisión de oficio, a indemnización a ela debida deberá limitarse ó valor da parcela obxecto do convenio, a devolver polo seu equivalente económico, nos termos vistos nos informes técnicos precedentes.

VIII. Non obstante canto se acaba de expoñer, o transcurso do prazo de tres meses establecido no artigo 102.5 LRX-PAC para resolve-los procedementos de revisión de oficio de actos nulos, como é o presente procedemento, incoado por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 4 de decembro de 2003, determina a necesidade de declara-la caducidade deste, se ben, ó subsistir as razóns de feito e de dereito que xustificaron a súa incoación, tal declaración de caducidade deberá ir acompañada dun acordo de iniciación dun novo expediente de revisión de oficio para a declaración de nulidade do mesmo convenio ó que se terán por incorporados os informes emitidos no declarado caducado.

IX. Sendo o convenio que nos ocupa, aprobado no seu día polo Concello-Pleno, un convenio urbanístico de planeamento, en canto incluía e pretendía ter como resultado unha modificación de planeamento, e correspondendo a aprobación dos tales convenios ó Pleno da Corporación (artigos 235. 4. d) LOUGA e 123. 1. i) LRBRL), é competente para a súa revisión de oficio, de conformidade co artigo 123, apartado 1. l) LRBRL, o mesmo Concello-Pleno; competencia que comprende, igualmente, a declaración de caducidade do procedemento de revisión de oficio iniciado por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de 4 de decembro de 2003, como acto que é, tamén, de finalización do procedemento e a incoación do novo expediente para a declaración de nulidade do convenio."  
..."

Polo anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión do 10 de xuño de 2004, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.



VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Declarar a caducidade e ordenar o arquivo das actuacións do expediente de revisión de oficio, incoado por resolución do Consello da Xerencia Municipal de Urbnismo do 4 de decembro de 2003, para a declaración da nulidade do convenio do 26 de outubro de 1992, ratificado polo Concello-Pleno por acordo do 27 de novembro de 1992, realizado entre "Miraflores Vigo, S.A." e esta Administración local, a virtude do cal a devandita entidade cedeu ó Concello de Vigo unha parcela da súa propiedade de 16.482 m2 de superficie, segundo rexistro, sita na parroquia de Sárdoma, afectada pola expropiación do vial de circunvalación entre a Avda. de Madrid e a de Castrelos e o Concello de Vigo, pola súa parte, obrigouse a tramitar un Plan Especial de Reforma Interior ou a correspondente figura de planeamento urbanístico derivada do expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo á LASGA, no que se ordenaría, sobre a primeira das parcelas que no convenio se describen, entroutros, o aproveitamento que no mesmo convenio se lle recoñece á parcela cedida -2 m2/m2- que é de 32.964 metros cadrados.

Segundo.- Ter por iniciado, a virtude do presente acordo, novo expediente de revisión de oficio para a declaración de nulidade do referido convenio e por incorporados ó mesmo os informes técnicos emitidos no expediente declarado caducado.

Terceiro.- Como queira que no expediente declarado caducado a mercantil "Miraflores Vigo, S.A." non presentou alegacións, documentos nin xustificación ningunha en defensa dos seus dereitos e en orde a determinar as indemnizacións procedentes para o caso de declaración da nulidade do convenio e toda vez que constan no expediente, que por este acordo se inicia, os informes municipais precisos para formular proposta de resolución no mesmo, póñase este de manifesto á interesada a fin de que no prazo de 15 días poida presentar as alegacións, documentos e xustificacións que estime pertinentes.

Cuarto.- Notifíquese, en legal forma, a presente resolución á interesada no expediente.

9.- (160).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 2 DO PLAN PARCIAL DO PARQUE TECNOLÓXICO E LOXÍSTICO DE VIGO. EXPTE. 8781/411.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de xuño de 2004, o técnico de administración xeral e máis o arquitecto municipal de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sres. González Yebra-Pimentel e Alonso Fernández, emiten o seguinte informe:

Con data 14.06.04 o técnico de admón. xeral e o arquitecto-xefe de Planeamento, informan:

"1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 8 de marzo de 2004, aprobou inicialmente a modificación puntual nº 2 do plan parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo (expediente 8781/411), solicitada polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, segundo a documentación técnica, redactada pola empresa de urbanismo e enxeñería INTERURBAN S.A., asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Roberto Aya Duarte, de data febreiro de 2004.

2.- O Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo (expediente nº 4959/411) aprobouse definitivamente polo Pleno o 26 de marzo de 2001, en desenvolvemento dun sector de solo urbanizable delimitado na modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobada definitivamente o 29 de setembro de 2000 (expediente nº 4868/411). Este plan parcial foi obxecto dunha primeira modificación puntual, aprobada definitivamente polo Concello-Pleno en sesión de 29 de setembro de 2003.

3.- Esta segunda modificación puntual, aprobada inicialmente, ten como obxectivos:

- Prever a localización dunha subestación de enerxía eléctrica na zona sur do parque. A este fin cualifícase nesta zona sur unha parcela coa ordenanza de servizos urbanos e suprímese a cualificación como de servizos urbanos da parcela, da mesma superficie, sita na parte norte do ámbito, que pasa a cualificarse como zona de sistema viario para aparcamento.

- Alterar a zonificación e ordenanzas da área sur do Plan Parcial (maza limitada por zona verde, rúa C do proxecto de urbanización, Rotonda do Vial da Universidade, estrada do Foxo, e ámbito exterior ó Plan Parcial), reducindo a superficie en ordenanza de "Investigación y Desarrollo" e incrementando a superficie en ordenanza industrial, de tal xeito que se acada unha superficie total en uso industrial de 38.665,41 m<sup>2</sup>.

A xustificación da modificación puntual baséase en estudos posteriores á aprobación do Plan Parcial que recomentan esta nova subestación de enerxía eléctrica e na necesidade de conseguir unha superficie unitaria importante para unha das principais empresas proveedoras de PSA PEUGEOT-CITROËN, que, doutro xeito, non terían cabida no Parque.

4.- En relación ó estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico integrante da documentación da modificación, a técnica de administración xeral de medio ambiente, con data 2 de marzo de 2004, informou que a modificación puntual consiste nunha reasignación de usos nas parcelas edificables do Plan Parcial e que xa obra no expediente de aprobación definitiva do proxecto de urbanización do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo o "informe técnico de análisis del procedimiento de evaluación ambiental correspondiente al proyecto y de las características ambientales de los terrenos afectados por el mismo", redactado pola consultora ambiental "Ambiotec - Estudios Técnicos Medio Ambiente y Urbanismo - S.L.", achegado en data 21 de maio de 2001 a esta Administración municipal polo representante do CZFV e que, en data 23 de maio de 2001, o enxeñeiro do Departamento de Medio Ambiente emitíu informe favorable sobre a pretendida actuación urbanística, se ben coa obriga da futura redacción e aprobación dun proxecto de restauración e vixiancia ambiental.

5.- Sometido o expediente ó trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante a publicación de anuncios no DOG (nº 58 do 24 de marzo de 2004) e en dous xornais dos de maior circulación da provincia, en dous días consecutivos, ("Faro de Vigo" e "Atlántico Diario", dos días 19 e 20 de marzo de 2004), con notificación individual ó Consorcio da Zona Franca de Vigo, solicitante da modificación, presentouse unha única alegación, por parte desta mesma entidade, na que se pon de manifesto a conveniencia de modifica-la "Ordenanza 2. Zona de Industria en General. Zona Industrial II", en canto ás alturas máximas, habida conta a necesidade dalgunhas empresas das que se poderían instalar na Zona Industrial II, de superar, nalguha parte dos seus procesos productivos, a altura máxima autorizada nesta zona.

6.- O técnico redactor, tanto desta modificación puntual como do propio Plan Parcial que se modifica, recomenda, no seu informe de data 25 de maio de 2004, a aceptación da alegación entendendo que responde á lóxica dos procesos de fabricación que de ningún outro xeito serían encadrables dentro da ordenanza actual.

Polo que se refire á incidencia da aceptación desta proposta de modificación das alturas autorizables no estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, o técnico redactor propón, dada a excepcionalidade "a xustificar" desa posibilidade de superación de alturas, que sexan os propios proxectos que pretendan superar as alturas máximas os que deban, puntual e especificamente, valorar os seus impactos sobre o medio.

7.- Na exposición de feitos dos acordos concluídos o 18 de decembro de 2003 entre o Consorcio da Zona Franca de Vigo e Unión Fenosa Distribución, S.A., recoñese por esta última á conveniencia da instalación da subestación eléctrica, obxecto da modificación puntual, e a idoneidade do seu emprazamento na ubicación prevista na modificación que nos ocupa.

Condições urbanísticas: De acordo co especificado no PXOU, vixente por aprobación definitiva do 29/04/93 (DOG 10/05/93), e en concreto da modificación puntual referente a este ámbito, con aprobación definitiva polo Pleno do 29/09/00, os terreos do Parque Tecnolóxico constitúen un sector de solo urbanizable, remitido a un plan parcial coa seguinte ficha de características, para a súa redacción:

- Denominación: Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo
- Nº de plano: 17-37, 17-36, 18-39, 18-38, 18-37, 18-36, 19-37, 19-38
- Clasificación de solo: Urbanizable
- Tipo de núcleo: Polígono industrial de nova creación
- Planeamento de desenvolvemento: Plan parcial
- Superficie: 874.195 m<sup>2</sup>
- Iniciativa de planeamento: Pública
- Sistema de actuación: Expropiación
- Obxectivos: Creación de Parque Tecnolóxico e Loxístico
- Edificabilidade bruta: 1 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>
- Usos característicos: - Industrial
- - Innovación
- Usos incompatibles: Vivenda (Permítense vivendas para gardería nas condicións establecidas no PXOU para o uso industrial).
- Usos compatibles: Todos os demais. Os usos compatibles cos principais (innovación e industrial) enténdese que son admisibles cando están relacionados ou complementan ós usos e características de Parque tecnolóxico e Loxístico. No Plan Parcial estableceranse as limitacións de uso que, en cada zona, sexan precisas para compatibiliza-los mesmo cos usos principais
- Reservas mínimas para dotacións: Espacios libres de uso público: 10%.-  
Outros equipamentos: 4%
- Superficie mínima de cesión de solo: A sinalada no convenio urbanístico.

O Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo aprobado definitivamente o 26 de marzo de 2.001, tiña as seguintes características:

- Superficie do sector.....	874.436 m <sup>2</sup>
- Edificabilidade : 0,5 m <sup>2</sup> c/m <sup>2</sup> .....	432.909 m <sup>2</sup> c.
- Espacios libres de uso público.....	130.556 m <sup>2</sup>
- Equipamentos públicos.....	27.601 m <sup>2</sup>
- Equipamentos privados.....	57.545 m <sup>2</sup>
- Prazas de aparcadoiro.....	5.045

Como pode comprobarse o Plan Parcial non utilizou a totalidade da edificabilidade posible segundo o Plan Xeral, que é de 1 m<sup>2</sup>c/m<sup>2</sup>, consumindo unicamente 0,5 m<sup>2</sup>c/m<sup>2</sup>.

O Plan Parcial modificado, trala aprobación da modificación nº 1 , quedou como segue:

- Superficie do sector.....	874.436 m <sup>2</sup>
- Edificabilidade.....	473.144,284 m <sup>2</sup> c.(0,54 m <sup>2</sup> c/m <sup>2</sup> )
- Espacios libres de uso público.....	130.556 m <sup>2</sup>
- Equipamentos públicos.....	.27.601 m <sup>2</sup>
- Equipamentos privados.....	.57.545 m <sup>2</sup>

- Prazas de aparcadoiro..... 5.045

Polo tanto o Plan Parcial modificado trala modificación nº 1 non esgota, tampouco, a edificabilidade posible segundo o Plan Xeral.

O ámbito da modificación proposta, que comprende unha superficie de 59.164,71 m<sup>2</sup>, atópase dentro do Plan Parcial e é descontinuo: unha área situada ó sur que comprende as parcelas 8,13,14 e 17 do proxecto de reparcelación aprobado e a parcela nº 22 situada ó norte do sector.

Análise do contido da modificación:

A) Previsión duna subestación eléctrica:

Como xa se indicou no informe proposta de aprobación inicial, nin no Plan Parcial aprobado, nin no proxecto de urbanización previase a localización dunha subestación transformadora eléctrica, xa que en ambos documentos se di que o subministro (en Media Tensión) provirá da Central de Sárdoma.

No proxecto de urbanización deséñanse dous centros de reparto (norte e sur) e, a partires deles, dous bucles A e B de distribución de media tensión cara ós transformadores que se sitúan a pé de cada parcela.

O emprazamento da subestación proposta nunha parcela do Parque Tecnolóxico, evitará a realización dunha costosa liña de acometida e permitirá centralizar os elementos de conexión e distribución. Respecto deste obxectivo o enxeñeiro xefe de vías e obras do Concello e o enxeñeiro industrial municipal da oficina de infraestructuras informaron favorablemente o 3 de febreiro de 2004 a proposta presentada e, por outra parte, segundo xa se dixo, na exposición de feitos dos acordos concluídos o 18 de decembro de 2003 entre o Consorcio da Zona Franca de Vigo e Unión Fenosa Distribución, S.A., recoñecese por esta última á conveniencia da instalación da subestación eléctrica, obxecto da modificación puntual, e a idoneidade do seu emprazamento na situación prevista na modificación que nos ocupa.

A modificación afecta ó Plan parcial en canto ás características da rede de distribución eléctrica e ós seguintes documentos: apartado 5.5.3, plano 15 do Plan parcial e á avaliación económica.

De se aprobar definitivamente a presente modificación necesitarase, asemade, da modificación do proxecto de urbanización aprobado para este ámbito, toda vez que deberá definirse a nova configuración da rede de media tensión coa nova subestación prevista.

Urbanísticamente esta modificación comporta un cambio na ordenación do Plan Parcial entre dúas zonas de ordenanza: unha de servizos urbanos que pasa a aparcamentos, e outra de aparcamentos que pasa a zona de servizos urbanos.

B) Modificación de ordenación na área sur

A modificación proposta -como tamén se informaba na proposta para a aprobación inicial- reduce a superficie destinada a I+D e incrementa, a cambio, a superficie de uso industrial, que se concentra agora xunto á rotonda entre a estrada de acceso á Universidade e a estrada de Portal,

zona onde, no Plan parcial aprobado, se configuraba un nó de equipamento comercial, social e área administrativa. O uso comercial da zona obxecto da modificación, desprázase, como consecuencia da mesma, a unha parcela illada situada no surleste do ámbito, situada xunto a outra parcela illada para uso I+D (de 3.214,65 m2 de superficie) que se despraza cara ó leste, xunto ó núcleo de Fabas.

Outra modificación que se propón afecta á intensidade de uso, xa que o uso industrial previsto na zona da modificación polo plan parcial vixente é o industrial grao I, cunha edificabilidade de 1,4 m2/m2, mentres que a modificación presenta o seu cambio a industrial grao II, cunha edificabilidade de 0,7 m2/m2.

En resumo, a modificación produce, no seu ámbito, as variacións nas intensidades de uso seguintes, segundo pódese comprobar no cadro que figura a continuación:

a) Incremento de superficie destinada a uso industrial en 25.903,41 m2 de solo e de edificabilidade industrial de 9.198,93 m2 construíbles.

b) Diminución de superficie destinada a uso I+D "Investigación y desarrollo", en 25.903,35 m2, e diminución de edificabilidade nese uso, en 20.722,68 m2 construíbles.

En conxunto, a modificación produce un descenso de edificabilidade, de 11.523,75 m2c, mantendo a mesma superficie e edificabilidade comercial e reservas para aparcamentos e servizos urbanos que o plan parcial vixente.

USO	PLAN PARCIAL VIXENTE		MODIFICACION PROPOSTA		VARIACION	
	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE
INDUSTRIAL	12.762 m2 (P-8)	17.866,86 m2c	29.118 m2 (P-13) 5.307,41 m2 (P-14) 4.240 m2 (P-17.01)	20.382,60 m2c (P-13) 3.715,19 m2c (P-14) 2.968 m2c (P-17.01)	+	+9.198,93 m2c
TOTAL:	12.762 m2	17.866,86 m2c	38.665,41 m2	27.065,79 m2c		
I + D INVESTIGACION E DESENVOLVEMENTO	29.118 m2 (P-13)	23.294,40 m2c	3.214,65 m2 (P-8.02)	2.571,72 m2 (P-8.02)	25.903,35 m2	-20.722,68 m2c
TOTAL:	29.118 m2	23.294,40 m2c	3.214,65 m2c	2.571,72 m2c		
COMERCIAL	5.307,41 m2 (P-14)	6.368,89 m2c (P-14)	5.307,41 m2 (P-8.01)	6.368,89 m2c (P-8.01)	0	0
TOTAL:	5.307,41 m2	6.368,89 m2c	5.307,41 m2	6.368,89 m2c		
					0	0

APARCADOIROS	10.000,24 m2 (P-17)	16.000,38 m2C (P-17)	8.023,24 m2 (P-17.03) 1.977,00 (P-22)	12.837,18 m2C (P-17.03) 3.163,20 m2C (P-22)		
TOTAL:	10.000,24 m2	16.000,38 m2C	10.000,24 m2	16.000,38 m2C		
SERVIZOS URBANOS	1.977,00 m2 (P-22)	988,50 m2C (P-22)	1.977,00 m2 (P-17.02)	988,50 m2C (P-17.02)	0	0
TOTAL:	1.977,00 m2	988,50 m2C	1.977,00 m2	988,50 m2C		

Igualmente, a aprobación desta modificación puntual do Plan parcial obrigará á modificación do proxecto de reparcelación aprobado para o ámbito a fin de axustalo á nova zonificación.

Referido á totalidade do sector do plan parcial, trala aprobación da modificación puntual nº 2, a ordenación xeral quedaría como segue:

- Superficie do sector..... 874.436 m2
- Edificabilidade..... 461.622 m2c. (0,52 m2c/m<sup>2</sup>)
- Espacios libres de uso público..... 130.556 m2
- Equipamentos públicos..... .27.601 m2
- Equipamentos privados..... .57.545 m2
- Prazas de aparcadoiro..... 5.045

Polo tanto séguese a cumprir e desenvolver as determinacións do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, consumindo menos edificabilidade que a que figura na ficha de características do Plan Parcial ( 1 m2c/m2).

C) Modificación da "Ordenanza 2. Zona industrial en xeral. Apartado 6. Zona industrial II."

A modificación proposta consiste en engadir no apartado 6, sobre alturas máximas, da citada ordenanza as precisións que seguen:

*"Esta altura poderá superarse puntualmente, sen exceder de 15,00 metros, cando polas actividades desenvolvidas na nave se faga necesario dispoñer de zonas concretas cunha maior altura. En ningún caso as zonas onde se supere a altura máxima admitida poderán superar o 50% da ocupación máxima da parcela. Asemade, na zona na que se supere a altura de 10,00 metros, non se poderán proxectar máis plantas que no resto da nave.*

*Por outra parte, admitiranse excepcionalmente elementos especiais, excedendo as alturas anteriores, previa xustificación técnica de que os mesmos son imprescindibles para o funcionamento das industrias. Nestes casos, a superficie en planta destes elementos non poderá exceder do 5% da ocupación máxima das parcelas.*

*En calquera caso, nos proxectos técnicos especificaranse con todo detalle as causas técnicas que xustifican os incrementos de altura, así como a superficie afectada por este aumento."*

A excepción de alturas para naves -non para ás instalacións especiais- viña xa incluída, como proposta de modificación, na documentación inicialmente presentada polo Consorcio para a iniciación deste expediente de modificación puntual, se ben, por un erro material do Consorcio, dita proposta suprimiuse na documentación inicialmente aprobada.

O técnico redactor da documentación do expediente, segundo xa se dixo, recomenda a aceptación da alegación e, en canto á súa incidencia no estudio de sotibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, propón, dada a "excepcionalidade a xustificar" da posibilidade de superación de alturas, que sexan os propios proxectos os que deban, puntual e especificamente, valorar os seus impactos sobre o medio.

Conformes os informantes coas xustificacións dadas a esta proposta de modificación, considérase, non obstante, que a normativa debe recoller esta precisión, polo que o último parágrafo do novo texto debe quedar redactado como segue:

*"En calquera caso, os proxectos técnicos especificarán con todo detalle as causas técnicas que xustifican os incrementos de altura, así como a superficie afectada por este aumento, e incluírán un estudio específico de valoración do impacto sobre o medio e da medida ou medidas que se prevexan para corrixir-lo dito impacto."*

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

I.- O solo incluído no ámbito da modificación, debe considerarse como solo urbanizable delimitado, por tratarse dun solo urbanizable programado, con plan parcial aprobado, pero sen rematar as obras de urbanización (Disposición transitoria 1ª 1.d LOUGA). No solo urbanizable delimitado aplicaráselle o disposto na dita Lei, sen prexuízo de respectar os usos e intensidades previstos polo planeamento xeral vixente.

II.- A alteración do contido dos instrumentos de planeamento configúrase como unha potestad administrativa, a denominada "potestas variandi", que corresponde ás entidades locais e á Comunidade Autónoma, como administracións con competencias na formulación do planeamento, para iniciar discrecionalmente a súa modificación ou, no seu caso, revisión, a fin de adaptalo ás esixencias cambiantes do interese público.

Dita alteración, segundo dispón o artigo 93 LOUGA, pode ter lugar mediante a revisión dos instrumentos de planeamento ou a modificación dalgún ou algúns dos elementos que os constitúen. No presente caso, habida conta a entidade e características da modificación pretendida, a mesma reviste os caracteres dunha mera modificación de elementos puntuales do plan parcial.

III.- O artigo 94 da LOUGA establece que calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas, e o artigo 93 precisa que a modificación de calquera elemento dos plans suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.



IV.- A modificación axústase no seu obxecto, determinacións e documentación ó establecido para os plans parciais nos artigos 63, 64 e 65 LOUGA.

A modificación incorpora, como anexo, un estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, redactado polo equipo redactor do plan parcial, que foi informado polo Departamento de Medio Ambiente do Concello nos termos recollidos nos antecedentes e que incorpora como medidas correctoras das condicións paisaxísticas a previsión dunha barreira vexetal con arborado de 7 metros arredor da subestación, o soterramento da liña de alta tensión, así como esixencias de estudos específicos de valoración de impacto sobre o medio, coas correspondentes medidas de corrección, na normativa relativa ós supostos de superación de altura.

V.- A presente modificación fundaméntase en razóns de interese público debidamente xustificadas na súa memoria e é conforme ó vixente PXOU, sen que proceda formular obxeccións en relación coa cualidade da ordenación proxectada.

A modificación, que supón unha redución da intensidade edificatoria, non afecta ás dotacións públicas, nin ás zonas verdes ou espazos libres do plan parcial aprobado, polo que non precisa de maiores dotacións públicas nin do informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo. Tampouco afecta a materias obxecto de lexislación sectorial que faga preciso a solicitude de informes doutros organismos.

VI.- Na tramitación do expediente observouse o disposto no artigo 86 LOUGA para os plans parciais.

VII.- As modificacións introducidas tralo trámite de información pública non supoñen un cambio substancial respecto do documento inicialmente aprobado polo que non é preciso abrir un novo trámite de información pública.

VIII.- É competente para aprobar definitivamente a presente modificación do Plan Parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo o Concello-Pleno, por maioría simple, de conformidade co artigo 123.1.i) LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local."

Polo anteriormente exposto, os técnicos informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 17 de xuño de 2004, propón a aprobación da devandita proposta.

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Só para matizar que estes días saía na prensa que algunha empresa tiña problemas ou dificultades para acadar a licenza. Quero dicir que nestes momentos estamos en disposición de, a esas empresas que se queren instalar no Parque Tecnolóxico polas que se fixo esta

modificación, podelas tramitar correctamente.

É unha matización importante porque se pode chegar á conclusión ou semellar que investimentos importantes estanse retrasando.

Coido que esta Modificación Puntual se fixo con máis celeridade da normal e por iso agradézollo a todos os Grupos políticos.

Polo antedito a partir de agora si estamos en disposición de darlle esas licencias a esas empresas que se queren instalar no Parque Tecnolóxico. Pero dicir que o Concello actuou correctamente e coa maior prontitude.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar definitivamente a modificación puntual nº 2 do plan parcial do Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo (expediente 8781/411), solicitada polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, conforme á documentación técnica, redactada pola empresa de urbanismo e enxeñería INTERURBAN S.A., asinada polo enxeñeiro de camiños, canles e portos D. Roberto Aya Duarte, presentada nesta Administración municipal con data 14 de xuño de 2004, que, baixo o epígrafe "Documento para a aprobación definitiva, xuño de 2004", incorpora a modificación derivada da estimación da alegación presentada polo Consorcio, no período de exposición ó público do expediente, de resultas da cal o artigo 17 -Ordenanza 2. Zona de Industria en General-apartado 6.- Zona Industrial II, queda redactado como segue:

*Zona Industrial II: A altura máxima establécese en 10,00 metros coas condicións sinaladas no artigo 11 desta ordenanza.*

*Esta altura poderá superarse puntualmente, sen exceder de 15,00 metros, cando polas actividades desenvolvidas na nave fágase necesario dispoñer de zonas concretas cunha maior altura. En ningún caso as zonas onde se supere a altura máxima admitida poderán superar o 50% da ocupación máxima da parcela. Asemade, na zona na que se supere a altura de 10,00 metros, non se poderán proxectar máis plantas que no resto da nave.*

*Por outra parte, admitiranse excepcionalmente elementos especiais, excedendo as alturas anteriores, previa xustificación técnica de que os mesmos son imprescindibles para o funcionamento das industrias. Nestes caso, a superficie en planta destes elementos non poderá exceder do 5% da ocupación máxima das parcelas.*

*En calquera caso, os proxectos técnicos especificarán con todo detalle as causas técnicas que xustifican os incrementos de altura, así como a superficie afectada por este aumento, e incluírán un estudio específico de*

*valoración do impacto sobre o medio e da medida ou medidas que se prevexan para corrixir o dito impacto."*

Segundo.- Procédase, no prazo máximo dun mes dende a data deste acordo de aprobación definitiva, á súa publicación no Diario Oficial de Galicia, así como, no Boletín Oficial da Provincia, do documento que contén a normativa e ordenanzas.

Terceiro.- De acordo co disposto no artigo 92.3 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, comuníquese este acordo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia; deaselle, á vez, traslado dunha copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente, con todos os planos e documentos que integran o plan, debidamente dilixenciados polo secretario do Concello e fágase constar no anuncio de aprobación definitiva a remisión da dita documentación á consellería.

Cuarto.- Requírase do Consorcio da Zona Franca de Vigo a presentación da documentación precisa para proceder á modificación do proxecto de urbanización e de parcelación do sector.

#### 10.- (161).-MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 3/2004 DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO.

ANTECEDENTES.- Con data 21 de xuño de 2004, o xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. González Ramírez, con conformidade da interventora xeral e máis do xerente de Urbanismo, informa do que segue:

"Visto o decreto do vicepresidente de 15 de xuño de 2004, incoando expediente de modificación orzamentaria, de conformidade co disposto polo artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, emítese o seguinte informe:

1.- Os gastos que se pretenden incluír no orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen prexuízo para os intereses xerais da Entidade, por ser urxentes e de necesaria realización.

2.- O importe de 180.310,27 euros desglósase do seguinte xeito:

<u>Partida</u>	<u>Concepto</u>	<u>Crédito inicial</u>	<u>Alta</u>
4320.1500000	Productividade	0 €	25.172,00 €

4320.2270600	Estudos e traballos técnicos	185.000 €	69.138,27 €
4320.2270605	Execucións subsidiarias	86.000 €	86.000,00 €
TOTAL			180.310,27 €

3.- A presente modificación supón un crédito extraordinario de 25.172 euros e un suplemento de crédito de 155.138,27 euros, polo que a competencia de aprobación correspóndelle ó Pleno, de acordo co establecido polo citado artigo 177.2 do Texto refundido da Lei de facendas locais (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo) e tendo que seguir os trámites e requisitos de publicidade establecidos polo artigo 169 do citado Texto refundido para a aprobación do orzamento.

4.- A financiación desta modificación a constitúe o remanente líquido de tesourería derivado da liquidación do orzamento de 2003. O remanente dispoñible para gastos xerais a 31 de decembro de 2003 era de 912.706,75 euros. Despois da incorporación de remanentes (modificación orzamentaria 2/2004) o remanente de tesourería para gastos xerais era de 499.036,16 euros.

5.- A presente modificación cumpre co previsto para as Entidades Locais no artigo 19 da Lei 18/2001, de 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, porque o importe que se suplementa no estado de gastos é o mesmo que o axuste á baixa realizado en virtude do decreto do 30 de decembro de 2003, que aprobou a prórroga do orzamento para o ano 2004. Polo tanto, de se aprobar esta modificación manteríase o equilibrio orzamentario que impón o artigo 3.2 da Lei 18/2001."

Polo exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 24 de xuño de 2004, propón a aprobación da devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Aprobar o crédito extraordinario e o suplemento de crédito por importe global de 180.310,27 euros (modificación nº 3/2004 do vixente orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo), financiado con remanente líquido de Tesourería e co desglose expresado no informe que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

11.- (162).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN URBANA SOBRE O NOVO EMPRAZAMENTO DA SUBESTACIÓN ELÉCTRICA DO CASTRO. EXPTE. 8661/411.

ANTECEDENTES.- Con data 21 de maio de 2004, o técnico de admón. Xeral e máis o arquitecto municipal de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sres. Cominges Cáceres e Alonso Fernández, informan do que segue:

"FEITOS/ANTECEDENTES.

En data 22.10.2003 o entón concelleiro-delegado de Urbanismo remitiu un oficio requirindo deste departamento municipal o inicio dos trámites pertinentes para modificar puntualmente o vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU-93) con motivo do traslado e novo emprazamento da subestación eléctrica do Castro.

1.1. A entidade concesionaria "UNIÓN FENOSA" ven manifestando dende hai anos a necesidade de introducir melloras na infraestrutura existente eléctrica para garantir a subministración á cidade de Vigo en axeitadas condicións de seguridade e cualidade.

1.2. Con ese obxectivo iniciouse a construción da Subestación denominada do Castro entre as rúas Ronda de Don Bosco, Enrique Blein Budiño e Venezuela segundo a licenza concedida o 9/07/95, conforme ó estudio de detalle nº de expediente 3865/411, aprobado definitivamente o 3/03/95, posteriormente modificado por outro (nº de expediente 4528/411) con AD o 2/03/98.

1.3. Posteriormente, ditas actuacións víronse afectadas polas sentenzas firmes 124/1999 e 1322/2002 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

1.4. No 20 de outubro de 2003, a mercantil UNIÓN FENOSA presentou nesta Administración municipal diversa documentación para a modificación puntual do Plan Xeral de Vigo, a fin de reemprazar a Subestación do Castro, propoñendo a súa localización no subsolo da rúa Camelias, sobre a rasante da rúa Cachamuíña, aproveitando o desnivel existente coa Praza do Rei. Informada esta documentación por distintos servizos técnicos municipais e polo equipo redactor do Plan Especial de Reforma Interior do Casco Vello desaconsellouse a realocalización proposta e remitiuse o 12/12/2003 a FENOSA un informe propoñendo o estudio dalgún lugar alternativo.

1.5. No 3 de marzo de 2004 a entidade mercantil "UNIÓN FENOSA" presentou documentación corrixida da proposta de modificación puntual do Plan Xeral, suxerindo unha nova localización da subestación, situándoa debaixo da plataforma do vial interior do Monte do Castro, entre os tramos de escaleiras de subida dende a rúa Camelias.

1.6. No 5 de marzo de 2004 remitiuse un oficio a "UNIÓN FENOSA" requirindo a aportación de documentación complementaria, incluíndo medidas correctoras referentes ó xacemento arqueolóxico do Castro, ó arborado existente e á garantía de non afección das escaleiras existentes.

1.7. No 17 de marzo de 2004 a devandita concesionaria presentou a documentación corrixida, nun Texto refundido, con data de marzo de 2004, visado polo COAG o 15 de marzo de 2004, redactado pola empresa TAU, asinado pola arquitecta D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Asunción Leboreiro Amaro, e que constitúe o obxecto

deste informe-proposta. A nova localización que se propón para a subestación do Castro se refire, xa que logo, ó subsolo da plataforma do vial interior do Monte do Castro, entre os tramos de escaleiras de subida dende a rúa Camelias.

1.8. No 22 de marzo de 2004 o arquitecto e o letrado municipal emitiron informe sobre a modificación puntual. A continuación solicitáronse os pertinentes informes da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia (CPTOVP) -art. 85.1 Lei 9/2002 (LOUGA)-, e da Comisión Provincial do Patrimonio da Consellería de Cultura -Lei 8/1995 de Patrimonio Cultural de Galicia-.

1.9. No 30 de marzo de 2004 a Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra da Consellería de Cultura emitíu informe (notificado no 22/04/2004), no que se indica que: "*(...) dende o punto de vista do impacto visual a futura obra non incidiría sobre o ben cultural, xa que é soterrada e non sobresaíría da rasante actual do terreo*". Sen embargo, engade a conveniencia de efectuar un estudo arqueolóxico do lugar de referencia.

1.10 No 6 de maio de 2004 o director xeral de urbanismo da CPTOPV emitíu informe favorable sobre esta modificación puntual (notificado vía fax no 14 de maio).

## 2. OBXECTO.

2.1 A modificación puntual que se propón consiste, basicamente, na previsión, por parte do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo (PXOU), dunha subestación de enerxía eléctrica baixo a plataforma do vial interior do Monte do Castro, por razóns xustificadas de necesidade de potencia, en función da demanda e o crecemento de consumo, así como de localización no centro de gravidade de cargas.

2.2. Dita modificación afecta á normativa do PXOU, en concreto ó apartado 3.2.3. de normativa sobre infraestruturas básicas, urbanización e proxectos, apartado e. Enerxía eléctrica, no referente ó subapartado de subestacións, prevendo expresamente a nova subestación do Castro, de 2 x 50 MVA. Tamén se modifica o plano 16-24 do PXOU localizando no mesmo a subestación que se proxecta.

2.3. O ámbito da modificación abrangue unha superficie total de 636,91 m<sup>2</sup>, dos que 438,44 m<sup>2</sup> corresponden a viario e 198,47 m<sup>2</sup> están cualificados no vixente PXOU de zona verde 3.1.A., espacio libre ocupado por plataforma, vial e escaleiras. A modificación, que unicamente se refire á previsión de localización no subsolo dun elemento de sistema xeral de infraestrutura eléctrica, non afecta ó uso e cualificación de solo sobre rasante, como pode comprobarse no expediente.

2.4. Non obstante por afectar a 198,47 m<sup>2</sup> de terreo cualificado como zona verde, resulta conveniente solicitar informe da Comisión Superior de Urbanismo da Xunta de Galicia (art. 94.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro -LOUGA-).

2.5. A documentación inclúe un estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, documento esixido no artigo 61.4 LOUGA, no que se analizan os efectos da modificación sobre o medio físico e se propoñe a

adopción das medidas correctoras necesarias para minimizar os seus impactos, consistentes basicamente no mantemento da topografía existente, a reconstrución das escaleiras e a reposición do arborado e vexetación.

2.6. Así mesmo, e dado que a modificación se atopa no ámbito do xacemento arqueolóxico catalogado GA 3657007 do Monte do Castro, o expediente, que contén a obrigatoriedade de que as obras sexan autorizadas pola Dirección Xeral do patrimonio, deberá ser informado de novo pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, en relación co disposto na vixente Lei do Patrimonio Cultural de Galicia e o indicado polo xefe do departamento municipal de Patrimonio Histórico no seu oficio do 18 de maio de 2004 (informe arqueolóxico).

### 3.- DOCUMENTACIÓN PARA APROBACIÓN INICIAL.-

A documentación que se presenta para aprobación inicial, está visada polo COAG no 15 de marzo de 2004, ven redactada pola empresa TAU, e asinada pola arquitecta D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Asunción Leboreiro Amaro.

Os documentos que a compoñen son os seguintes:

1. MEMORIA XUSTIFICATIVA, que comprende:
    1. ANTECEDENTES.
    2. MARCO LEGAL.
    3. MODIFICACION PROPOSTA.
      - 3.1. ÁMBITO.
      - 3.2.- PLANEAMENTO VIXENTE.
      - 3.3.- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA.
      - 3.4.- PROPOSTA.
      - 3.5.- CONTIDO DA MODIFICACIÓN.
  2. PLANOS:
    - I. CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN/PLANEAMENTO VIXENTE (folla 16-24)
      - 1.- CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN/PLANEAMENTO MODIFICADO(folla 16-24)
      - 2.- IMPLANTACIÓN DA SUBESTACIÓN DO CASTRO
      - 3.- SECCIÓNS ESTUDIOS PREVIOS DE SUBESTACIÓN DO CASTRO.
  3. ANEXO FOTOGRÁFICO
  4. ANEXO DOCUMENTAL
  5. ESTUDIO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO.
- ### 4. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

4.1. A modificación puntual do planeamento xeral é unha potestade inserta na xenérica competencia municipal de planeamento, recoñecida e recollida no artigo 94 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), entoutros. A iniciativa desta modificación puntual do planeamento xeral é municipal, sen prexuízo do apoio e impulso prestado pola entidade concesionaria "UNIÓN FENOSA" (art. 78 LOUGA).

4.2. O interese público da modificación que se propón, aparece suficientemente xustificado, xa que se encamiña á mellora dun servizo público esencial como é o subministro de enerxía eléctrica da cidade.

4.3. Esta modificación puntual tramitarase segundo o disposto nos arts. 94 e 85 LOUGA.

4.4. Consonte co preceptuado no art. 61 LOUGA incorporouse un estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, no que se analizan e ponderan os efectos da execución e desenvolvemento das novas determinacións da modificación sobre os recursos naturais e o medio físico e se xustifican as solucións adoptadas

4.5. Por afectar a modificación ó subsolo nunha superficie de 198,47 m2 de terreo cualificado como zona verde, de acordo co artigo 94.4 LOUGA requirirase, previamente á súa aprobación provisional, do informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo da Xunta de Galicia.

Así mesmo, deberase recabar tamén informe favorable da Consellería de Cultura de acordo co disposto na vixente Lei do Patrimonio Cultural de Galicia.

4.6. É competente para acorda-la aprobación inicial e provisional desta modificación puntual o Pleno do Concello, consonte co disposto no artigo 123. 1. i), da LBRL, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros (artigo 123.2 LRBRL). Do mesmo xeito o secretario municipal deberá emitir o correspondente informe xurídico."

Polo anteriormente exposto, os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 27 de maio, propón ó Pleno da Corporación, logo da aprobación pola Xunta de Goberno Local, a aprobación da devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 7 de xuño, prestou a súa aprobación ó proxecto de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana de que se trata.

Con data 28 de xuño de 2004, o Secretario xeral do Pleno presta a súa conformidade á proposta formulada.

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Outra matización que tamén fixo algún outro compañeiro de Corporación. Sabemos que temos un contencioso con Fenosa e que imos tentar acadar as mellores condicións para o Concello con estas modificacións coas que Fenosa tamén se beneficia para dar, por suposto, un servizo á cidade.

Tentaremos resolver os conteciosos que o Concello ten doutros anos nas mellores condicións e, de poderen ser, co menor custo posible.

(No momento da votación está ausente a Sra. Fernández Davila).



VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo sobre novo emprazamento da Subestación Eléctrica do Castro, asumindo como propia a iniciativa da entidade mercantil "Unión Fenosa S.A." segundo a documentación presentada con data de marzo de 2004, asinada pola arquitecta D<sup>a</sup> María Asunción Leboreiro Amaro. (Expte. 8661/411).

Segundo.- O acordo de aprobación determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licencias nos ámbitos do territorio obxecto de planeamento nos que as novas determinacións supoñan a modificación da ordenacións urbanística vixente.

Terceiro.- Abrir un período de información pública durante un mes, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous xornais de maior circulación da provincia, neste último caso, en dous días consecutivos, con audiencia simultánea ós municipios limítrofes.

Cuarto.- Solicítense os informes sectoriais preceptivos, e en especial o da Consellería de Cultura. Antes da aprobación provisional da modificación deberá recabarse tamén informe da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia.

Explicación de voto do Sr. Toba Girón polo Grupo do BNG:

Imos votar o inicio do expediente de Modificación Puntual para resolver este famoso tema da subestación, pero queremos expresar que o noso voto está condicionado a que se peche un acordo favorable ó Concello de Vigo neste asunto con Fenosa e á rediscusión dos convenios que forman parte da documentación do novo Plan Xeral e na que xa manifestamos a nosa posición.

Explicación de voto do Sr. Ruiz Ceniceros polo Grupo do PSdeG-PSOE:

Nós apoiamos esta proposta porque ademais iniciouse polo anterior Goberno. Si lle lembramos ó actual Goberno que proceda a dúas precisións. Unha, no Plan Especial do Casco Vello que se está tramitando agora mesmo mantense a legalización da Subestación na súa situación actual o que vai en contra da sentenza dictada no seu día e en contra da opinión dos veciños. O primeiro que correspondería sería dar instrucións ó Equipo redactor para que realice esa modificación importante que pode ser substancial do Plan Especial.

En segundo lugar, como xa se comentou no Consello da Xerencia, sería conveniente que se precisase o deseño exterior (era unha idea que ademais partía do Sr. Toba) do futuro soterramento desa subestación.

Polo tanto o noso apoio na aprobación definitiva estará condicionado ó antedito.

12.- (163).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 6.583,71 € A FAVOR DE ANÓNIMO PUBLICIDADE. EXPTE. 1114/101.

ANTECEDENTES- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 22 de marzo de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"4.- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 6.583,71 € A FAVOR DE ANÓNIMO PUBLICIDAD. EXPTE. 1114/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 05.03.04, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo de Alcaldía, do 20.02.04, conformado polo concelleiro delegado de Facenda, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Validar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figuran na factura nº 2004/41, de "Anónimo Publicidad" (CIF. B-36721900), data de Rexistro Xeral 19.02.04, polo concepto "Inserción publicidade institucional", por importe de 6.583,71 euros, IVE incluído.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de "Anónimo Publicidad", con cargo á partida orzamentaria 111.1.226.02.00, "Publicidade Relacións Públicas", por un importe total de 6.583,71 euros.

3º.- Dispoñer o gasto a favor de "Anónimo Publicidad", por importe de 6.583,71 €, IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 111.1.226.02.00, "Publicidade Relacións Públicas" do orzamento prorrogado actualmente en vigor."

A Comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 21 de xuño de 2004, quedou enterada do contido do expediente.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia da conta á Corporacion quedando esta enterada.*

13.- (164).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 6.617,28 A FAVOR DE VIEIROS.COM, POLA REALIZACIÓN DA WEB MAIL DO CONCELLO. EXPTE. 688/101.

ANTECEDENTES.- a Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 26 de abril de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"37. INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 6.617,28 € A FAVOR DE VIEIROS.COM POLA REALIZACIÓN DA WEB MAIL DO CONCELLO. EXPTE. 688/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral, do 05.04.04 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo de Alcaldía, do 22.03.04, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Convalidar as actuacións de gasto realizado sen fiscalización previa que figura na factura seguinte:

- N° 30/03, de data de Rexistro Xeral 02.10.03, por importe de 6.617,28 euros, IVE incluído, polos conceptos "Realización, desenvolvemento do web mail do Concello de Vigo" e "Deseño, aparencia e integración do web mail na web do Concello".

2º.- Recoñecer a obriga a favor de "VIEIROS.COM. Información en rede" (NIF B-15792682), con cargo á partida orzamentaria 111.0.227.07.00, "Distintos traballos técnicos", ou á súa bolsa de vinculación, por importe total de 6.617,28 euros.

3º.- Dispoñer o gasto a favor de "VIEIROS.COM. Información en rede", por importe de 6.617,28 euros, IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 111.0.227.06.00. "Distintos traballos técnicos" do orzamento en vigor."

A Comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 21 de xuño de 2004, quedou enterada do contido do expediente.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia da conta á Corporacion quedando esta enterada.*

14.- (165).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A., POR IMPORTE DE 24.787,37 € POLOS GASTOS DERIVADOS DA ADQUISICIÓN DE FORMIGÓN. EXPTE. 40090/250.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 10 de maio de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"33. INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE "OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS S.A." POR IMPORTE DE 24.787,37 € POLOS GASTOS DERIVADOS DA ADQUISICIÓN DE FORMIGÓN. EXPTE. 40090/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral do 09.03.04 e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 22.04.04, conformado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras e polo concelleiro delegado da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Recoñecer o gasto necesario para o aboamento da factura presentada ó cobro por "Obras y Construcciones Dios,S.A." por importe de vintecatro mil setecentos oitenta e sete euros con trinta e sete céntimos de euro (24.787,37 €) con cargo á partida orzamentaria 5110.210.00.06 ou bolsa de vinculación da mesma, polo que o contratista considérase, segundo a súa propia declaración, resarcido de todos os gastos derivados da execución dos traballos realizados

2º.- Do presente acordo deberá darse conta ó Pleno da Corporación en cumprimento do previsto nas Bases de execución do orzamento."

A Comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 21 de xuño de 2004, quedou enterada do contido do expediente.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia da conta á Corporacion quedando esta enterada.*

15.- (166).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE CESPA POR IMPORTE DE 457,34 € POR TRASLADO DE RESTOS VEXETAIS NOS XARDÍNS DO PAZO DE CASTRELOS. EXPTE. 2040/307.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 10 de maio de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"29. INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA EMPRESA CESPA POR IMPORTE DE 457,34 € POLA RECOLLIDA E TRASLADO DE RESTOS VEXETAIS DO XARDÍN HISTÓRICO DE CASTRELOS NO MES DE DECEMBRO DE 2003. EXPTE. 2040/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o infome do interventor xeral accidental, do 29.04.04, e de acordo co informe-proposta do xefe de Patrimonio Histórico, do 06.04.04, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- A indemnización substitutiva por importe de 457,34 euros a favor da empresa "CESPA" (CIF A-28441079) pola recollida e traslado de contedores con restos vexetais dos xardíns do Pazo de Castrelos correspondente ó mes de decembro de 2003, conforme á súa factura nº 03VG00191, do 31.12.2003, presentada no Rexistro Xeral na data do 02.01.2004 (nº doc. 40000090).

2º.- Imputalo á partida 4531.2100000 REPARACIÓNS E MANTEMENTO XARDÍN HISTÓRICO dos orzamento do 2004.

3º.- A imputación do gasto ós orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación ningunha para a realización de tódalas atencións do exercicio corrente na conseguinte partida.

A Comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 21 de xuño de 2004, quedou enterada do contido do expediente.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia da conta á Corporacion quedando esta enterada.*

16.- (167).-RECURSO DE REPOSICIÓN EN RELACIÓN CON RECUPERACIÓN DE OFICIO DA POSESIÓN DA PROPIEDAD MUNICIPAL NÚM. 000119, SITUADA NA SUBIDA Ó CEMITERIO DE PUXEIROS, S/N. EXPTE. 16066/240.

ANTECEDENTES.- Con data 16 de febreiro de 2004, o xefe de Patrimonio, Sr. Rodríguez Cadarso, coa conformidade do xefe de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado de Patrimonio, emite o seguinte informe:

"NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Rexime Local (LRBRL).
- L30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RDL 781/1986 do 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)
- RD 2568/1986 do 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).
- RD 1372/1986 do 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES DE FEITO:

D. Gonzalo Vila García, actuando en representación da empresa Garci Venta SL, formula recurso de reposición o 19.01.04 contra acordo do Pleno Municipal de 24.11.2003 polo que se acordou o exercicio da acción recuperatoria de oficio

-----  
S.Ordinaria 28.06.04

da posesión da propiedade municipal nº 000119, sita na subida ó Cemiterio Puxeiros s/n ante a súa ocupacion ilícita pola entidade agora recorrente.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMERO.- A entidade recorrente manifesta a improcedencia do acordo adoptado en base á titularidade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Comun de Cabral da parcela obxecto de expediente e a súa dispoñibilidade resultante do contrato de arrendamento que manifesta ter suscrito con esta. Así mesmo considera a nulidade do acordado en base ós anos que ven posuindo o dito ben que fai improcedente a incoaccion do procedemento de recuperación de oficio xa que de acordo co art. 70.2 do RBEL o prazo para a recuperación é dun ano cando se refire a bens patrimoniais.

SEGUNDO.- O recurso presentado preséntase sobre dúas cuestións básicamente, a propiedade da parcela obxecto de recuperación posesoria e o título en virtude da cal a posue, e por outra banda o prazo fixado pola normativa de aplicación para o exercicio desta acción.

A primeira cuestión presentada xa se respostou explicitamente no informe xurídico emitido durante a instrución do expediente e que serviu de base ó acordo plenario recorrido, constando nos antecedentes deste (fundamento xurídico primeiro) e que notificouselle ó recorrente, sen que aporte na actualidade outros datos ou documentos que o desvirtuen.

En canto ó manifestado sobre o prazo para o exercicio en vía administrativa da potestade de recuperación de oficio, carece de todo fundamento xa que, como consta no expediente, este iniciouse de oficio a partir dunha comunicación da xefa de negociado de cemiterios de data 10 de xuño polo que poñía en coñecemento que na mesma data se comprobouse a realización de obras de explanación na parcela en cuestión, resultando conseguintemente esa data como da inicio para o cómputo do prazo a que se refire o art. 70.2 do RBEL, téndose polo tanto adoptado o acordo de recuperación posesoria dentro do prazo legalmente establecido.

TERCERO.- Corresponde ó Pleno Municipal, previo dictamen da Comisión Informativa de Réxime Interior, a resolución do recurso de reposición interposto, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC."

Por todo o anteriormente exposto, ó funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de xuño de 2004, dictamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

#### ACÓRDASE:

Desestimar o recurso de reposición interposto pola empresa Garci Venta SL, contra o acordo plenario de data 24.11.03 ó non resultar desvirtuados, polos

razonamentos expostos nos antecedentes deste acordo, os fundamentos xurídicos que motivaron a recuperación de oficio da posesión da propiedade municipal nº 000119, sita na subida o Cemiterio de Puxeiros s/n, ante a súa ocupacion ilícita pola recorrente.

17.- (168).-IMPLEMENTACIÓN DA PARTIDA DE PRODUCTIVIDADE NECESARIA PARA ACOMETER O CUSTOS DO PROGRAMA DE DISPOÑIBILIDADE HORARIA DA POLICÍA LOCAL NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2004. EXPTE. 15095/220.

ANTECEDENTES.- Con data 8 de xuño de 2004, o xefe da Unidade de Persoal, coa conformidade da Alcaldía-Presidencia, informa do que segue:

"Con motivo da aprobación dun novo programa de dispoñibilidade horaria para a Policía Local referido ó primeiro semestre de 2004, resulta necesario acometer unha nova modificación orzamentaria dentro do capítulo primeiro e poder facer fronte, deste xeito, ós custos do programa.

No vixente orzamento prorrogado atópanse vacantes os seguintes postos no servizo da Policía Local (cod. 212):

- a) 30 postos de Garda da Policía Local, que foron nomeados funcionarios en prácticas e que tomaron posesión da súa praza con data 9 de xaneiro de 2004, e que durante o primeiro semestre do presente ano, mentres realicen o regulamentario curso de formación na Academia Galega de Seguridade, percibirán unicamente o salario base do posto de traballo que figura no orzamento.
- b) 23 postos de Garda da Policía Local que corresponden a vacantes non cubertas na OEP correspondente ó ano 2001, xubilacións, invalideces, excedencias voluntarias ou falecemento dos seus titulares durante o pasado ano 2003.
- c) 1 posto de Cabo da Policía Local, vacante por se atopar en situación de excedencia voluntaria quen o ocupaba, por ascenso a Suboficial.
- d) 2 postos de Sarxento da Policía Local, vacantes por se atopar en situación de excedencia voluntaria quen os ocupaban, por ascenso a Suboficial.

Como queira que os postos contidos nos apartados b), c) e d) non van ser ocupados alomenos ata o 1 de xullo de 2004, os seus créditos poderían ser utilizados a trimestre vencido, nunha vindeira modificación orzamentaria con cargo ós postos e partidas que a continuación se detallan. Así mesmo, poderían utilizarse os créditos dos 30 postos contidos no apartado a) no que respecta ás retribucións complementarias, toda vez que estas non poden ser aboadas ós interesados ata que sexan nomeados funcionarios de carreira ou ata que as prácticas as realicen facendo tarefas propias dos

funcionarios do corpo para as que non sexa preciso contar coa condición de funcionarios de carreira, no que neste caso, se lle aboarían tamén as retribucións complementarias do posto durante o tempo que realicen ditas funcións (que en todo caso tería lugar durante os meses de xullo e setembro de 2004).

	POSTO	SERVIZO	PART.	Nº POST	BASICAS (PART. 120.00.00)	COMPLEMENT. (PART. 121.00.00)	TOTAL POR PRAZA	TOTAL PRAZA
99	Sarxento Pol.Local	Policía Loc.	222,2	2	4.552,89 €	7.624,11 €	6.088,50 €	12.177,00 €
126	Cabo Policía Local	Policía Loc.	222,2	1	1.861,41 €	3.044,04 €	4.905,45 €	4.905,45 €
134	Garda Pol. Local	Policía Loc.	222,2	30		86.265,00 €	2.875,50 €	86.265,00 €
134	Garda Pol. Local	Policía Loc.	222,2	19	36.527,46 €	54.634,35 €	4.797,99 €	91.161,81 €
134	Garda Pol. Local	Policía Loc.	222,2	3	6.914,79 €	8.626,47 €	5.180,42 €	15.541,26 €
<b>TOT</b>				55	49.856,55 €	160.193,97 €		210.050,52 €
<b>A84</b>	Garda Pol. Local	Policía Loc.	451,1	1	2.360,37 €	2.875,50 €	5.235,87 €	5.235,87 €
<b>TOT</b>				1	2.360,37 €	2.875,50 €	5.235,87 €	5.235,87 €
<b>TOT</b>								215.286,39 €

A transferencia de créditos obxecto desta proposta enténdese necesaria para facer fronte ós compromisos de gasto imputables á partida de productividades, claramente diminuída como consecuencia da recente implantación dun Programa de dispoñibilidade horaria para o persoal adscrito ó corpo da Policía local durante o primeiro semestre de 2004, actuación que obviamente non estaba orzamentada no actual orzamento prorrogado."

Polo exposto e entendendo competente o Pleno do Concello para autorizar as implementacións das partidas de productividades (artigo 5.5 do RD 861/86, do 25 de abril), o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 21 de xuño de 2004, dictamina favorablemente a devandita proposta.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Con vinte votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e sete votos en contra dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Castrillo e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a implementación de créditos da partida 121.0.150.00.00 -productividade-, aplicando os créditos non consumidos durante os meses de abril, maio e xuño de 2004, nas partidas e servizos que



a continuación se relacionan, por unha contía de 215.286,39 €, segundo o resume de credits seguintes:

	POSTO	SERVIZO	PART.	Nº POST	BASICAS (PART.120.00.00)	COMPLEMENT. (PART.121.00.00)	TOTAL POR PRAZA	TOTAL PRAZA
99	Sarxento Pol.Local	Policía Loc.	222,2	2	4.552,89 €	7.624,11 €	6.088,50 €	12.177,00 €
126	Cabo Policía Local	Policía Loc.	222,2	1	1.861,41 €	3.044,04 €	4.905,45 €	4.905,45 €
134	Garda Pol. Local	Policía Loc.	222,2	30		86.265,00 €	2.875,50 €	86.265,00 €
134	Garda Pol. Local	Policía Loc.	222,2	19	36.527,46 €	54.634,35 €	4.797,99 €	91.161,81 €
134	Garda Pol. Local	Policía Loc.	222,2	3	6.914,79 €	8.626,47 €	5.180,42 €	15.541,26 €
<b>TOT AL</b>				55	49.856,55 €	160.193,97 €		210.050,52 €
<del>222</del>	Garda Pol. Local	Policía Loc.	451,1	1	2.360,37 €	2.875,50 €	5.235,87 €	5.235,87 €
<b>TOT</b>				1	2.360,37 €	2.875,50 €	5.235,87 €	5.235,87 €
<del>TOT</del>								215.286,39 €

Segundo.- Instar á Alcaldía-Presidencia para que autorice expresamente a transferencias de credits das anteriores partidas, segundo o disposto no artigo 179.2 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais.

Terceiro.- Dar conta deste acordo á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se realice.

Explicación de voto do Sr. Toba Girón polo Grupo do BNG:

Xa no seu momento, cando se trouxo este acordo ó Pleno, manifestáramos que este acordo non era máis que unha especie de prórroga do primeiro acordo adoptado nun momento no que o Sr. Calviño era Concelleiro de Tráfico. Xa expresamos a nosa disconformidade cun acordo que coidamos que é malo, que ademais non está funcionando e que é caro. En todo caso e en coherencia con ese posicionamento agora votamos en contra da modificación de crédito.

18.- (169).-ACORDO DA XUNTA DE VOCEIROS RELATIVO A ACTUACIÓNS A REALIZAR NO 25 CABODANO DO POETA CELSO EMILIO FERREIRO

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros Municipais, na súa sesión do día 24 de xuño de 2004, propuxo ó Pleno da Corporación a aprobación da seguinte acordo:

“Este ano cúmprese o 25 cabodano do pasamento do noso egrexio poeta Celso Emilio Ferreiro. Un poeta que morou parte da súa vida na nosa cidade, onde finou no día 31 de agosto do ano 1979.

Coido que, dadas a calidade humana e maila proxección universal da obra do noso poeta, a próxima Xunta de Voceiros podería propoñerlle ó Pleno da

Corporación (sen prexuízo de que se poidan engadir outras iniciativas), as accións seguintes:

- 1.- Colocar unha coroa de loureiro no busto de Celso Emilio, sito nos xardíns que levan o seu nome, no día do seu cabodano.
- 2.- Concertar, con tódolos colexios de Vigo que se queiran adherir, un programa de recitado das súas poesías e máis concursos de redacción sobre a obra de Celso Emilio.
- 3.- A colocación dun baixorrelevo na casa onde morou, no 28 da rúa Urzaiz.
- 4.- A celebración no Teatro García Barbón dun festival no que actuarían cantaautores que teñan musicado poemas de Celso Emilio e máis persoas que participen no recitado das súas poesías (tanto recitadores profesionais como persoeiros representativos de distintos sectores da nosa cidade)".

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta formulada pola Xunta de Voceiros na súa sesión do día 24 de xuño de 2004, relativa ás actuacións a realizar no vintecino cabodano do pasamento do poeta Celso Emilio Ferreiro, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (170).-MOCIÓN DE DPG SOBRE PEAXES ENTRE O MORRAZO E REDONDELA CON VIGO.

ANTECEDENTES.- Con data 27 de maio de 2004, o voceiro do Grupo Municipal de DPG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"As peaxes da ponte de Rande e de Redondela con Vigo son feitos anacrónicos que están a prexudicar gravemente o desenvolvemento económico e social das zonas afectadas e por iso mesmo da nosa Área Metropolitana.

Os afectados non fomos quen de conseguir que o anterior goberno de España do PP suprimise esas inxustas e prexudiciais peaxes. E a Xunta de Galicia tampouco quixo, soubo ou puido.

Ven a conto xa que algúns membros do PP deben pensar que os cidadáns a as cidadás somos menores de idade, ó pretenderen apareceren agora como adaís do reclamo da supresión das peaxes que eles mesmos non quixeron suprimir, malia que o tiñan prometido en varias campañas electorais. Farían ben os membros do PP en estaren calados sobre deste asunto. Polo menos...

Agora ben, todos lembramos tamén as promesas dos membros do PSOE sobre estes

temas e os que sempre estivemos por esta labor si temos o dereito e o deber de reclamar o seu cumprimento canto antes.

En base ó antedito propoñemos:

Pedirlle ó goberno de España a supresión das peaxes entre o Morrazo e Redondela con Vigo."

A comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, na súa sesión do día 23 de xuño, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Voltamos unha vez máis a este Pleno para defender o que xa defendimos en Plenos anteriores, mesmo en anteriores Corporacións. Pasa que ás veces en política prodúcense certas actuacións que cando menos semellan un carnaval.

Estou dicindo con moita franqueza e tamén con moita dureza que a actuación de membros da Xunta de Galiza e do Partido Popular seméllanme unha carnavalada política. Estar pedindo como o están facendo agora que de xeito inmediato se suprima a peaxe da ponte de Rande concretamente (non falan da de Redondela que diso falaremos nós) ¿por qué se vostedes tiveron o Goberno de España e non o fixeron? Coido que é un escándalo, hai que ter un mínimo de coherencia. Se vostedes tivesen esta ocorrencia un ano logo de saír do Goberno poderían dicir que daquela non lles semellaba axeitado e que agora si, podería ser tragable; pero ó día seguinte de sairen do Goberno é intragable.

Digo isto para que non nos confundan ós que reclamabamos antes unha cuestión que seguemos a reclamar agora, porque algúns defendemos cousas por coherencia, porque coidamos que deben ser así con acerto ou erro, pero que nos semella coherentemente que deben ser así e non porque haxa unha campaña electoral ou porque agora goberna outro e entón o que non facía cando gobernaba, agora esixe de inmediato que se lles transfiran as subvencións que lle están a dar a Deputación e a Xunta de Galiza... Por favor, un pouco de pudor político porque de verdade que coido que ás veces nos toman por menores de idade a toda a cidadanía e non é así.

Pero en todo caso vou ter unha certa prudencia. Son conscente de que hai un acordo do Congreso dos Deputados (polo menos eu coñecino polos medios de comunicación) para que se faga un estudo, unha especie de moratoria para que en seis meses se tome unha posible resolución sobre este tema. En todo caso non vou deixar de lle facer unha crítica a este acordo.

Unha das bandeiras nesta zona da campaña electoral do Partido Socialista era

a supresión desa peaxe. Realmente, unha de dúas, ou non sabían o que pedían, ou non o sabían con moito tino porque agora precisan seis meses para estudar qué fan co que eles dicían que ían facer. Eu tamén entendería aquí matizacións que pode ser que se fagan polos cadros económicos ou porque é unha proposta para toda a lexislatura e non se pode facer agora pero si, non en seis meses, senón no ano X. Todo iso poderíame gustar máis ou menos pero entendería que hai un certo rigor niso. Se din que precisan 6 meses para o estudar, sememella que non o tiñan estudado.

Se é así a ver se logo nos queixamos de que a cidadanía teña certa desconfianza e nos trate a todos os políticos polo mesmo raseiro, cousa que algúns non merecemos polo rigor co que tentamos traballar cando se toman determinacións deste tipo.

En definitiva, coido que hai que lle pedir ó Goberno de España, que é o responsable, a supresión das peaxes entre O Morrazo e Redondela con Vigo. Ás veces fálase só da ponte de Rande e non sei por qué non de Redondela que ten unha peaxe absolutamente inxusta, porque non menos inxusta nin menos torticeira é a comunicación de Redondela con Vigo pola antiga estrada.

Condearnos ós habitantes da área metropolitana da ría de Vigo a non teren unha comunicación medianamente digna é intelorable no tempo en que vivimos. Eu dixen xa algunha vez que, por exemplo, Ourense que é cidade de 100.000 habitantes á que eu quero moito por distintas razóns, non sei se ten 5 ou 7 pontes sobre o Miño, e eu alégrome moito de que as teña. A cidade do Lérez, Pontevedra, tamén á que eu quero moi ben por outras razóns, ten no sei cantas pontes a través da ría. En Vigo discutimos que "se galgos, se podencos" cando algúns puxemos enriba da mesa que é necesario e conveniente poñer unha nova comunicación a través da ría.

Se houbera dúas comunicacións razoables, porque a do fondo da ría é absolutamente terceiromundista (penso que en Ruanda e Burundi teñen estradas con mellor trazado ca ese) e dende logo non pode ser en ningún sentido equiparable unha comunicación que sexa vertebradora para esa zona da área metropolitana, para a ría de Vigo. Se alguén quixera facer outra ponte, fixera outra comunicación con Pontevedra a través doutra ponte coma nós propuxemos, dende Meira-Moaña un túnel e a seguir enganchar coa autovía de Marín a Pontevedra, se alguén fixera iso poderíanos dicir que pode gustar máis ou menos a decisión pero unha das dúas boas comunicacións con Pontevedra é de peaxe e entón o que queira, porque leva menos tempo, por mellor trazado, que a pague; pero a outra, a digna e decente non. Pero é que agora só hai

unha calificable de decente. Polo tanto é intolerable, incontestible e na miña opinión non debe sufrir dilación no tempo esta decisión.

Estoulles sen dicir dicindo cousas que poderían ser, cando falaba da solución integral de dúas posibles comunicacións con Pontevedra necesarias, unha a través do Morrazo directamente, estoulles a dar solucións posibles mesmo para temas económicos como posibles acordos sobre as concesionarias actuais.

Por certo que non me resisto a dicirlles que o Goberno do PP desembarazouse desa autovía a favor da iniciativa privada sen resolver o que varias veces en distintas campañas electorais prometeron facer. Espero e desexo que o Partido Socialista non faga o mesmo porque se o fai viremos denunciálo coa mesma firmeza e honestidade.

SRA. FERNÁNDEZ DAVILA: Pedimos a palabra para nos posicionar a favor desta iniciativa que acaba de defender o Sr. Soto, primeiro porque dende hai moito tempo o Bloque Nacionalista Galego participa das reivindicacións que os usuarios da autoestrada e concretamente do tramo Vigo-Morrazo, e fundamentalmente os usuarios veciños do Morrazo están a facer da supresión desta peaxe.

Digo que xa hai moito tempo porque me dá a impresión de que abondar en argumentos o día de hoxe nesta cuestión sería coma se repetir, porque efectivamente coidamos que está todo dito. Algo -bastante- acaba de dicir o Sr. Soto no sentido de que a única vía de comunicación decente que hai entre Vigo e O Morrazo é esta, que as necesidades que teñen fundamentalmente os veciños do Morrazo cara a Vigo son imperiosas porque non é opcional que teñan que vir por exemplo ó que son as cuestións sanitarias, hospitalarias, atención especializada; cuestións relacionadas con educación e evidentemente tamén cuestións relacionadas co mundo laboral. Pero si é unha relación de necesidade de se comunicar Vigo con O Morrazo que non é, repito, unha cuestión opcional, senón imperiosa necesidade.

Polo tanto nós imos apoiar esta proposta. Si é certo que hai ese acordo do Congreso dos Deputados ó que se chega por iniciativa do BNG de acordo co Partido Socialista, pero tamén é verdade que isto non impide que sexa positivo que este Concello se pronuncie sobre esa cuestión, mesmo no xeito no que está exposto na moción porque efectivamente se deixan eses seis meses para que o Goberno presente a proposta e esperando que sexa resolutoria do problema.

Mentres é conveniente que este Concello se pronuncie e que o Goberno teña en

conta o pronunciamento do Concello de Vigo a respecto desa reivindicación que, como xa dixen, é sentida fundamentalmente polos veciños do Morrazo, digo fundamentalmente porque eles son os que máis se mobilizaron a este respecto.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Seméllanos moi oportuna esta iniciativa, Sr. Soto, evidentemente coincide co que manifestamos o pasado 23 de xuño na Comisión de Fomento do Congreso dos Deputados e, sinxelamente por comentaren algo da súa intervención por seren o propoñente, explicarlle que o noso Grupo político entende que non é facer demagogia dicir que se cumpre o que se promete. Efectivamente o Partido Socialista levaba anos levando no seu programa electoral a supresión da peaxe de Rande, e falar ó día de hoxe que se acaban de cumprir os 100 días de goberno socialista que seis meses é un prazo excesivo para algo que leva sen se resolver ou funcionando moitísimo tempo, seméllame algo excesivo pola súa parte, en todo caso é a súa valoración.

Eu non quero deixar de dicir aquí que neste mesmo ano (estamos falando do primeiro ano do novo equipo de Goberno socialista) hai un compromiso público e acordado no Congreso dos Deputados de facer un estudo serio cos medios técnicos que un goberno ten, que non son os mesmos que pode ter un partido na oposición e que son os que realmente hai que poñer a traballar e cunha decisión política moi clara.

Polo tanto e sen facer loa magnífica da xestión dun grande goberno, sinxelamente porque me semella unha cuestión de coherencia que o Goberno así o faga, salientar que non nos parece que haxa un retraso politicamente criticable no feito de que en seis meses, este ano, poida haber unha solución a este problema, sobre todo porque estamos a falar dunha situación ben complexa herdada logo dunha concesión a unha empresa privada, como vostedes saben, que agora dificulta estremadamente que esta solución se poida facer dun xeito máis rápido.

Lembrar que no debate no Congreso o Partido Popular, que estivo no Goberno ata hai escasamente tres meses, non votou esta iniciativa porque o que desexaba era que o Goberno subvencionase a Rande, mellor dito a Audasa.

Nós non estamos de acordo con isto, entendemos que hai que buscar unha alternativa de longo percorrido e que solucione de verdade esta cuestión sen favorecer intereses económicos de particulares con ánimo de lucro e si dos particulares-cidadáns en xeral que utilizan esta única vía posible de comunicación para desenvolver actividades da súa vida cotiá, mesmo do seu traballo, do seu dereito de acceso á saúde, etc.

Polo tanto, evidentemente votaremos a favor desta iniciativa e sinxelamente nos gustaría, é un desexo se cadra un tanto inxenuo, que á hora de repartir críticas tamén se fixera a crítica positiva cando unha iniciativa ten algo de bo e de positivo porque estimula e anima a que todos segamos traballando conxuntamente por mellorar un estado de cousas que neste momento non é bo e que en todo caso herdamos de xestións anteriores. Moitas gracias.

SR. FIGUEROA VILA: O noso Grupo tamén vai votar a favor desta iniciativa de Democracia Progresista Galega, o único é rexeitar as verbas do Sr. Soto en canto a aquelas acusacións directas que lles fai a responsables do Partido Popular.

Coido que o Partido Popular tivo unha vontade clara naquelas institucións onde gobernaba de tentar paliar ou resolver este tema.

Díxose primeiro que había moitas dificultades técnicas para a supresión desta peaxe que agora se ratifican polo Goberno do Partido Socialista, mesmo algún membro del coma o Secretario Xeral, Sr. Touriño, dixo que vía difícil que fose posible a supresión desta peaxe, pero tamén o que é certo é que hai dúas institucións como son Xunta e Deputación que teñen consignados nos seus orzamentos 650.000 euros cada unha delas para aboar as tarxetas desa peaxe. Polo tanto coido que esa vontade está clara e expresouse pero non con dialéctica ou manifestacións públicas, senón con feitos.

Seguramente hai outro xeito de proceder, pero o que si está claro é que gracias á Xunta e á Deputación os veciños do Morrazo e todos aqueles veciños que utilizan a cotío esa peaxe teñen a gratuidade gracias a esas tarxetas.

Esa é unha realidade, non estamos falando de demagoxias nin de verbas cara á galería.

O que si é certo é que houbo un partido que en campaña electoral, e non só en campaña electoral senón que antes e logo, estivo detrás e diante da pancarta e agora, coma estivo diante e detrás da pancarta, que lle dea solución ó tema. Se eles o vían tan fácil o lóxico é que cumpran o seu compromiso. É certo o que di a Sra. Porteiro que levan un tempo relativamente curto, pero veremos o que acaece a partir dese estudo que se encargou no Congreso e se hai unha solución definitiva.

Si está claro que semella, polo menos polas declaracións de persoeiros importantes do Partido Socialista, que o que dicían na oposición agora xa non o ven tan claro cando están gobernando. Iso é o que algúns membros do noso Partido manifestaron publicamente e eu, por suposto, tamén me ratifico nesas

afirmacións. Se alguén di que se pode suprimir algo claramente e lévao dentro do seu programa electoral supoño que será porque había un estudo rigoroso, unha información clara desa posibilidade.

O que si está claro é que nós imos aprobar esta proposta, pero si tamén está perfectamente claro que a vontade do Partido Popular está manifestada en orzamentos tanto da Xunta coma da Deputación. Esa é unha realidade da que se están beneficiando os veciños e veciñas do Morrazo e tamén doutros municipios que están utilizando esta peaxe.

Polo tanto coido que esas manifestacións que o Sr. Soto rexeita teñen toda a súa lóxica e entran dentro dos canles de manifestacións doutros membros doutros partidos que así as fixeron no seu día. Moitas gracias.

SR. SOTO FERREIRO: A ver se son quen do dicir con brevidade. Estaba sorrindo cando escoitaba ó meu amigo, Sr. Figueroa, porque lembro aquel calificativo que lle puxo o meu tamén compañeiro e amigo, Sr. Barros Puente, cando dixo que era un atleta político, que era quen de correr e suportar cousas e levalas onde fixera falla pola súa causa.

Estaba sorrindo porque eu poido comprender no aspecto partidista a súa intervención, Sr. Figueroa, e mesmo a súa intervención ten elementos que non teñen que seren nin moito menos desprezados, senón agradecidos ou ben tratados coma o feito de que a Xunta ou a Deputación axudaran a paliar o problema (non a resolver) cunhas subvencións, cunhas condicións determinadas que os veciños rexeitaron, etc. Polo tanto, si deron vostedes algún paso, e perdón pola falla de rigor ó non o dicir antes, pero o paso principal, o compromiso principal do Partido Popular en varias eleccións sucesivas dicindo que suprimirían a peaxe de Rande, non o levaron a cabo. Comprendo o seu esforzo pero as cousas son coma son.

Por outra banda, Sra. Porteiro, claro que non hai que disparar a todo o que se move nin moitísimo menos, é dicir, quen fala estará alborozadísimo de asistir a novas positivas para Vigo e loubalas en público cada vez que se produzan, incluída esta de se producir.

É certo, seguramente eu expreseime mal en un sentido, aínda que o dixeran cando dicía que comprendería que o Partido Socialista dera explicacións públicas dicindo cando se vai facer isto porque as promesas son para as cumprir nunha lexislatura, coido que iso llo dixeran polo camiño. Pero déixeme dicir tamén, e enténdame, que eu non mirei neste tema con Vigo o compromiso que escoitei falar coa autoestrada de Cádiz a Sevilla; así coma desa escoitei un



compromiso rotundo, taxante de supresión da peaxe, aquí o van estudar. Polo tanto eu comprendería o estudo se dixeran categoricamente que se vai suprimir a peaxe pero que se deixe estudar o cómo e o cándo. Entón eu o entendería, non tería nada que dicir e non traería aquí esta moción.

Sinxelamente por caución, porque levamos xa demasiados paos é polo que está aquí esta moción. Se se cumpre e o resolven en seis meses, aplaudiremos, e se o resolven nun ano, tamén. Non é polo tanto a data, porque insisto en que son conscente de qué arco de tempo teñen para o facer, senón o miolo da cuestión. Vostede seméllame estar moi segura (eu alégrome de corazón) de que este tema se vai arranxar, ese día vireille dicir ó Pleno: Noraboa, Sra. Porteiro. Hoxe, de momento déixeme que presente unha pequena interrogante.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Sra. Presidenta, quero intervir sinxelamente porque houbo algunhas alusións xa que coido que o debate está perfectamente claro e a vontade de todos os Grupos só nos pode congratular.

O Sr. Rajoy, Sr. Figueroa, foi un político galego con responsabilidades importantes no Goberno de Madrid que tamén se presentou a unhas eleccións hai algúns anos anunciando a supresión da peaxe, e catro anos logo non lembro ningún tipo de explicación nin de xustificación a respecto de por qué non se fixo. En todo caso iso está no inventario do Partido Popular.

O Partido Socialista ten que traballar para o futuro e asumir as súas responsabilidades que moi recentemente lle acaban de encomendar os cidadáns. Non pedimos loas, insisto, senón un tempo razoable para traballar e recoñecer a diferenza de situacións que se poden dar. Audasa está aquí, non sei se está en Cádiz, Sr. Soto. Polo tanto imos traballar en base á realidade que temos neste País e imos traballar buscando a mellor solución posible.

Facer un estudo serio sobre alternativas de comunicación pasando pola supresión da peaxe pero por outras máis, coido que é a primeira vez que se toma unha determinación dese tipo no Congreso dos Deputados; un estudo que contemple novas posibilidades de comunicación entre O Morrazo e Vigo seméllanme verbas bastante serias, máis que maiores e responden a unha inquietude do sector empresarial e tamén da cidadanía que utiliza este servizo.

Sinxelamente hai que traballar, hai que seguer avanzando, non facer disto ningún tipo de campaña de magnificencias e nada máis. Neste traballo andamos e por aí seguiremos funcionando.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal de DPG, Sr. Soto Ferreiro, sobre supresión das peaxes entre o Morrazo e Recondela con Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20.- (171).-MOCIÓN DE DPG SOBRE OS ALIVIADOIROS FRONTE DA RÚA CORUÑA E ALCABRE.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do día 2 de xuño de 2004, o concelleiro do Grupo municipal de DPG, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

"Sobre os vertidos que botan decote ós aliviadoiros que temos en fronte da rúa Coruña e máis en Alcabre (este mesmo a carón do Museo do Mar), téñense feito unha chea de denuncias porque non cesan de producir graves contaminacións no mar desas zonas.

Se a depuración de Vigo funcionase correctamente (pra o que precisamos con urxencia outra depuradora en terreos da Zona Franca), o problema sería menor porque soamente se daría nos días en que se produzan avarías nas depuradoras.

Nin o entorno da rúa Coruña (e non digamos xa co urbanismo que pra esa zona pretende o PXOM), nin o das praias de Alcabre e Bouzas, nin o do Museo do Mar, son merecentes desa situación sanitaria e paisaxística máis propias do terceiro mundo ca dunha cidade e dun país coma o noso.

Por iso precisamos pra resolvérmo-lo problema que se constrúan dous emisarios, que deben chegar ata a cota menos vinte como é usual de xeito que se poida producir unha biodegradación aceptable.

Consonte co antedito propoñemos:

Pedirlle á Xunta de Galicia que acometa con urxencia a elaboración dos oportunos proxectos, e de seguido a execución dos mesmos, de xeito que os aliviadoiros que temos en fronte da rúa Coruña e mailo de Alcabre se prolonguen con emisarios submarinos ata que cheguen á cota menos vinte."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión de data 21 de xuño, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ALONSO VÁZQUEZ: Non sei que teñen as mocións que presentamos nós

que como mínimo se votan catro veces máis cas outras; algo teremos.

É lamentable ter que traer aquí o tema dos aliviadoiros e o da nova depuradora que sabe Deus cándo estará, penso que de se chegar a facer igual tarda catro ou cinco anos.

Pero o que realmente é lamentable é que se estean tirando cartos en museos que algúns custan milleiros de millóns de pesetas e a verdade é que son grandes hoteis para as arañas, para que outra xente non vaia os visitar, e realmente é a limpeza da cidade o que di se é unha boa ou mala cidade.

É lamentable que sexamos unha cidade cada vez máis turística e que segamos vertendo a merda onde está o famoso Museo do Mar, nas praias de Bouzas, nas de Alcabre; segamos botando a merda na rúa Coruña, que a xente queira pasear por onde semella que imos facer unha grande avenida, alí onde está Casa Mar. Queremos "abrir Vigo ó mar", pero eu non sei se queremos "abrir Vigo ó mar" ou queremos ensinar todo o que facemos nós nos retretes porque realmente é o que estamos a facer.

Hai temas moi importantes por facer como é o de asfaltar rúas, pero coido que moitas veces aquí falamos moito e non dicimos nada, que nos esquecemos de temas tan importantes como o de ter a cidade nunhas boas condicións hixiénicas que non a temos. Coido que facer uns aliviadoiros é moito máis barato ca outras cousas que se discuten aquí e que logo se fan.

Facer aliviadoiros vai en contra dos meus principios porque o que si se precisan son boas depuradoras pero desgraciadamente sabemos todos o que hai na nosa famosa depuradora. Penso que antes de cinco anos non imos ter nada. Qué menos que cando haxa unha avaría a porquería saia ó medio da ría (co meu grande pesar e co das xentes da mar) porque non é igual que saia todo por plena rúa Coruña a que quede todo apegado pola zona do Berbés ou polas praias, coma está saíndo.

Coido que eses aliviadoiros se deberían facer xa e non esperar. Que non sexa só aprobar aquí, votar todos a favor, dicir que de acordo, senón que hai que os facer xa porque é un tema moi importante e para o tomar en serio.

Coido que a intención queda máis que dita e alá a vontade de cada quen.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Nós imos apoiar esta moción, como non podía ser doutro xeito, e manifestamos ademais que nas propostas que se lle fixeron ó Plan do litoral xa van contempladas algunhas destas solucións e nunha moción posterior que imos tratar verá que falamos dun tema do conxunto.

A verdade é que cousas que Vigo tiña mal se foron solucionando pero segue

sendo necesario solucionar as que quedaron sen facer.

Coido que Bouzas non ten nada que ver agora co que era hai catro anos porque agora hai un bó aliviadoiro con impulsión. Hai un proxecto sobre Alcabre que hai tres anos que está presentado na Xunta pero que polo cambio de responsabilidade política quedou en augas de ninguén.

A moción que presentamos hai algún tempo pedindo unha reversión do canon de saneamento que paga a cidade de Vigo está baseada precisamente nisto. A cidade de Vigo ten que ter un Plan Director novo que faga posible que as melloras no saneamento que se precisen se contemplen con investimentos anuais. Non pode estar Vigo pagando sempre todas as infraestructuras coma case fixo ata hoxe.

Por iso damos o noso apoio e noso agradecemento por esta inquietude pola nosa cidade, para que poida estar orgullosa non só de seren "vasoira de ouro", senón tamén "ría de ouro" que é o que queremos todos.

SR. BARROS PUENTE: Realmente o Sr. Fernández ten unha moción neste mesmo Pleno, que xa coñecerá Democracia Progresista Galega, abondando na necesidade urxente de que o mesmo que hai un avance no Plan Director para o abastecemento de auga, cuestión que hoxe tamén está aquí no Pleno, o haxa tamén sobre o tema do saneamento.

Eu visitei co Sr. Alonso Vázquez os aliviadoiros da rúa Coruña e efectivamente vin que esta é unha situación patética, a escorrentía da cidade cara ó porto que agora está taponada pola obra do túnel de Beiramar, quera Deus que non nos dea no futuro problemas dun alcance extraordinario.

Por outra banda, todas as previsións de crecemento da cidade están tropezando cun feito incuestionable hoxe que é a insuficiencia do sistema do saneamento. Tamén augas enriba estamos contemplando aínda os efectos que no tempo serán duradeiros e imprevisibles de contaminación das augas nas zonas altas do noso territorio, tanto no Zondal coma en San Andrés de Comesaña.

Nós pensamos que desgraciadamente a política non permite orixinalidades en programacións, senón redundancias e repeticións que aínda con seren moitas non teñen a eficacia requirida. Polo tanto nós estamos completamente de acordo co que formula Democracia Progresista Galega pero pensamos que esta moción se pode refundir tranquilamente coa que propón o Sr. Fernández para a elaboración o máis axiña posible dun proxecto integral de saneamento e que teña tamén unha previsión de realización por fases porque probablemente o feito de que nós acordemos á urxencia destes emisarios submarinos, que

sinxelamente son unha necesidade por non optar por outro sistema, por non facer unha nova depuradora, e o que non pode ser é que estes emisarios estean vertendo alí mesmo no cantil da propia rúa.

Polo tanto nós propoñémoslle a Democracia Progresista Galega, se lles semella axeitado, que a súa moción sexa un apartado da que tamén presenta o Sr. Fernández e, caso de que non acepten, non teríamos ningún inconveniente en as votar por separado de xeito afirmativo. Moitas gracias.

SR. IGLESIAS CARRERA: Estou de acordo co dito polos señores Alonso e Fernández.

Efectivamente existe un proxecto para o aliviadoiro de Alcabre que está sendo sometido a revisión por se hai que variar a súa contía, así como o da rúa Coruña.

Na relación de investimentos que lle propón o Goberno á área de Servizos Xerais, entroutras cousas, contéplase todo o dito aquí e mesmo iniciar conversas (xa se iniciaron) para chegaren a un acordo de Plan Director sobre o saneamento integral de Vigo que é imprescindible.

Exactamente pódolles dicir que o proxecto de Alcabre está valorado en 709.194 €.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Primeiro quero dicir que nós imos estar totalmente de acordo coa moción que vai presentar o Sr. Fernández, como lxicamente non pode ser doutro xeito, pero en troques non podoo estar de acordo co que di o Sr. Barros porque penso que é moito máis necesario e urxente facer o aliviadoiro, independentemente do que di vostede pois nós estamos de acordo con eles e aquí o que había que facer é un cambio do Plan Xeral para facer xa unha nova depuradora.

Terá que ser a Xunta quen faga unha nova depuradora urxentemente, e aí doulle a razón ó Sr. Fernández cando di que non temos por qué pagar nós todo. Semella que si se fala da nova depuradora, pero eu sinceramente non vexo vontade por parte dos partidos de coller o touro polos cornos, como se di vulgarmente, aquí fálase da nova depuradora pero eu non vexo que se queira facer xa e é un tema moi importante, coido que é o tema máis importante e urxente. O tema dos aliviadoiros é tan necesario coma ter que almorzar todos os días. Entón os aliviadoiros, que son independentes do resto que se faga do Plan de Saneamento, é algo que habería que facer xa porque tampouco se fan os aliviadoiros en dous días.

Nós imos votar a favor a próxima moción do Sr. Fernández, pero non estamos de acordo con que vaian xuntas, xuntas si pero non revoltas. Isto é urxente e hai que comezar por facer os aliviadoiros e, por descontado, continuar co outro.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Efectivamente as mocións son complementarias pero ó mesmo tempo independentes e teñen unha clara matización, polo menos nunha delas xa hai un proxecto e o segundo semella que se está facendo.

É unha realidade que isto é necesario e que xa ven de atrás. Efectivamente as cousas en política sempre as hai que priorizar pero esta é unha prioridade que se pode acometer de xeito inmediato, é dicir, tendo vontade política e estando todos, como semella, de acordo, estou convencido de que no prazo dun ano pode estar en marcha a obra dos aliviadoiros, mentres que un Plan Director ten unha parte técnica e un proceso cunha perspectiva de doce ou quince anos para ir desenvolvendo as propostas que se fagan e todos lembramos o que se leva feito dende o PESIV hai anos.

Polo tanto coido que todos coincidimos en que manter as dúas mocións é perfectamente axeitado e ademais necesario pola propia dinámica do que queremos facer.

SR. IGLESIAS CARRERA: Estou de acordo co Sr. Fernández porque, sen discrepar co Sr. Alonso, coido que indubidablemente son dous tempos distintos.

O que eu lle propoño ó Goberno local pódese facer nun ano, hai un resto para saneamento e obras para facer nun ano que acada a contía de 7.488.918 millóns de euros; esas obras pódense comezar nun ano ou en menos, sen embargo un Plan Director cun estudo de automatización de todo o colector da marxe da ría e unha segunda depuradora, iso leva un tempo moi distinto.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo Concelleiro do grupo municipal de DPG, Sr. Alonso Vázquez, sobre os aliviadoiros fronte da rúa Coruña e Alcabre, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

21.- (172).-MOCIÓN DE DPG SOBRE A INSTAURACIÓN DA ÁREA METROPOLITANA DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entarda no Rexistro Xeral do 8 de xuño de 2004, o voceiro do Grupo municipal de DPG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

“Vigo e a Provincia de Pontevedra teñen un modelo organizativo que non se corresponde nin coa realidade económica e social actual nin, moito menos aínda, coas posibilidades potenciais que temos. E cómpre rematar dunha vez por todas cos atrancos que impiden un decidido despegue deica maiores cotas de benestar pra Vigo e maila súa Área Metropolitana e, por iso mesmo, pra Galicia.

Porque todo o mundo pensa, con razón, que Vigo é o motor de Galicia. O malo é que está a funcionar a ralentí. Ou mellor poderíamos dicir que o motor turra pra adiante, inda que está a ser freado permanentemente... (¡Así como vai saír Galicia da cola de Europa!).

Non hai máis que erguelo ollar cun mínimo de obxectividade, pra comprobar que cos modelos de desenvolvemento económico coñecidos e experimentados ata hoxe en día, non é posible, nin a medio nin sequera a longo prazo, conseguir un desenvolvemento económico de Galicia sen basearse pra isto en Vigo e a súa Área Metropolitana.

Precisamos moitas cousas, pero sen un modelo organizativo novo sería imposible o despegue económico e social que pretendemos. Porque, precisamente do desfase do modelo organizativo que padecemos (en poucas descrições cadraría tan ben a definición de “modelo decimonónico”), dimanan gravísimos males, non só para a propia cidade de Vigo, senón tamén pra a súa Área Metropolitana, para a Provincia de Pontevedra, e por iso mesmo para Galicia.

Ó mesmo tempo compre ter ben presente que o feito de ter a Vigo e maila súa área de influencia lastrados, é un grave prexuízo para que poida chegar a ser tamén un pivote principal, pletórico de forza, pra axudar a desenvolver, moitísimo mellor e máis axiña, a Eurorrexión que conforman Galicia e o Norte de Portugal.

Temos que abrir as portas á realidade xoeconómica e xeopolítica que, aínda con tódolos atrancos que lle están a poñer, nos desborda cada día. Temos que instaurar un modelo cun territorio definido, o territorio metropolitano, que xa están a conformar de forma espontánea, dende hai moitísimo tempo, as xentes dos Concellos que de xeito permanente teñen relacións económicas e sociais con Vigo. Temos que recoñecer unha realidade social que necesita vertebrarse para avanzar, é dicir:

Compre instaurar a Área Metropolitana de Vigo cun goberno á fonte que, de xeito inmediato, se poña a traballar para impulsar o noso desenvolvemento económico e social.

En efecto, precisamos un goberno que comece por establecer un Plan Director de Ordenación do Territorio Metropolitano, orientado principalmente á creación de riqueza, á creación de emprego, que de xeito inmediato implante os polígonos industriais convenientes e con tódolos servizos que se precisen (comunicacións, enerxía, abastecemento de augas, redes de sumidoiros, etc.). Tamén deberá procurar a implantación de servizos turísticos e comerciais que axuden a medrar de xeito exponencial a nosa economía e, por iso, a nosa calidade de vida.

Vigo é a cidade de Galicia con maior número de habitantes, a máis importante en industria e tamén en numerosas materias sociais e culturais, pero a administración autonómica e a do estado veñen sempre a remolque de nós, como se non comprendesen a nosa capacidade creadora ou, o que sería peor, como se tentasen torpedeala. Unha gran maioría de vigueses ven hoxe a ámbalas dúas administracións non soamente como non colaboradoras, senón mesmo como inimigas. E isto é gravísimo.

O novo modelo que propoñemos é unha boa solución pra Vigo, para a súa Área Metropolitana, para Pontevedra e para Galicia, xa que todos os servizos que a poboación metropolitana precise estarían organizados e executados dende a propia área, deixándolle a Pontevedra a responsabilidade da capital da provincia.

Deste xeito daríanse as primeiras condicións obxectivas que posibilitarían un forte despegue económico da Área Metropolitana viguesa, quen turraría do resto da provincia de Pontevedra, e de Galicia tamén.

¿Saberán en Madrid que somos con gran diferenza a maior cidade de Galicia? Iso por non falar do que saberán de nós en Bruxelas...

Non debemos consentir por máis tempo a permanente sensación, por desgracia con bases ben reais, de asoballamento e de afogo que padecemos. ¿Por qué, se somos máis, se somos os que máis industria e servizos temos, e somos os que máis lle aportamos a Galicia?

Xa que logo pediremos, esixiremos e loitaremos sen desmaio, con tódolos medios ó noso alcance, para que se faga xustiza con Vigo e maila súa área. E se non se atenden as nosas xustas reivindicacións por estes vieiros, deberíamos estarmos dispostos a abandeirar todas as loitas que sexan precisas ata conquistar os obxectivos que se perseguen, por exemplo pedindo a capitalidade da provincia ou a creación dunha nova provincia, a de Vigo, coa mesma dimensión que xa tivo no seu día.

¿Qué pasos deberíamos dar? Na nosa opinión os que seguen:

1.- Abrirmos de xeito inmediato un fondo diálogo con tódolos Concellos concernidos e coa Xunta de Galicia ó mesmo tempo, paa instaurar a Área Metropolitana de Vigo.

2.- O territorio da Área Metropolitana de Vigo deberá abranguer ós Concellos que xa o teñen conformado de xeito espontáneo coas súas inter-relacións económicas e sociais, feito que se mantén ó longo da historia xa que non debe ser casualidade que sexan os mesmos que no seu día conformaron a provincia de Vigo: A Cañiza, A Guarda, Arbo, As Neves, Baiona, Cangas, Crecente, Covelo, Fornelos de Montes, Gondomar, Moaña, Mondariz, Mondariz-



Balneario, Mos, Nigrán, Oia, O Porriño, O Rosal, Pazos de Borbén, Ponteareas, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Soutomaior, Tomiño, Tui e Vigo.

3.- A Área Metropolitana de Vigo contará cun Goberno propio elixido de xeito democrático polos representantes dos Concellos do seu territorio. Terá a súa propia sede oficial, pra poder administrar e executar as súas propias competencias legais, e cos rangos e prazos de implantación que se concerten para cada campo temático, segundo os asuntos que máis abaixo se indican, ou ben outros que se puideran concertar no futuro.

4.- O financiamento preciso pro seu funcionamento estará constituído polas achegas que regulamentariamente lle fagan os Concellos do seu ámbito, a Deputación Provincial, a Xunta de Galicia, o Goberno de España, a Comunidade Europea e calquera outra institución. Todo isto sen prexuízo de que se poidan establecer tributos ou taxas, segundo determine en cada momento a Lexislación pertinente.

5.- En principio as súas competencias poderán versar sobre ordenación do territorio, servizos urbanísticos, servizos de tráfico, transportes e comunicacións, servizos de extinción de incendios, servizos de seguridade, servizos de sanidade, servizos de educación, servizos estatísticos, servizos de abastecemento de augas e saneamento, servizos de vías e obras, servizos de limpeza, servizos de recollida e tratamento do lixo, servizos informáticos, servizos culturais, servizos sociais, servizos deportivos, servizos de asesoría xurídica, servizos de laceiro, servizos de medio ambiente, servizos de promoción de comercio, industria e turismo e outros que se puideran concordar.

6.- Unha vez determinadas as competencias anteriores, o Goberno da Área Metropolitana elaborará un PLAN DIRECTOR DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO METROPOLITANO e, xa que logo, de desenvolvemento urbanístico, que conterá Plans Sectoriais para artellar e desenvolver as realidades e potencialidades económicas, sociais e culturais da nosa Área, de xeito que beneficien a tódolos Concellos do territorio metropolitano.

7.- Os Plans Sectoriais Metropolitanos serán executados de xeito inmediato e desenvolverán, entre outros temas, os seguintes:

7.01. Plan Metropolitano de Industrialización (que detallará a localización dos polígonos industriais que se estimen convenientes, amáis da oportuna urbanización dos mesmos con tódolos servizos precisos).

7.02. Plan Metropolitano de Tráfico, Transportes de Pasaxeiros e de Mercadorías, que a súa vez estará constituído polos Plans seguintes:

- 7.02.1. Plan Metropolitano de Estradas.
- 7.02.2. Plan Metropolitano de Ferrocarrís.
- 7.02.3. Plan Metropolitano Portuario.
- 7.02.4. Plan Metropolitano de Aeroportos.

7.03. Plan Metropolitano de Comercio.

7.04. Plan Metropolitano de Turismo.

7.05. Plan Metropolitano de Vivenda.

- 7.06. Plan Metropolitano de Abastecemento de Augas e Saneamento.
- 7.07. Plan Metropolitano de Montes e Zonas Verdes.
- 7.08. Plan Metropolitano de Prevención e Sufocación de Incendios.
- 7.09. Plan Metropolitano de Seguridade.
- 7.10. Plan Metropolitano de Instalacións Deportivas.
- 7.11. Plan Metropolitano de Actividades Culturais.
- 7.12. Plan Metropolitano de Recollida e Tratamento do Lixo.
- 7.13. Plan Metropolitano de Sanidade.
- 7.14. Plan Metropolitano de Educación.
- 7.15. Plan Metropolitano de Servizos Sociais.
- 7.16. Plan Metropolitano de Servizos Cidadáns.

Consonte co antedito propoñemos:

Que a Comisión que está a traballar sobre as Leis de Grandes Cidades conforme unha proposta, para negociála de seguido cos Concellos concernidos e máis coa Xunta de Galicia, cara a instauración, o máis axiña posible, da Área Metropolitana de Vigo."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do día 21 de xuño de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Déixeme dicirlle, Sra. Alcaldesa, que estamos diante dun tema no que semella que todos estamos de acordo pero que non acaba de ver a luz.

Lembro da Corporación pasada xestións públicas do Sr. Pérez Castrillo na súa visita ó Sr. Fraga que trataban sobre a conveniencia deste tema. Pasaron os anos e non se resolveu. Lembro ó Sr. Pérez Mariño falando do mesmo e non se fixo nada. Sra. Alcaldesa, vostede tamén foi persoa que falou deste tema, e aínda está sen facer nada, é dicir, ¿qué pasa con este tema para que todos falemos del pero que non se acaba de poñer enriba da mesa? Non sei se dicir o que penso que pasa ou non, ou ¿por qué non o dicir? ¿qué pasa con Vigo que cada vez que formulamos algo medianamente razoable sofre tapóns por todas partes?

Este é un tapón máis que nos nega a posibilidade de nos organizar. Non hai ninguén que se atreva a dicir que non é necesaria a área metropolitana, poderase discutir sobre o ámbito, sobre as competencias ou o financiamento, que habería que tratar sobre un servizo metropolitano de sufocación de incendios, por exemplo, ou un servizo metropolitano de transportes porque xa dixen moitas veces que hai obreiros da área metropolitana que veñen a Vigo, vigueses que van traballar todos os días á area metropolitana e non temos unha organización metropolitana dos transportes.

Dito doutro xeito, as administracións públicas non somos quen de atender a realidade socioeconómica de hai moitísimos anos na que moitos empresarios de Vigo teñen empresas na área metropolitana, moitos vigueses traballan fóra, moitos empresarios da área metropolitana teñen empresas en Vigo..., é dicir, hai unha realidade social que está aí e hai que vertebrar a súa organización. Iso é o que pretende unha área metropolitana e nós seguemos a dar respostas ocas. Todos estamos de acordo na necesidade dunha área metropolitana, pois a ver se empezan a aparecer os contidos.

Cando fixen esta moción tiña dúas posibilidades, unha era pedir que se instaure xa a área metropolitana e eu quedeime coa segunda: "que a comisión que está a traballar sobre a Lei de grandes cidades conforme unha proposta para a negociar de seguido cos Concellos concernidos". Porque estou a falar de debater no seo da Corporación viguesa de competencias, de financiamento, do ámbito, é dicir, estou a falar da configuración da área metropolitana porque algúns debuxos que se comezan a facer sobre eses temas na Xunta de Galiza a algúns non nos gustan, e dígoos sen os ter estudado aínda a fondo, sinxelamente por primeiras referencias, que quede claro.

¿Qué ten mudado durante aquel breve tempo en que Vigo foi capital da súa propia provincia para que hoxe día a ese mesmo ámbito se lle dea o carácter de área metropolitana? Pasou moito tempo pero a realidade social se multiplicou sendo o exponente realmente alto.

¿Sería necesario -como di aquí- establecer un Plan Director de ordenación do territorio metropolitano? Eu preguntaría se o discute alguén, doulle unha serie de relacións de temas sen prexuízo de que se poidan establecer outros, falo dun plan metropolitano de industrialización, de tráfico, transportes e mercadorías, de estradas, de ferrocarrís, portuario, de tratamento aeroportuario, de comercio, de turismo, de vivenda, de abastecemento de auga e saneamento, de montes e zonas verdes, de prevención e sufocación de lumes, de seguridade, de instalacións deportivas, de actividades culturais, de recollida e tratamento do lixo, de sanidade, de educación, de servizos sociais, servizos cidadáns. En todas esas materias, seguramente tamén noutras, hai unha realidade social que nos ten absolutamente desbordados e cónstame que cando se fala, por certo, de ámbito ¿qué ámbito haille que dar? Eu falaba da antiga provincia de Vigo non polo feito nostálxico absolutamente respectable que temos moitos vigueses entre os que me inclúo, ou algúns vigueses que non sei cantos somos, senón porque, haino que dicir alto e claro, o feito de non seren

capital de provincia supón un prexuízo grave e constante para esta cidade, o último, o de Xustiza, non quero irme por aí porque o tema vai a ser quente pero para logo porque se me meteu polo medio o pensamento dunha moción extraordinaria e urxente que logo lle imos presentar ó Pleno da Corporación sobre o Xulgado do Mercantil.

Temos que seren os vigueses (por iso esa proposición máis intermedia) os que lle digamos ás demais institucións o que queremos e tamén ó resto dos Concellos para tentar compaxinar con eles e ir da man para acadar o que queremos.

A min cónstame que hai Concellos que non forman parte agora mesmo do que é a Mancomunidade de Vigo porque falei cos seus Alcaldes e estarían encantados de entrar a formar parte da área metropolitana porque é conveniente para os seus Concellos.

Sra. Alcaldesa, pídolles esa comisión pero coma se queren estableceren outra, falei dunha porque está a traballar sobre temas de ordenación lexislativa, ó mellor con tratamento semellante, con propostas de funcionarios que logo poderíamos tratar, etc., pero se queren outra pois ben, coma lles pete. En definitiva, o que eu quero propoñer é que dende o propio Concello de Vigo fagamos a proposición concreta articulada do que pode e debe ser a Área Metropolitana de Vigo, a iso refírome, senón coido que imos discutir en abstracto e, dende logo me temo, por algunhas cousas que sentín, que non nos van gustar os contidos. Non imos admitir algúns, por se acaso, non o teño que poñer aínda nas decisións de ninguén porque non as hai, pero algúns anticipo xa que non imos tragar calquera cousa que se chame Área Metropolitana, como por exemplo coller a Mancomunidade actual e chamámoslle área metropolitana e xa está, non porque hai Concellos que non están nesa Mancomunidade que teñen tanta ou máis relación socio-económica con Vigo ca eses Concellos, polo tanto haino que facer en base a estudos obxectivos.

Cando falaba nostálxicamente de que houbo unha provincia de Vigo non era só pola nostalxia dispositiva de ordenación e de que Vigo fose capital da súa provincia, senón porque daquela houbo estudos que apoiaron o feito de que esa fora a conformación daquela área de interacción social e económica. Os mesmos estudos que levaron ó Instituto de Estudos Vigueses hai uns cantos anos, na Corporación pasada, a determinar polo xeógrafo, Sr. Souto, que comandou os estudos e lémbroo perfectamente, a coincidir coa delimitación

do ámbito da Área Metropolitana co que foi a provincia de Vigo no seu momento.

Polo tanto eu, con tantas coincidencias de xente que me merece respecto, declárome absolutamente coincidente e non con outro tipo de supostos dos que están a falar polo camiño.

Gustaríame que a vontade do Pleno da Corporación fose algo máis que facer declaracións de que queremos a Área Metropolitana, gustaríame que decidíramos conxuntamente qué área metropolitana queremos, cándo e cómo a queremos. Moitas gracias.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Con todo respecto dicir que nin na exposición de motivos, nin na proposta estamos totalmente de acordo coa moción presentada polo Sr. Soto. En todo caso a ver se sacamos algo en limpo, que sempre é bó, dunha proposta que coido que ten certo desenfocamento e descoñecemento normal nun Grupo que é minoritario e polo tanto non está nalgúns ámbitos institucionais. En todo caso penso que hai que lle supoñer a súa boa vontade.

Si é certo que nestes momentos cumpriría que os Grupos municipais da Corporación coñeceramos o último borrador que a Consellería de Xustiza entregou ós Concellos. Gustaríanos coñecelo, sabemos da súa existencia, sabemos que a Consellería de Xustiza entregou un borrador, entendemos que non debería ser o último dadas as carencias que nós vemos nel e que ese borrador está en poder dos Alcaldes da Mancomunidade. Si pensamos que os Grupos municipais das Corporacións de cada Concello deberían telo, que non o temos e coido que xa vai para un ano que existe, non o sei, quizais menos. Deberíamos telo e discutilo no ámbito municipal, non extramunicipal porque entendo que cada Concello ten o dereito a dicir se quere ou non pertencer á futura Área Metropolitana de Vigo e nós tampouco temos por qué dicir quen debe ou quen non, en todo caso ese é un debate do legislativo autonómico e aí remitímonos.

En todo caso si cómpre lembrar que no período inmediatamente anterior da Mancomunidade fixéronse intensas xestións que froitificaron en canto a acordos coa Xunta para a conformación dunha lei da Área Metropolitana. Fixéronse acordos e mesmo se chegou a conversas con diferentes Consellerías, a última coa que se falou foi coa de Facenda. Tamén se fixeron xestións coa FEGAMP. Entre os aspectos que estaban por pechar estaba o tema do financiamento e mesmo a Mancomunidade entregou no seu

momento ó Conselleiro de Economía e Facenda un informe sobre as necesidades primeiras dun futuro ente metropolitano de Vigo á espera de que a Consellería de Economía e Facenda estudara a posibilidade ou ben de integrar na Lei de orzamentos autonómicos anualmente unha partida non finalista para a posta en marcha durante unha primeira fase da Área Metropolitana, ou ben a través do Fondo de Compensación estudar unha serie de transferencias regulares e non finalistas a ese ente metropolitano. En todo caso quedou aí. Tamén houbo reunións coa Consellería de Política Territorial sobre a metropolización do transporte e con algunhas outras Consellerías.

Quero dicir que por parte dos Concellos non só da Mancomunidade, senón tamén cos do Morrazo cos que había un acordo de colaboración para o pulo da Lei da área metropolitana, os deberes estaban feitos. Cómpre que a Administración autonómica propoña e lexisle a Área Metropolitana, eu enténdoo así.

En todo caso e tendo coñecemento de que existe ese borrador de proxecto ou anteprojecto da Lei da área metropolitana o lóxico sería que os Grupos municipais a estudáramos, a coñeceramos e mesmo eu podo apoiar a proposta do Sr. Soto de que a estudemos conxuntamente nunha comisión chegado o momento, porque entroutras cousas na conformación da vontade ou da opinión sobre ese borrador de anteprojecto ou de proxecto que a Xunta trasmitiu á Presidencia da Mancomunidade, tamén temos algo que dicir os Grupos municipais. Sempre se buscou (ou polo menos nos últimos anos) coma liña de traballo o consenso non só entre alcaldes, senón entre grupos políticos.

A min gustaríame que iso se mantivera porque a Lei de área metropolitana pode nacer de dúas formas, unha imposta contra a opinión dalgúns Concellos e dalgúns Grupos políticos co que, coma novo ente de organización e ordenación territorial estaría destinado cando menos ó fracaso, ou por consenso de Concellos e de forzas políticas no Parlamento. Coido que esa é a única posibilidade de que realmente se poida legislar sobre o ente metropolitano de Vigo e que ademais teña futuro. Se non hai un acordo entre todo o arco parlamentario e entre todos os Concellos de cómo facer a área metropolitana, o que se lexisle por parte do Goberno, calquera Goberno que sexa, non vai dar resultado porque estamos falando dalgo tan complexo e tan estrutural para o noso País coma é a organización do territorio e polo tanto sobre iso deberíamos ter acordos estruturais entre todas as forzas políticas e autonómicas.

Se me permite o Sr. Soto (senón non poderíamos votar a favor dela) reformar o aspecto propositivo, sobre o outro é moi libre de dicir vostede o que queira, pero no aspecto propositivo dicir (aínda que a min me vale tamén esta comisión ou calquera outra) que se estude o borrador de anteproxecto que xa está entregado á Mancomunidade por parte da Consellería de Xustiza e Interior; que se nos entregue antes para o poder estudar.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Comezar quizais por lle comentar ó Sr. Pérez Castrillo que algo avanzamos dende a anterior Corporación a esta xa que o que era borrador de anteproxecto da Lei de creación da área metropolitana de Vigo agora se convertíu xa en anteproxecto.

En efecto, témolo no Concello e se o ten o Grupo socialista foi porque para o poder estudar solicitouno cando se enterou polos xornais de que se presentara pola Consellería de Xustiza, Interior e Administración local.

A verdade é que unha vez dito isto coido que cómpre comezar polo que dixo o Sr. Soto.

Estamos todos de acordo, os Grupos parlamentarios xa na anterior Corporación estiveron comprometidos no Parlamento de Galiza a dar pulo cara adiante para a creación da Área Metropolitana de Vigo.

A primeira xestión que fixo o primeiro Alcalde desta Corporación co Presidente da Xunta de Galiza foi no mesmo sentido. Coido que froito desas xestións, nas que evidentemente tamén estivo a actual Alcaldesa, temos xa este anteproxecto de Lei de creación da área metropolitana de Vigo que é manifestamente mellorable, pero coido que estamos nun intre no que convén non dar ningunha desculpa para que este tema estea paralizado. Cómpre que non deamos ningunha desculpa se, por exemplo, é certo o que reflectiron os medios de comunicación do que dixo o Sr. Presidente da Xunta, Sr. Fraga, no último mitin da campaña das europeas que dixo algo como (segundo dixeron os medios porque eu naturalmente non estiven no mitin) que non temos Área metropolitana en Vigo por culpa dos Grupos da oposición. Quedei absolutamente sorprendido pero así veu nos medios de comunicación. Coido que cómpre non dar ningunha desculpa para que isto vaia adiante de verdade. Quizais por iso, porque xa ten moita historia dende a declaración do 99 de Soutomaior, dos Alcaldes da Mancomunidade, quizais por iso non deberamos dar a desculpa de empezar a debater sobre o ámbito territorial, coido que sería o peor favor que poderíamos facer a efectos de que a área metropolitana se poña en marcha, ó mellor non con todos os Concellos que

todos quixeramos porque evidentemente a área metropolitana e as relacións económicas e de todo tipo que temos cunha chea de Concellos, todos e quizais algún máis dos que di o Sr. Soto na súa moción, coido que a debemos poñer nun punto máis axeitado. En todo caso hoxe por hoxe están comprometidos porque debateran mesmo o que fora borrador de anteproxecto porque están debatendo o anteproxecto actual, os 14 concellos, os da Mancomunidade máis Cangas e Moaña, e en todo caso eu faría excepción porque, xa que nós aprobamos os planes estratéxicos, o que cómpre é que os teñamos en conta.

En todo caso o Plan estratéxico fai dúas aportacións, dous Concellos novos, o de Ponteareas e o de Tui por razóns obvias, para incluír nesta posible creación de área metropolitana. Eu non pasaría daí nun primeiro intre, precisamente para non daren ningún tipo de desculpa para que isto se paralice.

Precisamente por iso coido que, unha vez que temos o anteproxecto de lei, cómpre que os técnicos do Concello e da Mancomunidade o estuden a fondo e poidamos debatelos os Grupos da Corporación ben na Comisión da Lei das grandes cidades, ben na que se considere axeitado para que, en base a eses informes técnicos, poidamos impulsar de verdade co resto dos Concellos implicados ou que poidamos decididamente emprazar á Xunta de Galiza dunha vez por todas para que, a través por suposto da Consellería de Xustiza, Interior e Admon. Local, dentro do actual período legislativo se leve a cabo a discusión no Parlamento Galego deste anteproxecto de Lei.

Coido que cómpre non dar máis desculpas, que é un proceso que polo que se refire ó Concello podemos resolver nun mes e que debemos implicar ós Grupos parlamentarios; o Grupo Socialista e os nacionalistas estamos convencidos que están perfectamente comprometidos con esta proposta aínda que sexa manifestamente mellorable.

Coido que o sentido da moción debería ser ese. En principio, contando con este anteproxecto de lei, debatelos urxentemente e emprazar á Xunta de Galiza para que dentro do actual período legislativo se leve a cabo o seu debate e posiblemente, espero, a aprobación da Área Metropolitana de Vigo como todos de verdade dicimos moitas veces, pero non sei se moitos cremos.

SR. FIGUEROA VILA: Primeiro informar de cómo está este anteproxecto, como di o Sr. Calviño.



Hai uns meses recibíuse ese anteproxecto. Agora mesmo os técnicos de cada Concello da Mancomunidade están estudando ese proxecto para chegar a un acordo claro cunha ponencia unitaria que será trasladada á Dirección Xeral de Admon. Local, a todos os Concellos e por suposto a todos os Grupos políticos. No momento que se teña ese anteproxecto con esa ponencia incluída se lles dará trámite de audiencia a todos os Concellos e aí é onde se fará realmente o debate político.

Polo tanto coido que se avanzou, que non se perdeu nin un minuto neste proceso. É certo que hai un consenso que xa ven doutras Corporacións, tanto do Goberno presidido polo Sr. Pérez Castrillo como do presidido polo Sr. Pérez Mariño, e é das poucas cousas nas que nesta cidade estamos todos de acordo, cada quen fixo as súas aportacións ó longo deste proceso e acadamos un consenso bastante amplo. A partir daí ese estudo terá que ser aprobado polo Consello da Xunta, converterase en proxecto e terá que ser remitido ó Parlamento para a súa aprobación.

Polo tanto dende a Alcaldía de Vigo déronse todos os pasos coa maior celeridade nestes últimos meses, o proceso está no seu remate en canto á parte técnica e logo entraremos a valoralo politicamente. Coido que ese é o momento que o Sr. Pérez Castrillo estaba solicitando agora e será cando todos poidamos facer as nosas aportacións.

De todos os xeitos nin pola Alcaldía, nin polo equipo de Goberno hai problema para que o anteproxecto se lles remita ós Grupos políticos que non o teñan para ir avanzando todo o que se poida, pero agora mesmo está en estudo por parte dos técnicos e é importante que estes fagan esa ponencia á marxe de calquera valoración política. A partir daí entraremos todos os Concellos e todos os Grupos políticos a facer as valoracións e aportacións que consideremos axeitadas.

Todos temos perfectamente clara e asumida a importancia da Área Metropolitana. O tema das competencias e do financiamento son cuestións nas que coido que todos imos na mesma liña e dirección. Tamén dicir que en canto ó numero de Concellos se está facendo por parte da Consellería de Xustiza un informe técnico que se presentará e logo faremos as correspondentes valoracións políticas.

En conclusión, avanzouse nos últimos tempos en canto ós traballos que xa estaban en marcha e pola parte da Alcaldía e pola nosa vaiseille seguer dando a maior celeridade para seguer acadando o consenso.

Evidentemente agora chega esa parte importante logo desa valoración técnica e política que será a recta final para, como dicía, a aprobación polo Consello, que se convirta en proxecto e se remita ó Parlamento onde esperamos que para todos os Grupos políticos sexa só unha cuestión de trámite xa que antes nós xa fixemos o traballo.

SR. SOTO FERREIRO: O Sr. Castrillo na súa intervención comezou con algúns epítetos: descoñecemento, mala formulación...

Si teño descoñecemento do borrador do que falan os seus partidos que son os metidos no allo. ¿Mala formulación por dicir unha comisión (xa dixen no debate que pode ser esa ou outra) que trate de establecer unha proposta? Esa é unha opinión de seu. Logo voltarei á súa intervención, Sr. Castrillo. Dicía logo o representante do Grupo Socialista de non discutir sobre o ámbito porque senón amolamos a historia. Pois si, Sr. Calviño, vostede pon o dedo na ferida. Todos temos medo de que non nos dean o que deben. Non sei se todos, pero a enorme maioría dos vigueses temos medo de que non nos dean o que deben e entón nos autocastramos, nos autocensuramos e dicimos que por se acaso que fagan o que queiran e xa seguiremos pedindo logo.

Pois non. Iso farano os tres partidos seus que é o que espero que fagan porque acuso ó Parlamento galego no seu conxunto de traballar cara ó norte e traballar de costas cara ó sur, ós tres Grupos políticos que están no Parlamento galego, e isto vai moi especialmente pola súa intervención, Sr. Pérez Castrillo, porque tamén está poñendo unha venda antes da ferida, subordinadamente seguramente ó seu Grupo parlamentario galego e non ós intereses nin de Vigo nin da súa área metropolitana.

Eu, que quero traballar a prol dunha Galiza unida e coherente, traballaría con equilibrio e non vestidos todos do Deportivo da Coruña que é a camiseta que teñen practicamente todos os parlamentarios galegos. Paréceme moi ben que ó Deportivo da Coruña lle vaia ven porque non lle teño ningunha xenreira, é unha metáfora pura e dura.

Dende logo non vai haber consenso ou polo menos este Grupo político non vai calar se non se nos dan razóns obxectivas de por qué un ámbito ou por qué outro ámbito. Se se nos pretende dar "trágalas" de antemán nós non imos calar. Con nós non haberá consenso se non é con datos obxectivos na man. Alguén pódeme dicir que de momento hai certas competencias para uns anos, tamén podería ser, pero alguén ten que obxectivar tecnicamente que é o que queremos e dende logo o ámbito. Se nalgo hai que seren intransixentes é no

ámbito porque este ten que ser o que represente socialmente algo real. Coido que tamén vostede, Sr. Calviño, dicía que pode haber algún Concello de máis. Pois si pode ser, pero dende logo que ningún menos, iso si que llo garanto. Recoñézolle de antemán que sería opinable que pode estar algún Concello máis, pero dende logo os que son están, pode haber outros que sendo tamén non estean.

Digo isto porque eu tremo que o "ámbito" que van defender os Partidos no Parlamento galego sexa á baixa e non á alza que sería menos preocupante, sendo preocupante tamén porque non hai por qué distorsionar á alza a composición da Área metropolitana de Vigo; haina que delimitar con rigor e ¿dinme vostedes que con estudos técnicos? A ver se é verdade. Se é verdade quen isto fala non terá ningún problema en recoñecer que estaba trabucado. Resulta que o Concello de Pontareas, que non está metido na Mancomunidade de Vigo, realmente ten moitas menos relacións sociais, económicas, de transporte, de todo o que dixer, que calquera outro dos Concellos que están.

Falo con paixón dun tema que entendo que é vital para o conxunto desta Área metropolitana e dende logo o "cómo" acéptollo como queira, Sr. Pérez Castrillo, eu non teño coñecemento do borrador pero estudar sobre algo a min seméllame ben; estudar sobre algo significa imprimir a lectura e a partir daí modificar o que lle pete.

Se é esa a súa proposición xa lle digo que a acepto encantado, Sr. Pérez Castrillo, pero tamén lle digo que logo eu emprázoo e espéroo para veren coma discutimos o fondo do borrador porque me temo que as súas discrepancias de forma van conter antes ou logo discrepancias de fondo co que estamos algúns a dicir, senón ó tempo.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Sr. Soto, eu tentei seren discreto porque o proceso da Área metropolitana de Vigo comezou co primeiro Alcalde democrático, o que pasa é que este non logrou chegaren a un consenso cos Concellos, foron outros os que o lograron, primeiro conformando a Mancomunidade e logo chegando a acordos co Presidente da Xunta.

Logo hai concelleiros que xamais se pasaron pola sede da Mancomunidade e se se pasaran ou chamaran por teléfono ós técnicos ou ó xerente decataríanse de que algúns plans metropolitanos que propoñen hai varios anos que algo semellante realizou a Mancomunidade, mesmo algunhas xornadas.

En todo caso, non sei se coincidiremos no fondo ou na forma pero francamente se non coincidimos non pasa nada porque vostede non ten a razón absoluta sobre todo. O que si coido é que debemos coincidir todos na necesidade de conformar un ente supra municipal basicamente concebido coma un consorcio de servizos de todo tipo que cree economías a escala que redunden nos cidadáns da Área metropolitana.

Os que estudamos algo da Área metropolitana sabemos que hai Concellos que peretencen e outros que non, pero si pertencen ós consorcios de servizos. Todo o que sexa a composición dos Concellos que formen a Área metropolitana entendemos que en primeiro lugar deben ser decisións das súas Corporacións e non da de Vigo e a elas remitímonos.

Sr. Figueroa, en todo caso coido que falla a metodoloxía. Paréceme moi ben o traballo dos técnicos, estes sempre teñen que informar tecnicamente de todo o que coiden oportuno e que lle manden, pero nós non queremos estar agardando polos informes dos técnicos porque esta é unha decisión política. Os aspectos fundamentais son decisións políticas e polo tanto está moi ben o traballo dos técnicos, que elaboren ponencias que estudarán os técnicos da Administración autonómica e entre técnicos poranse de acordo na ponencia técnica que nos darán a todos os responsables políticos, pero os debates políticos os temos que abordar nós.

Polo tanto nós reclamamos que se nos entregue formal e oficialmente o borrador do anteproxecto de lei, reclamamos podelo discutir mesmo na Corporación de Vigo logo do coñecer.

Hai outra cuestión de metodoloxía, Sr. Figueroa, é que ós alcaldes non se lles dá trámite de audiencia, reúnese un con eles, xúntase a Presidencia da Mancomunidade con todos os alcaldes e fálase con eles. Dende o meu punto de vista se está a falar pouco cos alcaldes que van conformar a Área metropolitana de Vigo, cando menos con todos, non sei se con algún máis que con outros pero se está a falar pouco. Coido que á parte dos trámites de audiencia, á parte de remitirlles escritos para que digan ou opinen, hai que se reunir en privado e falar con sinceiridade dos proxectos, neste caso do proxecto de borrador que hai enriba da mesa.

Coido que moitas veces unha boa metodoloxía permite polo menos coñecer as dificultades que teñen as cousas e mesmo, se hai vontade política, darlles solución. Nese sentido coido que se deberían intensificar por parte da Presidencia da Mancomunidade as reunións cos alcaldes e alcaldesas dos Concellos que poden integrar a futura Área metropolitana para chegaren a

acordos ou coñecemento directo. Isto non é nin traballo de técnicos nin papeleos, son reunións directas formais ou informais con cada un dos alcaldes ou con todos e traballar máis do que se está facendo con este proxecto de borrador.

O mesmo pasa dentro da Corporación. Non é que reclamemos que a Presidenta da Corporación se reuna connosco sistematicamente pero si, coincidimos co Sr. Soto nese sentido, se vostede acepta a nosa modificación votaremos a favor da súa moción, en que haxa unha comisión da Corporación que analice dende o punto de vista de Vigo, non do ámbito evidentemente, determinados aspectos da Lei.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Só dicir sobre a parte dispositiva que é o que temos que votar, que eu non sei se tratar isto na comisión que está a traballar sobre a Lei das grandes cidades ou nunha comisión específica, pero en todo caso a min gustaríame que a parte que fai referencia a "negociar de seguido cos concellos concernidos", así non debatemos agora sobre o ámbito, aínda que coido que pasar de 14 que é a situación actual do anteproxecto a 27 que é o que propón o Sr. Soto, o que vai facer é deixar isto para dentro de catro anos. Da parte dispositiva que di "para negociar de seguido cos concellos concernidos e máis coa Xunta de Galiza cara a instauración o máis axiña posible", eu quitaría "o máis axiña posible" e deixaría "cara á instauración dentro do actual período lexislativo" porque coido que hai condicións políticas para que poida ir adiante a Área metropolitana de Vigo no actual período lexislativo.

SR. FIGUEROA VILA: Nós coidamos que o método é o correcto e alá cada quen coa súa interpretación. Coido que a vontade política está perfectamente reflectida no consenso que se acadou no seu día e nos debates políticos que se produciron.

Ó mellor moitas veces fracasamos niso. Se a Área metropolitana non é operativa o resultado final é de fracaso, como está a suceder en moitas áreas metropolitanas que algúns coñecemos.

Coido que o correcto, logo de lle dar o visto e praxe político coma se lle deu xa no seu día, é que agora os técnicos traballen. Os técnicos de cada Concello terán que facer as propostas, poñerse de acordo entre todos e facer unha proposta que amplie a que xa se fixo politicamente.

Cando se teñan esas propostas tomarase a última decisión que sempre é política. Coido que nas administracións estamos cometendo moitas veces erros confundindo as vontades políticas coas cuestións puramente técnicas e a conclusión moitas veces disto é o fracaso porque non escoitamos o que realmente é operativo. Se aquí se está a falar dunha área metropolitana para contentar a todos os concellos e a todos os alcaldes da bisbarra, sinxelamente fagamos unha provincia máis. O obxectivo primordial da área metropolitana é que sexa operativa cara a lle dar servizos ós cidadáns. ¿Cales son os resultados da maior parte das Mancomunidades? As Mancomunidades cando se crearon foi con ese fin de dar servizos conxuntamente a unha serie de municipios e que eu saiba poucos servizos comúns se dan nas Mancomunidades: dous camións do lixo, algunha cuestión de limpeza e pouquiño máis. O fracaso das Mancomunidades é algo evidente que todos temos que asumir porque todos somos corresponsables desas situacións. Polo tanto coido que todos temos que aprender das experiencias negativas para conformar realmente algo que dea servizo ás demandas que presentan os concellos e os cidadáns para que unha serie de servizos poidan seren mancomunados e redunden ó final en beneficio de todos.

Hai un convenio asinado entre a Xunta, Deputación e Concello de Vigo para tentar a comarcalización do servizo de bombeiros. O Concello de Vigo está dando servizo a todos os Concellos limítrofes a custo cero. Visto iso coido que nós tamén precisamos axudas doutras administracións.

Xa se acadou un primeiro compromiso. Asinouse un convenio cun 40% de aportación da Xunta, outro 40% da Deputación e o 20% do Concello de Vigo, pero ó mellor haberá que repercutir ese 20% na Mancomunidade ou na futura Área metropolitana. Iso é o que os cidadáns queren ver, cousas que se poidan percibir porque senón ó final a Área metropolitana queda nun ente abstracto sen ningún tipo de contido e ó mellor dentro de 10 ou 15 anos estaremos falando de que fixemos unha parte teórica de contido correcta pero que os obxectivos finais foron cero.

Penso que estamos na boa dirección, ademais é un traballo que ven consensuado por todos e aquí hai que agradecer o traballo de todos os anteriores Alcaldes, tanto do Sr. Pérez Castrillo, coma do Sr. Pérez Mariño. Coido que a propia Alcaldesa, coma Presidenta da Mancomunidade, estalle a dar o último tirón a este proxecto e esperemos acadar o mellor entre todos con todas estas experiencias que coido que hai que poñer enriba da mesa.

Hai que seguer traballando e por suposto que non temos inconveniente en que mañá ou cando os servizos técnicos teñan eses anteprojectos se remitan a todos os Grupos políticos para que os vaian estudando. Pero coido que hai que respectar os tempos, deixemos traballar ós técnicos, que os Grupos políticos poidamos coñecer en profundidade ese proxecto e facer as valoracións cando correspondan.

SR. SOTO FERREIRO: Si o que pretenden vostedes con distintas intervencións é unha modificación da moción no sentido de que quede aberta para que os voceiros designen unha comisión "ad hoc", ningún inconveniente.

Se o que pretenden ademais é que non se diga que sexa axiña, pois que se retire "axiña", non o poño. Se ese é o problema por parte do Grupo Socialista para chegaren a un consenso acéptoo. Hai moitas cousas nas que hai que teren vontade de consenso, pero dende logo que en temas que a alguén lle semellen fundamentais non, e dígoo por dereitos que temos todos nós.

Sr. Pérez Castrillo, a súa intervención dicindo unha parte e non dicindo todo é o que se adoita calificar coma manipulación. Porque é certa a parte de que co primeiro Alcalde democrático, que é un servidor, por non haber non é que non houbera área metropolitana, é que non houbo mancomunidade. Non lembrar que os partidos da dereita daquela estaban absolutamente en contra da creación, non dunha área metropolitana, senón mesmo dunha mancomunidade de servizos é unha manipulación; estaban en contra e tiñan a maioría. Por certo, estabamos a favor os que daquela eramos un goberno de esquerdas desta cidade e déixeme dicirlle que os partidos nacionalistas "tocaban a frauta" neste tema, porque non entraron nel ata moitos anos logo, polas razóns que fosen. "Tocar a frauta" quere dicir que nin si, nin non, nin todo o contrario.

Hai historias que están aí, pero en todo caso ¿qué é o que vai estar no futuro que é o que a nós nos preocupa? ¿Imos tocar a frauta por se non nos dan nada ou imos pedir o que queremos?

De antemán vostedes din algunha cousa que acepto alborozado. Estamos nun sistema democrático e o Parlamento Galego é quen ten que resolver este tema e o que ten a última palabra, non cabe a menor dúbida. Poderá polo camiño haber consenso ou non de todos os Grupos políticos ou de todos os Concellos; non comparto con vostede, e xa vexo que temos filosofías diferentes, que todos os Concellos que obxectivamente estean nunha área

metropolitana teñan que prestar a súa anuencia porque ó mellor un ou dos polo medio impiden a conformación dunha área metropolitana importante. Insisto no que dixen sobre a sufocación de lumes ou sobre transportes, se resulta que hai un Concello ó que non lle peta, non se pode facer. Pola contra eu discrepo, digo que o Parlamento galego pode e debe legislar, independentemente de que eu estea ou non de acordo co texto que se faga e se hai algún Concello que non estea de acordo, tamén.

Hai que tentar delimitar o ámbito obxectivamente, non en función de gusto político-partidista ou de medos que normalmente é o que conforman estas cousas.

Se non hai unha área metropolitana que responda a características razoablemente obxectivas do que a propia área metropolitana de Vigo precisa, hai moitos, entre os que se inclúe quen fala, que reivindicaremos a provincia de Vigo. Se non nos deixan esta última esperanza, se nos magoan esta última esperanza a moitos, a Vigo non lle quedará outra que pedir ser provincia para seren tratada cun mínimo de equidade (e falo da área metropolitana do que sería a provincia de Vigo) con respecto ás outras provincias.

Vostedes saben que o que estou a dicir é certo e sei porque non o din: porque os partidos a outro nivel os poñen en situación de defender outras cousas. Ogallá teñan a rebeldía todos de defender os obxectivos dos nosos fillos, dos nosos netos e de quen nos segan nesta área metropolitana.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Sempre se di que "o inferno son os outros", pois seguramente tamén os fracasos son dos outros.

Sr. Figueroa, voullo dicir máis claramente: perfecto, os técnicos poden facer o que queiran. Agora mire, coma eu tamén coñezo coma o Sr. Calviño o borrador do anteproxecto porque confidencialmente tamén o teño aínda que oficialmente non (gustaríame que mo deran oficialmente) unha de dúas, ou todos os alcaldes da área metropolitana defenden un financiamento claro para a área, ou esta nacerá morta. Iso é operatividade.

Vostede pódeme falar de que hai que ser operativo pero para seren operativo non só se precisan informes técnicos, senón que acordo político sobre financiamento da área, aquilo que propuxemos ó daquela Presidente da FEGAMP un presidente e dous vicepresidentes da Mancomunidade e aquilo que tamén lle propuxemos ó Sr. Orza os tres encargados de negociar ese asunto en nome dos Alcaldes da Mancomunidade, porque todos os Alcaldes da Mancomunidade e



todos os Concellos da Mancomunidade están de acordo co consorcio de servizos, co espírito e co borrador da área metropolitana e o único que queren é saber cómo se vai financiar ese ente; non por convenios senón qué transferencias correntes vai ter das outras administracións supramunicipais porque o único que está claro no borrador é cómo teñen que aportar os Concellos pero iso xa o sabemos. Por iso dígolle claramente que é unha cuestión de se sentar a falar cos Alcaldes.

Eu non reivindico nin a quinta provincia nin nada polo estilo, pero si me gustaría que se se cree un órgano supramunicipal e de ordenación territorial que vai ser o primeiro que haxa en Galiza e que vai estar no sur; ese sería o meu desexo, que nacera ben e que servira de modelo de organización territorial no País. Para nacer ben a cuestión está en cómo vive porque un órgano, unha institución, iso sabémolo todos, vive se ten financiamento.

Para min esa é clave da que hai que falar co resto dos Concellos, poñerse de acordo e sen ningún espavento dicirllo a quen corresponda.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que vostede deu a clave de todo este debate porque ó final ese debe ser o obxectivo.

Está claro que dende a Presidencia da Mancomunidade estanse a facer as negociacións tanto co Conselleiro de Economía como co propio Conselleiro de Xustiza para que isto quede perfectamente claro porque unha área metropolitana, como vostede acaba de dicir, sen financiamento non ten ningún sentido.

Nesa liña a Sra. Alcaldesa, coma Presidenta da Mancomunidade e de acordo e apoiada por todos os Alcaldes, está traballando niso e ó final iso será o que nos dea unha área metropolitana operativa ou outra cuestión que ningún desexariamos.

Polo tanto imos traballar nesa liña e pódolle dicir que hai o compromiso político da Presidenta da Mancomunidade e de todos os Alcaldes para que, se se transfiren competencias dunha serie de servizos, evidentemente sexan co correspondente financiamento, o demais sería un brinde ó sol que non serviría para nada.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,  
ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal de DPG, Sr. Soto Ferreiro, sobre instauración da Área Metropolitana de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

INTERVENCIÓN DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA: Pido desculpas por me ter que ausentar precisamente por teren unha reunión co Ministro, Sr. Solbes, para falar un grupo de alcaldes sobre novo financiamento de entidades locais.

*A partir deste intre preside o Pleno o concelleiro do Grupo Popular e Primeiro Tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila.*

## 22.- (173).-MOCIÓN DE DPG SOBRE ZONA DEPORTIVA NA MIÑOCA NA PARCELA PARA USO DEPORTIVO DO POLÍGONO III DO PERI II FLORIDA B.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xuño de 2004, o voceiro do Grupo municipal de DPG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"Para podermos chegar á situación actual na que se atopa dita parcela, é interesante facer un percorrido sobre os avatares e circunstancias acaecidas durante a tramitación do Polígono III do Peri II-12 Florida B desde 1989 ata o día de hoxe.

ANTECEDENTES:

1.- A parcela dedicada a Equipamento Deportivo é a prevista no trámite urbanístico do Polígono III do Peri II-12 Florida B.

2.- Segundo se aprecia na Memoria inicial do PERI, nos planos correspondentes e nas certificacións dos Plenos Municipais realizados o 23 de decembro de 1989, o 26 de marzo de 1990 e de aprobación definitiva do PERI, o 7 de setembro de 1990, estaba prevista unha zona de Equipamento Deportivo na parte noroeste do Polígono III (acompañase anexo 1).

3.- Posteriormente, no Proxecto de Compensación do Polígono III do PERI II-12 Florida B, aprobado polo Pleno Municipal do 27 de novembro de 1992, inclúese no seu capítulo IV: "Localización dos terreos de cesión obrigatoria", apartado A)2, o mencionado Equipamento Deportivo, cunha superficie de 2.673 m<sup>2</sup>, anque se encadra dentro do apartado "Asistencial" (acompañase anexo 2).

4.- No mesmo Proxecto de Compensación de 1992, no seu capítulo V, Declaración Final Segunda, inscrita no Rexistro da Propiedade, inténtase xustificar o cambio de tipo de equipamento, sinalando que "o uso deportivo está suficientemente cuberto na zona, segundo estimacións municipais, a área así cualificada inicialmente, modifícase destinándoa, en parte, a equipamento asistencial, prioritario na zona segundo ditas estimacións, e en parte ó asentamento do aproveitamento de cesión obrigatoria que lle corresponde ó Excmo. Concello de Vigo" (acompañase anexo 3).

5.- O carácter asistencial do novo destino dos terreos emprégase como un dos argumentos para xustificar a urxencia da aprobación do susodito Proxecto de Compensación en 1992, aínda a sabendas de que por estas datas xa está en marcha o proxecto do novo Centro de Saúde de Coia, próximo a esta parcela.

6.- De forma graciable, dito Proxecto de Compensación ten modificado o previsto no PERI sen recorrer ós tramites regulamentarios: Aprobación Plenaria, Publicación DOG, BOP, Diarios Locais, trámite de exposición ó público no período de alegacións, tal como se pode comprobar na grafía no plano nº 6 a escala 1/1000 baixo o título "Usos do solo" aprobado provisionalmente o 26.03.90 e definitivamente o 7.09.90, no que a parcela ven reservada pra Zona Deportiva Cuberta (acompañase anexo 4).

7.- En ningún momento, nin o Concello de Vigo nin a XUNTA DE COMPENSACIÓN do Polígono III do PERI II-12 FLORIDA B, no proceso mencionado anteriormente, xustificaron ou presentaron certificación literal do informe técnico xustificativo previo ó cambio de tipo de equipamento, ratificando as estimacións da Declaración Final Segunda do Proxecto de Compensación de 27.11.92 (anexo 3), segundo as que o uso deportivo está suficientemente cuberto na zona. De todas maneiras, tampouco se ten xustificado ata hoxe, porque no se ten emprazado ó teoricamente urxente Centro Asistencial.

8º.- Por último, no mesmo Proxecto de Compensación e no Capítulo III, Descrición das Parcelas Resultantes da Actuación, aparecen os solares correspondentes ás parcelas 59a e 59b con 400 m<sup>2</sup> de planta cada unha e unha parcela total de 1.285 m<sup>2</sup> de pleno dominio do Concello de Vigo, como pago da cesión obrigatoria, e a Parcela 60e de 400 m<sup>2</sup> de planta, de propiedade da Xunta de Compensación (acompañase como anexo 5) nos mesmos terreos que os susoditos equipamentos. Por se fosen poucas as irregularidades pola falta de equipamentos (deportivo e/ou asistencial) resulta que as dúas parcelas municipais, 59a e 59b, sitúanse SUPERPOSTAS na parcela teoricamente destinada pra uso deportivo e/ou asistencial, como se pode apreciar no Plano de Marca Definitivo de Aliñacións e Rasantes de Abril de 1994 (acompañase anexo 6).

9º.- É cando menos curioso todo este XXX maniqueo XXX no Proxecto de Compensación de 1992.992, cando o 5 de Xullo de 1993, inscríbese no Rexistro da Propiedade nº 3 dos de Vigo, a finca nº 50799 Libro 652 tomo 061, como Urbana, solo destinado a Equipamento Deportivo, de 2.673 m<sup>2</sup>, cedida con destino pra uso público ó propio Concello de Vigo, que a inscribe ó seu favor con pleno dominio e por título de cesión. XXX A extensa XXX é a inscrición 1ª da finca 50.641, no folio 176 do Libro 649. Cando parte da súa superficie está ocupada xa no Proxecto de Compensación polas parcelas 59a, 59b, e 60e. (acompañase anexo 7).

PROCESOS XUDICIAIS, OBRAS E DENUNCIAS.

10º.-Varios propietarios de terreos, propician o recurso contencioso 4659/93 fronte ó Proxecto de Compensación, cuxa sentenza número 645/1995 do TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, de data 11 de outubro de 1995, reconece no seu considerando NOVENO dos FUNDAMENTOS de DEREITO e no FALLO da sentenza que non é admisible o cambio de tipo de equipamento (acompañase anexo 8). Logo desta sentenza os demandantes recibiron una substancial indemnización particular por parte da Xunta de Compensación, que se materializou na cesión de dous edificios propiedade da Xunta.

11.- Entremetres, materialízase a construción e posterior ocupación do edificio correspondente á parcela 60e, cuxo propietario inicial, a Xunta de Compensación, tiña cedido a Construcións Crespo en concepto de pago pola urbanización. Esta obra desenvólvese en parte da parcela destinada inicialmente pra uso deportivo, mentres as parcelas 59a e 59b son cedidas polo Concello -Pleno do 28 de Xullo de 1993- ó Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGSV) pra construción de vivendas sociais, firmando a licenza o Alcalde de entón o día 11 de novembro de 1996.

12.- Dado que a estas alturas, Marzo de 1998, moitos dos edificios do polígono xa se atopan habitados, varios propietarios e inquilinos coñecedores do inicio da construción dos edificios correspondentes ás parcelas 59a e 59b por parte do IGSV, comezan a mobilizarse, solicitándolle ó Concello a suspensión das licencias, paralizando as obras e convocando manifestacións, que coas actuacións policiais se saldaron con seis detidos e varios feridos, noticias que recorreron toda España (acompañanse artigos de prensa da época anexo 9).

13.- Esta situación levou ós veciños integrados na Asociación de Veciños Afectados por Minguas Dotacionais no Peri II-12 Florida B a denunciar estas irregularidades diante da Fiscalía Xeral do Estado, o 24 de abril de 1998, cuxa resolución segue sen ser comunicada; e a presentar o recurso contencioso administrativo 02/0005071/1998 fronte á citada concesión de licencia de obra outorgada polo Alcalde D. Manuel Pérez o día 11 de Novembro de 1996.

14.- Pola súa banda, o Tribunal Supremo no Recurso de Casación 477/1996, sentenza do 21 de Febreiro de 2001, no seu apartado 4º, ratificou que o uso que o PERI impoñía era de "uso deportivo" (non o simplemente dotacional ou de equipamento público). Uso deportivo que evidentemente non ten nada que ver coa construción de bloques de oito plantas (acompañase anexo 10).

15.- Finalmente, o TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, na súa sentenza 929/2002 do día 11 de Xullo de 2002, faise eco da anterior sentenza do TS e anula tamén a irregular concesión da licencia dada polo entón Alcalde D. Manuel Pérez o día 11 de Novembro de 1996, a favor do IGVS, (acompañase anexo 11).

#### CONCLUSIÓNS:

16.- Á vista de todo o resumido, e dado que a situación da parcela está próxima a unha zona cunha densidade de poboación alta (Praza da Miñoa e Polígono de Coia en continua expansión), resulta imprescindible a materialización dunha vez por todas dos mencionados equipamentos deportivos en cumprimento das sentencias do Tribunal Supremo e do TSXG.

17.- Pero ó mesmo tempo, tamén é necesario aclarar onde está a edificabilidade municipal e iniciar a correspondente investigación sobre as responsabilidades e prexuízos ocasionados ós veciños e ó Patrimonio Municipal dentro do Polígono III do PERI II-12 FLORIDA B. O caso está de novo nas mans da Fiscalía. No caso Rosalía de Castro II discutíase se o aproveitamento municipal tiña sido xusto ou non. No caso do Polígono III do PERI II-12 FLORIDA B sinxelamente TEN DESAPARECIDO.

#### ANEXOS:

- 1.- Memoria do PERI.
- 2.- Proxecto de Compensación Equipamentos.
- 3.- Proxecto de Compensación Declaracións Finais.
- 4.- Plano 6 Usos do solo.
- 5.- Proxecto de Compensación Parcelas Resultantes.
- 6.- Plano de Marca.
- 7.- Inscripción Rexistro da Propiedade nº3 de Vigo, finca nº 50799
- 8.- Sentencia TSXG 645/1995 do 11 de outubro 1995.
- 9.- Artigos de prensa.
- 10.- Sentencia TS Recurso de Casación 477/1996 do 21 de febreiro de 2001.
- 11.- Sentencia TSXG 929/2002 do 11 de xullo 2002.

Ata eiquí o escrito que me achegan veciños afectados por esta singular e controvertida actuación municipal na zona da Miñoa que está, como afirman os mesmos denunciante, sub-iudicæ.

Agora ben, sen prexuízo de que o Concello debe reclamar a totalidade dos terreos previstos pra zona deportiva de uso público, algúns deses terreos están en mans de particulares soamente pola desidia da actuación municipal, por non seren reclamados. ¡Debemos ocupalos de inmediato!

Temos unha evidente carencia de instalacións deportivas nesa zona, cousa que puiden comprobar persoalmente sobre o terreo, polo que estimamos que o Concello pode e debe conseguir a totalidade dos terreos da parcela prevista pra uso deportivo, e iniciar de seguido o acondicionamento da mesma con usos que poden e deber seren pactados coa Asociación de Veciños da Miñoa.

En fin, que por todo o anteriormente escrito compre actuar, e xa, entre outras razóns polo moito tempo transcorrido sen que lle deásemos solución ningunha a esa zona en instalacións deportivas públicas pra nenos e mozos. É o mínimo que lle debemos ós moitos miles de vigueses que alí viven.

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Facer todas as xestións precisas pra que poidamos inscribir no patrimonio municipal do solo tódolos terreos que, pra uso público deportivo, estaban previstos no Polígono III do Peri II-12 Florida B, na zona da Miñoa.

2.- Que, sen prexuízo da realización das xestións anteriores, se pacten coa Asociación de Veciños da Miñoa a construción das instalacións deportivas populares que se estimen máis convenientes sobre a nomeada parcela prevista pra uso deportivo, de xeito que poidamos materializalas con urxencia nos terreos xa dispoñibles, e tamén naqueles outros susceptíbeis de que os poidamos obter de maneira inmediata."

A Comisión Informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, na súa sesión do día 21 de xuño de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Hai dúas proposicións e tamén unha serie de documentos que me fixeron chegar veciños afectados. Tamén estiveron con directivos da Asociación de Veciños da Miñoa visitando a zona e hai dous aspectos que cómpre deslindar neste tema.

Por unha banda as xestións para que no seu día se poidan inscribir no patrimonio municipal do solo os terreos que, previstos no seu día para uso deportivo, figuraban no Polígono III do PERI II-12 A Florida B, na zona da Miñoa. Esa é unha cuestión que como está "sub iudice" nós non entramos máis aló. Que se faga nas medidas en que a Lei e no seu caso os Tribunais de Xustiza se pronuncien.

Pero hai outra que é a que piden os veciños que si parece razoable e urxente e é que, como ben digo aí, sen prexuízo da realización doutras xestións anteriores, se pacte coa Asociación de Veciños da Miñoa construír as intalacións deportivas populares que se estimen máis convenientes.

Aí hai uns terreos que están abandonados, hai outros que soamente hai que os ocupar; hai propiedades particulares que o Concello o único que ten que facer é ocupalos. Por tanto, que co conxunto deses terreos que están dispoñibles se fale, se pacte cos veciños como se fai consuetudinariamente nas parroquias e nos barrios de Vigo e se establezan alí instalacións públicas, non estou falando de grandes instalacións porque ademais non caberían. Non quero predeterminar o que pode ir alí pero por exemplo canchas de petanca, de futbito, de baloncesto, de fútbol sala, etc. Instalacións deportivas populares que non sería tanto custo o que levaría establecelas e si daría un grande servizo a unha zona moi conxestionada e con pouquísimos servizos públicos.

SR. TOBA GIRON: Para os que coñecemos un pouco o asunto, é un tema realmente complicado como cando se fixo aquela cesión ó IGVS por vía de convenio e realmente da para discutir un bo rato. En todo caso o que se trata é de resolver un problema.

Propoñémolles unha engádegas á súa moción: 1º Que o Instituto Galego da Vivenda e Solo nos devolva a parcela que lle cedimos no seu día porque senón dificilmente poderemos actuar, independente das decisións que logo adopte a concellería de Deportes na liña do que vostede propón, entendendo que se tratan de instalacións de carácter provisorio e dígollo en razón do propio texto da súa moción e as súas propias palabras.

Logo, o primeiro punto debería dicir: Que o Instituto Galego da Vivenda e Solo devolva ó Concello de Vigo a parcela cedida no seu día coa finalidade que fose, pero primeiro que nola devolva porque se non é nosa en primeiro lugar non sabemos nin que é e en segundo lugar non podemos actuar como vostede comprenderá. Independentemente da decisión que adoptemos, se a Corporación e a Concellería de Deportes tivesen interese en actuar non poderían facelo porque esa parcela está cedida á Xunta de Galicia.

Polo tanto só propoñemos unha engádegas de orde formal: Que o Pleno do Concello de Vigo se dirixa ó Instituto Galego da Vivenda e Solo para que devolva a parcela cedida no seu día no PERI II-12 A Florida B.

Co resto das propostas completamente de acordo

SR. RUIZ CENICEROS: En principio para clarear que o Grupo Municipal Socialista está de acordo con calquera proposta que tenda a recuperar a posesión ou a regularizar a situación rexistral dunha parcela de

titularidade municipal. Logo a levar a cabo e a executar as dotacións deportivas que xa estaban previstas en planeamento co que en principio non nos presenta ningún problema apoiar a moción.

En canto á emenda que propón o BNG tampouco temos inconveniente supoñendo que podería estar dentro das xestións precisas que no apartado primeiro menciona o Sr. Soto.

SR. FIGUEROA VILA: O noso grupo está de acordo co fondo do tema pero imos solicitar, se ó Sr. Soto lle parece ben, que das dúas propostas que se fixeron tamén se lles dea traslado á Xerencia de Urbanismo para que os técnicos fagan os informes correspondentes a fin de que nos deixen completamente clara cal é a situación e tamén cales son as propostas que podemos facer.

Sería razoable que o próximo xoves nos incluan unha proposta concreta puramente técnica para logo poder nós tomar a decisión.

SR. SOTO FERREIRO: Acepto todas esas suxerencias que me parecen estimables. Só teño que confesar que eu non estaba seguro de se estaba ou non nas mans do Instituto. Hai técnicos da casa que dan informes contradictorios e vostedes sábeno; por iso fun moi aberto na redacción e puxen "...e tamén naqueles outros susceptibles de que poidamos obter inmediata..."

Pero se formalmente están nas mans do Instituto Galego da Vivenda e Solo tamén toda a razón do mundo en que nesa reconsideración se reproduzan tamén as consideracións do Sr. Ruiz e as propias do Sr. Figueroa que me parecen moi oportunas todas elas.

Emenda formulada durante o curso do debate polo concelleiro do BNG, Sr. Toba Girón:

Engadir o apartado primeiro: "Que o Pleno do Concello de Vigo se dirixa ó Instituto Galego da Vivenda e Solo para solicitar a devolución da parcela cedida no seu día no PERI II-12 A Florida B."

Emenda formulada durante o curso do debate polo concelleiro do PP, Sr. Figueroa Vila:

Dar traslado da presente moción á Xerencia Municipal de Urbanismo para que os técnicos fagan os informes correspondentes.

*Vótase a moción do Sr. Soto Ferreiro xuntamente coas dúas emendas transcritas anteriormente.*

(No momento da votación está ausente a Alcaldía-Presidencia, Sra. Porro Martínez, preside o Pleno o primeiro Tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila. Tamén está ausente a Sra. Fernández Davila.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,  
ACÓRDASE:

Primeiro.- Que o Pleno do Concello de Vigo se dirixa ó Instituto Galego da Vivenda e Solo para solicitar a devolución da parcela cedida no seu día no PERI II-12 A Florida B, así como facer todas as xestións precisas pra que poidamos inscribir no patrimonio municipal do solo tódolos terreos que, pra uso público deportivo, estaban previstos no Polígono III do Peri II-12 Florida B, na zona da Miñooca.

Segundo.- Que, sen prexuízo da realización das xestións anteriores, se pacten coa Asociación de Veciños da Miñooca a construción das instalacións deportivas populares que se estimen máis convenientes sobre a nomeada parcela prevista pra uso deportivo, de xeito que poidamos materializalas con urxencia nos terreos xa dispoñíbles, e tamén naqueles outros susceptíbeis de que os poidamos obter de maneira inmediata.

Terceiro.- Dar traslado da presente moción á Xerencia Municipal de Urbanismo para que os técnicos fagan os informes correspondentes.

23.- (174).-MOCIÓN DO BNG REFERENTE A DISTINTAS ACTUACIÓNS A REALIZAR NO ARQUIVO PACHECO.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de maio de 2004, a concelleira do Grupo municipal do BNG formula a seguinte moción:

"O Arquivo Pacheco cun fondo documental dunhas 120.000 imaxes que comprenden desde o último terzo do século XIX até a metade do XX, é unha obra que pola súa extensión e calidade representa un dos arquivos de fotografía histórica máis valioso de Europa. Ese valor cobra maior importancia en Vigo por ser a nosa cidade protagonista senlleira do arquivo, constituindo unha formidable memoria das xentes, rúas e acontecementos históricos de Galiza e de Vigo.



Así nos negativos podemos atopar desde retratos de persoeiros relevantes como Curros Enríquez, Luis Seoane, Castelao ou o presidente portugués Machado, até vistas da cidade, das rúas, das paisaxes e dos acontecementos cotiáns ou históricos captados polas súas cámaras, polo que falar deste arquivo gráfico é falar de Vigo e de Galiza, lembrar as vidas, os cenarios, a imaxe de aquilo que xa non é o mesmo nen ten os mesmos usos: o antigo Berbés coas xentes e pescadores atarefados, os primeiros automóviles que circularon, os tranvías, as fábricas de conservas, os mitins obreiros, as celebracións oficiais, as saídas dos emigrantes dende o porto, a guerra civil..., é en resumo a crónica gráfica da nosa cidade, que ten un interese que transcende o ámbito xeográfico galego para se converter nun documento gráfico de interese universal.

Así pareceu entendelo o Concello de Vigo coa súa decisión de adquirilo no ano 1991, pero un fondo desta magnitude non ten utilidade se non se organiza e cataloga. Este é un traballo previo e indispensable para calquera finalidade que se lle queira dar. Non foi até o ano 2000 que se deron os primeiros pasos neste sentido coa contratación dunha persoa para comezar un traballo de dixitalización do arquivo. No mes de novembro rematou o contrato e dende ese momento non se tomou ningunha decisión ó respecto.

É preciso non só continuar con este traballo senon tamén completalo aportando datos do contido das fotos, documentándoas.

Gostaría de pensar que a paralización dos traballos na colección non sexa o inicio dun proceso de esquecemento e abandono como o padecido durante os nove anos seguintes á súa adquisición, o que en boa medida fala do desinterese e desleixo por todo aquilo que ten que ver con nós propios e coa nosa máis recente historia. Fala tamén de gobernos despreocupados do que non forme parte da política de xestos de cara a galería, e que polo contrario supoña un traballo calado e a medio prazo, unha política a prol da cidade e dos seus intereses .

Por todo o anteriormente exposto, proponse ó Pleno para a súa aprobación os seguintes acordos:

- 1.- Que se realicen as contratacións necesarias para levar adiante un traballo de dixitalización e documentación das placas do Arquivo Pacheco.
- 2.- Que paralelamente se realice unha planificación con obxectivos claros sobor do que se quere facer para divulgalo e rendabilizalo culturalmente.
- 3.- Que se cree un Padroado do Arquivo Pacheco baixo a dirección dunha persoa de recoñecido prestixio no mundo da fotografía co obxectivo de coordinar os traballos e dinamizar e divulgar a colección."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 24 de maio de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

*A Sra. Martíns Vilanova procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.*

DEBATE.- SRA. MARTINS VILANOVA: Consideramos que é preciso continuar o traballo de dixilitación porque se hai 120.000 fotografías, é como se tiveramos unha biblioteca e non se soupera nin cales son os títulos, ou autores, ou as obras, ou se son novelas, ou poesía, ou teatro. Polo tanto calquera actuación que se quera levar adiante para o divulgar, necesita deste traballo de dixilitación e tamén de documentación das fotografías, saber cal é o seu contido.

Esperamos que a paralización deste traballo non vaia supoñer un esquecemento como o sufrido durante os nove anos anteriores e dende o noso grupo propoñemos ó Pleno a aprobación desta moción.

SR. LOPEZ-CHAVES CASTRO: Quería facer uns clarexamentos relativos á moción que se presenta. En primeiro lugar ó número de imaxes do Arquivo Pacheco; vostede fala de 120.000 imaxes que é aproximadamente o que di un informe do ano 1999, en total 123.333 imaxes. Sen embargo no convenio de adquisición fálase mesmo de dous millóns de negativos e nun informe do ano 1990, antes da adquisición, fala de 20.195 placas clasificadas, dous millóns de placas sen clasificar e tres millóns de negativos de celuloide.

En segundo lugar falar de que o Arquivo Pacheco comprende dende o último tercio do século XIX ata a metade do século XX. Sen embargo o período vai mesmo ata o ano 1970, como nunha moción do BNG de 20 de maio de 1996 tamén fala do ano 1970.

Fala de que non foi ata o ano 2000 que non se fixeron os primeiros pasos para organizar o Arquivo, sen embargo xa no ano 1993 o Concello encargou un informe para cuantificar as imaxes, programar actuacións, plan de necesidades etc., e tamén di que no ano 2000 se deron os primeiros pasos para a contratación dunha persoa para comezar os traballos de dixitalización e que no mes de novembro de 2003 rematou o contrato.

Quizais aquí sexa o maior erro xa que se trabuca o contrato de informatización e dixitalización do Arquivo Pacheco que rematou ou debería rematar como xa veremos o 15 de decembro de 2002 e unha serie de sucesivas asistencia técnicas cunha persoa nos anos 1999, 2001, 2002 por dúas veces e 2003.

En canto á dixitalización do Arquivo Pacheco na súa moción propón que se aprrobe o acordo de que se realicen as contratacións necesarias para levar adiante un traballo de documentación e dixitalización das placas. O que propón non é posible porque xa existe ese contrato que está vixente. Este

contrato convocouse por concurso aberto no ano 2002 e ten por obxecto a realización da informatización e dixilitación do Arquivo Pacheco.

Na Mesa de Contratación do 26 de decembro de 2000, na apertura da documentación administrativa se declara deserto o concurso para a subministración de equipos informáticos e a dixilitación do Arquivo. Entón se inicia un expediente nese mesmo día, case que fórmula 1 polo prazo de tramitación, para a adxudicación polo procedemento negociado da dixilitación do Arquivo Pacheco.

Así por exemplo o mesmo día 26 de decembro, por unha resolución da Alcaldía, avócanse as competencias delegadas na Comisión de Goberno, declárase deserto o concurso e procédese á contratación por procedemento negociado desa dixilitación do Arquivo Pacheco. Ese mesmo día se envían dúas ofertas a dúas empresas para que o día 27 de decembro, antes da unha, presenten as súas respectivas ofertas. O día 28 de decembro, xoves, prodúcese a apertura da documentación administrativa e propónse unha empresa para a adxudicación; pídesse informe ó servizo de Cultura que as dúas horas e vinte minutos di que non existe ningún tipo de informe técnico. Pídesse ese informe técnico que considera que a única oferta presentada por un importe de 5.000.000 ptas. cumpre co prego de condicións e na Mesa de Contratación do 28 de decembro de 2000, fóra da orde do día, á vista dese informe, propón a adopción do acordo de adxudicar a esta empresa a dixilitación do Arquivo Pacheco.

Posteriormente o 30 de decembro de 2000, adxudícase na Comisión de Goberno a dixilitación do Arquivo Pacheco.

Sen embargo, a pesar desta velocidade que en menos de cinco días, en pleno Nadal, adxudícase un procedemento negociado, o contrato non se asina ata o 23 de setembro de 2001.

Este contrato prórrogase por acordo da Comisión de Goberno do 12 de novembro de 2001 e posteriormente, noutra Comisión de Goberno do 20 de abril de 2002, un mes antes de rematar a prórroga do contrato, acórdase ampliar o prazo ata o 15 de decembro de 2002 que foi o momento no que debería rematar o contrato.

Por tanto non se poden realizar novas contratacións para levar adiante o traballo de dixilitación xa que está adxudicado e pendente de ver se se executaron os traballos por esta empresa. Consultouse mesmo ó Servizo de Contratación da posibilidade de adxudicar a contratación do Arquivo Pacheco

xa que existe unha empresa que ten adxudicada a contratación e que debера ter entregado os seus traballos desta dixitalización en decembro de 2002.

Outra cousa é o que se debe facer e o que ata a data realizouse. Existe un informe do servizo de Informática sobre a dixilitación feita ó abeiro deste contrato do ano 2000. Das 20.000 fotos dixitalizadas que examinaron tan só 7.521 están documentadas e integradas na base de datos. Mesmo se un consulta e examina o Arquivo ve que existen moitas fotos incorporadas na base de datos pero que non están documentadas, mesmo algunha vez tiven que documentar eu algunha porque a coñezo.

Durante o ano 2000 abóanse diversas facturas para a dixilitación de 42.000 imaxes máis, polo que se calcula que máis ou menos a dixilitación é de 60.000 imaxes.

O que esta concellería realizou nestes últimos meses, que non abandonou para nada o tema do Arquivo Pacheco, en primeiro lugar é examinar a situación do contrato que debería ter rematado en decembro do 2002 que está vixente e sen rematar. Requiríuselle á empresa adxudicataria a relación de todo o dixitalizado. Tamén se lle encargou ó servizo de Informática a revisión técnica de todas as dixilitacións presentadas ata esa data.

Nos últimos anos e en relación co Arquivo Pacheco realizáronse algunhas actuacións que son axeitadas como por exemplo adecentar un espazo na Casa das Artes para depósito deste Archivo, que por certo está ben protexido porque está conservado na cámara forte do antigo Banco de España que dende logo é ben difícil acceder a ela para o destruír ou mesmo robalo.

Dotouse dun equipo informático e iniciouse a dixilitación. No que non se avanzou foi na documentación das imaxes que están dixitalizadas pero non documentadas. Temos unha grande cantidade de imaxes que non sabemos a qué se refiren e que habería que documentar.

O que quere este Goberno municipal é actuar non en base a impulsos, senón de acordo a un programa de actuación técnica, documentada e escrita que serva de criterio para actuacións futuras. Por isto se quere coñecer as opinións de expertos que estean vinculados a arquivos fotográficos ou de imaxes xa organizados e de experiencias contrastadas.

Por exemplo en datas recentes, invitado pola concellería de Cultura, visitou o Arquivo Pacheco don Fernando de la Puente, xerente do Fondo Fotográfico da Universidade de Navarra que é titular dun dos arquivos fotográficos máis importante de España como é o Arquivo Ortiz Echagüe; deste arquivo non hai máis que dicir que nestes meses está preparando unha

exposición no museo Alberto e Victoria, que o MARCO nalgũa das exposicións fotográficas recolle fotos do Arquivo Ortiz Echagüe e que mesmo expón en Nova Iorque.

No encontro participou un equipo multidisciplinar de responsables de Cultura do Concello de Vigo, do Servizo de Patrimonio Histórico, de Castrelos, do Servizo de Informática, de Bibliotecas e persoas que prestaron asistencia técnica ó Arquivo Pacheco. O que se quere é coñecer a opinión destes expertos que xa son titulares de arquivos fotográficos, que están a traballar sobre eles e xa dixitalizaron non todos, pero si parte deles como xa veremos no traballo desas persoas.

Os procesos de tratamento dos arquivos fotográficos son complexos, moi alongados no tempo como xa puxo de manifesto o responsable do Arquivo Ortiz Echagüe, pero se pode dicir que se necesita sempre un documento que sexa o plan director escrito no que participen diversos especialistas. Neste intre imponse a análise do realizado para coñecer o rumbo a seguir, todo o que está feito, pero é necesario determinar o que fai falla en dúas cuestións fundamentais.

En primeiro lugar que se pode facer e cal vai ser o destino deste arquivo. Hai que ter en conta que o Arquivo Pacheco é moi distinto a outros arquivos, por exemplo o arquivo Ortiz Echagüe é moi diferente, xa que o Arquivo Pacheco é fundamentalmente un arquivo de valor documentalista. Pero tamén hai que se preguntar que é o que se vai documentar porque por exemplo existen moitísimas fotografías de familia no Arquivo Pacheco e hai que pensar se é prioritario gastar o tempo e cartos e mesmo preguntarse se é conveniente dixitalizar todas esas imaxes. No Arquivo Ortiz Echagüe por exemplo non se dixitalizou todo, fíxose por etapas e cunha previa selección.

En segundo lugar elaborar un programa de actuación técnica que recolla o xa feito e que determine os pasos a seguir, os seus fins e un plan de traballo.

Sobre o terceiro apartado sobre a creación dun padroado do Arquivo Pacheco cunha dirección determinada coido que debe propoñerse unha vez que se realice este estudo do programa de actuación técnica. Debemos evitar tomar decisións precipitadas que non sexan froito de programas de actuación documentadas e escritas. Ademais aquí o que se propón é a creación dun padroado e non sei se se refire á creación de padroado, órgano de goberno dunha fundación, ou se se trata dun novo ente público de carácter

institucional dos que se denominan servizos públicos ou que nos regulamentos de servizos de Corporacións locais coído que se denominan fundacións de servizo público.

Non sei se se quere crear agora unha nova fundación ou un novo ente público de base institucional. Por todo isto propoño que se retire o punto primeiro, xa que a contratación está adxudicada e pendente de ver se están rematados os traballos; tamén o punto terceiro porque debe ser froito dunha análise da proposta de actuación e non decidir o que se vai facer antes de o saber.

De ser así o Partido Popular votaría a favor desta proposta se só se mantén o punto segundo que coído que é o máis correcto e axeitado como é facer unha planificación con obxectivos claros sobre o que se vai facer con este arquivo.

SR. ARIAS MOREIRA: Valoramos moito a intencionalidade desta moción, parécenos que trae ó máximo órgano de goberno da cidade a preocupación por un valor importante do noso patrimonio cultural que non só ten un valor documental senón que artístico e recolle dalgún xeito un aspecto da memoria colectiva da cidade no último século e parécenos realmente meritoria. É unha moción que en todo caso valoramos.

Deixando á marxe algunha cuestión das que aparecen na parte expositiva, entrando directamente na parte propositiva, efectivamente pode caber algunha dúbida sobre o punto un. En todo caso nós estamos a favor de rematar o proceso de dixilitación e documentación.

A intervención do concelleiro de Cultura efectivamente alerta sobre algunha anomalía que poidera resultar de o facer neste intre e sen facer os estudos convenientes. Efectivamente dinos que a contratación podería ser anómala ou irregular e iste é un dato que tomamos moi en conta.

En todo caso si apoiamos a posta en valor en todo o que sexa necesario do Arquivo Pacheco e somos bastantes escépticos do que se recolle no terceiro punto sobre a creación do padroado, pero non por as razóns que deu o concelleiro senón porque todo o que sexa creación de novos organismos ten que ser moi meditado porque hai organismos que se crean e ó cabo de pouco tempo se revelan como organismos esmorecidos ou que non teñen actividade; creo lembrar que hai algún padroado de organismo cultural da máxima relevancia da cidade que hai tempo que non se xunta. Aproveito agora, como

xa lle dixen en privado ó concelleiro, para dicir publicamente que me parece da máxima urxencia que se reúna xa o padroado do Museo de Castrelos. Por todo isto aínda que recoñecendo que a moción polo menos é oportuna porque suscita no Pleno a preocupación por algo que ten que ser arranxado con urxencia, manifestamos que nós neste punto ímonos abster.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Antes de nada dicir que me resultou moi divertida a intervención do Sr. López-Chaves pola súa velocidade e porque ademais, como bo concelleiro de Normalización Lingüística, expresouse en perfecto castelán e eu tiven que facer a traducción simultánea e a verdade é que moitas cousas non llas pesquei, Sr. López-Chaves, pero ademais na súa fuxida lembroume a un calamar cando bota tinta porque realmente quero llebrarlle que ademais de que moitos dos datos que vostede aportou enriquecen e sobre todo me dan a razón na necesidade de facer esta moción; por outro lado tamén lle quero dicir que aquí se toman decisións políticas, os técnicos están para as levar adiante. A verdade é que a min os datos técnicos non me interesan; interésanme cando estou ó cargo dunha concellería para que fagan o seu traballo e fagan posible aquelas cuestións que se queren levar adiante.

Con relación ó primeiro punto lémbrolle que aquí se di que se realicen as contratacións que sexan necesarias. Se para algunha cuestión, como a dixilitación non é necesario, diríalle que se poñan a traballar pero vostede mesmo recoñeceu que había un traballo de documentación que non se estaba a facer e que era necesario realizar e penso que niso estamos de acordo.

En relación co de crear o padroado, o espírito da moción é que haxa unha dirección que se encargue de estudar qué hai que facer co Arquivo Pacheco, como divulgalo, como traballar con el, como mostralo ó mundo.

Nese sentido non retiro nada.

SR. SOTO FERREIRO: Antes de nada dicir que non podemos confundir o que pode ser unha tramitación, ben certo que tortuosa, porque a verdade é que as veces da noxo ver como funciona o Concello e vostede acaba de poñer en evidencia un dos nefastos funcionamentos que pode haber nun expediente administrativo de dar voltas e aínda sen solución práctica.

Alén diso aquí hai unha proposición que ten razón de ser. ¿Estamos conformes en como está o Arquivo Pacheco ou non? Pois se non estamos

conformes, cousa que parece que latexa na intervención de todos, teremos que facer algo para cambiar esta situación.

Ó mellor eu pediríalle á Sra. Martíns con toda a prudencia do mundo que cambiase o último punto, non para renunciar a nada, a min en todo caso gustaríame por exemplo que o transforme vostede por unha comisión de expertos ou o que queira que diga cal é a mellor forma de organización para levar a cabo iso sen deixar dito xa hoxe en día que ten que ser un padroado.

É a única suxerencia que me atrevo a lle facer porque en canto ó de lle dar vida a ese arquivo paréceme que ten toda a razón de ser.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Nese sentido non hai ningún problema.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Falo á présa porque cando os temas están preparados leolos á présa, é un defecto ou vantaxe que teño.

En canto ás contratacións insisto en que ¿cómo se vai facer unha contratación se xa está adjudicado o contrato? Tiña que estar totalmente dixitalizado o Arquivo Pacheco en novembro do 2002 porque era o obxecto do contrato. Dende esa data que era cando en principio tiña que rematar a dixitalización do Arquivo ata agora non sei o que acaeceu pero nós o que fixemos foi requirir á empresa adjudicataria da dixitalización. Mesmo nalgún momento sacaba as placas do arquivo e levábaas á empresa para as dixitalizar alí; máis adiante, coido que no ano 2001, ordeouselle de que non o fixera.

Por tanto o primeiro é saber o que fixo e requirirlle para que cumpra o que non fixo. Coido que tamén existen problemas coa empresa; requirímoslle un par de veces e non conseguimos localizala, non se mesmo a empresa non terá desaparecido.

O problema que temos é que temos xa un contrato adjudicado, vixente, non cumprido e que hai que examinar nos CDs que se entregaron que é o que se está a facer. En parte non está documentado porque non cumpriron o contrato e non documentaron o que tiñan que documentar. O contrato era para documentación e dixilitación do Arquivo Pacheco.

Por iso eu digo que antes hai que facer unha programación, hai que saber o que se quere, hai que contar cos equipos técnicos necesarios, hai que facer un equipo multidisciplinar porque hai que ter en conta sobre todo que se trata dun arquivo e teñen que intervir os arquiteiros, os documentalistas,



as persoas que xestionan arquivos, ben sexan fotográficos, ben documentais. O que non se pode facer e outra contratación porque a ver que facemos co contrato xa adxudicado, que xa transcorríu o seu prazo e que non se cumpríu.

Por outra banda eu nunca quero ser negativo por iso digo que o que se fixo serve, pero hai que refacer algunhas cousas que se fixeron; tamén hai que ter en conta o custo que supuxo todo o que se fixo ate o de agora, no Arquivo Pacheco foron perto de 55 millóns de pesetas o que se investíu entre exposicións, traballos técnicos, dixitalización, asistencia técnicas, contrato, novo contrato... Por iso o bo e xuntarse, contar con algún experto en arquivos porque non só está o arquivo Ortiz Echagüe, existen arquivos en Cataluña, na Casa Real, que nos sirva de guía, que se elabore unha proposta por unha comisión multidisciplinar e que diga os prazos de traballo, os custos, o que se pode facer, qué eliximos, ¿imos dixitalizar as 130.000 imaxes?

O que nos propón o Ortiz Echagüe en primeiro lugar é facer un inventario de todo o que se ten que aínda non se fixo do Arquivo Pacheco; en segundo lugar e unha vez feito o inventario, clasificar as fotografías segundo tipo e de acordo con esa clasificación ir dixitalizando o que interese segundo un programa que pode ser a tres, catro ou o que sexa; eles tardaron perto de 15 anos en dixitalizar menos de 20.000 imaxes.

Por iso eu sosteño que debe retirarse o punto primeiro. En canto ó terceiro repito que fagamos o estudo e que nos propoñan a ver se é un patronato ou calquera outro organismo.

Respecto a algunha dirección técnica é necesario que algún funcionario dentro do Concello sexa quen coordine o Arquivo Pacheco cousa que nestes últimos anos non existíu, non houbo ninguén dentro do Concello, agás dentro dos servizos xerais de Cultura, que coordinara e se encargara de toda a xestión relativa ó Arquivo. É necesario unha persoa en concreto que sexa responsable deste Arquivo no que estou totalmente de acordo pero ¿por qué crear un padroado? É certo que o padroado pode ser dunha fundación ou doutra institución pública, pero é crear outro organismo máis sen saber se imos necesitar ese organismo porque iso nolo dirán cando fagamos ese estudo e vexamos co paso do tempo se é conveniente ou non.

Por iso reitero que se retiren os puntos primeiro e terceiro e entón o Partido Popular estará de acordo e votará a favor.

Respecto ó Museo de Castrelos ía reunirse o Padroado pero o director está de baixa e non podemos convocalo.

SR. ARIAS MOREIRA: Só para dicir que eu neste punto coincido co dito do Sr. Soto. Se respecto deste asunto todos temos a mesma preocupación de fondo, eu pediría que por unanimidade se votara unha moción que podería ser facilmente consensuada entre o Goberno e o BNG, para presentar en termos máis xenéricos do que aquí consta, unha proposta a favor de traballar para racionalizar en poñer en valor o Arquivo Pacheco.

SRA. MARTINS VILANOVA: Só para puntualizar que a corrección no sentido en que apuntou o Sr. Soto no primeiro punto xa a aceptei antes. O primeiro punto non o retiro porque coido que está clarísimo o que di: as contratacións necesarias para levar a cabo ese traballo. Se ó mellor foi insuficiente a contratación ou as persoas contratadas non o saben facer e hai que contratar outras que se faga; se non é necesario que non se faga. Non retiro nada disto, só se corrixe o apartado terceiro e nada máis. Que vote a favor quen queira e quen non que vote en contra.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Aquí estamos tomando un acordo que é de Pleno e a dixilitación das placas do Arquivo Pacheco. ¿cales imos dixitalizar? ¿todas? É necesario facer un estudo previo que nos diga que o Arquivo Pacheco ten 200.000 imaxes, ó mellor non son 120 que son 60 ou ó mellor 300.000. Se nos di que a dixitalización é de 150.000; destas 150.000 grupos familiares (porque era un fotógrafo familiar) hai 100.000 placas. Mesmo nos podería presentar problemas legais coas familias se dixitalizamos estas fotos.

Só dixitalizamos 50.000 e destas existen por exemplo de arquitectura 20 ou 30 mil; vistas de Vigo hai 15 mil; de Galicia tal.

Eu coido que actuar un pouco con coherencia de dicir primeiro o que imos facer e logo cómo o imos facer, simplemente se trataría dunha tramitación administrativa, é dicir, qué imos facer co Arquivo Pacheco e qué imos seleccionar para dixitalizar. Unha vez que adoptemos o acordo que se dixitalice.

Ademais hai que ter en conta que o primeiro informe que se fai no ano 93 non fala para nada de dixitilización, falaba de facer o que se chaman retronegativos, ou algo así, facer fotos das fotografías e conservar un

arquivo da foto da foto. En cambio en seis ou sete anos decidiuse dixitalizar. Ó mellor de aquí a uns anos a dixitalización pasa e hai outro procedemento.

Primeiro fagamos o estudo e vexamos o que temos alí. Só é crear unha comisión multidisciplinar na que participen non só fotógrafos, senón arquiteiros, documentalistas, bibliotecarios, etc., e logo decidir o que imos facer, só teño ese obxectivo.

Estou de acordo en que haberá que o dixitalizar porque neste momento é o procedemento máis axeitado para o protexer.

SR. FIGUEROA VILA: Sra. Martíns ¿valeríalle levar esta moción á comisión de Cultura e que esas matizacións que está a facer o Sr. López Chaves se estuden alí? Nós votaríamos a favor con esa matización, levalo á comisión de Cultura e que alí se desenvolvan todas estas propostas que se veñen de facer.

Durante o curso do debate fanse as seguintes matizacións:

Polo Sr. Soto Ferreiro, do grupo municipal de DPG:

Cambiar o punto terceiro da moción no sentido de que sexa unha comisión de expertos quen diga cal é a mellor forma de organización e co obxectivo de coordinar os traballos e dinamizar e divulgar a colección.

Polo Sr. López-Chaves Castro, do grupo municipal Popular:

Crear unha comisión multidisciplinar na que participen fotógrafos, arquiteiros, documentalistas, bibliotecarios, etc. Para facer primeiro un estudo dos fondos que ten o Arquivo Pacheco.

Polo Sr. Figueroa Vila en funcións de Presidente do Pleno:

Que se leve a moción á comisión de Cultura para que alí se desenvolvan todas as anteriores matizacións.

(No momento da votación está ausente a Alcaldesa, Sra. Porro Martínez e máis a Sra. Fernández Davila. Preside o Pleno o Primeiro Tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Remitir esta moción á comisión de Cultura para que, respectando o seu contido substancial, se decida a planificación dos traballos a realizar debéndose informar ó Pleno da decisión que neste sentido se adopte.

24.- (175).-MOCIÓN DO BNG INSTANDO A ANULACIÓN DO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN HIDROELÉCTRICA DO RÍO OITAVÉN E REALIZAR UN ESTUDIO PARA ASEGURAR O NECESARIO CAUDAL DE 3.000 L/SG. A VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 8 de xuño de 2004, o concelleiro do Grupo municipal do BNG formula a seguinte moción:

"O Pleno desta Corporación do pasado 23 de febreiro do ano que andamos, debatíu unha moción presentada polo Grupo Municipal do BNG, aprobando por unanimidade a proposta de acordo que expresaba: "Solicitar unha nova concesión de subministro de auga de abastecemento ó Concello de Vigo dun mínimo de 3 m<sup>3</sup>/s".

Dito acordo trasladouse por esa Alcaldía ó organismo Augas de Galiza e recibe contestación asinada polo subdirector do dito organismo de data 29 de abril na que comunica o inicio da tramitación do expediente de ampliación da concesión existente de auga do río Oitaven con destino ó abastecemento outorgada ço noso Concello con data 31 de xullo de 1962, ata acadar os 3.000 l/s.

Cómpre, en primeiro lugar, expresar a nosa satisfacción polo inicio o expediente de ampliación ata os 3 m<sup>3</sup>/s, pois é absolutamente necesaria para asegurar o subministro de auga para a nosa cidade e outros Concellos da nosa Area.

Agora ben, a dita ampliación con ser un primeiro paso importante, é cuestionable en canto a que a actual infraestrutura de almacenamento, a presa de Eiras, poida chegar para regular tal caudal. En primeiro lugar pola súa propia capacidade e en segundo lugar porque as resolucións dos días 29 e 30 de maio do ano que andamos, sometendo a exposición pública a concesión de aproveitamento hidroelectrico no río Oitaven poderían interferir na garantía de abastecemento á cidade de Vigo e o seu entorno.

Parécenos absolutamente imprescindible, a realización dun estudo de viabilidade que exprese co máximo rigor as alternativas de construción de infraestructuras que permitan asegurar a capacidade de regulación necesaria para atender á demanda inmediata e futura de Vigo e da súa área, estudo que debe ser iniciado coa máxima premura.

Polo antedito, o Grupo Municipal do BNG, propon ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Manifestar a nosa satisfacción polo inicio do expediente de ampliación da concesión existente no uso da auga para o abastecemento da nosa cidade e da súa area ata os 3 m<sup>3</sup>/s, agradecendo ó Sr. Conselleiro de Medio Ambiente a celeridade e eficacia posta de manifesto, en resposta á demanda desta Corporación Municipal transmitida pola Alcaldía.

2.- Demandar outra volta o inicio de negociacións entre a Consellería de Medio Ambiente e a Corporación, representada pola súa Alcaldesa, que permitan anular definitivamente o concurso polo que a Administración Autonómica adxudicou a explotación hidroeléctrica do río Oitaven, en contra dos intereses do Concello e da cidade de Vigo.

3.- Instar a esa Alcaldía-Presidencia a negociar un convenio de colaboración entre esta Administración e Augas de Galiza para, coa colaboración precisa da empresa concesionaria da nosa cidade, iniciar un estudo de viabilidade das alternativas de infraestructuras precisas para asegurar o necesario caudal de 3.000 l/s."  
Concelleiro do Grupo Municipal do BNG

A Comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión do 21 de xuño de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Seguindo coa proposta aprobada neste mesmo Pleno no mes de febreiro vemos con ledicia que se cumpren acordos que alí tomamos como que a Vigo se lle asegure un caudal de 3000 l/s pero con moita preocupación de que, a pesar de que os servizos xurídicos do Concello están a facer unha tramitación para defender os intereses da nosa cidade para que non haxa ningún obstáculo que impida este subministro, en datas recentes volve aparecer unha petición de empresas produtoras de enerxía eléctrica augas arriba dos ríos Oitaven e Verdugo, que afectan directamente á nosa conca vertente, poden poñer en perigo ese subministro que acordamos en Pleno e que se está a tramitar con eficacia.

A preocupación do grupo do BNG é que todo é importante pero a auga é un ben vital e a nosa proposta concreta é, á parte de manifestar a satisfacción polo que teño dito, tamén demandar doutra volta o inicio das conversas entre a Consellería de Medio Ambiente e á Corporación representada pola súa Alcaldesa que permita anular definitivamente o concurso polo que a Administración Autonómica adxudicou a explotación electrolítica do río Oitavén en contra dos intereses da cidade de Vigo; instar á Alcaldía-Presidencia a negociar un convenio de colaboración entre a Administración e

Augas de Galicia para que, coa colaboración precisa da empresa concesionaria da nosa cidade, se inicie o estudo de viabilidade da alternativa da infraestrutura precisa. Aquí é onde está a importancia, é dicir, ou facemos un novo depósito ou temos que buscar unha alternativa que permita que co temos se subministre de auga cunha seguridade plena de que ningunha instalación hidroeléctrica o poida impedir.

A miña proposta vai nese sentido, o importante non é só que teñamos a concesión, senón que aseguremos a posibilidade en todo tempo, aínda que haxa veráns complicados, de poder subministrar a esta cidade e á súa área metropolitana, como aquí xa se debatíu porque desta auga depende realmente toda a área metropolitana.

SR. BARROS PUENTE: Imos apoiar esta moción polo que fundamentalmente xa dixemos na argumentación anterior; todos estes trámites son longos, pesados e sobre todo non se pode baixar a garda en ningún momento porque eu persoalmente estou convencido de que a prioridade dos usos do abastecemento de auga debe primar sobre calquera consideración de aproveitamentos hidroeléctricos.

Neste sentido as cuestións xurídicas que se manteñan aínda vivas e que polo tanto non poida existir un acto de vontade política para as anular, se engadan a eses feitos que discorren polo seu canle xurídico, todas as cuestións políticas para que dunha vez quede pechado o tema do aproveitamento con exclusividade do caudal do Oitavén para as necesidades de abastecemento de auga desta área metropolitana.

Neste sentido imos votar afirmativamente a proposta do Sr. Fernández.

SR. IGLESIAS CARRERA: Existe un estudo coidado que de febreiro do ano pasado no que xa se indica que no ano 2030, o caudal da presa de Eiras que abastece a 450.000 persoas, será insuficiente para o que se estima demograficamente que será ó redor de 650.000 habitantes.

Cónstame que a Alcaldía iniciou xa conversas para iniciar unha segunda presa ou trasvase do Verdugo para aumentar o caudal e chegar ós 3.000 litros por segundo. O estudo tamén conta co Plan Xeral que estima que Vigo vai medrar dun xeito altamente preocupante. Inda por riba deses 3.000 litros, 500 litros/segundo van para a zona de Mos-Porriño, ou sexa que son 2.500 litros/segundo.

Aquí xa houbo un alcalde que parece que está un pouco esquecido que foi o Sr. García Picher que fixo dúas cousas: poñer o xerme da presa de Eiras e da Universidade, que tanto engrandece a Vigo. Coido que non é posible manter o aproveitamento hidroeléctrico cando estamos a falar de algo tan importante para unha área metropolitana futura que vai ser demograficamente máis alta do que xa ten agora.

SR. SOTO FERREIRO: Esta é unha moción das que ás veces parece que pasan sen sentir e é capital para o desenvolvemento de Vigo e da súa área metropolitana. Permítome felicitar publicamente ó Sr. Fernández pola súa presentación.

Os que coidamos que Vigo ten que medrar e que vai medrar coa súa área metropolitana dun xeito importante, sabemos a poucos estudos que se fagan que é imposible se non se toman medidas como a que propón na súa moción o Sr. Fernández. Por iso só quería intervir para aplaudir publicamente a súa oportunidade.

(No momento da votación está ausente a Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, e máis as Sras. Fernández Davila e Molares Pérez e os Sres. López-Chaves Castro e Pérez Castrillo).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción do concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, instando a anulación do concurso de explotación hidroeléctrica do río Oitavén e realizar un estudio para asegurar o necesario caudal de 3.000 l/sg. a Vigo.

25.- (176).-MOCIÓN DO BNG INSTANDO A REALIZACIÓN DUN CONVENIO CON AUGAS DE GALICIA PARA INICIAR A REDACCIÓN URXENTE DUN PLAN DIRECTOR DE SANEAMENTO DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 8 de xuño de 2004, o concelleiro do Grupo municipal do BNG formula a seguinte moción:

"Dende a aprobación do Plan Especial de Saneamento Integral de Vigo, foi labourea das sucesivas Corporacións completar o sistema de saneamento da nosa cidade.

Sen dúbida, nunhas ocasións recorrendo ó propio Plan de investimentos da concesionaria, á colaboración da Administración Autonómica ou ben a fondos europeos, pouco a pouco a cidade foi avantando cara un modelo de urbe moderna incorporando as medidas de tratamento daquel Plan.

Agora ben, o propio desenvolvemento foi mostrando as deficiencias do Plan, e o resultado da súa execución mostrou en ocasións, resultados non satisfactorios. Este foi por exemplo o caso da depuradora do Lagares, que foi recibida polo Concello de Vigo no ano 1998, en contra da opinión do noso Grupo e avisada a Corporación dos seus defectos pola concesionaria do servizo, que, en todo caso, ten mostrado a súa insuficiencia. Precisamente nos debates de elaboración do novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, tense proposto a construción dunha nova depuradora coa conformidade de todos os voceiros, medida absolutamente precisa non só polas deficiencias da actual, que deberían ser corrixiadas por Augas de Galiza, senon tamén pensando no inmediato futuro de Vigo: os novos crecementos da cidade, demográficos e económicos, precisan do acompañamento das infraestruturas básicas arredor do abastecemento e saneamento da auga.

O Concello de Vigo conta xa cun Avance de Plan Director, elaborado durante o pasado mandato pola concesionaria, que expresa as necesidades da Área Metropolitana e as liñas xenéricas para a consecución dos recursos hídricos que precisamos. Por parte do noso Grupo Municipal, tales necesidades teñen sido obxecto ó longo deste mandato de sucesivas iniciativas que teñen contado co apoio de toda a Corporación.

Pois ben, coidamos que logo do traballo destes últimos anos, desenvolvendo aquel xa lonxano PESIV, Vigo precisa a redacción dun novo instrumento en forma de Plan Director de Saneamento, que contemple as correccións necesarias nas infraestruturas xa existentes, con independencia das que leve a cabo na depuradora do Lagares a Xunta de Galiza nos próximos meses, modificacións precisas nas redes e novas liñas de depuración atendendo ó Vigo presente e de futuro.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación insta á Alcaldía-Presidencia por medio de convenio específico con Augas de Galiza, e coa colaboración da actual Concesionaria do Servizo de Abastecemento e Saneamento, iniciar a redacción urxente dun Plan Director de Saneamento de Vigo que teña en conta as modificacións necesarias da actual rede de saneamento e depuración da nosa cidade e a súa complementación e deseño para o futuro."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do día 21 de xuño de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.



DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Agradezo os apoios que teñen estas mocións porque fan unhas valoracións positivas destas propostas e coido que ista tamén pode merecer ese mesmo apoio.

Iniciado un avance do plan especial de saneamento integral de Vigo foi un labor que deu pé a poder traballar realmente nun saneamento do que esta cidade se foi dotando ó longo do tempo. Foi un plan laborioso e complicado pero coido que nestes intres lle queda pouco de vixencia real, é dicir, sempre é real a vixencia de calquera plan de saneamento se se quere retomar en todo o seu sentido.

Coido que neste momento podemos empezar a pensar que o avance do plan director que no goberno anterior fixemos ten que avanzar, non podemos estar esperando a que as cousas se poñan mal para tomar decisións. Se hai un plan haberá proxectos, se hai proxectos haberá financiamento porque é a obriga de todo goberno sensato e responsable.

O Concello de Vigo que se dotou como dixen dese avance, neste momento está a pasar demasiado tempo sen que se tome unha decisión; antes falamos de aliviadoiros pero hai máis problemas. Hai algunha zona da cidade, como pode ser Espiñeiro, que segue a verter no mar e nunca se fala dela; houbo intentos de lle buscar unha solución. Algunhas das responsabilidades son directamente de Augas de Galiza e non do Concello, son vertentes que van ó mar e Augas de Galiza tiña que ter asumido esa responsabilidade e non o fixo.

Sei que é complicado facer obras públicas, tiven que as acometer cando tiven responsabilidades políticas pero o que non vai recibir ningún goberno a partir de agora é que en Vigo non se poidan facer obras; pódense facer obras e estase a demostrar coas obras que están en marcha.

A proposta que facemos é que, á parte de facer un plan director de saneamento, sexa tamén de tratamento, de depuración e a proposta é instar á Alcaldía-Presidencia por medio do convenio específico con Augas de Galicia e coa colaboración da actual concesionaria, que coido que é importante dicir que a actual concesionaria ten a obriga de saber os problemas que temos e nós temos a obriga de controlar que o sabe, iniciar a redacción urxente dun plan director de saneamento que teña en conta as modificacións necesarias da actual rede de saneamento e depuración da nosa cidade e a súa complementación e deseño para o futuro.

Coido que a redacción para os avances pasou e o que toca agora é facer o plan director e que este Pleno se pronuncie.

SR. BARROS PUENTE: Só para dicir que imos apoiar a aprobación desta moción e que esperamos que esta Corporación culmine eses compromisos que, polo feito de seren asumidos unanimente por todos, deixen unha planificación que poida ser executada parcialmente polas Corporacións que nos segan. O abastecemento e saneamento de augas pensamos que é unha urxencia que non necesita ser lembrada por parte de ningún e polo tanto imos apoiar a moción.

SR. ALONSO VAZQUEZ: Estamos totalmente de acordo coa exposición do Sr. Fernández e eu, que no seu día fun "enimigo" político del coas denuncias, agora teño que recoñecer publicamente o difícil que é estar neste posto porque que queiras facer algo e teñas que depender de que uns aproben os orzamentos e outros non, é complicado.

Insisto que igual que na moción anterior, hai cousas que son moi importantes e hai que as facer canto antes, que isto non quede en chuvia de maio. Se todos estamos de acordo como penso que estamos, hai que lle dar a estes temas para diante porque son moi importantes e urxentes. A auga e o saneamento é o máis importante.

SR. IGLESIAS CARRERA: Xa falamos disto antes e penso que nesta cidade co seu ritmo de crecemento, a electricidade, a auga, o plan especial de saneamento non poden esperar máis, xa coñece vostede o avance que fixo o consulting CISA. Non vou nin defender nin atacar á concesionaria pero terá que intervir do mesmo que xeito que Augas de Galiza.

Son tres pilares claros; logo se pode falar de arquivos e de museos pero se non temos auga, se non temos saneamento, non temos a segunda depuradora, non temos outra ETAP na zona da Mariña, é imposible que esta cidade sega a medrar como ata o de agora.

(No momento da votación está ausente a Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, e máis a Sra. Fernández Davila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,  
ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, para a realización dun convenio específico con Augas de Galiza para iniciar a redacción urxente dun Plan Director de Saneamento de Vigo co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

26.- (177).-MOCIÓN DO BNG SOBRE MEDIDAS A TOMAR NO BARRIO DO CALVARIO PARA EVITAR O SEU DETERIORO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xuño de 2004, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

"Na pasada lexislatura realizouse o proxecto de humanización do Calvario, proxecto que trouxo como consecuencia a recuperación dunha importante zona da nosa cidade e o establecemento dun lugar de encontro no que a diario pasean milleiros de persoas e que se constituíu xa como verdadeiro centro urbán no Calvario.

Un simple paseo pola zona peonil permite distinguir que nos últimos meses o estado de limpeza do material urbano e a atención por parte dos servizos municipais a estes lugares é lamentábel. Pódense ollar espazos onde se acumula a suciedade, os restos de lixo, pódense contemplar herbas sen cortar ou mesmo os propios contedores do lixo abarrotados durante a maior parte do día.

Parécenos de todo punto preocupante que existindo un concelleiro de distrito, que ademais ten a súa sede no propio Calvario, se deixe deteriorar deste xeito un lugar que é xa emblemático para a cidadanía desa tan populosa zona.

Diante de todo isto propoñemos ó Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

"Instar ó Goberno Municipal a tomar as seguintes medidas:

1.- Que de xeito inmediato se elabore un plan de limpeza e adecentamento da zona peonil do Calvario e o seu entorno, coordinando a todos os servizos municipais para que o aspecto dese lugar sexa o que merecen os veciños e veciñas, máis agora que se achega a época veraniega.

2.- Que se estableza un servizo especial de recollida do lixo, mediante pequenos camións ás 14.00 horas para recoller o lixo que se acumula no entorno do mercado e na propia zona peonil, para evitar deste xeito que esta suciedade permaneza durante todo o día.

3.- Que se axilicen de xeito urxente os trámites para a construción do tan ansiado aparcadoiro público, que axudaría a dotar de maiores servizos ós comerciantes da zona.

4.- Que na rúa Portela se estableza unha zona de carga e descarga demandada polos comercios desa rúa

5.- Que unha vez posto ó día o adecentamento da zona se cree un pequeno equipo permanente de limpeza que diariamente se ocupe desas tarefas."

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, na súa sesión do día 21 de xuño de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Os que temos a sorte de vivir moi perto do Calvario e a sorte de poder pasear por esa zona peonil que xa foi unha realidade no anterior goberno, comprobamos que de día en día se está en converter nun verdadeiro emblema en canto ó que significa espazo para que os cidadáns poidan pasear e atoparse, un espazo moi utilizado por todos e por tanto que lle deu unha nova configuración ó barrio do Calvario que necesitaba e que hoxe é unanimemente valorada polos veciños e veciñas e polos propios comerciantes.

Os que temos esa sorte de poder pasear por ese entorno estamos a darnos de conta de que é unha zona que se deteriora máis cada día en canto á súa limpeza, ó seu adecentamento, en definitiva en canto ó mantemento dos servizos necesarios para que ese espazo de encontro sega a ser un espazo acaído por todos e todas.

Non o digo eu só, estes días tiveron a oportunidade de falar con veciños e veciñas da zona, con comerciantes e todos coinciden en que realmente deixa moito que desexar o mantemento que se lle está a dar a ese espazo, cousa que ademais nos parece máis preocupante se precisamente temos un concelleiro de distrito que ten a súa sede no propio Calvario e parécenos que a creación destes concelleiros ou concelleiras de distrito estaba un pouco encamiñada, ou alomenos así se dicía e a nós parecíanos ben, a que se estivera máis perto dos cidadáns e que polo tanto se puideran solucionar antes os problemas.

Con este ánimo, non de crítica senón de tentar de solucionar este deterioro que é evidente, este grupo presenta esta moción:

Que de xeito inmediato se elabore un plan de limpeza e adecentamento da zona peonil do Calvario e o seu entorno, coordinando todos os servizos

municipais. En segundo lugar unha idea que comparten tamén todos os comerciantes: que se estableza un servizo especial de recollida do lixo mediante pequenos camións ás 14 horas. Dicimos esta hora porque está comprobado que hai moi pouquiña xente que pasea a esa hora nese tramo e sería moi importante que isto se fixera porque non hai que esquecer que aí temos un mercado municipal e vemos os colectores practicamente cheos e permanecen así ó longo de todo o día, por iso nos parecía importante esa medida.

En terceiro lugar que se axilicen de xeito urxente os trámites para a construción do tan ansiado aparcadoiro público. Este aparcadoiro é un compromiso da propia humanización do Calvario e serviría para dotar de maiores servizos e complementar este lugar de encontro.

Un tema moi particular dunha rúa concreta que tamén demandan os comerciantes: que na rúa Portela se estableza unha zona de carga e descarga porque os comercios neste momento non poden ter acceso a isto.

Por último que, unha vez posto ó día o adecentamento desta zona, se cré un pequeno equipo permanente de limpeza que diariamente se ocupe desas tarefas.

Son ideas que nos parecen importantes para que un espazo tan importante como iste non se deteriore e sega a servir para o que se creou como lugar de encontro e esparcemento dos veciños e veciñas.

SR. SOTO FERREIRO: Como non pode ser doutro xeito estamos a favor do conxunto da moción que presenta o Sr. Domínguez Olveira. Só dicir de pasada que Vigo non está limpo, hai que traballar porque se pode e se debe telo moito máis limpo do que está porque xa o estivo noutras épocas e ou cambiaron algúns criterios ou non sei que pasa porque se agora hai vasoiras de ouro, noutras épocas debeu habelas de platino e brillantes. Temos moito que mellorar no tema da limpeza por tanto non fagamos triunfalismo do que non debemos porque ademais os cidadáns teñen memoria.

Respecto á moción só se me presenta unha dúbida que é o punto quinto. Se vostede di que dentro da organización xeral haxa tarefas encomendadas a xente para que faga ese traballo, paréceme moi ben; preocuparíame por descoñecemento e non por outra cousa que se pretendera sectorializar o lixo, é dicir nomear a tres persoas só para esta rúa e non para outra.

Se vostede me di que a interpretación é outra estou absolutamente a favor.

SR. BARROS PUENTE: Realmente en todas as zonas da cidade que están humanizadas e por tanto destaca dun xeito terrible calquera colector de gran volume verde, todos eses esforzos que parece que ían encamiñados a soterrar determinados tipos de colectores para que non ofrecesen ese mal aspecto, espazos que están agora ennoblecidos e que polo tanto o uso que se fai deles é un uso intensivo dende o punto de vista persoal e humán, tropezan con ese feito que non é fácil de resolver pero que indiscutiblemente hai que atacar.

Nós pensamos que tanto a zona do mercado do Progreso, como Príncipe, como no Calvario, en todas as zonas peonís, necesariamente a empresa de limpeza ten que buscar unha solución para que eses lixos non permanezan na rúa durante todo o día ata a recollida seguinte.

Estas chamadas de atención son inevitables e ademais a cidadanía debe ter a sensación clara de que forma parte das preocupacións da Corporación en atender debidamente estas necesidades.

SR. COUTO PÉREZ: Agradézolle ó Sr. Olveira a súa preocupación polo entorno do Calvario e rúas adxacentes, preocupación que compartimos. Vou tratar de lle explicar como se está a levar o tema do Calvario con respecto á limpeza e ó que vostede me expón na súa moción.

En canto ó primeiro e segundo puntos, na exposición de motivos da súa moción di que un sinxelo paseo pola zona peonil permite distinguir nos últimos meses o estado de limpeza e material urbano en atención por parte dos servizos municipais a este lugar é lamentable, pódese ollar espazos onde se acumula suciedade e restos de lixo, herbas sen cortar e os propios contedores de lixo abarrotados durante a maior parte do día. Depois ven a alusión que a min me toca.

Dende que tomou posesión este concelleiro coa nova figura de concelleiro de distrito voulle dicir a grandes rasgos o que fixen na zona do Calvario.

O primeiro que fixen foi reunirme co representante da empresa de humanización e peonalización do Calvario, percorrímos o sitio e insteille a que corrixa todos aqueles defectos que tiña como podían ser lousetas partidas e levantadas, algunha reclamación dalgún veciño ou veciña, tamén había rexas e arquetas afundidas.

Vintetantos días máis tarde voltamos facer o percorrido e vimos que se ían subsanando pero houbo que subsanar máis cousas.

Nese mesmo intre púxeme en contacto con responsables da limpeza e insteilles a que, dado que estabamos co plan de ornamentación da cidade con flores na Gran Vía, etc., se se podía ornamentar o Calvario e limpalo de herbas, como vostede ben di; así se fixo, ó meu entender con poucas flores pero se limparon as herbas. Tamen me dixeron que a obra non estaba recibida e que o facían aínda que non tiñan por qué.

Hai aproximadamente 45 días voltei percorrer a zona co responsable de Parques e Xardíns e díxenlle que a herba estaba moi alta, especialmente nas rexas onde están plantadas as árbores porque nas xardiñeiras centrais teñen bastante bóa solución como é botarlle cortezas de árbores ou pedra miúda e iso evita que a herba saia para enriba. Como eu non son coñecedor disto pregunteille se se podía facer o mesmo nas rexas e díxome que non porque como se baldea a zona o problema ía ser dobre.

A pesar de que me ía dicir outra vez que non estaba recibida, insteille a que, dada a época estival na que a herba medra moito máis, se fixera limpeza con máis asiduidade e así se está a facer. Pouco antes de que vostede presentara a moción se pasou por alí miraría que iso xa se fixera e se vai facer con máis asuidade.

En canto á limpeza temos tres puntos negros no Calvario, un deles mencionoullo vostede que é o mercado e máis adiante falareille del. Outro punto é a confluencia da rúa Aragón con Urzáiz por un negocio que alí hai e o outro punto negro é a confluencia da rúa do Cristo tamén con Urzáiz; alí hai unha serie de contedores e polo tipo deses negocios, desgraciadamente segundo un informe que me pasa o servizo de limpeza, alí se bota lixo todo o día. É máis, mesmo chegan poñer bolsas a carón dos contedores.

Como ben dixo o Sr. Barros, ¿por qué non se meteron soterrados os contedores no seu día? sería unha cousa idónea e mesmo daría un gran pulo á zona peonil do Calvario, non sei porqué non se fixo.

Sr. Domínguez Olveira, volveu pasar o parte que me mandou o servizo de Limpeza que coincide practicamente coas súas reivindicacións agás que se varía nunha hora a limpeza, concretamente da zona do Mercado. Di:

“Quenda de noite: Recollida do lixo, limpeza diaria, varrido e baldeado en toda a zona. Quenda de mañá: varrido e repaso con máquina varredoira a partir das 11,30 horas aproximadamente. Quenda de tarde: recollida de lixo do mercado do Calvario sobre as 16 horas, varrido de repaso con varrendeiro a partir das 14,30 por toda a zona. Sobre as 16,30 horas, cando queda

rematada a recollida de lixo do mercado, baldeado fronte á rúa Cataluña onde están instalados os contedores deste mercado”.

Vostede propuña sobre as 14 horas e hai moi pouquiña diferenza, por tanto o que se está a facer é practicamente o que vostede demanda.

“Esporadicamente e durante a quenda de mañá, pásase a máquina limpadora e decapadora polo fronte do mercado e os arredores onde están situados os contedores de lixo da rúas que acceden á zona peonil”.

Tamén temos un informe do Servizo de recollida de Limpeza e, desgraciadamente, sabemos o que pasa coas persoas que non cumpren as ordenanzas e eu, que son residente da zona como vostede sabe, paseo todos os días por alí e moitas veces sinto vergoña de que a xente tire todo tipo de lixo mesmo nas xardiñeiras cando ten papeleiras e o mesmo pasa cos excrementos dos cans. Evidentemente tamén temos identificado algún comercio que fóra das horas establecidas que contemplan as ordenanzas botan lixo ós contedores e con respecto a isto xa estamos tomando medidas.

Espero que a miña resposta a estes dous puntos lle sexa satisfactoria senón quedo a súa disposición para clarexar todo o que desexe.

En canto ó punto terceiro estou totalmente de acordo. O Calvario ó ser moi antigo todo o seu sistema de construción non ten aparcadoiros e iso é moi necesario para completar como ben dixo vostede esa obra de humanización. Lembro que existe unha rúa onde se quería facer un aparcadoiro que está infrautilizado e iso hai que o dicir. Eu non vou falar aquí dos aparcadoiros que estaban proxectados porque todos sabemos o que pasou pero si lle vou dicir que dende este Goberno estase a traballar para que ese aparcadoiro saia adiante no tempo máis curto posible. É máis, a propia Alcaldesa na primeira xuntanza que tivo co novo Delegado da Zona Franca espúxollo de xeito urxente para que se poida levar adiante e quedou do estudar.

En canto ó punto cuarto tamén estou de acordo. Tan pronto rematou a obra da beirarrúa da marxe dereita no sentido da marcha da rúa Portela, percorrín esa rúa acompañado da presidenta dos comerciantes do Calvario e entrevisteime con varios comerciantes; demandáronme se había posibilidade de instalar unha zona de carga e descarga na marxe esquerda da marcha porque se eliminaran os aparcadoiros na marxe dereita. Ó día seguinte púxeme en contacto cos técnicos correspondentes, alá polo día 14 do mes que andamos, e insteilles a que fagan o oportuno estudo e me dean o preceptivo informe. Dinme que si se vai instalar no momento en que se poida facer,



entre os números 7 e 9 da rúa Portela. Pero tamén me din que é unha zona que nun perímetro de cen metros aproximadamente ten tres zonas de carga e descarga: unha case que no remate da rúa Sagunto con Urzáiz, outra na rúa Aragón con Urzáiz e outra na rúa Jesús Fernández. Non o calculei pero podemos estar a falar de 90 metros liñais de carga e descarga e por tanto, para os poucos comercios que hai alí, coido que sería suficiente. Non obstante repito que dende os servizos pertinentes do Concello vaise instalar entre o número 7 e 9 a zona de carga e descarga.

Por tanto, Sr. Domínguez, estando de acordo e compartindo a súa inquedanza con respecto á zona, tanto nos puntos 1, 2, 3 e 4 espero terlle dado as explicacións pertinentes e coido que dalgún xeito xa se está facer o que vostede demanda. Agradézolle por suposto a súa moción e quedo a súa disposición para o que crea menester.

SR. DOMINGUEZ OLVEIRA: Só agradecer as súas explicacións, por suposto, pero a min non me ten que convencer, ten que o facer á cidadanía. A min me parece moi ben que vostede teña os informes técnicos do que se fai, as horas que se fai, a recollida, etc., pero o informe máis válido é o que un contempla e experimenta paseando por alí.

Por tanto deberá haber un problema de efectividade de todos eses traballos que vostede relatou porque, dígoo con toda sinceridade en sen ánimo de ningún tipo, non se notan. Onte domingo aínda tiven a oportunidade de pasear polo Calvario e comprobar as demandas que aquí se dan. Si é certo que o tema da herba cando eu presentei a moción non pero agora si está máis ou menos solucionado, pero tamén é certo que o deterioro a nivel xeral se mantén e eu invito a calquera membro da Corporación a que pasee polo Calvario e que se dei de conta do que estou a dicir.

En todo caso agradezo as súas explicacións e esta moción tráese precisamente para que se aprobe e o equipo de Goberno tome realmente en serio que non podemos deixar deteriorar unha zona tan importante como esa.

SR. COUTO PÉREZ: Evidentemente eu non estou conforme coa recollida e non só na zona do Calvario, tócame porque resido alí pero é moi difícil que nesta cidade todos teñamos a conciencia cívica do que temos que facer e cumprir as obrigas tal e como nos mandan as ordenanzas.

De calquera xeito repito que a zona do Calvario, igual que outras zonas peonís, deberían contar cun servizo especial. Tamén dicir que tan pronto

entre en vigor a Lei de Grandes cidades haberá un servizo de policía que iso si que vai disuadir bastante a aquelas persoas que infrinxen as ordenanzas e polo tanto supoño que moi pronto haberá unha mellora non só no Calvario, senón en todo o municipio de Vigo.

SR. ALONSO VAZQUEZ: Estou de acordo pero no punto dous, no referente a que se faga un servizo especial de limpeza, non poden estar de acordo porque o sistema da empresa de Limpeza e sacar efectivos dunha zona cando llo di o concelleiro e méteos noutra. Para min quen vive no Calvario é tan importante como os que vivimos en Bouzas, en Coruxo ou en Candean. Se todos pedimos servizos especiais para a nosa zona, o que me parece moi lóxico, voltamos ó mesmo.

Aquí se está a falar de se Arquivos Pachecos ou de tal e para mín o máis importante para unha cidade é a limpeza e a hixiene e a verdade que para min o tema da vasoira de ouro non sei por qué a deron porque só hai que percorrer as rúas como fago eu moitas noites e vexo as carencias da limpeza.

Eu non sei se lle esixe á concesionaria que faga o que ten que facer porque se o concelleiro de turno ordena que se limpe o Calvario, a concesionaria envía catro efectivos que se están de noite mándaos ó Calvario de mañá. Entón o Sr. Domínguez dirá que isto funciona e os veciños do Calvario encantados, pero os de Bouzas, os de Candean, Coruxo ou as Travesas coas rúas a medio limpar.

Os distritos que se fan de noite neste caso igual se fan a metade deles e a limpeza brilla pola súa ausencia. Onde se varría terra agora se collen as colillas e os papeis.

O tema da limpeza penso que é moito máis serio para o tratar e todos os veciños e toda a cidade de Vigo ten dereito a que se lle limpen as rúas pero se empezamos a pedir cada un polo seu barrio, ó mellor estamos deteriorando a outros barrios.

Estou totalmente de acordo co Sr. Domínguez pero coido que teño que dicir isto porque senón non sería eu mesmo.

SR. DOMINGUEZ OLVEIRA: Eu non sei que entendeu vostede da moción pero eu non veño aquí para pedir melloras para ningún barrio en concreto; veño a pedir para zonas importantes da nosa cidade e agora estamos a falar do

Calvario e eu voulle apoiar calquera moción que vostede traia aquí para revitalizar a limpeza na nosa cidade sexa na zona que sexa.

En todo caso que haxa un servizo especial de limpeza non implica nin eu estou dicindo que se quite de calquera outro sitio. E máis, polo que nos explicou o concelleiro xa existe ese servizo e en todo caso que se aumente ou se revitalice.

A limpeza da cidade preocúpanos a todos pero neste caso estamos a falar dunha zona importante como o Calvario; mañá poderemos falar doutra se vostede quere.

SR. FIGUEROA VILA: O equipo de Goberno vaille votar a favor entendendo que isto é unha recomendación para que se mellore este servizo. Hai temas puntuais de que en vez das 14 horas son as 16 porque os técnicos consideran que é o máis conveniente. Se acepta esa matización votamos a favor da moción. Dámolo por entendido.

(No momento da votación está ausente a Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, e máis a Sra. Fernández Davila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, sobre medidas a tomar no barrio do Calvario para evitar o seu deterioro co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

27.- (178).-MOCIÓN DO BNG SOBRE APOIO Á CANDIDATURA PARA A DECLARACIÓN DO PATRIMONIO ORAL GALEGO-PORTUGUÉS COMO OBRA MESTRA DO PATRIMONIO ORAL DA HUMANIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entarda no Rexistro Xeral do 18 de xuño de 2004, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, formula a seguinte moción:

"1.- A Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas ondas!, integrada por profesorado de máis de 40 escolas de Galicia e Portugal ten entre os seus obxectivos a recuperación do patrimonio cultural común galego-portugués.

Froito do traballo realizado sobre este tema, xurdíu a proposta de candidatar o Patrimonio Inmaterial galego-portugués diante da UNESCO para que sexa declarado Obra Mestra do Patrimonio da Humanidade.

A UNESCO contempla -ademais da posibilidade de presentar cada dous anos unha candidatura por parte dun Estado- a opción de presentar candidaturas multinacionais naqueles casos en que exista un patrimonio vivo e diverso que se estenda máis alá das fronteiras políticas dun Estado.

A UNESCO establece un procedemento para a presentación destas candidaturas no que a iniciativa debe partir da sociedade civil, ser posteriormente apoiada por institucións e entidades e finalmente presentada polos gobernos. O prazo para a presentación de candidaturas na presente convocatoria remata o 30 de setembro de 2004, prevéndose a resolución do proceso en 2005.

2.- Tendo en conta a proposta formulada pola Asociación Cultural e Pedagóxica *Ponte... nas ondas!* para que os gobernos español e portugués presenten diante da UNESCO a candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués para o seu recoñecemento como Obra Mestra do Patrimonio da Humanidade.

3.- Considerando que a cultura oral común galego-portuguesa conforma un amplo abano de manifestacións literarias, musicais e etnográficas (cantigas, lendas, romances, cantos, regueifas, celebracións do ciclo agrario e da natureza), enraizadas na tradición e que perviven aínda en amplas zonas do territorio comprendido entre o Douro e o Cantábrico como expresións dunha continuidade histórico-cultural de moita antigüidade.

Por mor dos cambios económicos e sociais acontecidos nas últimas décadas (desaparición de modos de vida e actividades económicas tradicionais, proceso de urbanización, influencia dos medios de comunicación) esta comunidade cultural milenaria está perdendo vitalidade e moitas das manifestacións que a constitúen están en risco de desaparición.

Para mudar esta tendencia faise necesaria unha actuación coordinada por parte das administracións, as institucións académicas e educativas e a sociedade civil, encamiñada a protexer, coñecer, recuperar e darlle difusión a esta parte fundamental da identidade cultural dos pobos.

4.- Tendo en conta que a candidatura presentada pola asociación cultural e educativa *Ponte...nas ondas!* pode constituír un importante punto de partida para conseguir unha maior atención a este rico patrimonio e un maior compromiso por parte da sociedade e das institucións para a súa conservación e promoción. E que ademais redundaría nun meirande coñecemento mutuo entre os dous pobos e contribuiría a consolidar e impulsar as crecentes relacións institucionais, sociais e culturais entre Galiza e o Norte de Portugal.

5.- Hai que ter en conta, ademais, o feito de que este ano se adica a conmemoración das Letras Galegas ó profesor e investigador Xaquín Lorenzo, estudoso e divulgador da cultura tradicional, polo que o apoio á candidatura constitúe tamén unha mostra de recoñecemento e homenaxe á súa figura e supón unha liña de continuidade co camiño que abriron el e outros historiadores e investigadores.

6.- Considerando a relevancia que ten o feito de que se trate dunha iniciativa nacida no seo da sociedade, por medio dunha asociación integrada por centros educativos de Galiza e do Norte de Portugal e por escolas asociadas á rede da UNESCO e que conta co apoio de diversas institucións académicas e entidades educativas e culturais dos dous territorios.

7.- Tendo en conta a transcendencia que a declaración como Obra Mestra do Patrimonio da Humanidade tería para o coñecemento e promoción do patrimonio oral común galego-portugués.

Por todo o anteriormente exposto, por parte da concelleira que subscribe preséntase a seguinte proposta de acordo:

1.- O Concello de Vigo expresa o seu apoio á candidatura presentada pola Asociación *Ponte...nas ondas!* para a declaración do patrimonio oral galego-portugués como obra mestra do patrimonio oral da humanidade.

2.- Dirixirse ó goberno autonómico galego e ós gobernos español e portugués para que apoiem esta candidatura.

3.- Solicitar do goberno galego e das administracións estatais española e portuguesa o apoio ás iniciativas encamiñadas a favorecer o intercambio e a cooperación social e cultural entre Galiza e Portugal e, nomeadamente, aquelas propostas que teñen como obxectivo o coñecemento, impulso e divulgación da cultura oral común galego-portuguesa."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do día 21 de xuño de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MARTINS VILANOVA: Quería aproveitar o uso da palabra para lle dicir ó Sr. Alonso que maxino que non pretendería antes presentar como excluintes a cuestión do saneamento da auga e as culturais como o do Arquivo Pacheco; maxino que na súa intención estaba facer un chiste fácil porque quero lembrarlle que foi sempre dende políticas progresistas que se lle deu importancia á educación e a cultura. Non creo eu que nada bo medre dende a incultura e diso temos exemplos dabondo. Ademais o acceso á cultura é o factor que precisamente máis incide na loita contra as desigualdades sociais, é o que fai que unha persoa que saia dun estrato social moi baixo poida sentirse superior a outra que sexa filla de conde.

Por esta razón entro xa na moción que, como vostede ve, o BNG que é unha organización progresista e nacionalista presenta moitas mocións deste tipo e ista tamén é cultural.

Supoño que é a nosa moción, aínda que o enunciado do apartado 27 non se corresponde gran cousa co seu título que di exactamente "Proposta de apoio

para a candidatura para a declaración do patrimonio oral galego portugués como obra mestra do patrimonio oral da humanidade.

A Unesco contempla, ademais da posibilidade de presentar cada dous anos candidaturas por parte dun estado, que se poidan presentar tamén candidaturas multinacionais naqueles casos nos que exista un patrimonio común, vivo e diverso que se estenda máis alá das fronteiras políticas dun Estado. Outra condición indispensable para poder optar a esa declaración é que ese patrimonio estea en perigo de extinción.

Dende a Asociación cultural "Ponte nas Ondas" se fixo a proposta desta candidatura por considerar que a cultura oral común galego-portuguesa está formada por manifestacións literarias, musicais, etnográficas (cantigas, lendas, romanzas, cantos, regueifas, celebracións do ciclo agrario e da natureza), enraizadas na tradición e que perviven aínda en amplas zonas do territorio comprendido entre o Douro e o Cantábrico e que tamén están en perigo de extinción.

As candidaturas teñen que ser presentadas antes do 30 de setembro para poder optar á declaración que se realizaría no ano 2000. Xa se fixeron diversas xestións e hai distintas organizacións que o apoian, antrelas a Real Academia Galega, a Federación Galega pola Cultura Marítima, o Consello de Cultura Galega, Amigos de Montes Comunais e dos baldíos, Museo do Pobo Galego, Eixo Atlántico, a comunidade de traballo Galiza-Norte de Portugal, diversos concellos de Pontevedra e máis de 80 centros educativos que son promotores desta candidatura.

Por parte de Portugal o Ministerio de Cultura, a Dirección Rexional de Agricultura, o Museo Xoaes do Rei de Porto, a Asociación de Sociólogos do Alto Miño, Rede de Escolas Unesco-Galiza-Portugal, etc.

SR. ALONSO VAZQUEZ: Por alusións. Sra. Martínez, eu non sei se me expresei mal ou vostede entendeu mal. Para min o máis importante balance do que fago aquí é o traballo, dende logo que a cultura é imprescindible, se non fosemos cultos non estaríamos onde estamos; uns estudaron máis, outro menos. Cando teño que priorizar as cousas, coido que é moito máis importante que as xentes se poidan ir bañar a Samil sen coller diarreas ou enfermidades por culpa dun saneamento que, con todo o meu respecto, facer un museo ou outra cousa.

Outra cousa é que os museos si son importantes, os nosos fillos teñen que ser cultos, pero a min o sentido común dime que teño que poñer nunha

balanza o que considero que é máis importante para os cidadáns e por iso estou aquí. Non é que estei en contra da cultura nen moito menos, por iso digo que ou me expliquei mal ou vostede non me entendeu. De feito sabe que todas as mocións que vostede presentou de cultura, coido que todas se lle votaron a favor.

SR. ARIAS MOREIRA: Só para manifestar o noso apoio total como non podía ser doutro xeito a esta moción que é un apoio a unha iniciativa que consideramos moi ambiciosa e valorable en positivo. Non só iso senón que quixeramos dende aquí felicitar ós seus promotores e desexarlles todo o éxito na súa andaina.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: O Partido Popular vai votar a favor desta moción e ademáis dende o Goberno Municipal apoiámos á Asociación Cultural pedagóxica Ponte nas Ondas que xa presentou esta candidatura no Verbum no mes de abril. Tamén apoiámos a actividade desta asociación cultural xa que no Verbum inaugurouse o día 3 de maio a exposición de 25 anos de Ponte nas Ondas e mesmo trouxo a Concellería un concerto dun grupo brasileiro que tiña interese esta asociación que actuase na cidade de Vigo e así o fixo o 5 de maio no auditorio do Conservatorio. Por tanto xa expresamos o noso apoio a esta proposta e a nosa colaboración que vimos facendo dende hai varios meses.

SR. SOTO FERREIRO: Con brevidade para aplaudir unha vez máis unha iniciativa da Sra. Martíns que ten especial querencia por este tipo de manifestación coas que eu no noventa por cento dos casos coincido. Déixeme dicir en todo caso e a xeito de homenaxe que tiveren a honra de ter no seu día un mestre que me aprendeu a amar a literatura e que se chamaba Xaquín Lorenzo. Tiveren esa honra e esa infinita fortuna e en honra a el, por favor, que figure en acta que foi un extraordinario profesor e figura e un gran galeguista.

(No momento da votación está ausente a Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, e máis a Sra. Fernández Davila e o Sr. Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, sobre apoio á candidatura para a declaración do patrimonio oral galego-portugués como Obra Mestra do Patrimonio Oral da Humanidade co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

28.- (179).-MOCIÓN DO BNG INSTANDO COMUNICAR Á XUNTA DE GALICIA A DECISIÓN DESTE CONCELLO DE XESTIONAR POR SI MESMO UN PROGRAMA DE TELEVISIÓN LOCAL CON TECNOLOXÍA DIXITAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xuño de 2004, o concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

"A aprobación do Plano Técnico Nacional de Televisión Dixital tivo lugar mediante o real decreto 439/2004 do 12 de marzo (BOE nº 85 do 8/4/04), no que se establece que cada canle múltiple terá capacidade para a difusión de, alomenos, catro programas de televisión dixital, para atender as necesidades de cobertura de ámbito local das capitais de provincia, autonómicas e dos municipios con poboación superior a 100.000 habitantes e aquelas necesidades consideradas polas Comunidades Autónomas para outros municipios.

Este Plano Técnico de Televisión Dixital adxudicou inicialmente, coa consideración de reserva provisional a que se refire o artigo 10.1 da lei 41/1995, na demarcación de Vigo o seguinte canle múltiple:

- Referencia: TL04P0
- Denominación: Vigo
- Canle múltiple: 34
- Potencia radiada aparente máxima: 4 KW
- Ámbito: Vigo, Redondela, Cangas, Moaña, Nigrán, Porriño (O), Mos, Bueu, Gondomar, Baiona, Salceda de Caselas e Soutomaior.
- Superficie total: 584,21 km cadrados
- Densidade de poboación: 787 habitantes/km2

Segundo oficio da Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo se lle comunica ós concellos que antes do vindeiro 8 de xullo se comunique a decisión mediante acordo plenario de xestionar directamente un programa de televisión local cos demais que integran a demarcación do canle múltiple asignado.

Até o momento o Goberno Municipal de Vigo non ten tomada ningunha iniciativa neste sentido e parécenos moi importante que unha cidade como Vigo non se quede fóra da posibilidade de contar cun canle comunicativo tan



importante. Cónstanos que outros concellos de Galiza e mesmo o de Pontevedra xa iniciaron esta petición.

Por todo o exposto este concelleiro propón á Corporación a adopción do seguinte acordo:

1.- Comunicar á Comunidade Autónoma de Galiza, a través da súa Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, a decisión do Concello de Vigo de xestionar por si mesmo, como servizo público tendente á consecución dos fins atribuídos a esta Administración Municipal, un programa de televisión local con tecnoloxía dixital mediante a frecuencia asignada, consonte ós modos de xestión e control da mesma establecidos no artigo 85 e 295 das leis 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de rexime local e lei 5/1997, do 22 de Xullo, da Administración Local de Galiza, respectivamente.

2.- Dispoñer o traslado do acordo adoptado ó Ministerio de Industria Turismo e Comercio (por supresión do de Ciencia e Tecnoloxía mediante real decreto 553/2004, do 17 de abril) e á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo."

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, na súa sesión do día 21 de xuño de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. DOMINGUEZ OLVEIRA: Acaba de se aprobar o pasado 12 de marzo por Real decreto o plano técnico nacional de Televisión Dixital. Neste plano se adxudica con consideración de reserva provisional unha canle, en concreto a número 34, para o ámbito de Vigo, Redondela, Cangas, etc. Máis tarde a propia Dirección Xeral de Comunicación da Consellería de Cultura manda un escrito ós Concellos onde se lles di que o 8 de xullo remata o prazo para que os Concellos manifesten con acordo plenario a súa vontade de poder xestionar, xunto cos outros Concellos que están definidos no Decreto no mesmo ámbito, unha canle múltiple de televisión dixital.

Dende o BNG parécenos que este Concello, independentemente que despois unha vez que se coñezan todos os Concellos do ámbito que solicitaron cos que haberá que se poñer de acordo para ver o mellor modo de xestionar esta canle, si nos parece que o Concello de Vigo non se pode quedar á marxe, xa están noutros Concellos solicitando que se lles considere a reserva porque estamos a falar dun medio de comunicación local que loxicamente pode ser moi importante como un servizo máis ós nosos cidadáns.

Por iso o acordo só di que se lle comunique por parte do Concello á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo a decisión do

Concello de Vigo de xestionar por si mesmo unha canle de televisión local con tecnoloxía dixital.

O prazo remata o 8 de xullo por tanto estamos aínda a tempo de que a Xunta considere que Vigo tamen quere reservarse ese canle.

SR. SOTO FERREIRO: Só unha pregunta. Falabamos o Sr. Alonso e máis eu polo descoñecemento que temos deste tema e non sei se o Sr. Domínguez pódeme respostar. Supoñendo que o Concello de Vigo xuntamente con outros Concellos resultase favorecido cunha adxudicación dunha frecuencia, ¿podería facer unha concesión do servizo?

Honestamente o que me preocuparía é que isto fose en riba das arcas municipais, xa moi amoladas cos orzamentos sen aprobar.

SR. DOMINGUEZ OLVEIRA: O que estamos solicitando nestes intres é que á cidade de Vigo se lle reserva a concesión desta canle. Esta dúbida que vostede presenta xurdiunos a todos no momento do Real Decreto e podo dicirlle que falando coa Consellería de Comunicación da Xunta clarexousenos que posteriormente ó 8 de xullo e cando se coñezan os distintos concellos dun ámbito, serán estes concellos os que terán que se poñer de acordo no modelo de xestión que decidan, que pode ser directamente ou a través dunha prestación de servizos ou como ese grupo de concellos decida.

SRA. PORTEIRO GARCIA: Coido que está clara a proposta do BNG e en todo caso o que nos podería sorprender ós membros da Corporación é que veña a través dun grupo da oposición e non directamente dende o Goberno que é quen ten a comunicación oficial da necesidade de cumprir un prazo legal, formalmente establecido, que se non se cumpre se perdería esa opción que non obriga; sinxelamente é unha reserva dunha frecuencia para unha hipotética constitución dunha canle de televisión dixital. Francamente non entendemos cómo dende o 27 de maio que ten coñecemento o goberno, non se trae a Pleno por parte do executivo local esta iniciativa, porque se chega vir para o mes de xullo non entraría en tempo e prazo.

Gustaríame coñecer cal é a razón desta falla de atención por parte do Goberno sobre esta cuestión e só por ampliar un pouco a información que lle da o Sr. Domínguez ó Sr. Soto, dicir que a propia Lei de Bases de réxime local é quen faculta ós Concellos nestas formas de xestións directas previstas no artigo 85 para que poida facerse a xestión ben pola propia

entidade local, ben por un organismo autónomo local, por unha entidade pública empresarial local, sociedade mercantil local...

Por exemplo en Málaga veñen de aprobar a creación dunha empresa mixta. Todo iso estaría por falar, primeiro habería que ver se todos os concellos están interesados; hai moito que falar deste tema no suposto de que no futuro se queira traballar neste sentido.

Agora se trata de non perder un prazo que está predeterminado, que remata o 8 de xullo e que entendo que requirirá un debate posterior ó que se faga neste sentido por parte do Concello e esta Corporación terá moito que dicir ó respecto.

Nós imos votar a favor.

SR. FIGUEROA VILA: O Goberno por suposto que ía actuar. Está claro que é unha proposta que fixo o BNG e cando hai unha proposta o lóxico é que a iniciativa política se respecte, coido que non ten por qué haber ningunha cuestión máis de fondo. Agradecemos ó BNG que tamén teña presentado esta moción e a partir daí imos mandar esta solicitude e logo empezaremos falar cos grupo políticos para ver cal é a decisión e a postura que adoptamos porque eu coido que ten que ser un tema de consenso e non unha cuestión de partido nin de grupo político do Goberno.

Pensamos que deberíamos acadar un acordo xeral todos os grupos políticos para ver cal é a proposta do Concello de Vigo, por tanto nós tamén imos votar a favor desta proposta do BNG.

SR. PORTEIRO GARCIA: Só un clarexamento: o Goberno só vai comunicar o acordo plenario de que si optamos. O que teremos logo que debatir, e eu agradezo a súa invitación, é cómo facemos o traballo seguinte.

SR. FIGUEROA VILA: Agora votamos a proposta tal cal ven e logo faremos un debate interno cos grupos políticos para ver cal é o modelo que queremos seguir.

(No momento da votación están ausentes a Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, a Sra. Fernández Davila e os Sres. Arias Moreira e Toba Girón. Preside o Pleno o Primeiro tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito.

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, sobre comunicar á Comunidade Autónoma de Galicia e máis ó Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a decisión deste Concello de xestionar por si mesmo un programa de televisión local, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

29.- (180).-MOCIÓN DO BNG SOBRE DESLINDE MARÍTIMO NOS TERREOS DA ETEA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 22 de xuño de 2004, o voceiro do Grupo municipal do BNG formula a seguinte moción:

"En marzo do pasado ano, a Dirección Xeral de Costas procedeu a efectuar o deslinde marítimo terrestre nos terreos da ETEA, a petición do Ministerio de Defensa, daquela propietario dos mesmos.

En agosto do mesmo ano a DX de Costas comunica o deslinde á Autoridade Portuaria de Vigo, ó Consorcio da Zona Franca e máis ó Concello, por se desexan facer algunha alegación ó mesmo. Tanto a Zona Franca como Autoridade Portuaria mostran mediante a correspondente alegación a súa conformidade co deslinde efectuado por Costas, sen que o Concello de Vigo -sorprendentemente- manifestara nada ó respecto.

Xa en febreiro do ano que andamos, a DX de Costas volve remitir escrito ó Concello declarando aprobado o deslinde provisional na zona dos antigos terreos da ETEA. Desta volta tampouco o Concello manifestou nada a respecto do mesmo, pesie a ter un mes para presentar un recurso de alzada contra o citado deslinde.

O desleixo e a grave pasividade amosada polos responsábeis políticos municipais titulares da Alcaldía e da Concellaria de Medio Ambiente nas dúas datas que a DX de Costas remitíu notificacións ó Concello (agosto do 2003 e febreiro do 2004), ten permitido que hoxe dito deslinde estea trazado practicamente pegado á liña de mar, é dicir, que entre os terreos propiedade hoxe xa da Zona Franca e o mar, non exista ningunha franxa de terreo público de libre acceso. O que supón unha privatización de facto da liña de costa entre A Punta e Rios.

Se o Concello fixera valer non só os dereitos dos cidadáns vigueses a recuperar un tramo de costa desafectada por Defensa, senón á mesma legalidade da Lei de Costas, hoxe xa existiría unha franxa litoral de libre acceso e paseo para todo cidadán, entre a praia da Punta (A Guia) e Rios;

que discorrería paralela entre o mar e os terreos mercados ó Mº de Defensa pola Zona Franca.

Espazo para uso e disfrute de todos, que ademais permitiría continuar os proxectos de paseos marítimos en Teis: estando o paseo de A Lagoa á Punta a piques de ser licitado, e o da Punta realizado xa hai tempo; só compriria que o Mº de Medio Ambiente realizara un novo paseo que correra paralelo ós terreos da Zona Franca; evitando asemade que ista se apropie ilícitamente dun bordo costeiro que é propiedade de todos.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón para o seu debate e toma en consideración polo Pleno da Corporación a seguinte resolución:

1.- Facer patente diante da Dirección Xeral de Costas a disconformidade do Concello de Vigo co deslinde provisional marítimo-terrestre na zona da ETEA, por non se axustar á Lei de Costas.

2.- Solicitar un novo deslinde na citada zona, que asegure unha franxa pública -titularidade estatal- entre a liña de mar e os terreos hoxe propiedade do Consorcio da Zona Franca.

3.- Instar á Alcaldía-Presidencia deste Concello a que negocie coa Dirección Xeral de Costas-Mº de Medio Ambiente, a redacción e execución dun paseo que continúe ó xa realizado na praia da Punta polos terreos do novo deslinde da antiga ETEA, con vistas ós eventos do ano 2005."

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, en sesión do 21 de xuño de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. PÉREZ CASTRILLO: Se as cousas se fixeran ben esta fin de semana calquera veciño de Vigo ou turista podería estar paseando dende a Punta ata o barrio de Oliveira en Ríos, porque habería unha franxa pública de titularidade do Estado, da Dirección Xeral de Costas, que o permitiría no bordo dos terreos mercados a Defensa pola Zona Franca.

As cousas non se fixeron ben e entendo que non houbo mala intención, senón o que pasa moitas veces neste Concello, que non se da suficiente importancia ós papeis que mandan.

O certo é que o Ministerio de Defensa en marzo do ano pasado, cando estaba para desafectar da Defensa Nacional os terreos da ETEA, solicitou como é normal á Dirección Xeral de Costas un deslinde. Esta Dirección atendendo esa petición de Defensa iniciou o deslinde que en agosto do ano pasado comunicouse ó Concello. Mentres outras administracións como Autoridade Portuaria e Zona Franca manifestáronse sobre o deslinde feito pola Dirección de Costas, o Concello non o fixo.

Como tampoco o fixo en febreiro deste ano cando a Dirección Xeral de Costas comunicalle ó Concello que se ten algo que dicir que o diga porque vai elevar a provisional o dito deslinde.

Eu creo que en todo caso o Concello sempre ten que estar presente nos deslindes para defender intereses municipais. Neste caso ademais nós entendemos que o deslinde está mal feito, que prexudica ós intereses xerais de Vigo ó colocalo mesmo o bordo da liña do mar, é dicir, entre a praia da Punta e o barrio de Oliveira en Ríos non hai unha comunicación pública polo bordo litoral, todo pertence á Zona Franca.

Non quero meter agora á Zona Franca aquí porque non é cuestión, entre outras cousas o novo Delegado non ten nada que ver e eu tampouco creo que o anterior, máis que nada o único que dixo foi pois que ben que nos achegan ós nosos terreos ó mar. Pero iso non é legal.

Dende o punto de vista da Lei de costas hai un mínimo e mesmo un máximo de titulariedade do Estado dende a beira do mar ó interior.

Nós pensamos que o que se debe facer agora é dicir, xa que non o fixemos no seu momento, que non estamos de acordo con ese deslinde e que se volte facer por parte da dirección xeral de Costas o deslinde no bordo dos terreos da ETEA, dende a Punta a Ríos, para acadar unha franxa de libre acceso público no bordo litoral de Teis, un novo espazo público ó bordo do mar no barrio de Teis.

E mesmo penso que xa que a Dirección Xeral de Costas entendo que está a piques de adxudicar o xa redactado proxecto de construción do paseo dende a Punta á Lagoa, qué menos que este ano e de cara ó ano que ven redacte un proxecto dende a Punta a Ríos co que, se temos sorte e as obras van a un ritmo normal, poderíamos ter no verán do 2005 ou un pouco máis un paseo dende a Lagoa ata Ríos, un novo paseo enteiro que suporía unha engádega máis á nosa oferta turística e á nosa oferta de lecer ós cidadáns de Vigo e sobre todo un elemento de recuperación de costa no barrio de Teis e na súa zona litoral máis que necesario.

Independentemente do que se faga, se deixe facer ou se discuta do que a Zona Franca teña que facer nos seus terreos, entendemos que os terreos do bordo litoral son públicos e polo tanto de libre acceso dos cidadáns.

Por iso a nosa proposta é que se diga á Dirección Xeral de Costas que non estamos de acordo co que o deslinde da zona litoral da ETEA sexa cero.

En segundo lugar que se negocie coa Dirección Xeral de Costas a posibilidade de redacción e execución dun proxecto de paseo marítimo nese bordo litoral.

Coido que esta proposta podería estar máis avanzada se no seu momento se fixera constar pero en todo caso cremos que non podemos deixar pasar a oportunidade desta moción que brindamos a toda a Corporación para rectificar un erro.

SR. RUIZ CENICEROS: Para precisar algúns dos datos que transmitiu o Voceiro do Grupo do BNG. Efectivamente temos constancia de que en marzo iniciouse ese procedemento de deslinde e que en agosto comunicouse, non a través de Rexistro senón da Alcaldía, a aprobación e proposta inicial do deslinde.

En principio ese deslinde, polo que entendemos que me comunica o Sr. Castrillo estaría mal. A nosa información, tanto en canto ás alegacións que no seu día presentou o Porto, como ás alegacións que presentou a Zona Franca, como á información que temos dende agosto de qué proposta era a que facía a Dirección Xeral de Costas, era unha proposta que se axustaba ó artigo 23 da Lei de Costas, é un dato obxectivo, unha medición técnica que son 100 metros medida terra adentro dende o límite interior da ribeira do mar.

Iso é o que soubemos en agosto e co que normalmente non habería nada que discutir. Costas acostuma deslindar a máis e non a menos, os problemas son que afectan máis solo do que os particulares cren, non que deslinde ou afecte menos solo do que lle correspondería legalmente.

Do teor da súa moción, da que tivemos coñecemento porque ademais espúxoas suavemente pero polo que limos en medios de comunicación e noutros lugares entendiamos que o que propuña era ampliar ese deslinde a 100 metros cadrados máis para a execución dese paseo porque senón en principio os 100 metros que están agora mesmo executados servirían para executar o paseo que se realizou sobre o mesmo tipo de deslinde noutras zonas da ría.

Se o que se pretende é ampliar a afección que está prevista legalmente e que está permitida, en principio nós aconsellamos que nos remitamos á Lei de ordenación do solo de Galiza que xa directamente e dende o 30 de decembro de 2002 establece unha servidume de protección, agás en solo urbano, de 200 metros liñais contados tamén dende o límite interior da ribeira do mar.

Iso tería que se recoller no Plan Xeral porque senón o Concello estaría a facer unha renuncia que tería que ser informada pola Comisión Superior de Urbanismo, habería unha renuncia de esa afección máxima que se podería realizar. En todo caso se o que se pretende é tratar coa Dirección Xeral de Costas o que aconsellaríamos é que se utilizase a ampliación prevista no artigo 23 e no 43.3 do Regulamento de Costas que consiste en coordinación coa comunidade autónoma, solicitar a Costas unha ampliación de 100 metros máis do deslinde.

En canto ó xeito de o facer vostedes propoñen iniciar un novo procedemento de deslinde e nós non cremos que sexa o modo máis práctico nin o modo que regulamentariamente previsto que establece o artigo 43 que moi brevemente di: "A ampliación a que se refire o apartado anterior será determinada polas normas de protección ou polo planeamento territorial urbanístico".

Temos agora mesmo un planeamento urbanístico en tramitación que é o Plan Xeral no que non está recollida esa ampliación de deslinde; está recollida a dos 100 metros que ten Costas e que ata o de agora a ninguén, nin no mandato anterior nin actualmente, se lle ocorríu pedir que se ampliase esa afección nos terreos da ETEA.

Se iste é o momento en que a alguén se lle ocorre nós apoiarémolo e cremos que é a mellor medida porque en primeiro lugar o Plan Xeral actualmente está na Administración autonómica pero vai voltar co que terá que volver ser informado pola Xunta e aceptará ou non ese deslinde a maiores, supoñemos que si porque xa está previsto na lexislación galega, e en segundo lugar porque aínda non foi á Dirección Xeral de Costas para informe sectorial e cando o estuden e vexan unha proposta de afección a maiores, será cando digan se están conformes ou non.

Coidamos que é a tramitación máis breve, a máis contundente e, se ise é o obxectivo da proposta, que non se perdeu ningunha oportunidade. En canto a que o deslinde actual estea ben feito ou non, en principio sempre hai opinións que poden ser vertidas mesmo por un grupo municipal se non está de acordo mediante a acción pública porque as alegacións poderían ter sido presentadas polo Concello, o Porto, Zona Franca, calquera particular, calquera asociación de veciños, calquera cidadán ou calquera grupo político.

Ata o de agora ninguén presentou ningunha alegación perante a Dirección Xeral de Costas no sentido de que estea mal feita a afección actualmente aprobada.



Nós apoiariamos esta moción sempre e cando se recolla a emenda que formulamos.

SR. FIGUEROA VILA: So dar unha información: non hai xustificación de ningún tipo. A raíz da denuncia do Sr. Castrillo buscouse toda a información e resulta curioso pero neste Concello non hai ningún expediente o que ten unha xustificación: non teñen rexistro de entrada e isto é un feito real que hai que o dicir a toda a Corporación porque senón se pode malinterpretar de falta de xestión ou doutra cuestión.

Eu quería salvagardar a xestión tanto do Alcalde anterior como deste Goberno nese sentido. Só clarificar isto para coñecemento dos Corporativos. Os escritos acadámoslos esta mañá a través da Dirección Xeral de Costas.

SR. SOTO FERREIRO: Gracias pola información porque se é así o Concello estará en tempo e forma de facer a reclamación e non co procedemento extraordinario que propuña o Sr. Pérez Castrillo a quen eu lle votaría a favor, en calquera caso.

Se realmente no Concello de Vigo non hai constancia, non recibimos información por parte do Ministerio correspondente, estupendo, temos tempo para dicir o que queremos.

Para que me entenda perfectamente, Sr. Ruiz. Vostede di que se non lle aceptan a súa emenda non llo votan. Sr. Castrillo, se lle acepta a emenda ó Sr. Ruiz eu non lle voto a proposta e vou explicar o por qué.

Deixando a primeira parte fóra que é a que atinxe a se temos tempo e forma para tentar de corrixir esa desfeita, hai un tema de fondo que pretende o Sr. Pérez Castrillo co que nós estamos absolutamente de acordo porque falamos coa xente de Teis, con uns e con outros que realmente están a demandar a posibilidade dunha comunicación directa pola beiramar para que o Concello de Vigo non quede interrompido por unha propiedade privada ou aínda que fose pública, como se fose do Concello.

Paréceme que os veciños teñen absoluto dereito a esa comunicación e iso tamén me parece que é o que reclama como cuestión de fondo o Sr. Pérez Castrillo e nós estamos absolutamente de acordo.

Pero non estou de acordo coa súa emenda. Vostede propón que o Concello trate de ampliar unha zona de afección na ETEA a 200 metros. Pois non, a min paréceme que nós temos que definir no Plan Xeral, como vostede dicía, procedimentalmente de xeito correcto qué ordenación urbanística pretendemos

e exactamente ó revés, defender a nosa autonomía. Mesmo se a Lei nos obriga a un deslinde X, como vostede ben di hai procedementos para que de acordo coa Xunta de Galicia se lle diga á Dirección de Costas que a Lei nos obriga a unha cousa pero estamos de acordo en que o deslinde se faga urbanizadamente deste xeito.

Parece que da proposición que vostede fai di que amplíen a zona de afección a 200 metros e que aí nola dean co cal o Ministerio respectivo pode darnos o que lle pete.

Eu defendo rotundamente a autonomía urbanística municipal en todo o que sexa posible, neste caso tamén.

SR. PEREZ CASTRILLO. Eu xa dixen na miña intervención que isto podería ter pasado porque, á parte de chegar e non ser rexistrado, o anuncio de deslinde publicouse nos diarios de maior tirada da cidade.

En todo caso e dende o punto de vista administrativo que é o que nos interesa, precisamente o acordo da Corporación para lle dicir a Dirección Xeral de Costas que non se está de acordo e polo tanto que se faga un novo deslinde coido que é o procedemento máis idóneo.

Sr. Ruiz Cenicerós, pola documentación que temos nós non é que haxa 100 metros de deslinde, é que hai cero metros dende o que tecnicamente se chama liña de mar ata o que é o deslinde. So están deslindados os dous espigóns de bordo dos terreos, mentres que no que é o peirao o deslinde é cero, está no bordo mínimo do peirao.

Por iso a nós evidentemente que nos alarma; dado que este expediente ten circulado con esta seriedade polo Concello, ó mellor poderían estar trabucados os planos. En todo caso coa documentación que nós temos o deslinde é cero e por tanto pensamos que o primeiro que hai que dicir é que non estamos de acordo co deslinde e o segundo que Costas faga un deslinde con presenza de técnicos municipais.

O seguinte é que cando esteamos facendo ese deslinde con Costas saberemos canto toca porque segundo a Lei de Costas, habendo un recheo como é o peirao da ETEA, seguramente nos tocará máis.

Adrede non falamos do número de metros cara ó interior sobre a liña do mar que ten que ser o deslinde. Iso terán que o estudar os nosos técnicos e presentalo á Dirección Xeral de Costas, cousa que non fixeron ata o de agora. Logo discutir se o linde son 100 metros, son 200 ou son máis. Unha vez deslindado por Costas se nós queremos máis, todos estaremos de acordo

que no Plan Xeral figuren máis pero nestes momentos a nosa preocupación é que hai cero metros e isto quere dicir que a Zona Franca ten acceso directo ó mar. Pois nós pensamos que iso é ilegal e xa digo que a Zona Franca non ten nada que ver con isto. Non se axusta ó que di a Lei de Costas.

Que se aplique á Lei de Costas e por tanto un novo deslinde onde haxa un espacio público e cando se empece facer ese deslinde discutiremos con Costas canto terá ese deslinde de profundidade. Esa é a nosa intención e entendemos que neste momento procedimental, e temos base legal para iso, o que hai que facer é dicir á Dirección Xeral de Costas que non se está de acordo con ese deslinde provisional e que polo tanto que se faga de novo que eu tampouco creo que teña moito problema a facelo se o Concello llo pide. No momento en que se volte facer, discutilo e discutir a profundidade.

SR. RUIZ CENICEROS: Nós non estamos en contra de que se remita á Dirección Xeral de Costas se se fai esa precisión de que antes de o mandar os técnicos municipais informen se está ben ou mal. O que non aconsellamos é que directamente, sen ter coñecemento do expediente e sen ter un informe técnico previo, se diga que está mal porque é certo que ó mellor a medición non é a que máis nos gustaría, pero ás veces a medición se toma dende o punto máis desfavorable e non sempre se libera todo o solo que se quere porque é dende a baixamar.

En todo caso a cuestión da ampliación os 200 metros poderán gustar máis ou menos pero a Lei do Solo de Galicia vincula ó Concello, á Administración Autonómica e a Costas.

Se o que non se quere é isa afección de 200 metros este Concello tería que renunciar e non pedir. Agás que na nova reforma da Lei do Solo de Galicia se aprobe outra cousa distinta, esa afectación xa existe, estaríamos sinxelamente coordinando a efectos prácticos a aplicación da lexislación autonómica coa aplicación da lexislación estatal.

SR. FIGUEROA VILA: Se lles parece ben voulle dar a palabra ó Sr. Secretario Xeral para que nos asesore cal pode ser a mellor proposta.

SR. SECRETARIO XERAL DO PLENO: Efectivamente non consta no Rexistro Xeral de Entrada do Concello a entrada do último comunicado da Dirección Xeral de Costas co que entendemos que aínda estamos en prazo para interpoñer o

recurso de alzada perante o Ministerio contra esa resolución de aprobación provisional do deslinde no ámbito que se está a discutir.

Entendo que efectivamente Costas incorriú nun erro material ou de feito. É lóxico que se Costas segue a considerar os terreos da ETEA como do Ministerio de Fensa, o ámbito da zona de servidume e de afección sexa cero por razóns de seguridade militar.

O que hai que comunicar á Dirección Xeral de Costas é que xa non son de titulariedade do Ministerio de Defensa, senón que son da Zona Franca e aí tería que replantexarse a Dirección Xeral de Costas os 100 metros de servidume legal para todo tipo de acceso de uso público e logo a zona de afección correspondente, xa sexan cien ou douscentos.

Coido que estamos ante un erro da Dirección Xeral de Costas, enténdoo porque debe considerar que aínda é a ETEA propiedade do Ministerio de Defensa.

SR. PEREZ CASTRILLO: A Dirección Xeral de Costas sabía perfectamente que se ían desafectar eses terreos porque Defensa explicitamente pediulles o deslinde para poder desafetalos da Defensa Nacional. Outra cousa é que non ten habido, polas razóns que sexa, unha defensa do Concello dun deslinde. Costas sinxelamente trazou a liña por onde considerou, polas razóns que considerara e toda vez que a Autoridade Portuaria e Zona Franca dixeron que estaban de acordo e o Concello non dixo nada, deu por sentado que efectivamente esa era a liña de deslinde.

Evidentemente á Zona Franca lle interesaría naquel intre ter ese deslinde pero coido que ó Concello non. O Concello de ningún xeito pode permitir que ese deslinde nesta zona sexa cero. Máxime cando os dous espigóns que están no bordo efectivamente si están deslindados e pertencen a Costas. Ou sexa, Costas fai un deslinde no que deslinda os espigóns que son de seu pero no peirao, que é todo o fronte marítimo da ETEA, pon cero.

Paréceme que iso non é exactamente un erro senón que quixo poñelo por aí e non habendo ningún que lle dixera que non quedou así.

Efectivamente coincido en que estamos en tempo e temos base xurídica e mesmo razón política para solicitar que en Teis exista un trozo máis de litoral coa máxima profundidade que poidamos acadar. Sr. Secretario, tome nota que por parte dos técnicos municipais no momento en que se faga o deslinde, se teña en conta que o peirao da ETEA é recheo e que polo tanto

haberá que aplicar ese criterio tamén á hora de facer o deslinde e non só os cen metros.

SR. FIGUEROA VILA: Só unha matización porque o escrito do 20 de febreiro comeza dicindo o seguinte: "A Escola de Transmisións e Electricidade da Armada pertencente ó Ministerio de Defensa, presenta con data 31 de marzo do 2003 solicitude de definición de liña de deslinde da finca da dita Escola de Transmisións situada no termo municipal de Vigo".

Isto quere dicir que segue a reafirmarse aínda na súa propiedade. Eu coido que non é un tema que non é para discutir aquí. Que os servizos técnicos desta Casa nos poñan enriba da mesa a postura máis correcta, estudiámola nunha Xunta de Voceiros e tomamos a decisión.

SR. TOBA GIRON: Vostede lé o principio do escrito e non lé o segundo parágrafo. Efectivamente no primeiro di o que vostede leu pero no segundo di: "Entre os vértices 121 e 122 que definen a parcela da ETEA non existía liña de deslinde antiga polo que este Servizo de Costas a teor da desafectación do fin público e ..." É dicir, o Ministerio de Defensa inicia o procedemento de deslinde porque vai desafectar do uso de defensa nacional a finca da ETEA. É tan evidente que calquera o ve.

Iso comúncase a esta administración o pasado 25 de agosto: "Con data 25 de agosto de 2003 este Servizo de Costas remite ó Concello de Vigo, á Consellería de Pesca, ó Consorcio da Zona Franca, Autoridade Portuaria e á Xerencia de Infraestructuras e Equipamentos de Defensa (que por outro lado é quen insta) o plano de definición fraccional da referida liña de deslinde abríndose un período de alegacións", ó cal o Concello non asiste e o deslinde se nos marcha xustamente polo bordo. Vaian ver os planos que están a exposición ó público en Pontevedra.

Iso foi o 25 de agosto e ista administración non contesta e sei que o papel nin se rexistra o que me deixa absolutamente abraiado que un papel que está remitido no seu momento ó daquela Sr. Alcalde non se rexistra e agora este segundo papel tampouco, aquí non se rexistra nada. ¿Cómo se vai montar ningún expediente se non se rexistra ningún documento?

Os prazos pasan porque este papel di que contra isto temos o prazo dun mes contado a partir do día seguinte da recepción do escrito -e aí pode ter razón o Sr. Secretario- para presentar o recurso que se queira. Pero aquí seguimos calados e non podemos seguir así.

Agora non é o momento de discutir nin a aplicación da Lei do Solo chegado o caso, que haberá que ver se se modifica ou non e haberá que ver como se aplica no novo Plan Xeral, nin é o momento de discutir de canto é o deslinde. Do que se trata agora é de discutir coa Dirección de Costas que ten que haber deslinde. Isto é o que temos que comunicar agora e temos que tragar que non o fixemos no seu día.

Traguémolo rápido e fagamos o que non se fixo nin o 25 de agosto de 2003 nin en febreiro de 2004. Fagámolo agora, dirixámonos á Dirección Xeral de Costas e digámoslle que queremos deslinde e que queremos completar ese paseo que é unha arela de sempre desta cidade.

Estamos poñendo enriba da mesa unha decisión política da Corporación necesaria ante a inacción no seu día. Agora se trata de resolver o asunto e debemos facelo con claridade e por iso antes de nada dicirlle á Dirección Xeral que nos fagan un deslinde novo porque o que fixeron foi instado polo Ministerio de Defensa que nos da cero. Vaian velo a Pontevedra que eu estiven alí ai dez días co Sr. Fernández.

Hai que o facer inmediatamente e de paso reclamar e dicirlle que veríamos magnífico un paseo que continuara co paseo da Guía, que supoño que estará xa en fase de licitación e completemos ese paseo ó redor da Guía que se uniría co que xa temos feito. Isto é o que temos que facer hoxe e é moi sinxelo.

SR. RUIZ CENICEROS: Nese sentido nós apoiamos a proposta sempre e cando antes polos técnicos municipais se faga o correspondente informe e estudo se está ben ou mal o deslinde, se Costas partiu dun dato trabucado que naquel intre é posible que fose certo porque a fin de contas o Ministerio de Defensa foi o propietario desa finca ata que tivemos a escritura pública que non foi na data que se iniciou o deslinde.

Se partiu dun dato trabucado que se reinicie o expediente porque agora mesmo non estaría afectado por Defensa e se está mal que se corrixa.

Hai que ter en conta que catro ollos miran máis que tres; tres xa o miraron e dixeron que está ben. Pois que se remita ós técnicos municipais e cos informes pertinentes se execute a moción presentada polo BNG.

SR. FIGUEROA VILA: Eu non quero entrar máis no fondo do tema pero hai un dato claro, a Zona Franca fixo a escritura pública non hai nin un mes, polo tanto cando este documento saíu era propiedade da ETEA e non de lle deamos

máis voltas. Se queremos entrar no fondo entramos pero deamos todos os datos reais.

¿Cómo vai ser propiedade da Zona Franca se aínda hai un mes que se fixo a escritura pública?

Votamos a moción coa matización que fixo o Sr. Ruiz de que os servizos xurídicos da casa nos fagan un estudo de cal é a situación.

Emenda formulada polo Sr. Ruiz Cenicerros, do Grupo Socialista, durante o curso do debate:

Que antes de trasladar o acordo á Dirección Xeral de Costas, que polos servizos xurídicos do Concello se faga un estudo sobre a situación actual do expediente.

(No momento da votación está ausente a Alcaldesa, Sra. Porro Martínez e máis a Sra. Fernández Davila e o Sr. López-Chaves Castro. Preside o Pleno o Primeiro tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila).

*(Vótase a moción do Sr. Pérez Castrillo xuntamente coa emenda formulada polo Sr. Ruiz Cenicerros)*

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a moción formulada polo Sr. Pérez Castrillo sobre o deslinde marítimo nos terreos da ETEA co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Antes de trasladar o acordo á Dirección Xeral de Costas, que polos servizos xurídicos do Concello se faga un estudo sobre a situación actual do expediente.

30.- (181).-MOCIÓN DO PSDEG-PSOE SOBRE TRAMITACIÓN DOS ACORDOS DE PRÓRROGA DE CALQUERA CONTRATO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xuño de 2004, a concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE formula a seguinte moción:

"No transcurso destes seis meses comprobamos que o Goberno municipal adoptou varios acordos de prórroga de contratos que remataban neste período, entre outros podemos sinalar os correspondentes a subministro de material de oficina, mantemento eléctrico, xestión de garderías infantís, limpeza de colexios, xestión de notificacións de tributos e asistencia técnica para a actualización do padrón do lixo.

Se ben a continuidade na contratación está amparada nos pregos de condicións que rexen a mesma, cabe preguntarse sobre a oportunidade e conveniencia de se acoller á posibilidade de prórroga contractual e non instar un novo proceso selectivo que poida mellorar a prestación do servizo ou subministro en todos os seus aspectos, inclusive o económico.

É certo que a elaboración dun expediente de contratación supón unha importante tarefa administrativa, pero tamén é certo que a prórroga debера ser utilizada como a mellor das medidas e non operar dunha maneira automática sen unha previa valoración, tanto de calidade do servizo ou subministro prestado, como do prezo de mercado existente nese momento, porque non debemos esquecer a repercusión que sobre o orzamento municipal comportan gastos desta natureza.

Non dubidamos da conveniencia de optar pola prórroga contractual en determinados supostos, por ser a decisión máis correcta, agora ben, en aras da transparencia na xestión deberán constar de forma fehaciente os motivos que avalan a decisión da prórroga en deterimento da nova contratación.

Por todo o exposto, propoñemos a adopción do seguinte acordo:

Que con carácter previo ó acordo de prórroga de calquera contrato se informará polos servizos técnicos de cada área sobre o nivel de satisfacción do mesmo, así como o prezo de referencia en mercado nese momento do servizo ou subministro a contratar.

Que con periodicidade trimestral se trasladen ó Pleno os acordos de prórroga de contratos e informes técnicos xustificativos dos mesmos."

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 21 de xuño de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: A causa que motiva a presentación desta moción é a constatación a través do seguimento dos acordos da Xunta de Goberno da utilización que estimamos case que automática das prórrogas contractuais. A moción preséntase con ánimo de proposta de mellora nos procedementos de contratación que, como temos observado na tramitación doutra moción esta mañá, concretamente do Arquivo Pacheco, pode ser que presenten pequenas disfuncións que ó mellor con algunha corrección poderemos entre todos mellorar.



Queremos que quede claro que en ningún caso se está a cuestionar nin a legalidade das prórrogas que se van adoptando ó se atopar totalmente previstas dentro dos pregos e suxeitarse ós mesmos, nin siquera do criterio de oportunidade das mesmas na medida en que tampouco posuimos datos para facer unha valoración deses acordos na medida da oportunidade de dicidir a prórroga ou non nun intre determinado.

Pero si coidamos que é importante salientar que a lexislación en materia de contratación pública é restrictiva na tramitación das prórrogas precisamente porque pretende evitar que a prórroga poida nun momento determinado provocar a evasión daqueles principios que rexen a contratación pública, como son a publicidade e a concorrência.

Estamos ante unha medida que é legal, a prórroga existe, está regulada, contéplase no prego, suxéitase ós prazos máximos da mesma pero debemos ser cautelosos na súa utilización,

Doutra banda hai unha segunda constatación: todos aqueles informes que soportan a decisión de acometer na prórroga na súa maioría, se ben ás veces non ausentes totalmente de xustificación, si cunhas xustificacions excesivamente sinxelas onde por tanto non podemos chegar á conclusión de que efectivamente cando se está a utilizar a prórroga non se está a utilizar o mecanismo máis cómodo senón o que estamos a propoñer, que debера ser o mecanismo máis conveniente.

Por isto propoñemos como mellora na tramitación dos expedientes de contratación que ise informe técnico previo á decisión de acometer ou non a prórroga, sexa un informe moito máis exhaustivo onde non só se valore -que debe ser así- a conveniencia ou non dese servizo, dese subministro, se se está executando correctamente, se o nivel de satisfacción do Concello é o correcto, senón mesmo que se faga unha pequena análise do que sería ese mercado concreto nese intre, os prezos dese subministro, se estamos dentro deses parámetros ou non ou mesmo valorar se nesas circunstancias poidan existir outros provedores que nos servan en mellores condicións. Que sexamos un pouquiño máis exhaustivo neses informes.

De ser o caso que se dea traslado ó Pleno cunha periodicidade razoable sobre aquelas prórrogas que se acordan e a xustificación das mesmas.

Basicamente queremos evitar que se poida interpretar por parte do cidadán que se utiliza o mecanismo da prórroga como un mecanismo automático, cómodo, non realmente como unha decisión de conveniencia no momento no que se acorda.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: En primeiro lugar quero agradecer o espírito da moción que considero altamente positivo. A moción son dos parágrafos diferentes. Sobre o primeiro deles practicamente vostedo díxoo todo, eu estou basicamente de acordo. Tamén teño que comentar que a intensidade ou calidade dos informes é algo bastante discutible pero si garanto que en todos os contratos que se renovan eses informes existen; hai unha discusión cos concelleiros correspondentes de cada departamento e débátese sobre isto. Eu teño aquí algúns exemplos de contratos prorrogados nos que os informes existen.

Tamén quería comentarlle sobre o tema da prórroga dos contratos que os contratos que estamos a prorrogar agora son contratos que teñen dous anos de vixencia, son contratos realizados nun goberno anterior e nós en moitos casos, despois de os analizar, consideramos que son contratos que deben ser prorrogados.

Pero non esqueza que moitos dos contratos son de servizos intensivos en persoas e normalmente están vinculados ó incremento do IPC. En cambio dos convenios destes sectores teñen uns crecementos superiores por tanto nós pensamos que en moitos dos casos esas prórrogas son máis positivas para o Concello mesmo dende o punto de vista económico.

Desafortunadamente para nós por outra banda como non temos orzamento, no caso de que tiveramos que facer unha nova contratación e o custo fose superior non poderíamos asumilo como vostede ben sabe.

Por tanto non teño ningunha obxección no parágrafo primeiro, é bo que os informes sexan aínda mellores, non teño ningunha dúbida.

Sobre o segundo parágrafo non lle atopo especial sentido. Existe un mecanismo que é a Xunta de Goberno Local que cos informes preceptivos e coa proposta do concelleiro é a encargada de aprobar estas prórrogas, o proceso é público, os expedientes están expostos e en todo caso vostede sempre ten a oportunidade de nos pedir unha explicación adicional sobre unha prórroga en concreto. Non vexo cal é a razón desa sistemática trimestral.

Por tanto non teño ningunha obxección sobre o primeiro punto e sobre o segundo, non tendo ningunha obxección porque non a teño de transparencia, sinxelamente, paréceme que xa está definida a mecánica de aprobación do proceso de prórroga dos contratos que é a que é.

SR. FIGUEROA VILA: Só unha matización. A creación da comisión de Control da Contratación a unha proposta da Sra. Villarino, ven un pouco para estas cuestións, para que todos tivesemos coñecemento dos contratos maiores e menores, que pasasen entón pola Comisión de Goberno e agora pola Xunta de Goberno. É un clarexamento que non ten que ver co fondo do tema.

SR. TOBA GIRÓN: Entendemos a aportación do Grupo Socialista e da Sra. Graña como positiva e imos votala. Sabemos que os servizos técnicos do Concello informan en cada caso e sempre que é necesario e hai unha nova contratación ou se se ve conveniente ampliar o contrato coas prórrogas que en todo caso deben estar contempladas no propio prego de condicións que no seu día suscitou o concurso.

A respecto da segunda parte penso que o que pretende o Grupo Socialista é establecer un mecanismo de control de Pleno a respecto dos contratos realizados pola Xunta de Goberno local por vía dunha comparecencia trimestral. Supoño que en todo caso os prazos serían en razón sobre todo da aparición destes procesos de contratacións, está propoñendo un mecanismo de control por parte do Pleno sobre a actividade do Goberno municipal que nos parece axeitado, independentemente de que hoxe, quedando por resolver o problema dos regulamentos en relación coa aplicación da propia Lei de Grandes Cidades e por tanto non podendo definirnos sobre o papel das propias Comisións que no seu caso deberán deixar de ser informativos para pasar ser organismos de control do Goberno e de comparecencia dos seus responsables, pero en ausencia das ditas comisións e da estrutura que nacerá dos próximos regulamentos, parécenos unha opción prudente, de boa xestión, que exista esa comparecencia trimestralmente para que o Pleno coñeza paso a paso os mecanismos da propia xestión do Goberno Municipal.

SRA. GRAÑA BARCIA: Só clarexar que en ningún momento se está a cuestionar que a decisión da prórroga poida ser inoportuna. Única e exclusivamente que en moitas desas decisións non existiu unha acreditación alomenos a través dos informes de que efectivamente isa sexa a mellor decisión.

Igual que vostede ten informes eu tamén os teño e moitas veces ó único que se remiten é á referencia do artigo do prego no que se contempla a posibilidade legal de acometer a prórroga pero en ningún caso se fai a valoración de cómo está a funcionar o servizo, de por qué é preferible

continuar a través dunha prórroga e no instar un novo concurso. Isa é a proposta que estamos a facer.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Non temos ningún problema para este tipo de mecanismo, non se trata de ningún tipo de escurantismo e nós tampouco temos unha obxección básica para que iso se produza e cada tres meses se presenten os acordos aquí no Pleno. Sempre teñen vostedes dereito a facelo en calquera convenio, en calquera contrato poderían facelo en calqueira momento.

Sra. Graña, o de moitas decisións non se argumenta suficientemente, pode ser que nalgunha o informe poida ser mellorable e estou completamente de acordo como expresei con anterioridade. A maioría dos informes que eu mirei ata o de agora non son perfectos pero son dignos. Tentaremos ir cara a perfección e ise é un compromiso que podemos asumir perfectamente polo que podemos votar afirmativamente.

SR. FIGUEROA VILA: O Goberno vai votar a favor pero o que é curioso é que antes, cando se facían novos expedientes de contratación había críticas durísimas, agora parece que estamos cambiando e é ó revés pero iso é bo.

(No momento da votación está ausente a Alcaldesa, Sra. Porro Martínez e máis a Sra. Fernández Davila e os Sres. Calviño Rodríguez e López-Chaves Castro. Preside o Pleno o Primeiro tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Garcia, sobre a tramitación das prórrogas dos contratos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

31.- (182).-MOCIÓN DO PSDEG-PSOE SOBRE OS CENTROS DE SAÚDE DA CIDADE E CONCRETAMENTE O DA PARROQUIA DE BEMBRIVE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de xuño de 2004, a concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Sío Lourido, formula a seguinte moción:

"O Centro de Saúde de Bembrive, un dos últimos inaugurados na nosa cidade, presenta deficiencias de persoal de forma intermitente nalgúns servizos específicos dende hai algún tempo, cuestión que vai en detrimento da atención sanitaria nunha zona da nosa cidade.

En repetidas ocasións persoal médico de baixa non é substituído (como sucede ás veces noutros centros de saúde), non conta cun servizo de urxencias e con frecuencia existe un problema de deficiencias de persoal no servizo de pediatría ó non ser substituído de forma permanente o médico titular, coa consecuenta preocupación e problemas causados ós veciños, xa que ó non contar co servizo permanentemente e sendo a Unidade de Bembrive dependente do Centro de Saúde de Sárdoma, teñen que se desprazar a este último.

Estamos preocupados pola sobrecarga asistencia que pode haber durante o verán porque aínda que sabemos que nalgúns centros existen dous médicos titulados pola mañá e outros dous pola tarde, noutros non é así, e no caso de Bembrive o trastorno causado do desprazamento a sárdoma dos pacientes debería ser solventado, sexa un problema derivado da falla de orzamento ou de recursos humanos.

Por todo o exposto, propoñemos a adopción do seguinte acordo:

Instar ó SERGAS para que se solucione inmediatamente a dotación de persoal para que se estableza un servizo de pediatría permanente neste centro e que solucionen os problemas de recursos humanos dos centros de saúde da nosa cidade."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do día 21 de xuño de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

*Debátense conxuntamente as mocións presentadas cos números 31 e 32 da orde do día, referidas ó tema sanitario.*

DEBATE.- SRA. SÍO LOURIDO: Se lles parece, como os puntos 31 e 32 son sobre temas sanitarios, poderíamos tratalas conxuntamente.

As dúas mocións reflicten dous problemas de dúas situacións concretas; unha é en Bembrive e outra é unha situación que se produxo no Hospital Xeral e no Cíes a principios deste verán. Reflicten tamén a preocupación que temos dende o Grupo municipal Socialista e seguramente dende todos os grupos municipais pola atención sanitaria e a situación en xeral e especificamente durante os meses de verán.

No centro de saúde de Bembrive, durante algúns meses e constantemente, presentan deficiencias na substitución dos medios, os médicos especialistas, sobre todo no que se refire ó pediatra que está algún tempo durante a semana. Con frecuencia non se substitúen, non hai servizo de urxencias e trasládanse ó centro de Sárdoma que dalgún xeito é a unidade de referencia.

O centro de Bembrive é un exemplo, sucede tamén na Doblada, en Coia e en Pintor Colmeiro. De feito sabemos que o xoves día 10 había para atender 6 nenos e non había ningún pediatra e os derivaron ó Nicolás Peña. Tampouco se atenderon alí e distribuíronse entre médicos xerais. O sábados do verán non existen pediatras de urxencia nalgúns centros e se atenden polo médico xeral. Iso sucede habitualmente.

Como isto ocorre en centros de saúde desta cidade do que se trata é dunha preocupación e dun interese porque instemos dende esta Corporación municipal a que se solucionen estes problemas de substitucións e que se atenda á poboación como é debido en todas as épocas e na estival tamén, sobre todo no tema da infancia.

A outra moción que se refire tamén a temas sanitarios refírese a cando en verán péchanse algúns hospitais, neste caso o Cíes, atrásanse operacións cirúrxicas, sabemos que o Xeral está saturado e así o din os seus propios traballadores. Hai un problema de organización que afecta tanto ós recursos humanos como materiais de toda a estrutura sanitaria da área sur da cidade. A moción vai na mesma dirección de intar ó SERGAS a que na época do verán dote, organice e equilibre axeitadamente tanto os recursos humanos como materiais dos que dispón.

En canto ó que di de que non hai substitutos para os médicos, cremos que iso non é certo, que é un xeito de se evadir e que si pode haber persoal sanitario para substituir as baixas por vacacións ou por calquera outro motivo e debe facelo para que a atención na nosa cidade sexa correcta.

SRA. MENDEZ PIÑEIRO: Pedimos a palabra para nos posicionar a favor das mocións que ven de presentar a Sra. Sío e engadir algún dato máis.

Cando falamos da sanidade viguesa, a sanidade da área sur, permítanme un termo médico, falamos dunha situación de permanente anemia e esta situación vese fundamentalmente nos meses de verán e isto porque nunha situación de anemia ferropénica, como ben sabe o Sr. Iglesias, o que hai que facer e reencher os depósitos de ferro para que logo, cando haxa problemas de

estrés, non te quedes cos depósitos baleiros e aínda teñas máis anemia. Esta é a situación de Vigo.

Xa na Corporación anterior, coido que no ano 2002, se fixera e saíra en todos os titulares un chamamento dende esta Corporación, concretamente dende Alcaldía, para que por favor se dotase axeitadamente ós centros de saúde e ós centros hospitalarios nos meses do verán. É un drama que día a día viven os pacientes, todos os usuarios, os médicos e todo o persoal sanitario dos centros de saúde.

Pintor Colmeiro, Doblada, Rosalía de Castro, rúa Cuba neste momentos están a atender exactamente a 65/70 pacientes cada médico. Están a facer unha substitución de cada tres persoas que se van, logo o cupo dese médico distribúese en tres. O paciente non sabe exactamente onde vai ser derivado, as historias clínicas non están onde deben estar. É un auténtico caos.

Desculpas que se dan por parte da xerencia de atención primaria: non hai substitutos. Non é certo, si que os hai e sobre todo si que os había, mandámoslos á emigración, os médicos de atención primaria están en Portugal e en Inglaterra. A pesar diso hai suficientes para substituír polo menos minimamente.

Respecto a como se xestionan eses recursos hai centros como o recentemente aberto no Nicolás Peña onde ó mellor hai 15 ou 20 pacientes pero está mal xestionado. Pintor Colmeiro, ó seu carón, ten 70. Ou sexa que aínda por riba se xestionan mal os recursos que hai.

En canto á atención especializada hai especialistas para cubrir e o exemplo máis claro digamos que son eu porque nestes momentos, con especialistas en interna, eu estou levando 30 camas porque non se están cubrindo ós compañeiros e hai especialistas para o facer. Hai múltiples especialidades que se poden cubrir pero a pesar diso se seguen pechando camas e dise que non hai especialistas. Si os hai. Pode haber dúas especialidades con especiais problemas, como son Anestesia e Radioloxía pero no resto si que hai. O que queren é aforrar en recursos.

Coido que é primordial que dende esta Corporación se inste á Xunta de Galicia de que unha vez por todas resolva este problema. Evidentemente apoiamos a moción.

SRA. FIGUEROA VILA: O Grupo de Goberno tamén vai apoiar as dúas mocións presentadas pola Sra. Sío.

(No momento da votación está ausente a Alcaldesa, Sra. Porro Martínez e máis as Sras. Fernández Davila, Molares Pérez e Porteiro García e os Sres. Arias Moreira, Calviño Rodríguez e López-Chaves Castro. Preside o Pleno o Primeiro tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Sío Lourido, sobre os centros de saúde da cidade e concretamente o da parroquia de Bembrive, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

### 32.- (183).-MOCIÓN DO PSDEG-PSOE SOBRE DETERIORO DA ATENCIÓN SANITARIA NOS MESES DO VERÁN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de xuño de 2004, a concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Sío Lourido, formula a seguinte moción:

"Temos noticias a través do persoal sanitario como todos os anos do deterioro da atención sanitaria durante os meses de verán, período no que se produce un aumento significativo da poboación na área sur de Galicia.

Mentres un hospital público (CIES) pecha por vacacións, outras camas no corredor (Xeral) e a isto engádese o retraso nas intervencións quirúrxicas que se derivan a centros privados, coa conseguinte desorganización dos recursos humanos. Por exemplo, o persoal do Hospital Cíes desprázase arbitrariamente ós tres hospitais públicos da cidade. En resumo, péchase este hospital, non se utilizan as súas camas e as listas de espera seguen a aumentar.

Como en moitas outras ocasións existe un problema de organización dos recursos humanos e materiais e tamén, nalgúns casos, da non substitución en períodos vacacionais dos profesionais sanitarios, tanto dos hospitais coma dos centros de saúde, cando habería que ter os servizos a pleno rendemento na época estival, sobre todo na área sur de Galicia.

Polo anterior proponse ó Pleno da Corporación a adopción do presente acordo:

Instar á Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, a que durante a época estival dote, organice, equilibre e rentabilice adecuadamente a utilización



dos recursos humanos e materiais públicos dos que dispón na área sur de Galiza".

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do día 21 de xuño de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

*O debate desta moción figura no punto anterior da orde do día.*

(No momento da votación está ausente a Alcaldesa, Sra. Porro Martínez e máis as Sras. Fernández Davila, Molares Pérez e Porteiro García e os Sres. Arias Moreira, Calviño Rodríguez e López-Chaves Castro. Preside o Pleno o Primeiro tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Sío Lourido, sobre o deterioro da atención sanitaria nos meses do verán, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

33.- (184).-MOCIÓN DO PSDEG-PSOE SOBRE SUSCRICIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE ASISTENCIA XURÍDICA COA DIRECCIÓN XERAL DO SERVIZO XURÍDICO DO ESTADO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de xuño de 2004, a concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

"En data 16 de abril de 2004 dictouse Decreto pola Alcaldía polo que se resolve designar letrados habilitados externos para a representación e defensa dos procedementos xudiciais e administrativos que se susciten contra esta administración municipal segundo o disposto no artigo 551 da Lei orgánica do Poder Xudicial a:

- D. Rodolfo Hinrichs Vázquez de Parga
- D<sup>a</sup> Silvia Hinrichs Alvarez
- D. Alvaro Hinrichs Alvarez
- D<sup>a</sup> Cristina Catalán Hinrichs
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa García Insúa.

O Decreto de referencia ampárase na previsión contida no artigo 551 da Lei orgánica do Poder Xudicial que establece que *"a representación e defensa das Comunidades Autónomas e as dos entes locais corresponderán ós letrados que servan nos servizos xurídicos das ditas administracións públicas, agás que designen avogado colexiado que lles represente e defenda"*, aínda que *"os avogados do Estado poderán representar e defender ás Comunidades Autónomas e ós entes locais nos termos contidos na Lei 52/1997, do 27 de novembro, da Asistencia xurídica ó Estado e institucións públicas e a súa normativa de desenvolvemento"*.

Non obstante, se fose preciso instrumentar unha asistencia xurídica complementaria dos Servizos Xurídicos Municipais estimamos que a suscripción dun convenio de colaboración co Servizo Xurídico do Estado aportaría ó Concello un servizo de asistencia xurídica eficaz en todos os seus ámbitos e especialidades con total garantía na defensa dos intereses públicos e plena transparencia no proceso.

Polo anterior propónse ó Pleno da Corporación a adopción do presente acordo:

Instar perante a Dirección xeral do Servizo Xurídico do Estado a suscripción dun convenio de colaboración en materia de asistencia xurídica, unha vez acreditada a insuficiencia dos actuais Servizos Xurídicos Municipais".

A Comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 21 de xuño de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: En data 16 de abril dictouse decreto pola Alcaldía no que se designaron varios letrados habilitados para asumir diversas tarefas de representación e defensa do Concello.

En relación con este asunto gustaríanos presentar unha posibilidade partindo da premisa de que efectivamente sexa necesaria a contratación de servizos externos.

Gustaríanos chamar a atención no feito de que existía unha contratación externa por exemplo en materia laboral, que dende o mes de agosto do pasado ano acometeuse por servizos propios do Concello, situación que agora novamente volta ser externalizada a través deste decreto do 16 de abril. Non sabemos exactamente cales foron as razóns que motivan que un servizo que se fai externamente se recupere, se faga por servizos propios do Concello e novamente se fai externamente.

Aínda así, partindo da base de que efectivamente os servizos de Asesoría Xurídica sexan insuficientes para o número de asuntos nos que é parte o Concello, propoñemos un proceso de contratación que garanta os principios básicos da contratación pública e por tanto estimamos que unha opción boa

para o Concello poida ser a suscripción dun convenio de colaboración co Servizo Xurídico do Estado, servizo que garantiría de xeito pleno e total ter o mellor servizo xurídico para o Concello, así como unhas condicións económicas na medida de que por exemplo non é necesaria a utilización de servizos de procuradores na tramitación dos asuntos, mesmo o tratamento económico que teñen a través de cantidades fixas moi por baixo dos honorarios de calquera letrado privado.

Estimamos que podería ser a mellor solución tanto para a defensa dos intereses do Concello, como en canto ó tratamento económico dos mesmos.

SR. SOTO FERREIRO: Os seus argumentos son perfectamente razoables o que pasa é que me preocupa en primeiro lugar que os xuristas que antes traballaban para o Concello e que efectivamente se recuperou ese servizo, aínda que na práctica logo se mirou que non era así, fixeron un traballo excelente.

O tema do avogado é algo que me preocupa no sentido de que é unha desas persoas que todo mundo ven dicir que ten que ser unha persoa de confianza quen o defenda. Paréceme que un Goberno debe ter a oportunidade de elixir os seus avogados. Paréceme ben o que di se o Goberno está de acordo.

Sinceiramente preocupariame co meu voto cercenar esa autonomía e esa liberdade do goberno de turno, neste caso o que está e dame igual o que veña despois. Na medida en que o Goberno acepte libre e voluntariamente a súa indicación, a min pareceríame moi ben, pero tamén queredría salvagardar a autonomía do Goberno por se por exemplo pensa que para levar os temas laborais se se concerta co Estado, realmente o Estado daralle un tratamento X e en cambio esta solución que propoñe pode dar un seguimento moito máis rigoroso e máis capaz.

Vomo vostede sabe os temas xurídicos son moi opinables e en todo caso insisto que quen ten que levar adiante procesos xurídicos de calquera tipo, se non ten confianza nos servizos xurídicos que realmente o defende, malísima cousa.

É a única contraposición que vexo á súa boa proposición, por outra parte.

SR. TOBA GIRÓN: Queremos entender que a proposta da Sra. Graña do Grupo Socialista é abrir unha porta máis. Entendemos que non ten por qué substituír á acción por vía de contratación, entroutras cousas porque seguramente en determinados temas que son especificamente do ámbito local,

por exemplo temas urbanísticos, non creo sinceramente que os servizos xurídicos do Estado poidan prestarnos grandes servizos. Sen embargo si que considero que nalgúns casos puntuais son necesarios informes externos á Administración de catedráticos ou persoas que son de recoñecido prestixio no ámbito do dereito administrativo. Do mesmo xeito en asuntos laborais.

En todo caso o noso grupo prefire entender a proposta do Grupo Socialista en termos constructivos de presentar unha opción máis que pode ser valedeira se así a quere utilizar o Goberno. Nese sentido apoiaremos a moción, no sentido de abrir unha porta máis que obviamente abre as posibilidades de presentar un acordo coa Dirección Xeral dos Servizos Xurídicos do Estado e, ata onde eu sei, poñer enriba da mesa a insuficiencia dos servizos xurídicos propios, tendo conciencia de que sempre hai insuficiencia dos servizos xurídicos municipais pero non é esta a situación do 99.

Poidendo xustificar esa insuficiencia dos servizos xurídicos propios, acadar a colaboración da Dirección Xeral de Servizos Xurídicos do Estado, parécenos unha porta máis que non ten por qué inviabilizar outras posibilidades cal é a contratación en momentos determinados de informes xurídicos de relevo importante e que ás veces son rotundamente necesarios. Por tanto se o entendemos non tanto como substitución senón como complementación estamos de acordo e parécenos que é o espírito da moción.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Creo que é importante a matización, se é unha porta aberta e unha opción é unha cousa e se é unha proposta de facer ese tipo de contratacións é outra diferente. Gustaríame unha resposta nese sentido.

SRA. GRAÑA BARCIA: Non é unha porta, é a porta. A alternativa que estamos presentando e lamento que en contra do criterio que mantíña o Sr. Soto, en materia de contratación pública non hai relacións de confianza; hai principios de contratación que hai que respectar.

Como alternativa, no suposto de que efectivamente quede claro que os servizos actuais son insuficientes, a posibilidade que está a presentar o Grupo Socialista é a suscripción dun convenio coa Dirección Xeral de Servizos Xurídicos. Outra cousa é que ó longo do tempo, e obviamente ninguén pode anticipar se vai ser necesario ou non posteriormente, efectivamente poidan ser necesarios outro tipo de informes que terán que

levar a súa xustificación e o seu proceso de contratación necesario. Ninguén pode pechar esas portas.

O que si estase a presentar é a alternativa, a porta. Non unha máis.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Gustaríame facer unha serie de matizacións porque este tema é importante e pode quedar unha certa alarma, como se non estivesemos defendidos.

O primeiro que quero dicir é que con independencia de asesorías xurídicas puntuais que o Concello solicite sobre todo en temas bastante complexos, nos que non hai un criterio completamente definido e para os que se recorre a avogados de prestixio, a verdade é que a maioría dos asuntos xurídicos deste Concello lévanse a cabo polos profesionais da casa, os Servizos de Asesoría Xurídica, e coido que o fan dignamente senón que mellor.

O segundo tema importante é que hai unha excepción de carácter xenérico que son os temas do ámbito laboral. Esa excepción non é nova, como parece desprenderse das súas verbas, senón que hai doce ou trece anos que se utilizan servizos xurídicos externos para os posibles preitos en materia socio-laboral e está perfectamente regulado que sexa o Goberno quen poida decidir quen son os xuristas, os avogados que defendan ó Concello nestes casos.

O terceiro aspecto que me parece importante é que este Goberno e dende logo o Grupo do Partido Popular é plenamente conscente, como dicían antes, que é necesaria unha reestructuración completa nos servizos da Asesoría Xurídica desta Casa e coido que temos unha oportunidade que nos abren de xeito obrigatorio que fai que teñamos que pensar a moi curto prazo sobre este tema como é a Lei de Modernización das Grandes Cidades.

Nese sentido pensamos que, unha vez que teñamos esa Lei na man, esperar a que se adopte o órgano directivo dese servizo xurídico para entón poder estudar moito máis en detalle cales son as necesidades de persoal que se precisa nese servizo tan importante para a Casa.

En cuarto lugar gustaríame mencionar que en moitos casos, como dicía o Sr. Toba, os intereses municipais no coinciden cos intereses estatais e está claro que o servizo de Avogacía do Estado está para formular o punto de vista e os obxectivos do Estado, en moitos casos como eu alomenos puider ver nos seis meses que levo aquí, non coinciden e parece estraño que se poida presentar unha petición de información a alguén que en moitos casos

vaise opoñer e que está en contra dos teus propios criterios. Iso parece que non ten moito sentido.

O quinto aspecto que mencionou é o tema do custo. Coa brevidade do tempo que tivemos para estudar a moción, preguntei cal podería ser o custo por se podía haber unha diferenza importante e parece ser que a diferenza de custo non existe ou mesmo sería máis caro para os servizos xurídicos do Concello.

Por tanto e con todo isto, tendo moi en conta a creación deste órgano de seguridade xurídica que estamos discutindo na Comisión desta Lei, considero que parece un pouco fóra de lugar este tipo de proposta. Eu aceptaría, como dixo no Sr. Toba, no marco dunha posibilidade máis, dunha alternativa con estes "peros" que eu formulei, entón si podería ser posible. Pero como a norma á que nos temos que adaptar, eu non podo aceptar a moción no nome do Goberno.

SR. SOTO FERREIRO: Un dos principios que me inculcou a miña nai é o de que non queras para ninguén o que non queres para ti. Se eu fose Goberno queredría ter liberdade porque ten razón a Sra. Graña cando se ampara en dicir que quere transparencia, igualdade, etc. Ás veces algúns queremos tanto á administración pública que a matamos.

Se a administración pública ten que enseñorearse e facer todo, de todo e a todas horas é o mellor xeito de acabar con ela e temos demasiados exemplos; como se falaba antes do Arquivo Pacheco, ¡50.000 papeis! Para un tema que é importante por suposto pero, por favor, 70.000 resolucións.

Danos sopas con honda desgraciadamente a administración pública e a empresa privada e ás veces hai que aprender daí, non podemos seguir magnificando á administración pública como se fose o paradigma porque non é certo, ogallá o fora pero non o é. E como non o é, penso que un goberno, sexa o que sexa, precisa ás veces dalgún tipo de informes que realmente lle merezan confianza e que poida recorrer a algún catedrático por exemplo que sexa un gran especialista no tema. ¿Cómo lle vai vostede quitar esa liberdade?

Vostede lexítimamente pode dicir aquí burocracia, instrucción e polo tanto que lle toque por sorteo ó avogado que sexa dos servizos xurídicos do Estado para facer un informe. A min non me tranquilizaría e entón non llo pediría a ninguén.

Por iso insisto que o tema de defensa e o tema de persoas, neste caso de institucións, é tan importante que, alomenos sempre se admitiu así, se preste coa anuencia persoal, neste caso institucional.

Dende logo que se eu fose Goberno municipal, honestamente téñolle que dicir que non lle admitiría esta moción. Paréceme que invadiríamos usos de competencias que non son do Pleno en primeiro lugar. O razonamento que dixo mellor ca min o Sr. Toba, é dicir que se admite interpretar que isto é unha porta máis, que se faga isto sempre que o Goberno non estime que debe facer outra cousa. Se o admite así votamos todos encantados.

Como vostede diga a porta, en singular e co artigo determinado, pois a porta é só unha e eu iso non llo podo votar.

SRA. GRAÑA BARCIA: Cando digo a porta ó que me estou a referir é que en vez de proceder como se fixo o 16 de abril, porque agora parece que non se contrataron avogados externos, si se fixo a través dun decreto do 16 de abril. Aí é onde está a porta.

O que propoñemos é que en vez de existir unha contratación cun determinado despacho de letrados, que exista un convenio co Servizo Xurídico do Estado. Iso obviamente non obsta para que se mañá é necesaria a emisión dun informe sobre unha materia concreta, se poidan contratar os servizos de calquera outro letrado.

O único que dixen foi que de ser o caso esa contratación terase que someter ós requisitos necesarios sobre a mesma. Sobre a que eu ó mellor poido ter dúbidas e ata coincidimos en moitos aspectos, Sr. Soto, pero a realidade é que hai unha Lei de contratos das administracións públicas que nos obriga, gústenos ou non, e a modificación da mesma lamentablemente non imos ter aquí capacidade de a facer.

É máis, en canto ó posible conflito de intereses, Sr. Guerra, iso é algo que a propia lexislación que recolle a regulación dos convenios co Servizo Xurídico do Estado ten en conta e dalle solución. Obviamente contar con ese servizo pode nun momento determinado incorrir nun conflito de intereses. A norma que regula eses convenios da solución ó conflito de intereses, non hai ningún problema respecto a iso.

Insistimos que se entenda a porta como a alternativa á contratación xenérica indeterminada de avogados externos, á marxe de contratacións puntuais, detalladas e xustificadas que se poidan producir.

Por último e en canto ó custo non existe unha comparativa de custo. O que se contratou a través do decreto do 16 de abril non sabemos qué lle vai supoñer ás arcas municipais porque ata o momento, se ben se dixo que se estaba falando de temas laborais, o decreto refírese a procedementos xudiciais e administrativos, non especifica que sexa única e exclusivamente esa materia. Materia que curiosamente dende o mes de agosto estíbese asumindo por parte dos servizos propios municipais.

SR. GUERRA FERNANDEZ: Entendo que non quere dicir que nós non cumprimos os requisitos nesa contratación, polo tanto claro que os cumprimos. Vostede o que propoñe é que sexan outros requisitos diferentes, non ten nada que ver con que non teñamos cumprido todos os requisitos legais para este tipo de contratación. Quero deixalo ben claro.

SRA. GRAÑA BARCIA: Si que é certo e xa o anticipamos na primeira intervención que se ben a decisión non foi cuestionada legalmente, estimamos que non existe unha motivación suficiente para a mesma e estabamos dando unha alternativa que é subscribir un convenio cos Servizos Xurídicos do Estado para respectar eses principios de contratación pública. Creo que quedou claro e non creo que sexa necesario continuar insistindo nel.

(No momento da votación está ausente a Alcaldesa, Sra. Porro Martínez e máis a Sra. Fernández Davila e os Sres. Calviño Rodríguez e López-Chaves Castro. Preside o Pleno o Primeiro tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con sete votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Graña Barcia, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Ceniceros e Sío Lourido, seis abstencións dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Castrillo e Toba Girón, e dez votos en contra dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Martínez, sobre suscripción dun convenio de colaboración en materia de asistencia xurídica coa Dirección Xeral do Servicio Xurídico do



Estado, co texto que se transcribenos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

A.- SUBSTITUCIÓN DE REPRESENTANTES VECIÑAIS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG NO CONSELLO DO ORGANISMO AUTÓNOMO PARQUE NATURAL DAS CIENCIAS VIGO-ZOO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de xuño de 2004, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Castrillo, solicita a substitución como representantes veciñais do devandito grupo no Consello de Administración do Parque Natural das Ciencias, Vigo-Zoo, don Alberto Gil Carrera e don Alberto Velardo Rodríguez por don Xabier Pérez Igrexas e don Adrián Román Carreiro.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de xuño de 2004, dictamina na forma que se expresa na parte dispositiva deste acordo.

(No momento da votación está ausente a Alcaldesa, Sra. Porro Martínez e máis as Sras. Fernández Davila e Porteiro García e os Sres. Calviño Rodríguez e López-Chaves Castro. Preside o Pleno o Primeiro tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Designar a D. Xabier Pérez Igrexas e don Adrián Román Carreiro, en substitución de don Alberto Gil Carrera e don Alberto Velardo Rodríguez, como representantes veciñais do Grupo Municipal do BNG no Consello de Administración do organismo autónomo Parque Natural das Ciencias Vigo-Zoo.

B.- PROPOSTA DA ALCALDIA PARA DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DA COMISIÓN DE ESTUDO DO CONVENIO ENTRE CONCELLO, ZONA FRANCA E IGVS PARA REHABILITACIÓN E RECUPERACIÓN DO CASCO VELLO.

ANTECEDENTES.- Con data 25 de xuño de 2004, a Alcaldía-Presidencia fomula a seguinte proposta:

"A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 08.03.2004, acordou a aprobación dun convenio de colaboración que se subscribiu entre o Concello, o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o Instituto Galego de Vivenda e Solo que ten como principal obxectivo a rehabilitación e recuperaicón do Casco Vello da Cidade.

A decisión de levar a cabo tal actividade na que en principio está previsto unha inversión de 30 millóns de euros, supón a necesidade de redactar unha memoria relativa ós aspectos social, xurídico, técnico e financeiro que xustifique a oportunidade e conveniencia da decisión adoptada.

A memoria, que será tomada en consideración polo Pleno, debe ser redactada, segundo sinala o artigo 97.1.a) do RD Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, por unha Comisión de estudo paritaria composta por membros da Corporación e por persoal técnico municipal e determinará, en todo caso, a forma de xestión da actividade."

Polo anteriormente exposto, a Alcaldía formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

(No momento das votacións están ausentes a Alcaldía-Presidencia, Sra. Porro Martínez, e máis as Sras. Fernández Davila e Porteiro García e os Sres. Calviño Rodríguez e López-Chaves Castro. Preside o Pleno o primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACORDASE:

Facultar á Alcaldía para que, previa consulta cos voceiros dos distintos grupos políticos municipais, proceda á designación dos membros da Comisión de estudo que estará integrada por representantes de todos os grupos políticos municipais e por igual número de funcionarios (persoal técnico)."

C.- MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE DPG E BNG, SOBRE A CREACIÓN DUN XULGADO DO MERCANTIL EN VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 28 de xuño de 2004, o concelleiro do Grupo municipal de DPG, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

"Intolerable e incontestable (polo menos pola banda dos que defendemos a Vigo de verdade) a discriminación feita con Vigo na instauración de Xulgados do Mercantil en cidades moito máis pequenas e con bastante menos carga de traballo que a que proporciona Vigo. ¡Basta!

Consonte o antedito propoñemos:

Pedirlle o Goberno de España e á Xunta de Galicia que se poñan de acordo para que Vigo teña un Xulgado do Mercantil e que entre a funcionar ó mesmo tempo que os recentemente anunciados polo Ministerio de Xustiza".

Igualmente e con data de entrada no Rexistro Xeral do 28 de xuño, o voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Pérez Castrillo, formula a seguinte moción:

"A corporación do Concello de Vigo esixe das administracións competentes a instalación dun Xulgado do Mercantil na nosa cidade".

A PRESIDENCIA: Hai dúas mocións urxentes, unha de Democracia Progresista Galega e outra do Bloque Nacionalista Galego. As dúas refírense ó Xulgado do Mercantil. Motivación da urxencia.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Polo que saíu esta semana na prensa do Xulgado do Mercantil non deu tempo a presentala antes.

(No momento da votación están ausentes a Excm. Sra. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, e máis as Sras. Fernández Davila e Porteiro García, e os Sres.

Calviño Rodríguez e López-Chaves Castro. Preside o Pleno o primeiro tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- SR. ALONSO VAZQUEZ: Aquí falamos de racismo, xenofobia, maltrato, maltrato psicolóxico, etc. Coido que como cidadán vigués síntome maltratado, marxinado e síntome mal por todo en xeral pero xa o tema do Xulgado do Mercantil, sabendo que Vigo hoxe por hoxe é a cidade de toda Galicia que ten máis empresas, sendo a cidade que máis emprego e máis empresas está creando e sabendo que é a cidade número trece de España, que se lle negue categoricamente o Xulgado do Mercantil e dásele coma sempre, como non, á Coruña e a Pontevedra, non queremos facer un agravio comparativo coas empresas que ten Pontevedra e as que ten Vigo, coido que este novo Goberno acaba de dar trinta e tantos Xulgados do Mercantil en toda España e Vigo unha vez máis volve estar marxinado. Ó paso que imos teremos que nos unir a Portugal para ter algo, sinceramente.

Coido que por parte deste Goberno e dunha vez por todas haberá que facer algo porque isto é unha marxinación total cara a cidade de Vigo. Os que teñan amigos influentes alá enriba a ver se tratan de facer algo. Non queremos que nos dean máis que ós demais pero si o que lexitimamente consideramos que se nos ten que dar.

SR. PEREZ CASTRILLO: Para nós un principio básico é achegar á Xustiza o xusticiable e non entendemos e non esperabamos a decisión de crear un Xulgado do Mercantil en Pontevedra. Coido que reiteradamente esta Corporación se ten manifestado a prol do contrario, mesmo ten habido unha comisión especial do Pleno onde se abordou a problemática dos servizos de Xustiza na nosa cidade e unha das reivindicacións era a creación do Xulgado do Mercantil en Vigo.

Tampouco entendo por qué sempre que se crea un Xulgado primeiro vai á capital da provincia e logo en todo caso e como moito se desdobla. A ver cando é a primeira vez que un Xulgado se crea na cidade de Vigo sen necesidade de o desdoblar. Coido que se algunha lóxica ten a sede da nosa cidade para o Xulgado do Mercantil é precisamente a nosa actividade económica. De todos aqueles cidadáns ós que lles atinxe ese xulgado, un volume importante está ó redor da área de Vigo.

Deberíamos aplicar nos servizos de xustiza e de xulgados criterios que non sexan do século XVIII, criterios que se esquezan un pouco de onde está a capital da provincia, que non negamos que existe e ten un nome, e vaia a uns criterios de máis racionalidade e sobre todo de achegamento da Xustiza. Dende ese punto de vista estou sorprendido desta decisión e cremos que a Corporación debe manifestarse outra vez neste sentido.

Eu coido que aquí as dúas administracións están a xogar. Neste tema da Xustiza eu teño a sensación dende hai bastante tempo que nin a Consellería de Xustiza e Interior nin o Ministerio de Xusticia están xogando con claridade. Non estou convencido de que a Xunta de Galicia recomendara ó Goberno Central que Vigo fora sede do Xulgado do Mercantil e polas declaracións de responsables cercanos á Xunta de Galicia esa seguridade se volve á inversa. Coido que hai un acordo táctico e fáctico de que o Poder Xudicial radique na capital da provincia e punto. Como o Poder Xudicial autonómico radica na Coruña e non na capital de Galicia, por exemplo, por iso dende ningún punto de vista resúltame lóxico.

A urxencia desta moción ven de que parece que se fala de que podería haber un xulgado á parte en Vigo. De acordo, pois a ver se nos fan canto antes un Xulgado do Mercantil en Vigo. É o que pasa con todo: se hai unha autovía norte a ver que desdoblamos para o sur; se hai unha alta velocidade que vai de Ourense a Santiago, pois xa desdoblaremos Ourense-Vigo. Xa está ben, a ver cando algunha vez temos o suficiente peso demográfico, económico e a todos os niveis como para poder ser nós os primeiros e logo que desdoblen o que queiran porque mesmo ó mellor a min paréceme unha barbaridade desdoblar dous xulgados, un en Pontevedra e outro en Vigo, pero prefiro iso a que nos quedemos sen xulgado.

É unha reclamación que non só os sectores profesionais directamente implicados coa xustiza veñen reclamando e mesmo nun Pleno un voceiro de Xustiza e Sociedade entrevistou nese sentido, senón que coido que é algo

lórico porque se unha cidade ten actividade mercantil na provincia de Pontevedra é Vigo.

Na moción vai nese sentido. Non queremos meternos con ninguén, non queremos rexeitar a decisión do Ministerio de que vaia un Xulgado do Mercantil para Pontevedra capital, pero queremos dicirlles ás administracións competentes e neste caso refírome ás dúas, que non se tiren a pelota unha á outra e que se cré canto antes un Xulgado do Mercantil na nosa cidade porque é de Lei, xa que estamos a falar de xustiza.

SR. PEREZ MARIÑO: Máis aló dos discursos catastrofistas ou comparativos, o certo é que existen uns datos obxectivos sobre a necesidade dun Xulgado do Mercantil na cidade de Vigo en función do número de asuntos que caben nese xulgado e que serían competencia do mesmo.

Por iso no seu día e a instancia deste Grupo, con outros antecedentes doutros grupos e Corporacións anteriores, cando o Goberno Central ostentábo o Partido Popular, solicitouse un Xulgado do Mercantil. Non só por coherencia senón porque seguimos pensando que estabamos no certo, imos instar tamén ó Goberno central e por iso imos apoiar as dous propostas que se fixeron, tanto por Democracia Progresista Galega como polo Bloque, da petición dun Xulgado do Mercantil.

A Lei que crea os xulgados mercantis establece que ten que haber un por cada capital de provincia e ise é un problema legislativo no que non entramos pero prevé tamén a posibilidade de que se creen outros xulgados. Nós apoiamos a moción e tentaremos, na medida das nosas posibilidades, presionar ó Ministerio para que así sexa e, se non se concedise, poden estar vostedes seguros que reprobaremos esa decisión con independencia dos motivos da mesma porque cremos que é certo que os datos avalan a necesidade deste Xulgado na cidade de Vigo e por isto imos apoiar a proposta.

SR. COELLO BUFILL: Dende o Goberno estamos de acordo coa posición dos tres Grupos pero quería xeralizar dalgún xeito. Son sobradamente coñecidas por todos os membros desta Corporación municipal as urxencias que o Partido Xudicial de Vigo ten en materia de creación de órganos xudiciais para o máis áxil e rápido funcionamento da Administración de Xustiza, tal como en infinidade de ocasións se pediu publicamente pola propia Corporación Municipal, polo Poder Xudicial, polos Colexios de Avogados e Procuradores de Vigo e polos Axentes Económicos e Sociais e mesmo Sindicais.

Dende o Goberno -e sobre isto estamos sorprendidos, Sr. Pérez Castrillo- non entendemos que o Ministerio de Xustiza furete a Vigo, a primeira cidade de Galicia polo seu carácter empresarial e industrial, un Xulgado do Mercantil.

Para precisar, o conselleiro de Xustiza, Sr. Palmou, en conversas co Ministro de Xustiza, fixo a proposta neste sentido e o Ministro, Sr. Aguilar, confirmou esa proposta.

Así mesmo o conselleiro de Xustiza falou co Secretario de Estado facendo a mesma proposta e tamén lla confirmaron. Quedaron en falar en días pasados pero esa conversa non se produxo.

A Alcaldesa de Vigo escribiu ó Ministro de Xustiza solicitando a creación dun Xulgado do Mercantil en Vigo.

E por último dicir, como todos vostedes saben, que o mantemento dos órganos xudiciais corresponden á Xunta de Galicia, o custo dos recursos corresponde ó Goberno Autónomo, en concreto á Consellería de Xustiza e non sería entendible que en todas as manifestacións que se fixeron ata o de agora houbera unha contradicción nesta proposta.

Non obstante e con istas precisións para clarexar algúns temas, imos aprobar e benvida sexa tanto a proposta de Democracia Progresista Galega como a do Bloque Nacionalista Galego.

SR. ALONSO VAZQUEZ: Quero darlle as grazas ós tres grupos por apoiar a proposta e estou totalmente de acordo co que dicía o Sr. Pérez Castrillo, pero penso que na moción propón aprobar que se pida; coido que debería dicir que entre a funcionar xa, ó mesmo tempo que van a entrar as trinta e tantas que montaron. Sigo dicindo que eu non son cidadán de segunda, que entre a funcionar igual que as outras porque Vigo crea moito emprego e moito traballo. Temos como mínimo o mesmo dereito e se o problema é non ser capital de provincia pois dunha vez por todas pidamos a capitalidade da provincia se é que ise o problema de Vigo.

E tamén llo agradezo ó Sr. Pérez Mariño que penso que pode facer moito neste labor.

(No momento da votación están ausentes a Excma. Sra. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, e máis as Sras. Fernández Davila e Porteiro García, e os Sres. Calviño Rodríguez e López-Chaves Castro. Preside o Pleno o primeiro tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar as mocións formuladas polos Sres. Alonso Vázquez e Pérez Castrillo, dos Grupos municipais de DPG e BNG, respectivamente, sobre a creación dun Xulgado do Mercantil en Vigo cos textos que se transcriben nos antecedentes deste acordo.

34.- (185).-ROGOS E PREGUNTAS.

\* ROGO DO VOCEIRO DO BNG, SR. PEREZ CASTRILLO, SOBRE FALECEMENTO DE DON AGUSTIN HERRERO.

INTERVENCIÓN DO SR. PÉREZ CASTRILLO: A semana pasada faleceu don Agustín Herrero, enxeñeiro da Área de Enxeñería do equipo que redacta o Plan Xeral. Agustín Herrero, aínda que é madrileño, levaba traballando varios anos en Vigo e a el se deben, polo menos coma inspirador, propostas en materia de infraestructuras feitas ó Ministerio de Fomento, como a conexión do Aeroporto e mesmo o proxecto de humanización do Calvario.

Solicito á Corporación que lle expresemos as nosas condolencias á súa familia.

A PRESIDENCIA: Sr. Pérez Castrillo, constará en acta pero xa se lle enviou no nome da Corporación un telegrama á familia. De todos os xeitos constará en acta a condolencia de toda a Corporación.

\* ROGO DO SR. DOMINGUEZ OLVEIRA, DO GRUPO DO BNG, SOBRE SOLICITUDE DE INDULTO PARA O DEPORTISTA SEBASTIÁN RODRÍGUEZ "CHANO".

ANTECEDENTS.- Por escrito de data 28 de xuño de 2004, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula o seguinte rogo:

"No pasado mandato e por unanimidade de todos os grupos da Corporación, aprobouse solicitar ó goberno o indulto para o noso deportista Sebastián Rodríguez "Chano".



Ó día de hoxe isto non ten acontecido, con todos os prexuízos que lle supón.

Este Grupo, polo tanto, prégalle a Alcadesa que demande do Ministerio de Xustiza a axilización dos trámites para que o Consello de Ministros acorde este indulto”.

INTERVENCIÓN DO SR. DOMINGUEZ OLVEIRA: No pasado mandato e por unanimidade de todos os grupos da Corporación aprobouse solicitar ó Goberno o indulto para o noso deportiva Sebastián Rodríguez, máis coñecido por “Chano”. Naquel intre todos tiñamos claro que esta é unha persoa absoluta e totalmente rehabilitada e así o demostra o seu traballo realizado nas escolas deportivas municipais.

Ó día de hoxe aínda non ten acontecido a consecución do indulto o que lle está supoñendo graves prexuízos para un deportista que dentro duns poucos días vai representar a Vigo nas Paraolimpiadas e prexudícalle ata tal punto que cada vez que vaia entrenar ou competir, ben sexa en Pontevedra ou noutro sitio do Estado, ten que pedir permiso, etc.

Por tanto o rogo do BNG é pregarlle á Alcaldía que demande do Ministerio de Xustiza a axilización dos trámites para que o Consello de Ministros poida acordar este indulto.

A PRESIDENCIA: Coido que estamos todos de acordo con esa petición que se recolle en acta e se traladará á Alcaldía para que faga as xestións oportunas e insista neste tema.

SR. SOTO FERREIRO: Adhírome a ese rogo con toda vehemencia pero independientemente diso, teño un rogo presentado que, como atinxe fundamentalmente ás controversias habidas coa Zona Franca e xa está en vías de solución, non serei eu quen meta máis lea polo medio. Polo tanto retiro ese rogo.

A PRESIDENCIA: Agradecemoslle a retirada deste rogo porque imos buscar a normalidade das relacións entre a Zona Franca e o propio Concello. Moitas grazas Sr. Soto.

\* ROGO DO CONCELLEIRO SR. IGLESIAS CARRERA, DO GRUPO DO PP, SOBRE ACCESOS A VIGO POLA A-52.

INTERVENCIÓN DO SR. IGLESIAS CARRERA: Como xa teño dito noutros foros, quero lembrar que os accesos a Vigo empezan a ter un funil que é o paso da A-52 a través de Porriño. Dende que se abriu a autopista A-9 camiño da fronteira fanse alí uns tapóns realmente preocupantes. O tráfico entre Ourense e Vigo é moi grande e coido que hai que reflexionar sobre ese punto.

A PRESIDENCIA: Moitas gracias, Sr. Iglesias. Recóllese tamén ese rogo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e cincuenta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986. kv.

A ALCALDÍA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.